

articulares de cadeira, xeonllo e ombreiro no marco da Directiva 93/42 /CEE.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma de Mallorca o 31 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Sanidade e Consumo,
BERNAT SORIA ESCOMS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

15984 *REAL DECRETO 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos. («BOE» 213, do 5-9-2007.)*

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en vigor desde o 1 de xullo de 2004, estableceu os principios e as normas xurídicas xerais do sistema tributario español, e habilitou o Goberno na súa disposición derradeira novena a ditar cantas disposicións fosen necesarias para o desenvolvemento e aplicación da devandita lei. No uso desta habilitación xeral e das habilitacións particulares que se establecen ao longo de todo o articulado da lei, o Goberno aprobou o Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario; o Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa; e o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

O desenvolvemento executivo da lei require a aprobación doutra norma regulamentaria que complete o réxime xurídico tributario, en particular, as normas comúns sobre os procedementos tributarios e a regulación das actuacións e os procedementos de xestión e inspección, contidas todas elas no título III da lei, dedicado á aplicación dos tributos. Pero, ademais, o regulamento ten un obxectivo máis amplo, consistente en codificar e sistematizar as normas contidas en diversos regulamentos ata agora vixentes que se ditaron en desenvolvemento, fundamentalmente, da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, ambas as dúas derogadas na actualidade.

Efectivamente, no ámbito da xestión tributaria e na falta dun regulamento xeral de desenvolvemento das actuacións e procedementos que se realizaban na área funcional de xestión, fóronse aprobando diversas e sucesivas normas regulamentarias que regulaban de forma segmentada materias tan diversas como o número de identificación fiscal, mediante o Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal, cuxo antecedente para as persoas xurídicas foi o código de identificación fiscal regulado no Decreto 2423/1975,

do 25 de setembro, polo que se regula o código de identificación das persoas xurídicas e entidades en xeral; a información censual, regulada na actualidade polo Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas; as obrigas de información de carácter xeral exixidas mediante declaracións periódicas, entre as cales cabe destacar a relativa a operacións con terceiras persoas, regulada na actualidade mediante o Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas; as relativas a contas en entidades de crédito, e a operacións e activos financeiros, reguladas no Real decreto 2281/1998, do 23 de outubro, polo que se desenvolven as disposicións aplicables a determinadas obrigas de subministración de información á Administración tributaria e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro, e o Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas, recentemente modificado para incorporar ao dereito interno as obrigas de información respecto das operacións con participacións preferentes e a transposición ao dereito español das directivas comunitarias en relación coas rendas obtidas por persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea; o sistema de conta corrente en materia tributaria, regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, polo que se regula o sistema de conta corrente en materia tributaria; ou a colaboración social na xestión dos tributos, regulada no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios.

No ámbito da inspección, en cambio, si que se levou a cabo o desenvolvemento regulamentario da Lei 230/1963, mediante o Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, que, aínda que supuxo un desenvolvemento un tanto serodio da Lei 230/1963, constituíu, xunto coa lei, o marco xurídico das actuacións e o procedemento de inspección dos tributos, conciliou o exercicio eficaz das funcións administrativas e o conxunto de garantías dos obrigados tributarios no seo do procedemento inspector e adiantándose, nese sentido, á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por canto que regulaba un procedemento administrativo especial, por razón da materia, pero ao mesmo tempo incorporaba a regulación dos dereitos e obrigas dos interesados.

Trátase, por tanto, dun regulamento extenso, malia non reproducir os preceptos legais salvo en supostos estritamente necesarios para unha mellor comprensión da regulación da materia.

Ademais de ser un regulamento da Administración do Estado, a norma tamén resulta aplicable polas demais administracións tributarias autonómicas e locais co alcance previsto no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Por esta razón, evítase nos seus preceptos atribuírlles competencias a órganos concretos co fin de facilitar a organización e o funcionamento das distintas administracións tributarias mediante normas de rango inferior.

Ademais do regulamento que se aproba no artigo único e cuxo contido se describe de forma sucinta nos seguintes puntos, o real decreto inclúe dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira, pola cal se regulan os efectos da falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios, resulta necesaria pola

derrogación expresa do Real decreto 803/1993, do 28 de maio, polo que se modifican determinados procedementos tributarios, un dos obxectivos do cal era determinar os procedementos tributarios en que os efectos da falta de resolución expresa eran desestimatorios. A vixencia da disposición adicional quinta da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na cal se recoñece a especialidade das actuacións administrativas en materia tributaria, declara que nos procedementos tributarios os prazos máximos para ditar resolucións, os efectos do seu incumprimento, así como, de ser o caso, os efectos da falta de resolución serán, en todo caso, os previstos na normativa tributaria. Por iso, o artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, regulou os prazos de resolución e os efectos da falta de resolución expresa, para a súa aplicación a aqueles supostos en que non estea regulado expresamente na normativa reguladora do procedemento. Ademais, o citado artigo ordena que en todo procedemento de aplicación dos tributos se deberá regular o réxime de actos presuntos que corresponda. É por esta razón pola que se inclúe nesta disposición adicional primeira a relación de procedementos tributarios cuxa normativa reguladora non establecía expresamente o réxime de actos presuntos.

A disposición adicional segunda ten por obxecto habilitar o ministro de Economía e Facenda para determinar a contía da débeda tributaria por debaixo da cal non se exixirán garantías nos aprazamentos e fraccionamentos e, tamén, establecer transitoriamente o importe da devandita contía, tanto para a débeda tributaria como para as restantes débedas de dereito público, mentres o ministro non faga uso da devandita habilitación.

A disposición transitoria única ten por obxecto permitir que as obrigas de información de carácter xeral que deban cumprirse durante o ano 2008 se exixan conforme a normativa anterior e manter vixentes os prazos de presentación das devanditas declaracións informativas de carácter xeral ata que non se modifique, de ser o caso, a correspondente orde ministerial. Mediante a disposición derogatoria única derróganse, de forma expresa, as normas regulamentarias que regularon as diversas materias, normas ás cales se fixo referencia de forma non exhaustiva anteriormente, e derróganse de forma xeral todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan á nova regulación regulamentaria. Ademais da devandita derogación xeral, derróganse de forma expresa algúns puntos do artigo 69 do recentemente aprobado Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, xa que as obrigas reguladas na devandita norma se incorporaron a este regulamento.

As tres disposicións derradeiras teñen por obxecto, a primeira, modificar o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario. A modificación do artigo 3.3 do dito regulamento pretende regular outro suposto no cal debe terse en conta o criterio de cualificación e cuantificación unitaria das sancións e, tamén, a forma de proceder no caso de que ambos os supostos orixinen unha sanción por importe a devolver. Pola súa parte, a modificación do artigo 25.1 e 3 do Regulamento xeral do réxime sancionador tributario pretende atribuírle a competencia para subscribir o acordo de inicio e a proposta de resolución do procedemento sancionador derivados dun procedemento de inspección ben ao xefe do equipo ou unidade ou ben a outro funcionario integrado no equipo ou unidade cando o devandito funcionario subscribise as actas, no caso do acordo de inicio, ou cando instrúise o procedemento sancionador, no caso da proposta de resolución. Mediante a disposición derradeira segunda modifícase o Regulamento xeral de recadación para substituír a regulación contida no artigo 126 do devandito regulamento relativa ao certificado expedido por instancia dos contratistas e subcontratistas de obras e servizos por unha remisión á

regulación relativa ao certificado de estar ao día das obrigas tributarias regulada no regulamento que se aproba mediante este real decreto, xa que os requisitos de ambos os certificados son coincidentes. A terceira disposición derradeira establece a entrada en vigor do real decreto.

Polo que se refire ao regulamento que se aproba, este divídese en cinco títulos. O título I regula, unicamente, o ámbito de aplicación do regulamento. En primeiro lugar, define o ámbito material, ao declarar que o obxecto do regulamento é regular a aplicación dos tributos, é dicir, desenvolver o título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pero acto seguido inclúe dúas precisións, unha que amplía e outra que restrinxe o seu ámbito de aplicación. Por un lado, o regulamento tamén se debe aplicar á xestión recadatoria, cuxo desenvolvemento regulamentario se contén nun regulamento especial pero que debe ser completado polo disposto neste regulamento, en particular, polo relativo ao desenvolvemento das normas comúns sobre as actuacións e procedementos tributarios que se aplicarán, mentres non exista unha norma especial no Regulamento xeral de recadación, á xestión recadatoria na súa totalidade e non só á recadación dos tributos. Por outro lado, restrinxe a aplicación do regulamento naquelas actuacións e procedementos regulados na normativa de cada tributo, co cal se lle dá preferencia á norma especial sobre a norma xeral relativa á aplicación dos tributos.

En segundo lugar, recoñécese a aplicación do regulamento co alcance do artigo 1 da Lei 58/2003, artigo que, por un lado, menciona ata catro números do artigo 149.1 da Constitución de 1978, relativo ás competencias exclusivas do Estado e, por outro lado, recoñece as especialidades do convenio e do concerto económico coa Comunidade Foral de Navarra e nos territorios históricos do País Vasco, respectivamente.

En terceiro lugar, declárase a aplicación supletoria do regulamento ao procedemento sancionador en materia tributaria, pero respectando o sistema de fontes aplicables ao procedemento sancionador na devandita materia.

II

O título II está dedicado ás obrigas tributarias formais. Nese sentido, ordena e sistematiza unha pluralidade de normas regulamentarias ata agora vixentes sobre esta materia, xeneraliza as normas que sobre determinadas obrigas se incluían na regulación dalgúns tributos e que deben ter un alcance xeral e inclúe a regulación daquelas obrigas formais que carecían de regulación regulamentaria na anterior normativa ou que carecen de regulación regulamentaria por seren novas, e cuxa aplicación se sustenta na norma legal que establece a obriga.

En primeiro lugar, régulanse os censos tributarios, recoñecendo a competencia de cada Administración tributaria para dispor dos seus propios censos e, ao mesmo tempo, establécese a información mínima común que deben ter todos os censos tributarios de cara a lograr unha información censual consolidada. Régulanse a seguir os censos tributarios no ámbito de competencias do Estado e, para iso, incorpórase, con lixeiras modificacións, o contido do Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, citado anteriormente. Respecto desta regulación, a modificación máis destacable é a que afecta o contido do Censo de obrigados tributarios, para o cal se amplían os datos mínimos que deben figurar no devandito censo, tanto para as persoas físicas como para as persoas xurídicas e demais entidades, aínda que parte desa nova información non é tal, xa que formaba parte, cando menos para as persoas xurídicas e demais entidades, do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

En segundo lugar, régulase a forma de cumprir a obriga de comunicar o cambio de domicilio fiscal, cuxa novidade máis importante é a que se refire á forma en

que deben efectuar a devandita comunicación as persoas físicas que non deban figurar no Censo de empresarios, profesionais e retedores, posto que para os que si deben figurar no devandito censo a forma de cumprir esta obriga estaba regulada nas normas relativas ás declaracións de alta, modificación e baixa nese censo.

En terceiro lugar, inclúense as normas relativas ao número de identificación fiscal. Ademais de sistematizar a normativa ata agora vixente, o máis significativo é a simplificación das regras para a asignación dun número de identificación fiscal aos menores de idade e demais españois non obrigados a ter o documento nacional de identidade, así como para as persoas físicas estranxeiras, prevendo a norma a asignación de oficio do número de identificación fiscal en caso de que resulte necesario para as súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria.

En cuarto lugar, regúlanse as obrigas relativas aos libros rexistro de carácter fiscal. Desta forma, dáselles alcance xeral ás normas que sobre esta materia existían nas regulacións específicas dalgúns tributos, en particular, no imposto sobre o valor engadido.

En quinto lugar, desenvólvense os artigos 93, 94 e 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, relativos ás obrigas de información e ao carácter reservado dos datos tributarios. Polo que se refire ás obrigas de información de carácter xeral, incorpóranse ao regulamento as normas relativas á presentación de determinadas declaracións informativas que ata agora estaban reguladas en diversos reais decretos. Neste sentido, incorpórase a regulación da obriga de informar sobre as operacións con terceiras persoas, as obrigas de informar sobre contas, operacións e activos financeiros, a obriga de informar sobre a constitución, establecemento ou extinción de entidades, a obriga de informar sobre as subvencións ou indemnizacións derivadas do exercicio de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais e a obriga de informar acerca das achegas a sistemas de previsión social. Non se incorporan, en cambio, obrigas de información que afectan de forma específica ou particular un ou varios tributos como, por exemplo, todas as obrigas de información relativas a retencións. Como novidade, establécese a obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro, a obriga de informar acerca de préstamos e créditos e a obriga de informar acerca de valores, seguros e rendas; estas dúas últimas, aínda que son obrigas de información novas, inclúense, pola súa natureza, na subsección relativa á información sobre contas, operacións e activos financeiros, subsección na cal, por outra parte, se incluíron non só as reguladas no Real decreto 2281/1998, do 23 de outubro, mencionado anteriormente, senón tamén outras recollidas en diferentes normas. Tamén se amplía o contido dalgúns obrigas de información xa existentes como é a que afecta os actos ou contratos intervidos polos notarios, que anteriormente só se refería aos actos ou contratos relativos a dereitos reais sobre bens inmobles, ou a relativa á obriga de informar sobre operacións financeiras relacionadas coa adquisición de inmobles, que anteriormente só se refería aos préstamos con garantía hipotecaria e estaba circunscrita ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Polo que se refire aos requirimentos individualizados para a obtención de información, o máis significativo é a súa regulación, con carácter xeral, para todos os procedementos de aplicación dos tributos, mentres que na anterior normativa se desenvolvían de forma separada nos regulamentos de inspección e de recadación.

III

O título III regula os principios e disposicións xerais da aplicación dos tributos, o que constitúe o desenvolvemento regulamentario dos capítulos I e II do título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Para seguir a estrutura da lei, o primeiro que se desenvolve é a atribución da competencia territorial, en particular, a incidencia que os cambios de domicilio fiscal ou os cambios de adscrición producen en relación coa competencia dos órganos administrativos. Regúlanse tamén neste primeiro capítulo os dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración tributaria e as facultades nas distintas actuacións e procedementos.

O capítulo II está dedicado a desenvolver, en primeiro lugar, a información e asistencia, onde se inclúen as actuacións de información, as consultas tributarias escritas, a información con carácter previo á adquisición ou transmisión de bens inmobles, os certificados tributarios e as actuacións de asistencia. En segundo lugar, desenvolve a colaboración social na aplicación dos tributos e, por último, a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nas actuacións e procedementos tributarios.

O capítulo III desenvolve as normas comúns sobre as actuacións e os procedementos tributarios. O primeiro que se ten en conta é o sistema de fontes establecido no artigo 97 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; por iso, en primeiro lugar regúlanse as especialidades dos procedementos administrativos en materia tributaria respecto da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de desenvolvemento da citada lei, que afectan as fases de iniciación, tramitación e terminación. Tamén se inclúe unha sección para regular a intervención dos obrigados tributarios nas actuacións e procedementos tributarios, co obxecto de recoller con quen se desenvolverán as actuacións nos supostos específicos previstos só no ámbito tributario como son os que se refiren a actuacións con entidades sen personalidade xurídica ou ás entidades que tributan en réxime de imputación de rendas, os que afectan a concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto dunha obriga, os que afectan os sucesores de persoas físicas, xurídicas e demais entidades sen personalidade, e os que se refiren ás actuacións relativas aos non-residentes. Así mesmo, regúlase nesta sección a representación tanto legal como voluntaria. Aínda que se trata do desenvolvemento de normas substantivas localizadas no título II da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, é necesario desenvolver regulamentariamente algúns aspectos procedementais destas disposicións e, por razóns de ordenación sistemática, inclúense no capítulo dedicado ás normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios. Tamén se inclúe unha derradeira sección dedicada a regular algúns aspectos das notificacións en materia tributaria.

IV

O título IV está dedicado a regular as actuacións e os procedementos de xestión tributaria. O capítulo I regula a presentación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución, e completa o réxime aplicable ás autoliquidacións complementarias e ás declaracións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución complementarias e substitutivas.

Regúlanse a seguir, no capítulo II, os procedementos de xestión tributaria. O artigo 123 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, enuncia unha serie de procedementos de xestión tributaria e remite ao desenvolvemento regulamentario a regulación doutros procedementos de xestión aos cales resultarán aplicables, en todo caso, as normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios.

O primeiro dos procedementos é o de devolución iniciado mediante autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos, procedemento que si se encontra regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo

que o regulamento se limita a completar aqueles aspectos procedementais non recollidos na lei.

O segundo dos procedementos é o de rectificación de autoliquidacións, declaracións, comunicacións de datos ou solicitudes. O antecedente deste procedemento encóntrase na disposición adicional terceira do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria. O devandito procedemento de rectificación estaba previsto para os supostos en que unha autoliquidación prexudicase de calquera modo os intereses lexítimos dun obrigado sen dar lugar á realización dun ingreso indebido. No suposto de que a autoliquidación dese lugar a un ingreso indebido, o citado Real decreto 1163/1990 consideráboo un suposto de devolución de ingresos indebidos e o procedemento para obter a devolución era o previsto na parte dispositiva da norma, procedemento que se instaba mediante a solicitude de devolución. A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, unificou o tratamento destes dous supostos de devolución para efectos procedementais e, en ambos os casos, o artigo 120 da lei establece que o procedemento aplicable é o de rectificación de autoliquidacións e remite a desenvolvemento regulamentario a súa configuración. Esta unificación de tratamento é a que levou a regular o procedemento de rectificación neste regulamento, na vez de o de regular no Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, e é a razón pola cal se mantiveron vixentes as normas do Real decreto 1163/1990 que o regulaban ata agora. Outra novidade con respecto a este procedemento de rectificación, que deriva da lei pero que se plasmou nos regulamentos de desenvolvemento, é a lexitimación dos obrigados tributarios que soportasen indebidamente retencións, ingresos á conta ou cotas repercutidas para solicitar e non só para obter as devolucións, instando a rectificación da autoliquidación presentada polo retedor, o obrigado a ingresar á conta ou o obrigado a repercutir. A última novidade respecto deste procedemento de rectificación é que, malia que a lei só recoñece a aplicación deste procedemento no caso de autoliquidacións, o regulamento regulou a aplicación deste aos procedementos iniciados mediante declaración, comunicación de datos ou solicitude de devolución.

O terceiro procedemento é o relativo á execución das devolucións tributarias. Tamén este procedemento ten o seu antecedente no Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, pero novamente razóns de sistemática e compilación normativa levaron a incluílo neste regulamento, xa que todas as devolucións, teñan a orixe que teñan, as executarán os órganos de xestión na aplicación dos tributos.

O cuarto procedemento é o de liquidación iniciado mediante declaración, para o cal se establecen algunhas normas especiais para as declaracións presentadas no ámbito alfandegueiro.

O quinto e sexto procedementos son, respectivamente, o establecido para o recoñecemento de beneficios fiscais e o de conta corrente tributaria. O primeiro deles é de nova regulación e o segundo incorpora, con escasas variacións, o procedemento regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, antes mencionado.

Na sección 7.^a, relativa ás actuacións e procedementos de comprobación de obrigas formais, inclúense tres procedementos dedicados, respectivamente, ao control censal, á comprobación do domicilio fiscal e, como peche, ao control doutras obrigas formais. Respecto ao procedemento de comprobación do domicilio fiscal é importante destacar que se situou na Administración tributaria do Estado a competencia para comprobar os domicilios fis-

cais cando se trate de tributos cedidos, pero regúlanse as actuacións das comunidades autónomas, xa que o regulamento prevé a obriga da Axencia Estatal de Administración Tributaria de iniciar este procedemento cando o insten aquelas. Tamén prevé a norma cal é o órgano competente para resolver en caso de discrepancia entre a Administración tributaria do Estado e a dalgunha ou dalgunhas comunidades autónomas afectadas polo cambio de domicilio fiscal, sendo o devandito órgano a Xunta Arbitral regulada na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

Inclúense a continuación os procedementos de comprobación que afectan fundamentalmente o cumprimento de obrigas tributarias materiais e que se desenvolven no ámbito de xestión, todos eles regulados na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo cal o regulamento se limitou a regular só aqueles aspectos procedementais que non están na lei. Estes procedementos son o de verificación de datos, o de comprobación de valores, a taxación pericial contraditoria e o de comprobación limitada. Destes, só os relativos á comprobación de valores e á taxación pericial contraditoria incluíron un desenvolvemento máis extenso de cara a unificar a regulación contida, fundamentalmente, na normativa do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e co obxecto de establecer unha regulación mínima común para todos os territorios de aplicación de determinados tributos cedidos, nos cales, dada a competencia normativa das comunidades autónomas, se produciran regulacións singulares.

V

O título V do regulamento está dedicado ás actuacións e procedementos de inspección e vén substituír o Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos. A regulación é, porén, moito menos extensa que a súa antecesora dado que gran parte das normas procedementais de carácter xeral se inclúen na parte común das actuacións e procedementos de aplicación dos tributos.

As seccións primeira e segunda do capítulo I dedícanse a regular a atribución de funcións inspectoras aos órganos administrativos, en particular, no ámbito da Administración tributaria do Estado, a regular a colaboración dos órganos de inspección con outros órganos e administracións e a definir os plans de inspección.

Regúlanse a continuación as facultades da inspección dos tributos, que, seguindo o esquema da lei, se regulan de forma separada do procedemento de inspección, xa que as devanditas facultades poden exercerse no desenvolvemento das actuacións inspectoras aínda que non se estea actuando nun procedemento de inspección. Regúlase onde pode examinarse a contabilidade, a entrada en predios, o deber de comparecer e atender o persoal inspector e a comparecencia da inspección sen comunicación previa.

Tamén se regula nesta parte do regulamento o contido das actas de inspección xa que se trata de documentos específicos das actuacións inspectoras, posto que as dilixencias e informes son formas de documentar calquera actuación de aplicación dos tributos e, por tanto, regúlanse na parte relativa ás normas comúns.

O capítulo II dedícase integramente ao procedemento de inspección propiamente dito: iniciación, tramitación e terminación. Respecto do inicio, sublíñase que só pode facerse de oficio mediante comunicación previamente notificada ao obrigado ou mediante comparecencia na que o inicio se notifica no mesmo momento da comparecencia. Tamén se inclúe nesta parte a solicitude de modificación do alcance do procedemento por parte do obrigado tributario, que se regula de forma separada ao inicio xa que non se trata dun inicio propiamente dito senón,

como se indicou, dunha solicitude de ampliación do alcance respecto do tributo ou períodos afectados.

En canto á tramitación, inclúense as normas relativas á adopción de medidas cautelares e as especialidades respecto ao horario das actuacións do procedemento inspector con relación ao establecido en normas comúns para os restantes procedementos de aplicación dos tributos. Tamén se regula o trámite de audiencia previo á subscripción das actas, só para os supostos de actas de conformidade ou de desconformidade, xa que, dada a especial natureza das actas con acordo, tanto a lei como o regulamento prescindiron de establecer o devandito trámite nese caso. Tamén se regulan nesta parte os supostos de ampliación do prazo de duración do procedemento e determinábase, de acordo co mandato da lei, o alcance e requisitos da ampliación, alcance que abrangue todas as obrigas ou períodos incluídos no procedemento aínda que a concorrencia das circunstancias previstas para acordar a ampliación só afecte algunha ou algunhas das obrigas e períodos.

No que se refire á terminación, en primeiro lugar, regúlase a tramitación dos diferentes tipos de actas. O máis innovador nese sentido é a regulación das actas con acordo, en particular, todo o relativo á constitución do depósito ou á formalización do aval ou seguro de caución e o procedemento que se debe seguir cando o acordo non afecte a totalidade de obrigas e períodos obxecto do procedemento, é dicir, que se subscriban actas de conformidade ou de desconformidade ou ambas as dúas xunto coa acta con acordo. En segundo lugar, regúlanse as formas de terminación, en particular, as liquidacións, xa que se trata do acto administrativo de terminación do procedemento inspector máis común.

A última parte do capítulo II está dedicada a regular as especialidades do procedemento inspector en determinados supostos como son a estimación indirecta de bases ou cotas, os trámites que cómpre seguir en caso de que se aplique o artigo 15 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, relativo ao conflito na aplicación da norma tributaria, as actuacións con entidades que tributen en réxime de consolidación fiscal e a declaración de responsabilidade no procedemento inspector.

Inclúese un derradeiro capítulo, o III, cun único artigo destinado a regular outras actuacións inspectoras que non se desenvolven dentro do procedemento de inspección.

Conclúe o regulamento coas disposicións adicionais necesarias para completar o réxime xurídico derivado da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, pero que non encontran un encaixe adecuado no articulado do texto, coas disposicións transitorias e, por último, inclúese unha disposición derradeira para habilitar o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións de desenvolvemento do regulamento.

Na tramitación do real decreto observáronse os trámites preceptivos regulados no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Neste sentido, o texto foi sometido a información pública polo prazo dun mes, durante o cal foron oídas as organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, representativas dos cidadáns cuxos fins gardan relación directa co obxecto do regulamento. Así mesmo, participaron na tramitación as comunidades autónomas e as entidades locais. O texto tamén foi sometido a informe da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Economía e Facenda, á aprobación previa do Ministerio de Administracións Públicas e ao ditame do Consello de Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.*

Apróbese o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Efectos da falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios.*

Un. Os procedementos que se relacionan a seguir poderán entenderse desestimados por rematar o prazo máximo establecido sen que se notificase resolución expresa:

1. Procedemento para autorizar a redución de signos, índices e módulos en estimación obxectiva, regulado polo artigo 37.4 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

2. Procedemento para a expedición de certificacións de suxeición ao imposto sobre a renda das persoas físicas, regulado no artigo 14.2 do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, e na disposición adicional terceira da Orde do 23 de decembro de 2003.

3. Procedemento para a inclusión de unións temporais de empresas no rexistro especial do Ministerio de Economía e Facenda a que se refire o artigo 50 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

4. Procedementos para a concesión de aprazamentos e fraccionamentos para o pagamento do imposto sobre sucesións e doazóns, previstos nos artigos 82 a 84, ambos os dous inclusive, do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro.

5. Procedemento para autorizar a exención do imposto sobre o valor engadido nas operacións realizadas pola Axencia Espacial Europea, regulado no Real decreto 1617/1990, do 14 de decembro, polo que se precisa o alcance de determinadas exencións do imposto sobre o valor engadido en aplicación do Convenio do 30 de maio de 1975, polo que crea a Axencia Espacial Europea.

6. Procedemento para autorizar determinadas entidades colaboradoras para proceder a devolver as cantidades aboadas en concepto de imposto sobre o valor engadido por entregas en réxime de viaxeiros, previsto no artigo 9.1.2.º B) do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

7. Procedemento para o recoñecemento do dereito á exención nas entregas de bens a organismos recoñecidos que os exporten fóra do territorio da Comunidade Europea no marco das súas actividades humanitarias, caritativas ou educativas, previsto no artigo 9.4.º do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

8. Procedemento para conceder as autorizacións administrativas que condicionan determinadas exencións en importacións de bens, regulado polo artigo 17 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

9. Procedemento para o recoñecemento do dereito á aplicación do tipo impositivo reducido nas entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións de vehículos destinados a autotaxis ou autoturismos especiais

para o transporte de persoas con discapacidade en cadeiras de rodas, ben directamente ou logo da súa adaptación, así como os vehículos a motor que, tras a adaptación ou non, deban transportar habitualmente persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, previsto no artigo 91.Dous.1.4.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

10. Procedemento para tramitar as solicitudes de inclusión no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos, previsto no artigo 30.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

11. Procedemento para a realización de devolucións a empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido, regulado no artigo 31 do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

12. Procedemento para a devolución do imposto sobre o valor engadido por entregas a título ocasional de medios de transporte novos, previsto no artigo 32 do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

13. Procedemento para acordar a redución dos índices ou módulos nos supostos en que o desenvolvemento de actividades empresariais ás cales resulte de aplicación o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido se vise afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou grandes avarías no equipamento industrial que supoñan alteracións graves no desenvolvemento da actividade, regulado polo artigo 38.4 do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

14. Procedemento para o reintegro de compensacións no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca, regulado no artigo 48.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

15. Procedemento para autorizar a presentación conxunta nun só documento das autoliquidacións do imposto sobre o valor engadido correspondentes a diversos suxeitos pasivos, recollido no artigo 71.5 do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

16. Procedemento para o outorgamento de autorizacións en materia de libros rexistros, regulado no artigo 62.5 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

17. Procedemento para a devolución do imposto sobre o valor engadido soportado nas operacións exentas realizadas no marco das relacións diplomáticas e consulares, previsto no artigo 10 do Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

18. Procedemento para a tramitación das solicitudes de tráfico de perfeccionamento activo e pasivo fiscal, recollido no artigo 24 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, no artigo 506 do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario e na Circular 1/1994, do 22 de marzo de 1994, do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sobre documentación alfandegueira utilizable para efectos do imposto sobre o valor engadido en operacións efectuadas ao abeiro de réximes alfandegueiros ou fiscais ou nas áreas exentas.

19. Procedemento para a fixación dos módulos para as exencións dos impostos especiais establecidos no artigo 9.º 1.a), b) e d) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 4.1 do Regulamento

dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

20. Procedemento para a autorización da subministración, con exención dos impostos especiais, de produtos obxecto dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas e sobre os elaborados do tabaco, así como dos combustibles incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, previsto no artigo 9.1.a), b) e d), da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 4.1 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e no artigo 11 do Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro.

21. Procedemento para a autorización da subministración de produtos obxecto dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas, do imposto sobre os elaborados do tabaco ou dos combustibles incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos ás Forzas Armadas, con exención dos impostos especiais, así como de carburantes con destino ás instalacións das devanditas Forzas, establecido no artigo 9.1.c) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e nos artigos 4.2 e 5.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

22. Procedemento para a autorización da subministración de carburantes con dereito a devolución do imposto sobre hidrocarburos, nos supostos previstos no artigo 9.1.a), b), c) e d), da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 5.4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e no artigo 11 do Real decreto 3485/2000, do 29 de decembro.

23. Procedemento para resolver sobre a procedencia da proba de perda por caso fortuíto ou forza maior, para efectos da non suxeición aos impostos especiais, previsto no artigo 6.º 2 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 16.6 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

24. Procedemento para a cancelación de garantías prestadas por operadores non rexistrados, previsto no artigo 33.2.g) e h) do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

25. Procedemento para a cancelación de garantías prestadas por receptores no sistema de envíos garantidos de produtos suxeitos aos impostos especiais, previsto no artigo 33.2.g) e h) do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

26. Procedemento para a cancelación de garantías prestadas por representantes fiscais no sistema de vendas a distancia, para a recepción de produtos suxeitos a impostos especiais, regulado no artigo 33 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

27. Procedemento para a devolución de cotas de impostos especiais ingresadas por irregularidades na circulación intracomunitaria, por presentación da proba da regularización no ámbito territorial non interno, regulado no artigo 17 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 17.2 do Regulamento dos impostos especiais aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

28. Procedemento para a devolución de cotas dos impostos especiais ingresadas por irregularidades na circulación intracomunitaria, pola concorrencia de dobre imposición, previsto no artigo 17 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 17.4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

29. Procedemento para autorizar a substitución de precintas por outras marcas fiscais, previsto no artigo

18.7 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 26.3 e 4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

30. Procedemento para a devolución dos impostos especiais sobre a cervexa, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, previsto no artigo 23.10 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 57.4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

31. Procedemento para a devolución do imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas en relación con bebidas de fabricación artesanal destinadas a unha fábrica de bebidas derivadas, regulado no artigo 40 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 100 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

32. Procedemento para a aprobación de desnaturalizantes propostos por industriais por exixencias sanitarias, técnicas ou comerciais, previsto no artigo 20.3 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 75.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

33. Procedemento para autorizar a desnaturalización parcial de alcohol en establecemento de destino, recollido no artigo 73.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

34. Procedemento para autorizar a desnaturalización no establecemento proposto polo receptor de alcohol procedente do ámbito territorial non interno, previsto no artigo 73.4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

35. Procedemento para a autorización pola alfándega para levar a cabo a desnaturalización do alcohol en establecemento distinto do lugar de orixe ou da propia alfándega, previsto no artigo 73.5 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

36. Procedemento para aprobar a emisión de tarxetas de crédito para a adquisición de gasóleo con tipo reducido no imposto sobre hidrocarburos, previsto no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 107.1.a) do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

37. Procedemento para autorizar a incorporación de trazadores e marcadores antes da ultimación do réxime suspensivo, para a aplicación da exención ou do tipo reducido do gasóleo ou queroseno, cando a devandita incorporación sexa preceptiva, nos supostos de recepción destes produtos desde o ámbito territorial comunitario non interno, regulado no artigo 114.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

38. Procedemento para a inscrición de instalacións aeroportuarias e autorización de recepción de hidrocarburos nestas, con dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos, previsto no artigo 51.2 a) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 101.5 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

39. Procedemento para autorizar a subministración nos casos das exencións do imposto sobre hidrocarburos previsto no artigo 51.2.c), d), e) e g) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 103.1 e 2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

40. Procedemento para a inscrición de empresas produtoras de electricidade, de transportes ferroviarios, de construción e mantemento de buques e aeronaves, e altos fornos para gozar da exención do imposto sobre hidrocarburos, recollido no artigo 51.2.c), d), e) e g) da Lei

38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 103.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

41. Procedemento para autorizar a destrución ou desnaturalización de elaborados do tabaco dentro ou fóra das instalacións fabrís, para efectos da non suxeición ou exención do imposto sobre elaborados do tabaco, regulado nos artigos 57 e 61.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 122 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

42. Procedemento para autorizar a aplicación da exención do imposto sobre os elaborados do tabaco para a realización de análises científicas ou de calidade, regulado no artigo 61.1.b) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 123 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

43. Procedemento para o recoñecemento previo da non suxeición e exención no imposto especial sobre determinados medios de transporte, regulado no Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

44. Procedemento para a homologación de vehículos tipo jeep ou todoterreo e vehículos de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica, regulado no Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

45. Autorización do centro xestor para establecer un depósito fiscal, prevista no artigo 11.1 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

46. Procedemento para a inscrición dun establecemento no rexistro territorial dos impostos especiais de fabricación, previsto no artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

47. Procedemento polo cal o centro xestor autoriza a prestación dunha garantía global, prevista no artigo 45.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

48. Procedemento polo cal o centro xestor autoriza a aplicación do dereito á devolución por fabricación de aromatizantes, previsto no artigo 54.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

49. Procedemento polo cal o centro xestor autoriza a fabricación conxunta de bebidas alcohólicas nun mesmo local, previsto no artigo 56.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

50. Procedemento polo cal o centro xestor autoriza a fabricación de alcohol non desnaturalizado onde se obteñan outros produtos alcohólicos gravados, previsto no artigo 56.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

51. Procedemento para autorización polo centro xestor de subministración de alcohol sen pagamento de imposto por utilización en investigación científica, previsto no artigo 79 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

52. Procedemento para autorización polo centro xestor de fabricación de alcohol por síntese, previsto no artigo 84.7 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

53. Procedemento para a autorización polo centro xestor da aplicación da exención para biocombustibles utilizados en proxectos piloto, establecida no artigo 51.3 da Lei 38/1992, do 28 de xullo, de impostos especiais, e no artigo 105.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

54. Procedemento de autorización pola oficina xestora para a mestura de hidrocarburos con biocarburantes, antes da fin do réxime suspensivo, previsto no artigo 108.bis.3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

55. Procedemento para a autorización polo centro xestor, nos casos en que o biocarburante se introduza en depósitos fiscais loxísticos, do procedemento establecido no artigo 108.bis.4 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

56. Procedemento para a autorización do cambio de titularidade e cesamento da súa actividade dos establecementos inscritos no rexistro territorial dos impostos especiais de fabricación, previsto no artigo 42 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

57. Procedemento para a autorización de utilización como carburante dos produtos aos cales se refire artigo 46.2 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, ou como combustible, dos hidrocarburos a que se refire o número 3 do dito artigo, de acordo co establecido no artigo 54.1 da citada lei.

58. Procedemento de autorización dun desnaturalizante para o bioetanol, no suposto de aplicación do tipo impositivo aos biocarburantes establecido no artigo 50.bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, de acordo co disposto no artigo 108 bis.8 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

59. Procedemento para aprobar a emisión de tarxetas de crédito, débito e compras para a adquisición de carburantes con exención do imposto sobre hidrocarburos, prevista nas alíneas a), b) e c) do artigo 9 da Lei 38/1992 do 28 de decembro, de impostos especiais, e no artigo 5.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

60. Procedemento para autorizar, e, de ser o caso, inscribir o titular autorizado, o réxime de perfeccionamento fiscal establecido no artigo 3 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

61. Procedemento para o recoñecemento da exención do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos previsto no artigo 9.seis, número 1, alíneas a), b) e c) da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, incluso cando o beneficio se aplique mediante un procedemento de devolución, de acordo co previsto no número 2 do mesmo artigo.

62. Procedemento para a aplicación da exención do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos previsto no artigo 9.seis, número 1, alínea f) puntos 1.º, 2.º, 3.º, e 5.º da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

63. Procedemento para a inscrición no rexistro territorial do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos dos suxeitos pasivos do imposto, previsto no artigo oitavo da Orde HAC/1554/2002, do 17 de xuño.

64. Procedemento para a práctica da devolución parcial polo gasóleo de uso profesional, establecido no artigo 52.bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, desenvolto pola Orde EHA/3929/2006, do 21 de decembro, pola que se establece o procedemento para a devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos e das cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos por consumo de gasóleo profesional, se aproba determinado código de actividade e do establecemento, e se actualiza a referencia a un código da nomenclatura combinada contida na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

65. Procedemento para a práctica da devolución parcial das cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico previsto no artigo 9 da Lei 24/2004, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, desenvolto pola Orde EHA 3929, do 21 de decembro, pola que se establece o procedemento para a devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos e das cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos por consumo de gasóleo profesional, se aproba determinado código de actividade e do establecemento, e se actualiza a referencia a un código da nomenclatura combinada contida na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

66. Procedemento para a autorización de porcentaxes de participación no capital social de entidades non cooperativas superiores ás previstas no artigo 13.9.º da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

67. Procedemento para a concesión de aprazamentos e fraccionamentos para o pagamento de contribucións especiais, previsto no artigo 32.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

68. Procedemento para a concesión de beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, previsto no artigo 77.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

69. Procedemento para a concesión de beneficios fiscais no imposto sobre actividades económicas, previsto no artigo 91.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

70. Procedemento para a concesión de exencións no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, previsto no artigo 93.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

71. Procedemento para a dispensa de preceptos por razón de equidade, previsto no artigo 13.4 das ordenanzas xerais de alfándegas, aprobadas por Decreto do 17 de outubro de 1947.

72. Procedemento para a tramitación das solicitudes de abandono de mercadorías, regulado no artigo 316 das ordenanzas xerais de alfándegas, aprobadas por Decreto do 17 de outubro de 1947.

73. Procedemento para a tramitación das solicitudes correspondentes a habilitacións de axentes de alfándegas, regulado polo Real decreto 1889/1999, do 13 de decembro, a Orde do 9 de xuño de 2000 e a Resolución do 12 de xullo de 2000.

74. Procedemento para a autorización de almacén de depósito temporal de mercadorías e local autorizado para mercadorías de exportación previsto nos artigos 185 a 188, ambos os dous incluídos, do Regulamento (CE) 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfanegueiro comunitario e na Resolución do 11 de decembro de 2000 que regula o funcionamento dos almacéns de depósito temporal e dos locais autorizados para mercadorías declaradas de exportación.

75. Procedemento para a autorización de procedementos simplificados de tránsito, previsto nos artigos 398 a 411, ambos incluídos, do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfanegueiro comunitario, e na Resolución do 11 de decembro de 2000 que regula os procedementos simplificados de expedidor e destinatario autorizado de tránsito comunitario/común, expedidor autorizado de documentos que acrediten o carácter comunitario das mercadorías e expedidor autorizado de documentos de control T-5.

76. Procedemento para a autorización do réxime de depósito alfandegueiro previsto nos artigos 524 a 535, ambos incluídos, do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario, e na Resolución do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, do 18 de xuño de 2003, pola que se ditan instrucións de funcionamento dos depósitos alfandegueiros e distintos dos alfandegueiros.

77. Procedemento para a autorización de transformación de mercadorías baixo control alfandegueiro, previsto nos artigos 130 a 136, ambos incluídos, do Regulamento (CE) n.º 2913/1992 do Consello, do 12 de outubro, de Código alfandegueiro comunitario, e nos artigos 551 a 552 do Regulamento 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

78. Procedemento para autorizar o establecemento de zonas e depósitos francos previsto no artigo 800 do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario, e na Orde do 2 de decembro de 1992.

79. Procedemento para autorizar o tránsito nacional para mercadorías transportadas por ferrocarril, previsto nos artigos 412 a 425, ambos incluídos, do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario, e na Resolución do 7 de xullo de 2001, de aplicación dun procedemento simplificado de tránsito nacional para mercadorías transportadas entre alfándegas españolas dentro do territorio alfandegueiro da Unión Europea, mediante a utilización de carta de porte como documento alfandegueiro.

80. Procedemento para a constitución dunha garantía global en materia de tránsito, así como dispensa desta nos termos previstos nos artigos 379 a 384, ambos os dous inclusive, do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

81. Procedemento para a autorización ao obrigado principal de tránsito da utilización como listas de carga listas que non cumpran todas as condicións, previsto no artigo 385 do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

82. Procedemento para lle autorizar ao obrigado principal de tránsito a utilización de precintos dun modelo especial nos medios de transporte ou vultos, previsto no artigo 386 do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

83. Procedemento para lle conceder unha dispensa de itinerario obrigatorio ao obrigado principal de tránsito, previsto no artigo 387 do Regulamento (CE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

84. Procedemento para a autorización do despacho nas instalacións dos interesados, previsto no Real decreto 2718/1998, do 18 de decembro, de derogación de disposicións anteriores; na Orde do 21 de decembro de 1998 de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 2913/1992 do Consello, do 12 de outubro de 1992, de Código alfandegueiro comunitario e do Regulamento (CE) n.º 2454/1993, da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación, que fixa disposicións relativas ao procedemento simplificado de domiciliación, e na Orde 2376/2004, do 8 de xullo, de modificación daquela.

85. Procedemento para a autorización de devolución ou condonación de dereitos de importación ou de exportación, previsto nos artigos 878 a 909, ambos os dous inclusive, do Regulamento (CE) n.º 2454/1993, da Comisión, do 2 de xullo de 1993, de aplicación do Código alfandegueiro comunitario.

86. Procedemento de autorización para non expedir factura, de acordo co previsto no artigo 3.1.d) do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

87. Procedemento de autorización para que a obriga de expedir factura poida ser cumprida mediante a expedición de ticket, de acordo co previsto no artigo 4.1.ñ) do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

88. Procedemento de autorización para que a expedición de facturas ou documentos substitutivos sexa realizado polo destinatario da operación ou por un terceiro que non estea establecido na Comunidade Europea, salvo que se encontre establecido en Canarias, Ceuta ou Melilla ou nun país co cal exista un instrumento xurídico relativo á asistencia mutua, todo isto de acordo co previsto no artigo 5.4 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

89. Procedemento de autorización para que na factura non consten todas as mencións contidas no artigo 6.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, de acordo co previsto no artigo 6.7 do citado regulamento.

90. Procedemento de autorización para que poida exceptuarse o límite de 100 euros para a non consignación na factura dos datos de identificación do destinatario, de acordo co previsto no artigo 6.8 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

91. Procedemento de autorización para que nas facturas rectificativas non sexa necesaria a especificación das facturas rectificadas e que abonde a simple determinación do período a que se refiran, de acordo co previsto no artigo 13.4 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

92. Procedemento de autorización de elementos de acreditación na remisión electrónica de facturas ou documentos substitutivos, de acordo co previsto no artigo 18.1.c) do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

93. Procedemento de autorización para que a obriga de conservación de facturas ou documentos substitutivos sexa realizado por un terceiro que non estea establecido na Comunidade Europea, salvo que se encontre establecido en Canarias, Ceuta ou Melilla ou nun país co cal exista un instrumento xurídico relativo á asistencia mutua, todo isto de acordo co previsto no artigo 19.4 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

94. Procedemento para a dedución das cotas tributarias satisfeitas como consecuencia da adquisición de aceites, combustibles e lubricantes establecidas no convenio entre os Estados parte do Tratado do Atlántico Norte, regulado no artigo 4.º do Real decreto 1967/1999, do 23 de decembro, que comprende as exencións nos impostos indirectos relativas á Organización do Tratado do Atlántico Norte e aos Estados partes do devandito Tratado e establece o procedemento para a súa aplicación.

Dous. Os procedementos que se relacionan a seguir deberán entenderse estimados por vencer o prazo máximo establecido sen que se notificase resolución expresa:

1. Procedemento para o recoñecemento do dereito á exención das prestacións de servizos e entregas de bens accesorios a estas efectuadas directamente aos seus

membros por determinados organismos ou entidades legalmente recoñecidas que non teñan finalidade lucrativa, previsto no artigo 20.Un.12.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 5 do regulamento do devandito imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

2. Procedemento para o recoñecemento da condición de entidades ou establecementos de carácter social, regulado no artigo 6 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

3. Procedemento para o recoñecemento do dereito á exención dos servizos prestados directamente aos seus membros por determinadas entidades, previsto no artigo 20.Un.6.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 5 do regulamento do devandito imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Dispensa de garantías para o aprazamento e fraccionamento do pagamento da débeda tributaria.*

1. En virtude do establecido no artigo 82.2.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, habilitase o ministro de Economía e Facenda para establecer a contía por debaixo da cal non se exixirán garantías con motivo da solicitude de aprazamento ou fraccionamento do pagamento das débedas tributarias, así como as condicións para a dispensa total ou parcial de garantías.

2. Ata que o ministro de Economía e Facenda faga uso da habilitación prevista no número anterior para as débedas tributarias e da prevista no artigo 13.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os restantes recursos de natureza pública, quedan dispensadas da obriga de achegar garantía con motivo da solicitude de aprazamento ou fraccionamento as débedas que no seu conxunto non excedan os 6.000 euros. Para efectos da determinación da devandita contía, acumularanse no momento da solicitude tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como calquera outra do mesmo debedor para as cales se solicitase e non se resolvese o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

Disposición transitoria única. *Obrigas de información de carácter xeral.*

1. As obrigas de información de carácter xeral que deban cumprirse durante o ano 2008, correspondentes á información para subministrar do ano 2007, serán exixibles conforme a normativa vixente o 31 de decembro de 2007.

2. Mantéñense en vigor os prazos de presentación das declaracións de información ata que non se modifiquen, de ser o caso, mediante orde do ministro de Economía e Facenda.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados:

a) O Decreto 2423/1975, do 25 de setembro, polo que se regula o código de identificación das persoas xurídicas e entidades en xeral.

b) O Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos.

c) Os artigos 60, 62, 72 e a disposición adicional do Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións.

d) O Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e a forma de utilización do número de identificación fiscal.

e) Os artigos 8, 9, 10, 11, 13, 14, a disposición adicional terceira e o número 3 da disposición adicional quinta do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo cal se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

f) O Real decreto 803/1993, do 28 de maio, polo que se modifican determinados procedementos tributarios.

g) A disposición adicional primeira do Real decreto 2414/1994, do 16 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de actividades agrícolas e gandeiras, rendas non sometidas a retención ou ingreso á conta e contía dos pagamentos fraccionados.

h) O Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas.

i) O Real decreto 404/1997, do 21 de marzo, polo que se establece o réxime aplicable ás consultas cuxa contestación deba ter carácter vinculante para a Administración tributaria.

j) O Real decreto 2281/1998, do 23 de outubro, polo que se desenvolven as disposicións aplicables a determinadas obrigas de subministración de información da Administración tributaria e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro, e o Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas.

k) O Real decreto 215/1999, do 5 de febreiro, polo que se modifican os regulamentos de plans e fondos de pensións, do imposto sobre sociedades e do imposto sobre o valor engadido e outras normas tributarias.

l) O Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, polo que se regula o sistema de conta corrente en materia tributaria.

m) O Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios.

n) O Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas.

ñ) Os artigos 53 e 56 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

o) Os números 1, 3, 5 e 6 do artigo 69 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

2. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, aprobado polo Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro.*

Modifícase o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, aprobado polo Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 3, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. Cando en relación cun tributo e período impositivo ou de liquidación se incoe máis dun procedemento de aplicación dos tributos ou se formule máis dunha proposta de liquidación, considerárase, para efectos da súa cualificación e cuantificación, que se cometeu unha única infracción. Nestes

supostos, en cada procedemento sancionador que se incoe imporase a sanción que procedería de mediar un só procedemento de aplicación dos tributos ou unha soa proposta de liquidación, minorada no importe das sancións impostas nos procedementos anteriores ou minorada no importe das sancións impostas con relación ás propostas de liquidación nas cales non se inclúa a totalidade dos elementos regularizados da obriga tributaria.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación igualmente aos tributos sen período impositivo nin período de liquidación ou a feitos ou operacións cuxa declaración non sexa periódica cando en relación coa mesma obriga tributaria se incoe máis dun procedemento de aplicación dos tributos ou se formule máis dunha proposta de liquidación.

Se as sancións impostas nos procedementos anteriores ou nos derivados de propostas de liquidación nas cales non se inclúa a totalidade dos elementos regularizados da obriga tributaria non fosen ingresadas, non procederá a devolución do importe que poida derivar da dedución das devanditas sancións no procedemento sancionador posterior ou no procedemento sancionador incoado con relación á proposta de liquidación na cal se inclúa a totalidade dos elementos regularizados da obriga tributaria, mentres non fose pagado ou compensado o importe das devanditas sancións.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 25, que quedará redactado como segue:

«1. Será competente para acordar a iniciación do procedemento sancionador o equipo ou unidade que desenvolvese a actuación de comprobación e investigación, salvo que o inspector xefe designe outro diferente.

Cando o inicio e a tramitación correspondan ao mesmo equipo ou unidade que desenvolvese ou estea a desenvolver as actuacións de comprobación e investigación, o acordo de inicio poderá ser suscrito polo xefe do equipo ou unidade ou polo funcionario que subscribise ou vaia subscribir as actas. Noutro caso, a sinatura corresponderalle ao xefe de equipo ou unidade ou ao funcionario que determine o inspector-xefe.

En todo caso, o inicio do procedemento sancionador requirirá autorización previa do inspector-xefe, que poderá ser concedida en calquera momento do procedemento de comprobación e investigación ou unha vez finalizado este, antes do transcurso do prazo máximo establecido no artigo 209 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 25, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. A instrución do procedemento poderalle ser encomendada polo inspector-xefe ao equipo ou unidade competente para acordar o inicio ou a outro equipo ou unidade distinto, en función das necesidades do servizo ou das circunstancias do caso.

Cando o inicio e a tramitación do procedemento sancionador correspondan ao mesmo equipo ou unidade que desenvolvese ou estea a desenvolver as actuacións de comprobación e investigación, a proposta de resolución poderá ser suscrita polo xefe do equipo ou unidade ou polo funcionario que subscribise ou vaia subscribir as actas. Noutro caso, a sinatura corresponderalle ao xefe de equipo ou unidade ou ao funcionario que determine o inspector-xefe.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.*

Modifícase o número 2 do artigo 126 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, nos seguintes termos:

«2. Para a emisión do certificado regulado neste artigo entenderase que o solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias cando se verifique a concorrencia das circunstancias que, para tales efectos, se prevén no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Palma de Mallorca o 27 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO XERAL DAS ACTUACIÓNS E DOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA E DE DESENVOLVEMENTO DAS NORMAS COMÚNS DOS PROCEDIMENTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

Índice

- Título I. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Ámbito de aplicación.
- Título II. As obrigas tributarias formais.
- Capítulo I. As obrigas censuais.
- Sección 1.^a Os censos tributarios.
- Artigo 2. Censos da Administración tributaria.
- Sección 2.^a Os censos tributarios no ámbito de competencias do Estado.
- Subsección 1.^a Contido dos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado.
- Artigo 3. Formación dos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado.
- Artigo 4. Contido do Censo de obrigados tributarios.
- Artigo 5. Contido do Censo de empresarios, profesionais e retedores.
- Artigo 6. Información censual complementaria respecto das persoas físicas residentes en España incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.
- Artigo 7. Información censual complementaria respecto das entidades residentes ou constituídas en España incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.
- Artigo 8. Información censual complementaria respecto das persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como das non constituídas en España, incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.
- Subsección 2.^a As declaracións censuais no ámbito de competencias do Estado.
- Artigo 9. Declaración de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Artigo 10. Declaración de modificación no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Artigo 11. Declaración de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Artigo 12. Especialidades na alta e modificacións no Censo de obrigados tributarios das entidades ás cales se lles asigne un número de identificación fiscal.

Artigo 13. Modelo de declaración, prazo e lugar de presentación.

Artigo 14. Exclusión doutras declaracións censuais.

Artigo 15. Substitución da declaración de alta polo documento único electrónico no caso de sociedades de responsabilidade limitada.

Subsección 3.^a Actuacións de xestión censual no ámbito de competencias do Estado.

Artigo 16. Xestión das declaracións censuais.

Capítulo II. Obrigas relativas ao domicilio fiscal.

Artigo 17. Obriga de comunicar o cambio de domicilio fiscal.

Capítulo III. Obrigas relativas ao número de identificación fiscal.

Sección 1.^a Normas xerais.

Artigo 18. Obriga de dispor dun número de identificación fiscal e forma de acreditación.

Sección 2.^a Asignación do número de identificación fiscal ás persoas físicas.

Artigo 19. O número de identificación fiscal das persoas físicas de nacionalidade española.

Artigo 20. O número de identificación fiscal das persoas físicas de nacionalidade estranxeira.

Artigo 21. Normas sobre a asignación do número de identificación fiscal a persoas físicas nacionais e estranxeiras pola Administración tributaria.

Sección 3.^a Asignación do número de identificación fiscal ás persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

Artigo 22. O número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

Artigo 23. Solicitude do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

Artigo 24. Asignación do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade.

Sección 4.^a Especialidades do número de identificación fiscal dos empresarios ou profesionais para efectos do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 25. Especialidades do número de identificación fiscal dos empresarios ou profesionais para efectos do imposto sobre o valor engadido.

Sección 5.^a Utilización do número de identificación fiscal.

Artigo 26. Utilización do número de identificación fiscal ante a Administración tributaria.

Artigo 27. Utilización do número de identificación fiscal en operacións con transcendencia tributaria.

Artigo 28. Utilización do número de identificación fiscal nas operacións con entidades de crédito.

Capítulo IV. Obrigas relativas aos libros rexistro fiscais.

Artigo 29. Obriga de levar e conservar os libros rexistro de carácter fiscal.

Capítulo V. Obrigas de información.

Sección 1.^a Disposicións xerais.

Artigo 30. Obrigas de información.

Sección 2.^a Obrigas de presentar declaracións informativas.

Subsección 1.^a Obriga de informar sobre as operacións con terceiras persoas.

Artigo 31. Obrigados a subministrar información sobre operacións con terceiras persoas.

Artigo 32. Persoas ou entidades excluídas da obriga de presentar declaración anual de operacións con terceiras persoas.

Artigo 33. Contido da declaración anual de operacións con terceiras persoas.

Artigo 34. Formalización da declaración anual de operacións con terceiras persoas.

Artigo 35. Criterios de imputación temporal.

Subsección 2.^a Obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro.

Artigo 36. Obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro.

Subsección 3.^a Obriga de informar sobre contas, operacións e activos financeiros.

Artigo 37. Obriga de informar acerca de contas en entidades de crédito.

Artigo 38. Obriga de informar acerca de préstamos e créditos.

Artigo 39. Obriga de informar acerca de valores, seguros e rendas.

Artigo 40. Obriga de informar sobre os titulares de contas ou outras operacións que non facilitasen o número de identificación fiscal.

Artigo 41. Obriga de informar acerca do libramento de cheques por parte das entidades de crédito.

Artigo 42. Obriga de informar sobre determinadas operacións con activos financeiros.

Subsección 4.^a Obrigas de información respecto de determinadas operacións con participacións preferentes e outros instrumentos de débeda.

Artigo 43. Obriga de información.

Artigo 44. Obriga de información da entidade dominante e da entidade titular dos dereitos de voto.

Subsección 5.^a Obrigas de información respecto de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea.

Artigo 45. Ámbito de aplicación.

Artigo 46. Rendas suxeitas a subministración de información.

Artigo 47. Obrigados a subministrar información.

Artigo 48. Información que se debe subministrar.

Artigo 49. Identificación e residencia dos perceptores de rendas persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea.

Subsección 6.^a Outras obrigas de información.

Artigo 50. Obriga de informar sobre a constitución, establecemento, modificación ou extinción de entidades.

Artigo 51. Obriga de informar sobre persoas ou entidades que non comunicaron o seu número de identificación fiscal ou que non identificaron os medios de pagamento empregados ao outorgar escrituras ou documentos onde consten os actos ou contratos intervidos polos notarios.

Artigo 52. Obriga de informar sobre as subvencións ou indemnizacións derivadas do exercicio de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais.

Artigo 53. Obriga de informar acerca das achegas a sistemas de previsión social.

Artigo 54. Obriga de informar sobre operacións financeiras relacionadas con bens inmobles.

Sección 3.^a Requisitos individualizados para a obtención de información.

Artigo 55. Disposicións xerais.

Artigo 56. Requisitos a determinadas autoridades sometidas ao deber de informar e colaborar.

Artigo 57. Procedemento para realizar determinados requirimentos a entidades dedicadas ao tráfico bancario ou crediticio.

Sección 4.^a Transmisión de datos con transcendencia tributaria pola Administración tributaria.

Artigo 58. Transmisión de datos con transcendencia tributaria por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Título III. Principios e disposicións xerais da aplicación dos tributos.

Capítulo I. Órganos e competencias.

Artigo 59. Criterios de atribución de competencia no ámbito das administracións tributarias.

Artigo 60. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración tributaria.

Artigo 61. Exercicio das facultades na aplicación dos tributos.

Capítulo II. Principios xerais da aplicación dos tributos.

Sección 1.^a Información e asistencia aos obrigados tributarios.

Artigo 62. A información e asistencia tributaria.

Subsección 1.^a Actuacións de información tributaria.

Artigo 63. Actuacións de información.

Artigo 64. Tramitación das solicitudes de información.

Subsección 2.^a Consultas tributarias escritas.

Artigo 65. Órgano competente para a contestación das consultas tributarias escritas.

Artigo 66. Iniciación do procedemento para a contestación das consultas tributarias escritas.

Artigo 67. Tramitación do procedemento para a contestación das consultas tributarias escritas.

Artigo 68. Contestación das consultas tributarias escritas.

Subsección 3.^a Información con carácter previo á adquisición ou transmisión de bens inmobles.

Artigo 69. Información con carácter previo á adquisición ou transmisión de bens inmobles.

Subsección 4.^a Emisión de certificados tributarios.

Artigo 70. Os certificados tributarios.

Artigo 71. Solicitud dos certificados tributarios.

Artigo 72. Contido dos certificados tributarios.

Artigo 73. Expedición dos certificados tributarios.

Artigo 74. Requisitos da certificación de estar ao día nas obrigas tributarias.

Artigo 75. Efectos dos certificados tributarios.

Artigo 76. Certificado en materia de fiscalidade do aforro na Unión Europea.

Subsección 5.^a Actuacións de asistencia tributaria.

Artigo 77. Actuacións de asistencia tributaria.

Artigo 78. Programas informáticos e uso de medios telemáticos na asistencia aos obrigados tributarios.

Sección 2.^a A colaboración social na aplicación dos tributos.

Artigo 79. Suxeitos da colaboración social na aplicación dos tributos.

Artigo 80. Obxecto da colaboración social na aplicación dos tributos.

Artigo 81. Utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na colaboración social.

Sección 3.^a Utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nas actuacións e procedementos tributarios.

Artigo 82. Utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas.

Artigo 83. Identificación da Administración tributaria actuante.

Artigo 84. Actuación automatizada.

Artigo 85. Aprobación e difusión de aplicacións.

Artigo 86. Equivalencia de soportes documentais.

Capítulo III. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios.

Sección 1.^a Especialidades dos procedementos administrativos en materia tributaria.

Subsección 1.^a Iniciación das actuacións e procedementos tributarios.

Artigo 87. Iniciación de oficio.

Artigo 88. Iniciación por instancia do obrigado tributario.

Artigo 89. Emenda.

Subsección 2.^a Tramitación das actuacións e procedementos tributarios.

Artigo 90. Lugar e horario das actuacións de aplicación dos tributos.

Artigo 91. Ampliación e aprazamento dos prazos de tramitación.

Artigo 92. Achea de documentación e ratificación de datos de terceiros.

Artigo 93. Coñecemento polos obrigados tributarios do estado de tramitación dos procedementos.

Artigo 94. Acceso a arquivos e rexistros administrativos.

Artigo 95. Obtención de copias.

Artigo 96. Trámites de audiencia e de alegacións.

Subsección 3.^a Documentación das actuacións e procedementos tributarios.

Artigo 97. Comunicacións.

Artigo 98. Dilixencias.

Artigo 99. Tramitación das dilixencias.

Artigo 100. Informes.

Subsección 4.^a Terminación das actuacións e procedementos tributarios.

Artigo 101. Resolución.

Artigo 102. Cómputo dos prazos máximos de resolución.

Artigo 103. Períodos de interrupción xustificada.

Artigo 104. Dilacións por causa non imputable á Administración.

Sección 2.^a Intervención dos obrigados nas actuacións e procedementos tributarios.

Subsección 1.^a Persoas coas cales deben entenderse as actuacións administrativas.

Artigo 105. Actuacións relativas a obrigados tributarios do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a entidades sometidas a un réxime de imputación de rendas.

Artigo 106. Actuacións en caso de solidariedade no presuposto de feito da obriga.

Artigo 107. Actuacións con sucesores.

Artigo 108. Actuacións en supostos de liquidación ou concurso.

Artigo 109. Actuacións relativas a obrigados tributarios non residentes.

Subsección 2.^a A representación nos procedementos tributarios.

Artigo 110. A representación legal.

Artigo 111. A representación voluntaria.

Artigo 112. Disposicións comúns á representación legal e voluntaria.

Sección 3.^a O domicilio fiscal.

Artigo 113. O domicilio fiscal das persoas físicas.

Sección 4.^a As notificacións en materia tributaria.

Artigo 114. Notificación.

Artigo 115. Notificación por comparecencia.

Título IV. Actuacións e procedementos de xestión tributaria.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 116. Atribución de funcións de xestión tributaria aos órganos administrativos.

Artigo 117. Presentación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución.

Artigo 118. Declaracións complementarias e substitutivas.

Artigo 119. Autoliquidacións complementarias.

Artigo 120. Comunicacións de datos complementarias e substitutivas.

Artigo 121. Solicitudes de devolución complementarias e substitutivas.

Capítulo II. Procedementos de xestión tributaria.

Sección 1.^a Procedemento de devolución iniciado mediante autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos.

Artigo 122. Devolucións derivadas da normativa de cada tributo.

Artigo 123. Iniciación do procedemento de devolución.

Artigo 124. Tramitación do procedemento de devolución.

Artigo 125. Terminación do procedemento de devolución.

Sección 2.^a Procedemento para a rectificación de autoliquidacións, declaracións, comunicacións de datos ou solicitudes de devolución.

Subsección 1.^a Procedemento para a rectificación de autoliquidacións.

Artigo 126. Iniciación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.

Artigo 127. Tramitación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.

Artigo 128. Terminación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.

Artigo 129. Especialidades no procedemento de rectificación de autoliquidacións relativas a retencións, ingresos á conta ou cotas soportadas.

Subsección 2.^a Procedemento para a rectificación de declaracións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución.

Artigo 130. Especialidades do procedemento para a rectificación de declaracións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución.

Sección 3.^a Procedemento para a execución das devolucións tributarias.

Artigo 131. Execución das devolucións tributarias.

Artigo 132. Pagamento ou compensación das devolucións tributarias.

Sección 4.^a Procedemento iniciado mediante declaración.

Artigo 133. Procedemento iniciado mediante declaración.

Artigo 134. Especialidades do procedemento iniciado mediante declaración no ámbito alfandegueiro.

Artigo 135. Caducidade do procedemento iniciado mediante declaración.

Sección 5.^a Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado.

Artigo 136. Procedemento para o recoñecemento pola Administración tributaria de beneficios fiscais de carácter rogado.

Artigo 137. Efectos do recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado.

Sección 6.^a A conta corrente tributaria.

Subsección 1.^a Disposicións xerais.

Artigo 138. Obrigados tributarios que poden acollerse ao sistema de conta corrente en materia tributaria.

Artigo 139. Débedas e créditos obxecto de anotación no sistema de conta corrente en materia tributaria.

Subsección 2.^a Procedemento para a inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria.

Artigo 140. Procedemento para a inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria.

Subsección 3.^a Efectos e finalización do sistema de conta corrente tributaria.

Artigo 141. Efectos sobre os créditos e débitos tributarios.

Artigo 142. Determinación do saldo da conta corrente e exixibilidade deste.

Artigo 143. Finalización do sistema de conta corrente en materia tributaria.

Sección 7.^a Actuacións e procedementos de comprobación de obrigas formais.

Subsección 1.^a Actuacións e procedementos de comprobación censual.

Artigo 144. Actuacións de comprobación censual.

Artigo 145. Procedemento de rectificación censual.

Artigo 146. Rectificación de oficio da situación censual.

Artigo 147. Revogación do número de identificación fiscal.

Subsección 2.^a Actuacións de comprobación do domicilio fiscal.

Artigo 148. Comprobación do domicilio fiscal.

Artigo 149. Iniciación e tramitación do procedemento de comprobación do domicilio fiscal.

Artigo 150. Terminación do procedemento de comprobación do domicilio fiscal.

Artigo 151. Efectos da comprobación do domicilio fiscal.

Artigo 152. Especialidades do procedemento de comprobación do domicilio fiscal iniciado por solicitude dunha comunidade autónoma.

Subsección 3.^a Actuacións de control de presentación de declaracións.

Artigo 153. Control de presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos.

Subsección 4.^a Actuacións de control doutras obrigas formais.

Artigo 154. Control doutras obrigas formais.

- Sección 8.^a Procedemento de verificación de datos.
 Artigo 155. Iniciación e tramitación do procedemento de verificación de datos.
 Artigo 156. Terminación do procedemento de verificación de datos.
- Sección 9.^a Procedemento de comprobación de valores.
 Subsección 1.^a A comprobación de valores.
 Artigo 157. Comprobación de valores.
 Artigo 158. Medios de comprobación de valores.
 Artigo 159. Actuacións de comprobación de valores.
 Subsección 2.^a Procedemento de comprobación de valores.
 Artigo 160. Procedemento para a comprobación de valores.
 Subsección 3.^a Taxación pericial contraditoria.
 Artigo 161. Iniciación e tramitación do procedemento de taxación pericial contraditoria.
 Artigo 162. Terminación do procedemento de taxación pericial contraditoria.
- Sección 10.^a Procedemento de comprobación limitada.
 Artigo 163. Iniciación do procedemento de comprobación limitada.
 Artigo 164. Tramitación do procedemento de comprobación limitada.
 Artigo 165. Terminación do procedemento de comprobación limitada.
- Título V. Actuacións e procedemento de inspección.
 Capítulo I. Disposicións xerais.
 Sección 1.^a Funcións da inspección dos tributos.
 Artigo 166. Atribución de funcións inspectoras aos órganos administrativos.
 Artigo 167. Colaboración dos órganos de inspección con outros órganos e administracións.
 Artigo 168. Inspeccións coordinadas coas comunidades autónomas.
 Artigo 169. Persoal inspector.
- Sección 2.^a Planificación das actuacións inspectoras.
 Artigo 170. Plans de inspección.
- Sección 3.^a Facultades da inspección dos tributos.
 Artigo 171. Exame da documentación dos obrigados tributarios.
 Artigo 172. Entrada e recoñecemento de predios.
 Artigo 173. Obriga de atender os órganos de inspección.
- Sección 4.^a Lugar das actuacións inspectoras.
 Artigo 174. Lugar das actuacións inspectoras.
- Sección 5.^a Documentación das actuacións inspectoras.
 Artigo 175. Normas xerais.
 Artigo 176. Actas de inspección.
- Capítulo II. Procedemento de inspección.
 Sección 1.^a Iniciación do procedemento de inspección.
 Artigo 177. Iniciación de oficio do procedemento de inspección.
 Artigo 178. Extensión e alcance das actuacións do procedemento de inspección.
 Artigo 179. Solicitude do obrigado tributario dunha inspección de alcance xeral.
- Sección 2.^a Tramitación do procedemento de inspección.
 Artigo 180. Tramitación do procedemento inspector.
 Artigo 181. Medidas cautelares.
 Artigo 182. Horario das actuacións do procedemento inspector.
 Artigo 183. Trámite de audiencia previo ás actas de inspección.
- Sección 3.^a Duración do procedemento inspector.
 Artigo 184. Ampliación do prazo de duración do procedemento de inspección.
- Sección 4.^a Terminación do procedemento de inspección.
 Subsección 1.^a Actas de inspección.
 Artigo 185. Formalización das actas.
 Artigo 186. Tramitación das actas con acordo.
 Artigo 187. Tramitación das actas de conformidade.
 Artigo 188. Tramitación das actas de desconformidade.
 Subsección 2.^a Formas de terminación do procedemento inspector.
 Artigo 189. Formas de terminación do procedemento inspector.
 Artigo 190. Clases de liquidacións derivadas das actas de inspección.
 Artigo 191. Liquidación dos xuros de demora.
 Artigo 192. Comprobación de obrigas formais.
- Sección 5.^a Disposicións especiais do procedemento inspector.
 Artigo 193. Estimación indirecta de bases ou cotas.
 Artigo 194. Declaración de conflito na aplicación da norma tributaria.
 Artigo 195. Entidades que tributen en réxime de consolidación fiscal.
 Artigo 196. Declaración de responsabilidade no procedemento inspector.
- Capítulo III. Outras actuacións inspectoras.
 Artigo 197. Outras actuacións inspectoras.
- Disposicións adicionais.
 Disposición adicional primeira. Normas de organización específica.
 Disposición adicional segunda. Órganos competentes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.
 Disposición adicional terceira. Órganos competentes no ámbito da Dirección Xeral do Catastro.
 Disposición adicional cuarta. Aplicación das normas sobre declaracións censuais nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.
 Disposición adicional quinta. Obrigas censuais relativas ao imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.
 Disposición adicional sexta. Declaración anual de operacións con terceiras persoas realizadas en Canarias, Ceuta e Melilla.
 Disposición adicional sétima. Declaración de operacións con terceiras persoas da Administración do Estado.
 Disposición adicional oitava. Devolución de ingresos indebidos de dereito público.
 Disposición adicional novena. Convenios de colaboración subscritos con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento.
 Disposición adicional décima. Aplicación do procedemento de identificación e residencia dos residentes na Unión Europea.
 Disposición adicional décimo primeira. Definición de empresario ou profesional.

Disposición adicional décimo segunda. Contestación a consultas tributarias relativas ao imposto xeral indirecto canario e ao arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Illas Canarias.

Disposición adicional décimo terceira. Composición do activo en determinadas institucións.

Disposición adicional décimo cuarta. Facultades dos órganos de recadación.

Disposición adicional décimo quinta. Estandarización dos formatos dos ficheiros para achegar á Administración tributaria no curso dos procedementos de aplicación dos tributos.

Disposicións transitorias.

Disposición transitoria primeira. Procedemento para facer efectiva a obriga de informar respecto dos valores a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 19/2003, do 4 de xullo.

Disposición transitoria segunda. Tratamento de determinados instrumentos de renda fixa para os efectos das obrigas de información respecto de persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea.

Disposición transitoria terceira. Obrigas de información de carácter xeral.

Disposición transitoria cuarta. Declaración das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista na CNAE-2009.

Disposición derradeira única. Habilitación normativa.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento regula a aplicación dos tributos en desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Este regulamento será de aplicación á xestión recadatoria no non previsto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

O disposto neste regulamento entenderase sen prexuízo do previsto na normativa propia de cada tributo.

2. Este regulamento será de aplicación nos termos previstos no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Este regulamento aplicarase ao procedemento sancionador en materia tributaria no non previsto polas súas normas específicas de desenvolvemento e polas normas reguladoras do procedemento sancionador en materia administrativa.

TÍTULO II

As obrigas tributarias formais

CAPÍTULO I

As obrigas censuais

SECCIÓN 1.^a OS CENSOS TRIBUTARIOS

Artigo 2. *Censos da Administración tributaria.*

1. Cada Administración tributaria poderá dispor dos seus propios censos tributarios para efectos da aplicación dos seus tributos propios e cedidos.

2. Calquera censo tributario incluírá necesariamente os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, así como o anagrama, se o tiver.

- b) Numero de identificación fiscal.
- c) Domicilio fiscal.
- d) De ser o caso, domicilio no estranxeiro.

3. As administracións tributarias das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía comunicaranlle con periodicidade mensual á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información censual de que dispoñan para efectos de consolidar esta.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicarlles con periodicidade mensual ás administracións tributarias das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía a variación dos datos a que se refire o parágrafo anterior que se encontren incluídos no Censo de obrigados tributarios regulado no artigo 4.

4. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá subscribir convenios de colaboración coas entidades locais para o intercambio de información censual.

5. As persoas ou entidades incluídas nos censos tributarios terán dereito a coñecer os seus datos censuais e poderán solicitar, para tal efecto, que se lles expida o correspondente certificado. Sen prexuízo do anterior, será aplicable aos referidos datos o establecido no artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Os obrigados tributarios terán dereito á rectificación ou cancelación dos seus datos persoais cando resulten inexactos ou incompletos de acordo co previsto na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2.^a OS CENSOS TRIBUTARIOS NO ÁMBITO DE COMPETENCIAS DO ESTADO

Subsección 1.^a *Contido dos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado*

Artigo 3. *Formación dos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado.*

1. O Censo de obrigados tributarios estará formado pola totalidade das persoas ou entidades que deban ter un número de identificación fiscal para as súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria de acordo co establecido no artigo 18 deste regulamento.

2. O Censo de empresarios, profesionais e retedores estará formado polas persoas ou entidades que desenvolvan ou vaian desenvolver en territorio español algunha das actividades ou operacións que se mencionan a seguir:

a) Actividades empresariais ou profesionais. Entenderase por tales aquelas cuxa realización confira a condición de empresario ou profesional, incluídas as agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras.

Non se incluírán no Censo de empresarios, profesionais e retedores aqueles que efectúen exclusivamente arrendamentos de inmobles exentos do imposto sobre o valor engadido, conforme o artigo 20.un.23.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, sempre que a súa realización non constitúa o desenvolvemento dunha actividade empresarial de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Tampouco se incluírán neste censo os que efectúen entregas a título ocasional de medios de transporte novos exentas do imposto sobre o valor engadido en virtude do disposto no artigo 25.un e dous da súa lei reguladora, e adquisicións intracomunitarias de bens exentas en virtude do disposto no artigo 26.tres da mesma lei.

b) Aboamento de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.

c) Adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto sobre o valor engadido efectuadas por aqueles que non actúen como empresarios ou profesionais.

Tamén se integrarán neste censo as persoas ou entidades non residentes en España de acordo co disposto no

artigo 6 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, que operen en territorio español mediante establecemento permanente ou satisfagan no devandito territorio rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta, e as entidades a que se refire a alínea c) do artigo 5 da citada lei.

De igual forma, as persoas ou entidades non establecidas no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido quedarán integradas neste censo cando sexan suxeitos pasivos do devandito imposto.

Así mesmo, formarán parte deste censo as persoas ou entidades que non cumpran ningún dos requisitos previstos nesta alínea pero sexan socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes de entidades en réxime de atribución de rendas que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais e teñan obrigas tributarias derivadas da súa condición de membros de tales entidades.

O Censo de empresarios, profesionais e retedores formará parte do Censo de obrigados tributarios.

3. O Rexistro de operadores intracomunitarios estará formado polas persoas ou entidades que teñan atribuído o número de identificación fiscal regulado para efectos do imposto sobre o valor engadido no artigo 25 deste regulamento, que vaian efectuar entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao devandito tributo.

Formarán parte igualmente deste rexistro os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que vaian ser destinatarios de prestacións de servizos cuxo lugar de realización para efectos daquel se determine efectivamente en función de cal sexa o Estado que lle atribúise ao adquirente o número de identificación fiscal co cal se realízase a operación.

A inclusión será tamén obrigatoria no caso de persoas ou entidades a que se refire o artigo 14 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, cando vaian realizar adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao devandito imposto. En tal caso, a inclusión neste rexistro determinará a asignación á persoa ou entidade solicitante do número de identificación fiscal regulado no artigo 25 deste regulamento.

A circunstancia de que as persoas ou entidades a que se refire o artigo 14 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, deixen de estar incluídas no Rexistro de operadores intracomunitarios, por producirse o suposto de que as adquisicións intracomunitarias de bens que realicen resulten non suxeitas ao imposto en atención ao establecido no devandito precepto, determinará a revogación automática do número de identificación fiscal específico regulado no artigo 25 deste regulamento.

Este rexistro formará parte do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

4. O Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial estará integrado polos empresarios ou profesionais que teñan dereito ao procedemento de devolución que se regula no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Este rexistro formará parte do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

5. O Rexistro de grandes empresas estará formado por aqueles obrigados tributarios cuxo volume de operacións supere a cifra de 6.010.121,04 euros durante o ano natural inmediato anterior, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, mesmo cando desenvolvan a súa actividade fóra do territorio de aplicación deste imposto.

Este rexistro formará parte do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

6. O Rexistro territorial dos impostos especiais de fabricación estará integrado polas persoas e establecementos a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995,

do 7 de xullo, e rexerese polo establecido no devandito Regulamento dos impostos especiais e, no non previsto neste, polas disposicións deste regulamento relativas ás obrigas de carácter censual.

Artigo 4. *Contido do Censo de obrigados tributarios.*

1. Os datos que se incluírán no Censo de obrigados tributarios serán, para as persoas físicas, os seguintes:

- a) Nome e apelidos, sexo, data de nacemento, lugar de nacemento, estado civil e data do estado civil.
- b) Número de identificación fiscal español.
- c) Número de identificación fiscal doutros países, de ser o caso, para os residentes.
- d) Código de identificación fiscal do Estado de residencia, de ser o caso, para non-residentes.
- e) Número de pasaporte, de ser o caso.
- f) Condición de residente ou non-residente en territorio español.
- g) Domicilio fiscal en España e a referencia catastral do inmovible, salvo que non estea obrigado a isto de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.
- h) Se é o caso, domicilio no estranxeiro.
- i) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos representantes legais para as persoas que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

2. Os datos que se incluírán no Censo de obrigados tributarios serán, para as persoas xurídicas e demais entidades, os seguintes:

- a) Razón social ou denominación completa, así como o anagrama, se o tiver.
- b) Número de identificación fiscal español.
- c) Número de identificación fiscal doutros países, de ser o caso, para os residentes.
- d) Código de identificación fiscal do Estado de residencia, de ser o caso, para non-residentes.
- e) Condición de persoa xurídica ou entidade residentes ou non residentes en territorio español.
- f) Constitución en España ou no estranxeiro. Neste último caso incluírá o país de constitución.
- g) Data de constitución e, de ser o caso, data do acordo de vontades a que se refire o artigo 24.2 e data de inscrición no rexistro público correspondente.
- h) Capital social de constitución.
- i) Domicilio fiscal en España e a referencia catastral do inmovible, salvo que non estea obrigado a isto de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.
- j) De ser o caso, domicilio no estranxeiro.
- k) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos representantes legais.

Artigo 5. *Contido do Censo de empresarios, profesionais e retedores.*

No Censo de empresarios, profesionais e retedores, ademais dos datos mencionados no artigo 4 deste regulamento, para cada persoa ou entidade constará a seguinte información:

- a) As declaracións ou autoliquidacións que deba presentar periodicamente por razón das súas actividades empresariais ou profesionais, ou por satisfacer rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta, nos termos previstos na orde a que se refire o artigo 13 deste regulamento.
- b) A súa situación tributaria en relación cos seguintes extremos:

1.º A condición de entidade total ou parcialmente exenta para efectos do imposto sobre sociedades, de acordo co artigo 9 do texto refundido da Lei do imposto

sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

2.º A opción ou a renuncia ao réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

3.º O método de determinación do rendemento neto das actividades económicas que desenvolva e, de ser o caso, a modalidade aplicada no imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.º A inclusión, renuncia, revogación da renuncia ou exclusión do método de estimación obxectiva ou da modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas.

5.º A suxeición do obrigado tributario ao réxime xeral ou a algún réxime especial no imposto sobre o valor engadido.

6.º A inclusión, renuncia, revogación da renuncia ou exclusión do réxime simplificado ou do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.

7.º A inclusión ou baixa no Rexistro de operadores intracomunitarios.

8.º A inclusión ou baixa no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial a que se refire o artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

9.º A inclusión ou baixa no Rexistro de grandes empresas.

10.º A clasificación das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009).

11.º A relación, de ser o caso, dos establecementos ou locais en que desenvolva as súas actividades económicas, con identificación da comunidade autónoma, provincia, municipio, enderezo completo e a referencia catastral de cada un deles.

c) O número de teléfono e, de ser o caso, o enderezo de correo electrónico e o nome de dominio ou enderezo da internet, mediante o cal desenvolva, total ou parcialmente, as súas actividades.

Artigo 6. Información censual complementaria respecto das persoas físicas residentes en España incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Respecto das persoas físicas residentes en España, constarán no Censo de empresarios, profesionais e retedores, ademais do seu domicilio fiscal, o lugar onde teñan efectivamente centralizada a xestión administrativa e o enderezo dos seus negocios en territorio español, cando sexa distinto do domicilio fiscal.

Artigo 7. Información censual complementaria respecto das entidades residentes ou constituídas en España incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Respecto das entidades residentes ou constituídas en España, constarán no Censo de empresarios, profesionais e retedores os seguintes datos adicionais:

- a) O domicilio social, cando exista e sexa distinto ao domicilio fiscal, e a referencia catastral do inmovible.
- b) A data de peche do exercicio económico.
- c) A forma xurídica ou clase de entidade de que se trate.
- d) O nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio

fiscal de cada un dos socios, membros ou partícipes fundadores ou que promovan a súa constitución. Tamén se farán constar eses mesmos datos, excepto para as entidades que teñan a condición de comunidades de propietarios constituídas en réxime de propiedade horizontal, para cada un dos membros ou partícipes que formen parte, en cada momento, das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, con indicación da súa cota de participación e de atribución no caso de que as devanditas cotas non coincidan. No caso de os socios, membros ou partícipes non seren residentes en España, deberase facer constar a súa residencia fiscal e a identificación do seu representante fiscal en España, de o haber.

Artigo 8. Información censual complementaria respecto das persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como das non constituídas en España, incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

1. No caso de persoas ou entidades non residentes ou non establecidas, así como no das non constituídas en España, que deban formar parte do Censo de empresarios, profesionais e retedores, constarán no devandito censo os seguintes datos complementarios:

- a) O Estado ou territorio de residencia.
- b) A nacionalidade e a forma xurídica ou clase de entidade sen personalidade xurídica de que se trate, de acordo co seu dereito nacional.
- c) De ser o caso, nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, co anagrama, se o houber, número de identificación fiscal, domicilio fiscal e nacionalidade do seu representante en España.

2. Cando unha persoa ou entidade non residente opere en territorio español por medio dun ou varios establecementos permanentes que realicen actividades claramente diferentes e cuxa xestión se leve de modo separado, de acordo co disposto no artigo 17 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, cada establecemento deberá inscribirse individualmente no Censo de empresarios, profesionais e retedores, cos mesmos datos e nas mesmas condicións que as persoas ou entidades residentes e, ademais, cada un deles deberá identificar a persoa ou entidade non residente da cal dependan e comunicar os datos relativos a aquela relacionados no número anterior.

Cada establecemento permanente identificarase cunha denominación específica que, en calquera caso, comprenderá unha referencia á persoa ou entidade non residente da cal dependa e un número de identificación fiscal propio e independente do asignado, de ser o caso, a esta última e a referencia catastral do inmovible onde estea situado o establecemento permanente.

Así mesmo, deberá especificarse a forma de determinación da base imponible do establecemento permanente que se constitúe en España, de acordo co disposto no artigo 18 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

3. No caso de que unha persoa ou entidade non residente opere en territorio español por si mesma e por medio dun ou varios establecementos permanentes, a inclusión no Censo de empresarios, profesionais e retedores deberá ser realizada tanto pola persoa ou entidade non residente como polos seus establecementos permanentes.

En todas estas inclusións, ademais dos datos exixidos con carácter xeral neste regulamento, comunicaranse os

relacionados no número 1 deste artigo referentes á persoa ou entidade non residente.

Así mesmo, cada establecemento permanente identificarase e indicará a clase de establecemento que constitúa de acordo co disposto no punto anterior e a referencia catastral do inmovible.

4. No caso de entidades en réxime de atribución de rendas con presenza en territorio español, de acordo co disposto no artigo 38.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, no Censo de empresarios, profesionais e retedores deberán constar o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal, domicilio fiscal e nacionalidade de cada un dos membros ou partícipes daquela, con indicación da súa cota de participación e de atribución.

Subsección 2.^a As declaracións censuais no ámbito de competencias do Estado

Artigo 9. Declaración de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

1. Quen deba formar parte do Censo de empresarios, profesionais e retedores deberá presentar unha declaración de alta no devandito censo.

2. A declaración de alta deberá incluír os datos recollidos nos artigos 4 a 8 deste regulamento, ambos os dous inclusive.

3. Así mesmo, esta declaración servirá para os seguintes fins:

a) Solicitar a asignación do número de identificación fiscal provisorio ou definitivo, con independencia de que a persoa xurídica ou entidade solicitante non estea obrigada, por aplicación do disposto no número 1 anterior, á presentación da declaración censual de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores. A asignación do número de identificación fiscal, por solicitude do interesado ou de oficio, determinará a inclusión automática no Censo de obrigados tributarios da persoa ou entidade de que se trate.

b) Comunicar o réxime xeral ou especial aplicable no imposto sobre o valor engadido.

c) Renunciar ao método de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas ou aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.

d) Indicar, para efectos do imposto sobre o valor engadido, se o inicio da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos que constitúen o obxecto da actividade será posterior ao comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados ao desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional.

e) Propor á Axencia Estatal de Administración Tributaria a porcentaxe provisorio de dedución a que se refire o artigo 111.dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

f) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e pola determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o número dous do artigo 137 da mesma lei.

g) Solicitar a inclusión no Rexistro de operadores intracomunitarios.

h) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68.catro da lei do devandito imposto.

i) Comunicar a suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refiren o artigo 68.tres e cinco da lei do devandito imposto, sempre que o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.

j) Optar pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, prevista no artigo 103.dous.1.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

k) Optar pola determinación do pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no artigo 45.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

l) Comunicar o período de liquidación das autoliquidacións de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non-residentes e do imposto sobre sociedades, en atención á contía do seu último orzamento aprobado cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

m) Optar pola aplicación do réxime xeral previsto para os establecementos permanentes, nos termos do artigo 18.5.b) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, para aqueles establecementos permanentes cuxa actividade en territorio español consista en obras de construción, instalación ou montaxe cuxa duración exceda os seis meses, actividades ou explotacións económicas de temporada ou estacionais, ou actividades de exploración de recursos naturais.

n) Optar polo réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

ñ) Comunicar aquel outros feitos e circunstancias de carácter censual previstos na normativa tributaria ou que determine o ministro de Economía e Facenda.

4. Esta declaración deberá ser presentada, segundo os casos, con anterioridade ao inicio das correspondentes actividades, á realización das operacións, ao nacemento da obriga de reter ou ingresar á conta sobre as rendas que se satisfagan, aboer ou deban ou á concorrencia das circunstancias previstas neste artigo.

Para os efectos do disposto neste regulamento, entenderase producido o comezo dunha actividade empresarial ou profesional desde o momento en que se realice calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servizos, se efectúen cobros ou pagamentos ou se contrate persoal laboral, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

Artigo 10. Declaración de modificación no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

1. Cando se modifique calquera dos datos recollidos na declaración de alta ou en calquera outra declaración de modificación posterior, o obrigado tributario deberalle comunicar á Administración tributaria, mediante a correspondente declaración, a devandita modificación.

2. Esta declaración, en particular, servirá para:

a) Comunicar o cambio de domicilio fiscal, de acordo co previsto no artigo 48.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polas persoas xurídicas e demais entidades, así como polas persoas físicas incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

b) Comunicar a variación de calquera dos datos e situacións tributarias recollidas nos artigos 4 a 9 deste regulamento, ambos os dous inclusive.

c) Comunicar o inicio da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais, cando a declaración de alta se formulase indicando que o inicio da realización das devanditas entregas de bens ou prestacións de servizos se produciría con posterioridade ao comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados á actividade.

Así mesmo, a declaración de modificación servirá para comunicar o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a unha nova actividade constitutiva dun sector diferenciado para efectos do imposto sobre o valor engadido, cando se presentase previamente unha declaración censual mediante a cal se comunique que o inicio da realización das entregas de bens e prestacións de servizos en desenvolvemento da devandita nova actividade se produciría con posterioridade ao comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados a aquela.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o artigo 137.dous da mesma lei.

e) Solicitar a inclusión no Rexistro de operadores intracomunitarios cando se vaian producir, unha vez presentada a declaración censual de alta, as circunstancias que o requiran previstas no artigo 3.3 deste regulamento.

Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que cesen no desenvolvemento das actividades suxeitas ao devandito imposto, sen que iso determine a súa baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, e os suxeitos pasivos que durante os 12 meses anteriores non realizasen entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto sobre o valor engadido, ou non fosen destinatarios de prestacións de servizos cuxo lugar de realización para efectos daquel se determinase efectivamente en función do número de identificación fiscal co que se realizase a operación, deberán presentar así mesmo unha declaración censual de modificación en que soliciten a baixa no Rexistro de operadores intracomunitarios.

f) Optar pola non suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68.catro da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

g) Comunicar a suxeición ao imposto sobre o valor engadido das entregas a que se refiren o artigo 68.tres e cinco da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

h) Revogar as opcións ou modificar as solicitudes a que se refiren os parágrafos d), e) e f) anteriores e os parágrafos f) e h) do artigo 9.3 deste regulamento, así como a comunicación dos cambios das situacións a que se refiren o parágrafo g) deste número e o parágrafo i) do artigo 9.3 deste regulamento.

i) Optar pola aplicación da regra de pro rata especial no imposto sobre o valor engadido, nos seguintes supostos:

1.º O previsto no artigo 28.1.1.º, segundo parágrafo, a), do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

2.º O previsto no artigo 28.1.1.º, segundo parágrafo, b), do regulamento do devandito imposto, no caso en que

non se exercitase a devandita opción ao tempo de presentar a declaración de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores. Así mesmo, a declaración de modificación servirá para efectuar a revogación da opción pola regra de pro rata especial a que se refire o terceiro parágrafo do devandito artigo 28.1.1.º

j) No caso daqueles que, tendo xa a condición de empresarios ou profesionais por viren realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional que constitúa, para efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade, e se encontren en calquera das circunstancias que se indican a continuación, para comunicarlle á Administración a súa concorrencia:

1.º Que o comezo da realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á nova actividade se producirá con posterioridade ao comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados ao seu desenvolvemento e resulte aplicable o réxime de dedución previsto nos artigos 111, 112 e 113 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Neste caso, a declaración conterá tamén a proposta da porcentaxe provisoria de dedución a que se refire o citado artigo 111.dous da devandita lei.

2.º Que exercen a opción pola regra de pro rata especial prevista no artigo 103.dous.1.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

k) Solicitar a inclusión no Rexistro de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial, así como a baixa no devandito rexistro, de acordo co artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

l) Comunicarlle á Administración tributaria o cambio de período de liquidación no imposto sobre o valor engadido e para efectos das autoliquidacións de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non-residentes e do imposto sobre sociedades, por estaren incluídos no Rexistro de grandes empresas regulado no artigo 3 deste regulamento, ou en atención á contía do seu último orzamento aprobado cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

m) Optar ou renunciar á opción para determinar o pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no artigo 45.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

n) Renunciar á aplicación do réxime de consolidación fiscal no caso dos grupos fiscais que exercen esta opción.

ñ) Optar ou renunciar ao réxime fiscal especial previsto no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

o) Solicitar a rectificación de datos persoais a que se refire o artigo 2.5 deste regulamento.

p) Comunicar outros feitos e circunstancias de carácter censual previstos nas normas tributarias ou que determine o ministro de Economía e Facenda.

3. Esta declaración non será necesaria cando a modificación dun dos datos que figuren no censo se producise por iniciativa dun órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. A declaración deberá presentarse no prazo dun mes desde que se producen os feitos que determinan a súa presentación, salvo nos casos que se indican a seguir:

a) Nos supostos en que a normativa propia de cada tributo ou a do réxime fiscal aplicable estableza prazos específicos, a declaración presentarase de conformidade con estes.

b) As declaracións a que se refire o número 2.j).1.º deste artigo, deberán presentarse con anterioridade ao momento en que se inicie a nova actividade empresarial que vaia constituír, para efectos do imposto sobre o valor engadido, un sector diferenciado de actividade respecto das que se viñan desenvolvendo con anterioridade.

c) A comunicación prevista no número 2.l) deste artigo formularase no prazo xeral e, en calquera caso, antes do vencemento do prazo para a presentación da primeira declaración periódica afectada pola variación posta en coñecemento da Administración tributaria ou que debería terse presentado de non se ter producido a devandita variación.

d) A solicitude a que se refire o primeiro parágrafo do número 2.e) deste artigo deberá presentarse con anterioridade ao momento en que se produzan as circunstancias previstas no artigo 3.3 deste regulamento.

e) Cando o ministro de Economía e Facenda estableza un prazo especial atendendo ás circunstancias que concorran en cada caso.

Artigo 11. Declaración de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

1. Aqueles que cesen no desenvolvemento de todo tipo de actividades empresariais ou profesionais ou, non tendo a condición de empresarios ou profesionais, deixen de satisfacer rendementos suxeitos a retención ou ingreso á conta deberán presentar a correspondente declaración mediante a cal lle comuniquen á Administración tributaria tal circunstancia para efectos da súa baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Así mesmo, as persoas xurídicas que non desenvolvan actividades empresariais ou profesionais deberán presentar esta declaración para efectos da súa baixa no Rexistro de operadores intracomunitarios cando as súas adquisicións intracomunitarias de bens deban resultar non suxeitas de acordo co artigo 14 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

2. A declaración de baixa deberá presentarse no prazo dun mes desde que se cumpran as condicións previstas no número 1 deste artigo, sen prexuízo de que a persoa ou entidade afectada deba presentar as declaracións e cumprir as obrigas tributarias que lle incumban e sen que para estes efectos deba darse de alta no censo.

3. Cando unha sociedade ou entidade se disolva, a declaración de baixa deberá ser presentada no prazo dun mes desde que realízase, de ser o caso, a cancelación efectiva dos correspondentes asentados no Rexistro Mercantil.

De non constaren os devanditos asentados, a Administración tributaria porá en coñecemento do Rexistro Mercantil a solicitude de baixa para que este redacte unha nota marxinal na folla rexistral da entidade. No sucesivo, o Rexistro comunicarlle á Administración tributaria calquera acto relativo á devandita entidade que se presente para a inscrición.

Igualmente, cando lle constaren á Administración tributaria datos suficientes sobre o cesamento da actividade dunha entidade, porao en coñecemento do Rexistro Mercantil para que este, de oficio, proceda a redactar unha nota marxinal cos mesmos efectos que os previstos no parágrafo anterior.

4. No caso de falecemento do obrigado tributario, os herdeiros deberán presentar a declaración de baixa correspondente no prazo de seis meses desde o falecemento. Igualmente, quedarán obrigados a comunicar no mesmo prazo a modificación da titularidade de cantos

dereitos e obrigas con transcendencia tributaria permaneceren vixentes con terceiros e a presentar, de ser o caso, a declaración ou declaracións de alta que sexan procedentes.

Artigo 12. Especialidades na alta e modificacións no Censo de obrigados tributarios das entidades ás cales se lle asigne un número de identificación fiscal.

1. A asignación a unha entidade do número de identificación fiscal provisorio previsto no artigo 24 determinará a súa alta no Censo de obrigados tributarios e, sempre que se produzan as circunstancias previstas no artigo 3.2, a súa alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

2. As variacións posteriores á alta censual, incluídas as relativas ao inicio da actividade, domicilio, nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos socios ou persoas ou entidades que a integren, comunicaranse mediante a declaración de modificación regulada no artigo 10. Non será necesario comunicar as variacións relativas aos socios, membros ou partícipes das entidades unha vez que se inscriban no rexistro correspondente e obteñan o número de identificación fiscal definitivo.

Non obstante, as entidades sen personalidade xurídica deberán comunicar as variacións relativas aos seus socios, comuneiros ou partícipes, aínda que obtivesen un número de identificación fiscal definitivo, salvo que teñan a condición de comunidades de propietarios constituídas en réxime de propiedade horizontal e estean incluídas no Censo de empresarios, profesionais e retedores.

3. As persoas xurídicas e demais entidades deberán presentar unha copia das escrituras ou documentos que modifiquen os anteriormente vixentes, no prazo dun mes desde a inscrición no rexistro correspondente ou desde o seu outorgamento se a devandita inscrición non for necesaria, cando as variacións introducidas impliquen a presentación dunha declaración censual de modificación.

Artigo 13. Modelo de declaración, prazo e lugar de presentación.

As declaracións censuais de alta, modificación e baixa, previstas nos artigos 9, 10 e 11, presentaranse no lugar, forma e prazos que estableza o ministro de Economía e Facenda, salvo que o prazo estea establecido neste regulamento.

Artigo 14. Exclusión doutras declaracións censuais.

1. A presentación das declaracións a que se refire esta subsección producirá os efectos propios da presentación das declaracións relativas ao comezo, modificación ou cesamento no exercicio das actividades económicas suxeitas ao imposto sobre o valor engadido.

2. A presentación destas declaracións censuais substitúe a presentación do parte de alta no índice de entidades para efectos do imposto sobre sociedades.

3. De igual forma, en relación cos suxeitos pasivos que resulten exentos do imposto sobre actividades económicas, a presentación das declaracións censuais reguladas nesta subsección substitúe a presentación das declaracións específicas do imposto sobre actividades económicas.

4. A presentación da solicitude de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, para os obrigados tributarios incluídos no rexistro territorial dos impostos especiais de fabricación a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, producirá os efectos propios da solicitude de baixa no citado rexistro respecto

dos establecementos ou actividades de que sexan titulares os devanditos obrigados tributarios.

Artigo 15. *Substitución da declaración de alta polo documento único electrónico no caso de sociedades de responsabilidade limitada.*

As sociedades en constitución que presenten o documento único electrónico para realizar telematicamente os trámites da súa constitución, de acordo co previsto no Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, quedarán exoneradas da obriga de presentar a declaración censual de alta prevista nesta subsección, sen prexuízo da presentación posterior das declaracións de modificación e baixa que correspondan, na medida en que varíe ou deba ampliarse a información e circunstancias reflectidas no devandito documento único electrónico.

Subsección 3.^a *Actuacións de xestión censual no ámbito de competencias do Estado*

Artigo 16. *Xestión das declaracións censuais.*

1. Correspóndelle á Axencia Estatal de Administración Tributaria a formación e o mantemento dos censos e rexistros definidos no artigo 3. Para tal efecto, poderá realizar as altas, baixas e modificacións correspondentes de acordo co disposto nos artigos 144 a 146, ambos os dous inclusive.

2. Para facilitar a xestión dos censos regulados nesta sección, a Administración pública competente para asignar o número que constitúa o número de identificación fiscal comunicarlle con periodicidade, cando menos, trimestral á Axencia Estatal de Administración Tributaria o nome e apelidos, sexo, data e lugar de nacemento, número de identificación fiscal e, de ser o caso, domicilio en España das persoas ás cales lles asigne o devandito número e o número de pasaporte.

CAPÍTULO II

Obrigas relativas ao domicilio fiscal

Artigo 17. *Obriga de comunicar o cambio de domicilio fiscal.*

1. As persoas físicas que deban estar no Censo de empresarios, profesionais e retedores, así como as persoas xurídicas e demais entidades deberán cumprir a obriga de comunicar o cambio de domicilio fiscal, establecida no artigo 48.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no prazo dun mes a partir do momento en que se produza o devandito cambio.

No ámbito de competencias do Estado a devandita comunicación deberá efectuarse mediante a presentación da declaración censual de modificación regulada no artigo 10 deste regulamento.

2. Tratándose de persoas físicas que non deban figurar no Censo de empresarios, profesionais e retedores, a comunicación do cambio de domicilio deberase efectuar no prazo de tres meses desde que se produza mediante o modelo de declaración que se aprobe, salvo o disposto no parágrafo seguinte.

No ámbito de competencias do Estado, a comunicación do cambio de domicilio deberá efectuarse de acordo co previsto no parágrafo anterior. Non obstante, se con anterioridade ao vencemento do devandito prazo finalizar

o de presentación da autoliquidación ou comunicación de datos correspondente á imposición persoal que o obrigado tributario tiver que presentar despois do cambio de domicilio, a comunicación deberá efectuarse no correspondente modelo de autoliquidación ou comunicación de datos, salvo que se efectuase con anterioridade.

3. A comunicación do novo domicilio fiscal producirá plenos efectos desde a súa presentación respecto á Administración tributaria á cal se lle comunicase, sen prexuízo do disposto no artigo 59 deste regulamento para efectos da atribución de competencias entre órganos da Administración tributaria.

4. A comunicación do cambio do domicilio fiscal á Administración tributaria do Estado producirá efectos respecto das administracións tributarias das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía só desde o momento en que estas últimas teñan coñecemento deste, para cuxo efecto aquela deberá efectuar a correspondente comunicación segundo o disposto no artigo 2.3 deste regulamento.

CAPÍTULO III

Obrigas relativas ao número de identificación fiscal

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS

Artigo 18. *Obriga de dispor dun número de identificación fiscal e forma de acreditación.*

1. As persoas físicas e xurídicas, así como os obrigados tributarios a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, terán un número de identificación fiscal para as súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria.

2. O número de identificación fiscal poderá ser acreditado polo seu titular mediante a exhibición do documento expedido para a súa constancia pola Administración tributaria, do documento nacional de identidade ou do documento oficial en que se asigne o número persoal de identificación de estranxeiro.

3. O cumprimento do disposto nos números anteriores non exime da obriga de dispor doutros códigos ou claves de identificación adicionais segundo o que estableza a normativa propia de cada tributo.

SECCIÓN 2.^a ASIGNACIÓN DO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL ÁS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 19. *O número de identificación fiscal das persoas físicas de nacionalidade española.*

1. Para as persoas físicas de nacionalidade española, o número de identificación fiscal será o número do seu documento nacional de identidade seguido do correspondente código ou carácter de verificación, constituído por unha letra maiúscula que deberá constar no propio documento nacional de identidade, de acordo coas súas disposicións reguladoras.

2. Os españois que realicen ou participen en operacións de natureza ou con transcendencia tributaria e non estean obrigados a obter o documento nacional de identidade por residiren no estranxeiro ou por seren menores de 14 anos, deberán obter un número de identificación fiscal propio. Para iso, poderán solicitar o documento nacional de identidade con carácter voluntario ou solicitar da Administración tributaria a asignación dun número de identificación fiscal. Este último estará integrado por nove caracteres coa seguinte composición: unha letra inicial destinada a indicar a natureza deste número, que será o L para os españois residentes no estranxeiro e o K para os españois que, residindo en España, sexan menores de 14

anos; sete caracteres alfanuméricos e un carácter de verificación alfabético.

No caso de que non o soliciten, a Administración tributaria poderá proceder de oficio a dalos de alta no Censo de obrigados tributarios e a asignarlles o número de identificación fiscal que corresponda.

3. Para a identificación dos menores de 14 anos nas súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria deberán figurar tanto os datos da persoa menor de 14 anos, incluído o seu número de identificación fiscal, como os do seu representante legal.

Artigo 20. *O número de identificación fiscal das persoas físicas de nacionalidade estranxeira.*

1. Para as persoas físicas que carezan da nacionalidade española, o número de identificación fiscal será o número de identidade de estranxeiro que se lles asigne ou se lles facilite de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. As persoas físicas que carezan da nacionalidade española e non dispoñan do número de identidade de estranxeiro, ben de forma transitoria por estaren obrigados a telo ou ben de forma definitiva ao non estaren obrigados a isto, deberán solicitarlle á Administración tributaria a asignación dun número de identificación fiscal cando vaian realizar operacións de natureza ou con transcendencia tributaria. O devandito número estará integrado por nove caracteres coa seguinte composición: unha letra inicial, que será o M, destinada a indicar a natureza deste número, sete caracteres alfanuméricos e un carácter de verificación alfabético.

No caso de que non o soliciten, a Administración tributaria poderá proceder de oficio a dalos de alta no Censo de obrigados tributarios e a asignarlles o número de identificación fiscal que corresponda.

Artigo 21. *Normas sobre a asignación do número de identificación fiscal a persoas físicas nacionais e estranxeiras pola Administración tributaria.*

1. O número de identificación fiscal asignado directamente pola Administración tributaria de acordo cos artigos 19 e 20 terá validez mentres o seu titular non obteña o documento nacional de identidade ou o seu número de identidade de estranxeiro.

Aqueles que, dispoñendo de número de identificación fiscal, obteñan posteriormente o documento nacional de identidade ou un número de identidade de estranxeiro, deberánlles comunicar nun prazo de dous meses esta circunstancia á Administración tributaria e ás demais persoas ou entidades ante as cales deba constar o seu novo número de identificación fiscal. O anterior número de identificación fiscal producirá efectos ata a data de comunicación do novo.

2. Cando se trate de persoas físicas que non teñan nacionalidade española, o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que se determine nas súas normas de organización específica poderá recibir e trasladar directamente ao Ministerio do Interior a solicitude de asignación dun número de identidade de estranxeiro.

3. Cando se detecte que unha persoa física dispón simultaneamente dun número de identificación fiscal asignado pola Administración tributaria e dun documento nacional de identidade ou un número de identidade de estranxeiro, prevalecerá este último. A Administración tributaria deberá notificarlle ao interesado a revogación do número de identificación fiscal previamente asignado de acordo co disposto no artigo 147, e porá no seu coñecemento a obriga de lles comunicar o seu número válido

a todas as persoas ou entidades ás cales lles deba constar o devandito número por razón das súas operacións.

SECCIÓN 3.^a ASIGNACIÓN DO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL ÁS PERSOAS XURÍDICAS E ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

Artigo 22. *O número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.*

1. A Administración tributaria asignarlles ás persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica un número de identificación fiscal que as identifique, e que será invariable calquera que sexan as modificacións que experimenten aquelas, salvo que cambie a súa forma xurídica ou nacionalidade.

Nos termos que estableza o ministro de Economía e Facenda, a composición do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica incluirá:

- a) Información sobre a forma xurídica, se se trata dunha entidade española, ou, de ser o caso, o carácter de entidade estranxeira ou de establecemento permanente dunha entidade non residente en España.
- b) Un número aleatorio.
- c) Un carácter de control.

2. Cando unha persoa xurídica ou entidade non residente opere en territorio español mediante establecementos permanentes que realicen actividades claramente diferenciadas e cuxa xestión se leve de modo separado, cada establecemento permanente deberá solicitar un número de identificación fiscal distinto do asignado, de ser o caso, á persoa ou entidade non residente.

3. As distintas administracións públicas e os organismos ou entidades con personalidade xurídica propia dependentes de calquera daquelas poderán dispor dun número de identificación fiscal para cada un dos sectores da súa actividade empresarial ou profesional, así como para cada un dos seus departamentos, consellarías, dependencias ou órganos superiores, con capacidade xestora propia.

4. Así mesmo, poderán dispor de número de identificación fiscal cando así o soliciten:

- a) Os centros docentes de titularidade pública.
- b) Os centros sanitarios ou asistenciais de titularidade pública.
- c) Os órganos de goberno e os centros sanitarios ou asistenciais da Cruz Vermella Española.
- d) Os rexistros públicos.
- e) Os xulgados, tribunais e salas dos tribunais de xustiza.
- f) Os boletíns oficiais cando non teñan personalidade xurídica propia.

5. As entidades eclesiásticas que teñan personalidade xurídica propia terán un número de identificación fiscal aínda que estean integradas, para efectos do imposto sobre sociedades, nun suxeito pasivo cuxo ámbito sexa unha diocese ou unha provincia relixiosa.

Artigo 23. *Solicitude do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.*

1. As persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica que vaian ser titulares de relacións de natureza ou con transcendencia tributaria deberán solicitar a asignación dun número de identificación fiscal.

No caso de que non o soliciten, a Administración tributaria poderá proceder de oficio a dalos de alta no Censo de obrigados tributarios e a asignarlles o número de identificación fiscal que corresponda.

2. Cando se trate de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica que vaian realizar actividades empresariais ou profesionais, deberán solicitar o seu número de identificación fiscal antes da realización de calquera entrega, prestación ou adquisición de bens ou servizos, da percepción de cobramentos ou do aboamento de pagamentos, ou da contratación de persoal laboral, efectuados para o desenvolvemento da súa actividade. En todo caso, a solicitude formularase dentro do mes seguinte á data da súa constitución ou do seu establecemento en territorio español.

3. A solicitude efectuarase mediante a presentación da oportuna declaración censual de alta regulada no artigo 9, na cal se farán constar as circunstancias previstas nos seus números 2 e 3 na medida en que se produzan ou sexan coñecidas no momento da presentación da declaración.

4. A solicitude de asignación do número de identificación fiscal nos supostos recollidos no artigo 22.3 e 4 deberá ser dirixida ao órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que se determine nas súas normas de organización específica, pola entidade con personalidade xurídica propia interesada ou por un departamento ministerial ou consellaría dunha comunidade autónoma. No escrito de solicitude indícaranse os sectores, órganos ou centros para os cales se solicita un número de identificación fiscal propio e as razóns que motivan a petición.

Estimada a petición, o órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria procederá a asignar o número de identificación fiscal.

Artigo 24. *Asignación do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria asignará o número de identificación fiscal no prazo de 10 días.

A Administración tributaria poderá comprobar a veracidade dos datos comunicados polos interesados nas súas solicitudes de número de identificación fiscal provisorio ou definitivo de acordo co previsto no artigo 144.1 e 2. Cando da comprobación resultar que os datos non son veraces, a Administración tributaria, logo de audiencia aos interesados por un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, poderá denegar a asignación do devandito número.

2. O número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade terá carácter provisorio mentres a entidade interesada non achegue a copia da escritura pública ou documento que faga fe da súa constitución e dos estatutos sociais ou documento equivalente, así como certificación da súa inscrición, cando proceda, nun rexistro público.

O número de identificación fiscal, provisorio ou definitivo, non se lles asignará ás persoas xurídicas ou entidades que non acheguen, polo menos, un documento debidamente asinado no cal os outorgantes manifesten o seu acordo de vontades para a constitución da persoa xurídica ou entidade ou outro documento que acredite situacións de cotitularidade.

O asinante da declaración censual de solicitude deberá acreditar que actúa en representación da persoa xurídica, entidade sen personalidade ou colectivo que se compromete á súa creación.

3. Cando se asigne un número de identificación fiscal provisorio, a entidade quedará obrigada a achegar a documentación pendente necesaria para a asignación do número de identificación fiscal definitivo no prazo dun mes desde a inscrición no rexistro correspondente ou desde o outorgamento das escrituras públicas ou documento que faga fe da súa constitución e dos estatutos

sociais ou documentos equivalentes da súa constitución, cando non for necesaria a inscrición destes no rexistro correspondente.

Transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que se achegase a documentación pendente, a Administración tributaria poderá requirir a súa achega outorgando un prazo máximo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para a súa presentación ou para que se xustifiquen os motivos que a imposibiliten, con indicación en tal caso polo interesado do prazo necesario para a súa achega definitiva.

A falta de atención en tempo e forma do requirimento para a achega da documentación pendente poderá determinar, logo de audiencia do interesado, a revogación do número de identificación asignado, nos termos a que se refire o artigo 147.

4. Para solicitar o número de identificación fiscal definitivo deberase presentar a declaración censual de modificación, na cal se farán constar, de ser o caso, todas as modificacións que se produxisen respecto dos datos consignados na declaración presentada para solicitar o número de identificación fiscal provisorio que aínda non lle fosen comunicados á Administración en anteriores declaracións censuais de modificación, e á cal se lle xuntará a documentación pendente.

Cumprida esta obriga, asignarase o número de identificación fiscal definitivo.

5. A Administración tributaria poderá exixir unha tradución para o castelán ou para outra lingua oficial en España da documentación achegada para a asignación do número de identificación fiscal cando aquela estea redactada en lingua non oficial.

6. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá subscribir convenios cos organismos, institucións ou persoas que interveñen no proceso de creación de entidades para facilitar a comunicación do número de identificación fiscal, provisorio ou definitivo, asignado. Cando, en virtude do disposto nun convenio, a Axencia Estatal de Administración Tributaria teña coñecemento por medio de organismos, institucións ou persoas da información necesaria para asignarlle a unha entidade o número de identificación fiscal, poderá exonerar a entidade de presentar unha declaración censual para solicitar a asignación do devandito número, sen prexuízo da obriga que incumbe á entidade de comunicar as modificacións que se producisen respecto da información que fixese constar nas declaracións censuais que presentase con anterioridade.

SECCIÓN 4.^a ESPECIALIDADES DO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DOS EMPRESARIOS OU PROFESIONAIS PARA EFECTOS DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 25. *Especialidades do número de identificación fiscal dos empresarios ou profesionais para efectos do imposto sobre o valor engadido.*

1. Para efectos do imposto sobre o valor engadido, para as persoas ou entidades que realicen operacións intracomunitarias ás cales se refire o número 2, o número de identificación será o definido de acordo co establecido neste regulamento, ao cal se lle anteporá o prefixo ES, conforme o estándar internacional código ISO-3166 alfa 2.

O devandito número asignarase cando sexa solicitada polo interesado a inclusión no Rexistro de operadores intracomunitarios, na forma prevista para a declaración de alta ou modificación de datos censuais. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá denegar a asignación deste número nos supostos comprendidos nos artigos 24.1 e 146.1.b) deste regulamento. De a Axencia Estatal de Administración Tributaria non ter resolto nun

prazo de tres meses, poderá considerarse denegada a asignación do número solicitado.

2. O número de identificación fiscal definido no parágrafo anterior asignaráselles ás seguintes persoas ou entidades:

a) Os empresarios ou profesionais que realicen entregas de bens, prestacións de servizos ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao citado imposto, mesmo se os bens obxecto das devanditas adquisicións intracomunitarias se utilizan na realización de actividades empresariais ou profesionais no estranxeiro.

b) As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, cando as adquisicións intracomunitarias de bens que efectúen estean suxeitas ao imposto sobre o valor engadido, de acordo co disposto nos artigos 13.1.º e 14 da lei reguladora deste.

3. Non obstante o disposto no número 2 anterior, non se lles asignará o número de identificación específico para efectos do imposto sobre o valor engadido ás seguintes persoas ou entidades:

a) Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non atribúan o dereito á dedución total ou parcial do imposto ou que realicen exclusivamente actividades ás cales lles sexa aplicable o réxime especial da agricultura, gandaría e pesca ou as persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, cando as adquisicións intracomunitarias de bens efectuadas polas devanditas persoas non estean suxeitas ao imposto sobre o valor engadido en virtude do disposto no artigo 14 da lei do devandito imposto.

b) As indicadas na letra anterior e as que non actúen como empresarios ou profesionais, cando realicen adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos.

c) As comprendidas no artigo 5.un.e) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

d) Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido que realicen no devandito territorio exclusivamente operacións polas cales non sexan suxeitos pasivos, de acordo co disposto no artigo 84.un, números 2.º, 3.º e 4.º da lei reguladora do devandito imposto.

e) Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido que realicen neste exclusivamente as adquisicións intracomunitarias de bens e entregas subseguintes a que se refire o artigo 26.tres da lei do devandito imposto.

4. As persoas ou entidades que entreguen bens ou efectúen prestacións de servizos que se localicen noutros Estados membros poderán solicitarlle á Administración tributaria a confirmación do número de identificación fiscal atribuído por calquera Estado membro da Comunidade Europea aos destinatarios das devanditas operacións.

5. Os empresarios ou profesionais que realicen entregas de bens con destino a outros Estados membros ou que efectúen prestacións de servizos que se localicen noutros Estados membros poderanlle solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria a confirmación do número de identificación fiscal atribuído por calquera dos devanditos Estados aos destinatarios das citadas operacións.

SECCIÓN 5.^a UTILIZACIÓN DO NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

Artigo 26. *Utilización do número de identificación fiscal ante a Administración tributaria.*

1. De acordo co previsto na disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria,

os obrigados tributarios deberán incluír o seu número de identificación fiscal en todas as autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou escritos que presenten ante a Administración tributaria. Caso de non dispoñer do devandito número, deberán solicitar a súa asignación de acordo co previsto nos artigos 19, 20 e 23 deste regulamento.

A Administración tributaria poderá admitir a presentación de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou escritos en que non conste o número de identificación fiscal.

Cando o obrigado tributario careza de número de identificación fiscal, a tramitación quedará condicionada á achega do correspondente número. Transcorridos 10 días desde a presentación sen que se acredite a solicitude do número de identificación fiscal, poderase ter por non presentada a autoliquidación, declaración, comunicación ou escrito, logo da resolución administrativa que así o declare.

2. Os obrigados tributarios deberán incluír o número de identificación fiscal das persoas ou entidades coas cales realicen operacións de natureza ou con transcendencia tributaria nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou escritos que presenten ante a Administración tributaria de acordo co disposto neste regulamento ou noutras disposicións.

Para efectos do disposto neste punto, os obrigados tributarios poderán exixir das persoas ou entidades coas cales realicen operacións de natureza ou con transcendencia tributaria que lles comuniquen o seu número de identificación fiscal. As devanditas persoas ou entidades deberán facilitalo e, de ser o caso, acreditarlo, de acordo co disposto no artigo 18 deste regulamento.

Artigo 27. *Utilización do número de identificación fiscal en operacións con transcendencia tributaria.*

1. De acordo co previsto na disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os obrigados tributarios deberán incluír o seu número de identificación fiscal en todos os documentos de natureza ou con transcendencia tributaria que expidan como consecuencia do desenvolvemento da súa actividade, e deberán comunicarlle a outros obrigados de acordo co previsto neste regulamento ou noutras disposicións. Caso de non dispoñer do devandito número, deberán solicitar a súa asignación de acordo co disposto nos artigos 19, 20 e 23 deste regulamento.

Así mesmo, os obrigados tributarios deberán incluír nos devanditos documentos o número de identificación fiscal das persoas ou entidades coas cales realicen operacións de natureza ou con transcendencia tributaria, de acordo co disposto neste regulamento ou noutras disposicións.

2. En particular, deberá incluírse ou comunicarse o número de identificación fiscal nas seguintes operacións con transcendencia tributaria:

a) Cando se perciban ou paguen rendementos do traballo, satisfeitos desde establecementos radicados en España, ou do capital mobiliario, aboados en territorio español ou procedentes de bens ou valores situados ou anotados no devandito territorio. Nestes casos, deberáse lle comunicar o número de identificación fiscal ao pagador ou perceptor dos referidos rendementos.

Entenderanse, en particular, situados ou anotados en territorio español aqueles valores ou activos financeiros cuxo depósito, xestión, administración ou rexistro contable estean encomendados a unha persoa ou entidade ou a un establecemento desta radicados en España.

b) Cando se pretenda adquirir ou transmitir valores representados por medio de títulos ou anotacións en conta e situados en España. Nestes casos, as persoas ou

entidades que pretendan a adquisición ou transmisión deberanlle comunicar, ao tempo de dar a orde correspondente, o seu número de identificación fiscal á entidade emisora ou intermediarios financeiros respectivos, que non atenderán aquela ata o cumprimento desta obriga, de acordo co artigo 109 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores.

Así mesmo, o número de identificación fiscal do adquirente deberá figurar nas certificacións acreditativas da adquisición de activos financeiros con rendemento implícito.

c) Cando se formalicen actos ou contratos ante notario que teñan por obxecto a declaración, constitución, adquisición, transmisión, modificación ou extinción do dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmóbles ou calquera outro acto ou contrato con transcendencia tributaria. Nestes casos, deberase incluír nas escrituras ou documentos o número de identificación fiscal das persoas ou entidades que comparezan e os das persoas na representación das cales actúen.

Cando se incumpra esta obriga os notarios deberanlle presentar á Administración tributaria a declaración informativa regulada no artigo 51.

d) Cando se contrate calquera operación de seguro ou financeira con entidades aseguradoras españolas ou que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos. Nestes casos, as persoas ou entidades que figuren como asegurados ou perciban as correspondentes indemnizacións ou prestacións deberán comunicarlle o seu número de identificación fiscal á entidade aseguradora con que operen. O devandito número deberá figurar na póliza ou documento que sirva para recoller estas operacións.

Exceptúanse os contratos de seguro no ramo de accidentes cunha duración temporal non superior a tres meses.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá exceptuar outras operacións con entidades aseguradoras deste deber de identificación cando constitúan contratos de seguro alleos ao ramo de vida e con duración temporal.

e) Cando se realicen contribucións ou achegas a plans de pensións ou se perciban as correspondentes prestacións. Nestes casos, deberáselles comunicar o número de identificación fiscal ás entidades xestoras dos fondos de pensións aos cales os devanditos plans estean adscritos ou ao representante dos fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan en España plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, e deberá figurar aquel nos documentos en que se formalicen as obrigas de contribuír e o recoñecemento de prestacións.

f) Cando se realicen operacións de subscripción, adquisición, reembolso ou transmisión de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo españolas ou que se comercialicen en España conforme a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. Nestes casos, as persoas ou entidades que realicen estas operacións deberanlles comunicar o seu número de identificación fiscal ás entidades xestoras españolas ou que operen en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos ou, na súa falta, ás sociedades de investimento ou entidades comercializadoras. O número de identificación fiscal deberá figurar nos documentos relativos ás devanditas operacións.

3. Para efectos do disposto neste artigo, os obrigados tributarios poderán exixir das persoas ou entidades coas cales realicen operacións de natureza ou con trans-

cendencia tributaria que lles comuniquen o seu número de identificación fiscal. As devanditas persoas ou entidades deberán facilitalo e, de ser o caso, acreditarlo, de acordo co disposto no artigo 18.

Artigo 28. *Utilización do número de identificación fiscal nas operacións con entidades de crédito.*

1. As persoas ou entidades que realicen operacións con entidades de crédito españolas ou que operen en España mediante sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos deberán comunicar o seu número de identificación fiscal de acordo co previsto na disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e neste artigo.

2. Non será necesario que sexa comunicado o número de identificación fiscal ás entidades de crédito nas operacións de cambio de moeda e compra de cheques de viaxe por importe inferior a 3.000 euros por quen acredite a súa condición de non-residente no momento da realización da operación.

3. Poderá constituírse un depósito ou abrirse unha conta nunha entidade de crédito sen acreditar o número de identificación fiscal no momento da constitución. A comunicación do número de identificación fiscal deberá efectuarse no prazo de 15 días, sen que poida realizarse ningún movemento ata que se achegue.

A entidade de crédito poderá iniciar os cargos ou aboamentos nas contas ou depósitos afectados ou cancelalos desde o momento en que todos os titulares daqueles faciliten o seu número de identificación fiscal.

Nos supostos previstos no artigo 40 deste regulamento, as entidades de crédito deberanlle comunicar á Administración tributaria a información a que se refire o devandito artigo.

4. Para efectos do previsto no número 3 da disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as entidades de crédito deberán deixar constancia dos datos a que se refire o devandito número nas matrices ou duplicados dos cheques librados e no reverso dos cheques aboados. No seu defecto, deberán deixar constancia nos rexistros auxiliares, contables ou de calquera outro tipo, utilizados para controlar estas operacións de forma que se permita a súa posterior comprobación.

Así mesmo, as entidades de crédito deberanlle comunicar á Administración tributaria a información a que se refire o artigo 41 deste regulamento.

5. Nas contas ou depósitos a nome de menores de idade ou incapacitados, así como nos cheques en que os tomadores ou posuidores sexan menores de idade ou incapacitados, consignarase o seu número de identificación fiscal, así como o das persoas que teñan a súa representación legal.

6. Nas contas ou depósitos a nome de varios titulares, autorizados ou beneficiarios deberá constar o número de identificación fiscal de todos eles.

7. Quedan exceptuadas do réxime de identificación previsto neste artigo as contas en euros e en divisas a nome de persoas físicas ou entidades que acreditasen a condición de non-residentes en España. Esta excepción non se aplicará ás contas cuxos rendementos se satisfagan a un establecemento do seu titular situado en España.

8. Cando os tomadores ou posuidores dos cheques, nos supostos previstos no número 3 da disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sexan persoas físicas ou entidades que declaren ser non residentes en España, o número de identificación fiscal poderá substituírse polo número de pasaporte ou número de identidade válido no seu país de orixe.

CAPÍTULO IV

Obrigas relativas aos libros rexistro fiscais

Artigo 29. *Obriga de levar e conservar os libros rexistro de carácter fiscal.*

1. Cando a normativa propia de cada tributo o prevea, os obrigados tributarios deberán levar e conservar de forma correcta os libros rexistro que se establezan. Os libros rexistro deberán conservarse no domicilio fiscal do obrigado tributario, salvo o disposto na normativa de cada tributo.

2. As operacións que deban ser obxecto de anotación rexistral deberán asentarse nos correspondentes rexistros no prazo de tres meses a partir do momento de realización da operación ou da recepción do documento xustificativo ou, en todo caso, antes de que finalice o prazo establecido para presentar a correspondente declaración, autoliquidación ou comunicación, salvo o disposto na normativa propia de cada tributo.

3. Os libros ou rexistros contables, incluídos os de carácter informático ou electrónico que, en cumprimento das súas obrigas contables, deban levar os obrigados tributarios, poderán ser utilizados como libros rexistro de carácter fiscal, sempre que se axusten aos requisitos que se establecen neste regulamento e na normativa específica dos distintos tributos.

Para estes efectos, o libro diario simplificado que leven os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do réxime simplificado de contabilidade considerárase como libro rexistro de carácter fiscal de acordo co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 296/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o réxime simplificado da contabilidade, naqueles casos en que substitúa os libros rexistro exixidos pola normativa tributaria.

4. O ministro de Economía e Facenda poderá dispor adaptacións ou modificacións das obrigas rexistrais de determinados sectores empresariais ou profesionais.

CAPÍTULO V

Obrigas de informaciónSECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 30. *Obrigas de información.*

1. O cumprimento das obrigas de información establecidas nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, realizarase conforme o disposto na normativa que as estableza e neste capítulo.

2. Os obrigados tributarios que realicen actividades económicas, así como aqueles que satisfagan rendas ou rendementos suxeitos a retención ou ingreso á conta, intermedien ou interveñan en operacións económicas, profesionais ou financeiras, deberán subministrar información de carácter xeral nos termos que se estableza na normativa específica e neste capítulo.

No ámbito de competencias do Estado, o ministro de Economía e Facenda aprobará os modelos de declaración que, para tal efecto, deberán presentarse, o lugar e prazo de presentación e os supostos e condicións en que a obriga deberá cumprirse mediante soporte directamente lexible por ordenador ou por medios telemáticos.

3. O cumprimento da obriga de información tamén poderá consistir na contestación a requirimentos individualizados relativos a datos, informes, antecedentes e xustificantes con transcendencia tributaria relacionados co cumprimento das súas propias obrigas tributarias ou deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, aínda que non exista

obriga de os ter subministrado con carácter xeral á Administración tributaria mediante as correspondentes declaracións. Nestes casos, a información requirida deberá ser achegada polos obrigados tributarios na forma e nos prazos que se establezan no propio requirimento, de conformidade co establecido neste regulamento. As actuacións de obtención de información poderán desenvolverse directamente nos locais, oficinas ou domicilio da persoa ou entidade en cuxo poder se achen os datos correspondentes ou mediante requirimentos para que tales datos, informes, antecedentes e xustificantes con transcendencia tributaria sexan remitidos ou presentados á Administración tributaria.

As actuacións de obtención de información poderán realizarse por propia iniciativa do órgano administrativo actuante ou por solicitude doutros órganos administrativos ou xurisdicionais nos supostos de colaboración establecidos legalmente.

Os requirimentos individualizados de obtención de información respecto de terceiros poderán realizarse no curso dun procedemento de aplicación dos tributos ou ser independentes deste. Os requirimentos relacionados co cumprimento das obrigas tributarias propias da persoa ou entidade requirida non supoñen, en ningún caso, o inicio dun procedemento de comprobación ou investigación.

4. A solicitude de datos, informes, antecedentes e xustificantes que se realice ao obrigado tributario no curso dun procedemento de aplicación dos tributos de que estea sendo obxecto, de acordo coas facultades establecidas na normativa reguladora do procedemento, non terá a consideración de requirimento de información para efectos do previsto nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

SECCIÓN 2.^a OBRIGAS DE PRESENTAR DECLARACIÓNS INFORMATIVAS*Subsección 1.^a Obriga de informar sobre as operacións con terceiras persoas*

Artigo 31. *Obrigados a subministrar información sobre operacións con terceiras persoas.*

1. De acordo co disposto no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da devandita lei, que desenvolvan actividades empresariais ou profesionais, deberán presentar unha declaración anual relativa ás súas operacións con terceiras persoas.

Para estes efectos, consideraranse actividades empresariais ou profesionais todas as definidas como tales no artigo 5.dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Así mesmo, terán esta consideración as actividades realizadas polos que sexan cualificados de empresarios ou profesionais no artigo 5.un da devandita lei, con excepción do disposto na súa alínea e).

2. As persoas e entidades a que se refire o artigo 94.1 e 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, incluírán tamén na declaración anual de operacións con terceiras persoas as adquisicións en xeral de bens ou servizos que efectúen á marxe das actividades empresariais ou profesionais, incluso aínda que non realicen actividades desta natureza.

As entidades integradas nas distintas administracións públicas deberán incluír, ademais, na declaración anual de operacións con terceiras persoas as subvencións, auxilios ou axudas que concedan con cargo aos seus orzamentos xerais ou que xestionen por conta de entidades ou organismos non integrados nas devanditas administracións públicas.

A Administración do Estado e os seus organismos autónomos, as comunidades e cidades autónomas e os

organismos que dependen destas e as entidades integradas nas demais administracións públicas territoriais presentarán unha declaración anual de operacións con terceiras persoas respecto de cada un dos sectores da súa actividade con carácter empresarial ou profesional que teña asignado un número de identificación fiscal diferente ou respecto da totalidade deles.

Cando as entidades integradas nas distintas administracións públicas presenten declaración anual de operacións con terceiras persoas respecto de cada un dos sectores da súa actividade con carácter empresarial ou profesional que teña asignado un número de identificación fiscal diferente, incorporarán os datos exixidos en virtude deste punto a unha calquera daquelas declaracións.

Así mesmo, as entidades a que se refire o parágrafo anterior distintas da Administración do Estado e os seus organismos autónomos, aínda cando non realicen actividades empresariais ou profesionais, poderán presentar separadamente unha declaración anual de operacións con terceiras persoas por cada un dos seus departamentos, consellerías, dependencias ou órganos especiais que teñan asignado un número de identificación fiscal diferente.

3. Ademais, de acordo co establecido no artigo 93.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as sociedades, asociacións, colexios profesionais ou outras entidades que, entre as súas funcións, realicen a de cobramento, por conta dos seus socios, asociados ou colexiados, de honorarios profesionais ou de dereitos derivados da propiedade intelectual, de autor ou outros, estarán obrigados a incluír estes rendementos na declaración anual de operacións con terceiras persoas.

Artigo 32. Persoas ou entidades excluídas da obriga de presentar declaración anual de operacións con terceiras persoas.

1. Non estarán obrigados a presentar a declaración anual:

a) Aqueles que realicen en España actividades empresariais ou profesionais sen ter en territorio español a sede da súa actividade económica, un establecemento permanente ou o seu domicilio fiscal ou, no caso de entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro, sen ter presenza en territorio español.

b) As persoas físicas e entidades en atribución de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, polas actividades que tributen no devandito imposto polo método de estimación obxectiva e, simultaneamente, no imposto sobre o valor engadido polos réximes especiais simplificado ou da agricultura, gandaría e pesca ou da recarga de equivalencia, salvo polas operacións que estean excluídas da aplicación dos citados réximes, así como aqueloutras polas que emitan factura.

c) Os obrigados tributarios que non realizasen operacións que no seu conxunto, respecto doutra persoa ou entidade, superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente ou de 300,51 euros durante o mesmo período, cando, neste último suposto, realicen a función de cobramento por conta de terceiros de honorarios profesionais ou de dereitos derivados da propiedade intelectual, industrial ou de autor ou outros por conta dos seus socios, asociados ou colexiados.

d) Os obrigados tributarios que realizasen exclusivamente operacións non sometidas ao deber de declaración, segundo o disposto no artigo 33.

e) Os obrigados tributarios que deban informar sobre as operacións incluídas nos libros rexistro do imposto sobre o valor engadido de acordo co artigo 36, salvo cando realicen as operacións seguintes:

As subvencións, os auxilios ou as axudas satisfeitas polas entidades integradas nas distintas administracións públicas a que se refire o parágrafo segundo do artigo 31.2.

As operacións a que se refiren as alíneas d), e), f), g), h) e i) do artigo 34.1.

As operacións suxeitas ao imposto xeral indirecto canario realizadas no ámbito de aplicación do devandito imposto.

As operacións suxeitas ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

2. Nos supostos regulados no parágrafo 1.e) deste artigo, os obrigados tributarios deberán cubrir a declaración anual de operacións consignando exclusivamente as operacións citadas.

Artigo 33. Contido da declaración anual de operacións con terceiras persoas.

1. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.1 deste regulamento deberán relacionar na declaración anual todas aquelas persoas ou entidades, calquera que sexa a súa natureza ou carácter, coas cales efectuasen operacións que no seu conxunto para cada unha das devanditas persoas ou entidades superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente. Para tales efectos, computaranse de forma separada as entregas e as adquisicións de bens e servizos.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, terán a consideración de operacións tanto as entregas de bens e prestacións de servizos como as adquisicións destes. En ambos os casos, incluíranse as operacións típicas e habituais, as ocasionais, as operacións inmobiliarias e as subvencións, auxilios ou axudas non reintegrables que poidan outorgar.

Coas excepcións que se sinalan no número seguinte, na declaración anual incluíranse as entregas, prestacións ou adquisicións de bens e servizos suxeitas e non exentas no imposto sobre o valor engadido, así como as non suxeitas ou exentas do devandito imposto.

As entidades aseguradoras incluírán na súa declaración anual as operacións de seguro. Para estes efectos, atenderase ao importe das primas ou contraprestacións percibidas e ás indemnizacións ou prestacións satisfeitas e non será de aplicación a estas operacións, en ningún caso, o disposto na alínea a) do número seguinte.

2. Non obstante o disposto no número anterior, quedan excluídas do deber de declaración as seguintes operacións:

a) Aquelas que supuxesen entregas de bens ou prestacións de servizos polas cales os obrigados tributarios non deberon expedir e entregar factura ou documento substitutivo consignando os datos de identificación do destinatario ou non deberon asinar o recibo emitido polo adquirente no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.

b) Aquelas operacións realizadas á marxe da actividade empresarial ou profesional do obrigado tributario.

c) As entregas, prestacións ou adquisicións de bens ou servizos efectuadas a título gratuito non suxeitas ou exentas do imposto sobre o valor engadido.

d) Os arrendamentos de bens exentos do imposto sobre o valor engadido realizados por persoas físicas ou entidades sen personalidade xurídica á marxe de calquera outra actividade empresarial ou profesional.

e) As adquisicións de efectos timbrados ou estancados e signos de franqueo postal, excepto os que teñan a consideración de obxectos de colección, segundo a definición que se contén no artigo 136.un.3.º a) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

f) As operacións realizadas polas entidades ou establecementos de carácter social a que se refire o artigo 20.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto

sobre o valor engadido, e que correspondan ao sector da súa actividade, cuxas entregas de bens e prestacións de servizos estean exentos do devandito imposto.

g) As importacións e exportacións de mercadorías, así como as operacións realizadas directamente desde ou para un establecemento permanente do obrigado tributario situado fóra do territorio español, salvo que aquel teña a súa sede en España e a persoa ou entidade coa cal se realice a operación actúe desde un establecemento situado en territorio español.

h) As entregas e adquisicións de bens que supoñan envíos entre o territorio peninsular español ou as Illas Baleares e as Illas Canarias, Ceuta e Melilla.

i) En xeral, todas aquelas operacións respecto das cales exista unha obriga periódica de subministración de información á Administración tributaria estatal mediante declaracións específicas diferentes á regulada nesta subsección e cuxo contido sexa coincidente.

3. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.2 deste regulamento deberán incluír, ademais, na declaración anual de operacións, todas aquelas persoas ou entidades, calquera que sexa a súa natureza ou carácter, ás cales lles efectuasen adquisicións de bens ou servizos á marxe de calquera actividade empresarial ou profesional, que no seu conxunto, para cada unha daquelas, superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente, coas seguintes excepcións:

a) As importacións de mercadorías.

b) As adquisicións de bens que supoñan envíos entre o territorio peninsular español ou as Illas Baleares e as Illas Canarias, Ceuta e Melilla.

c) As establecidas na alínea e) e na alínea i) do número 2 deste artigo.

Así mesmo, as entidades integradas nas distintas administracións públicas deberán relacionar na devandita declaración todas aquelas persoas ou entidades ás cales lles satisfíxesen subvencións, auxilios ou axudas que, no seu conxunto, para cada unha daquelas, superasen pola súa parte a cifra de 3.005,06 euros, sen prexuízo da aplicación neste suposto da excepción prevista na alínea i) do número anterior.

4. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo 31.3 deste regulamento deberán incluír na declaración anual de operacións con terceiras persoas os pagamentos a que se refire o devandito precepto, sempre e cando o total da cantidade satisfeita a cada persoa imputada superase a cifra de 300,51 euros.

Artigo 34. *Formalización da declaración anual de operacións con terceiras persoas.*

1. Na declaración anual de operacións con terceiras persoas consígnanse os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, así como o número de identificación fiscal e o domicilio fiscal do declarante.

b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, así como o número de identificación fiscal de cada unha das persoas ou entidades incluídas na declaración.

c) O importe total, expresado en euros, das operacións realizadas con cada persoa ou entidade durante o ano natural a que a declaración se refira.

d) En particular, fanse constar separadamente doutras operacións que, de ser o caso, se realicen entre as mesmas partes, os arrendamentos de locais de negocios, sen prexuízo da súa consideración unitaria para efectos do disposto no artigo 33.1 deste regulamento. Nestes casos, o arrendador consígnará o nome e apelidos ou

razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal dos arrendatarios, así como as referencias catastrais e os datos necesarios para a localización dos inmobles arrendados.

e) As entidades aseguradoras deberán consignar, separadamente doutras operacións, as de seguros. Para estes efectos, consignarán o importe das primas ou contraprestacións percibidas e as indemnizacións ou prestacións satisfeitas no exercicio da súa actividade aseguradora. A devandita identificación separada enténdense sen prexuízo da súa inclusión no importe total das operacións realizadas con cada persoa ou entidade, para efectos do disposto no artigo 33.1 deste regulamento.

f) As axencias de viaxes consignarán separadamente aquelas prestacións de servizos na contratación das cales interveñan como mediadoras en nome e por conta allea que cumpran cos requisitos a que se refire a disposición adicional cuarta do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

Así mesmo, farán constar separadamente os servizos de mediación en nome e por conta allea relativos aos servizos de transporte de viaxeiros e das súas equipaxes que a axencia de viaxes preste ao destinatario dos devanditos servizos de transporte, de conformidade co disposto no número 3 da citada disposición adicional cuarta.

g) Deberán declararse separadamente os cobramentos por conta de terceiros de honorarios profesionais ou de dereitos derivados da propiedade intelectual, industrial, de autor ou outros por conta dos seus socios, asociados ou colexiados efectuados por sociedades, asociacións, colexios profesionais ou outras entidades que, entre as súas funcións, realicen as de cobramento segundo o disposto no artigo 31.3 deste regulamento.

h) Faranse constar os importes superiores a 6.000 euros que percibisen en metálico de cada unha das persoas ou entidades relacionadas na declaración.

i) Faranse constar separadamente doutras operacións que, de ser o caso, se realicen entre as mesmas partes, as cantidades que se perciban en contraprestación por transmisións de inmobles, efectuadas ou que se deban efectuar, que constitúan entregas suxeitas no imposto sobre o valor engadido.

2. Na determinación do importe total das operacións realizadas con cada persoa ou entidade, observaranse os seguintes criterios:

a) Tratándose de operacións suxeitas e non exentas do imposto sobre o valor engadido, declararase o importe total das contraprestacións, incluídas as cotas e recargas repercutidas ou soportadas polo devandito imposto.

b) Tratándose de operacións que xerasen o dereito para o transmitente do ben ou prestador do servizo a percibir unha compensación, segundo o réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, declararase o importe das contraprestacións totais e engadiranse as compensacións percibidas ou satisfeitas.

No caso de operacións a que se refire o parágrafo segundo do artigo 84.un da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, declararase o importe total das contraprestacións.

c) Para efectos do disposto nesta subsección, entenderase por importe total da contraprestación o que resulte de aplicar as normas de determinación da base imponible do imposto sobre o valor engadido contidas nos artigos 78, 79 e 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, incluso respecto daquelas operacións non suxeitas ou exentas deste que deban incluírse na declaración anual de operacións con terceiras persoas, todo isto sen prexuízo do disposto no número 4 deste artigo.

3. Nas operacións de mediación e nas de axencia ou comisión en que o axente ou comisionista actúe en nome alleo, deberá declararse o importe total individualizado das contraprestacións correspondentes a estas prestacións de servizos, incluídas as cotas repercutidas ou soportadas en concepto do imposto sobre o valor engadido.

De o axente ou comisionista actuar en nome propio, entenderase que recibiu e entregou ou prestou por si mesmo os correspondentes bens ou servizos e deberá declarar o importe total das correspondentes contraprestacións, cotas e recargas.

4. De acordo co establecido no número 2.c) deste artigo, o importe total das operacións declararase neto das devolucións, descontos e bonificacións concedidos e das operacións que queden sen efecto no mesmo ano natural. Así mesmo, teranse en conta as alteracións do prezo que se producisen no mesmo período.

No suposto de insolvencias que, segundo o disposto no artigo 80.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, desen lugar a modificacións na base imponible do devandito imposto no ano natural a que se refira a declaración regulada nesta subsección, o importe total das operacións que cómpre declarar terá en conta as devanditas modificacións.

Artigo 35. *Criterios de imputación temporal.*

1. As operacións que deben incluírse na declaración anual son as realizadas polo obrigado tributario no ano natural a que se refire a declaración.

Para estes efectos, as operacións entenderanse producidas o día en que se expida a factura ou documento substitutivo que sirva de xustificante destas.

2. En todos os casos previstos no artigo 34.4, cando estes teñan lugar nun ano natural diferente a aquel ao cal corresponda a declaración anual de operacións con terceiras persoas na que debeu incluírse a operación, deberán ser consignados na declaración do ano natural en que se producisen as devanditas circunstancias modificativas. Para estes efectos, o importe total das operacións realizadas coa mesma persoa ou entidade declararase tendo en conta as devanditas modificacións.

3. Os anticipos de clientes e a provedores e outros acredores constitúen operacións que deben incluírse na declaración anual. Cando posteriormente se efectúe a operación, declararase o importe total desta, minorado no importe do anticipo anteriormente declarado, sempre que o resultado desta minoración supere, xunto co resto de operacións realizadas coa mesma persoa ou entidade, o límite cuantitativo establecido no artigo 33.1.

4. As subvencións, auxilios ou axudas que concedan os obrigados tributarios a que se refire o parágrafo segundo do artigo 31.2 entenderanse satisfeitos o día en que se expida a correspondente orde de pagamento. De non existir orde de pagamento entenderanse satisfeitas cando se efectúe o pagamento.

Subsección 2.^a Obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro

Artigo 36. *Obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro.*

De acordo co disposto no artigo 29.2.f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os obrigados tributarios que deban presentar autoliquidacións ou declaracións correspondentes ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre o valor engadido ou ao imposto xeral indirecto canario por medios telemáticos estarán obrigados a presentar unha declaración informativa co contido dos libros rexistro a que se refire o artigo 62.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo

Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e o artigo 15 do Decreto 182/1992, do 15 de decembro, da Comunidade Autónoma de Canarias, polo que se aproban as normas de xestión, liquidación recadación e inspección do imposto xeral indirecto canario e a revisión dos actos ditados en aplicación deste.

Existirá obriga de presentar unha declaración informativa por cada período de liquidación do imposto sobre o valor engadido ou do imposto xeral indirecto canario. A devandita declaración conterá os datos anotados ata o último día do período de liquidación a que se refira e deberá presentarse no prazo establecido para a presentación da autoliquidación do imposto correspondente ao devandito período.

Subsección 3.^a Obriga de informar sobre contas, operacións e activos financeiros

Artigo 37. *Obriga de informar acerca de contas en entidades de crédito.*

1. As entidades de crédito e as demais entidades que, de acordo coa normativa vixente, se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa anual referente á totalidade das contas abertas nas devanditas entidades ou postas por elas a disposición de terceiros en establecementos situados dentro ou fóra do territorio español.

Cando se trate de contas abertas en establecementos situados fóra do territorio español non existirá obriga de subministrar información sobre persoas ou entidades non residentes sen establecemento permanente en territorio español.

2. A información que se lle deberá subministrar á Administración tributaria comprenderá a identificación completa das contas e o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das persoas ou entidades titulares, autorizadas ou beneficiarias das devanditas contas, os saldos destas en 31 de decembro e o saldo medio correspondente ao derradeiro trimestre do ano, así como calquera outro dato relevante para o efecto para concretar aquela información que estableza a orde ministerial pola cal se aprobe o modelo correspondente.

A información que se subministrará referirase a contas correntes, de aforro, imposicións a prazo, contas de crédito e calquera outra conta con independencia da modalidade ou denominación que adopten, aínda que non exista retribución, retención ou ingreso á conta.

O nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das persoas ou entidades titulares, autorizadas ou beneficiarias referiranse ás que o fosen nalgún momento do ano a que se refire a declaración.

Artigo 38. *Obriga de informar acerca de préstamos e créditos.*

As entidades de crédito e as demais entidades que, de acordo coa normativa vixente, se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa anual sobre o saldo en 31 de decembro dos créditos e préstamos por elas concedidos na cal se incluírá o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal.

Artigo 39. *Obriga de informar acerca de valores, seguros e rendas.*

1. As entidades que sexan depositarias de valores mobiliarios deberán subministrarlle á Administración tri-

butaria, mediante a presentación dunha declaración anual, a seguinte información respecto dos valores depositados nelas:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das persoas ou entidades titulares, en 31 de decembro de cada ano, de accións e participacións no capital ou nos fondos propios de entidades xurídicas, negociadas en mercados organizados. Así mesmo, informarase sobre o número e clase de accións e participacións de que sexan titulares, así como do seu valor, conforme o disposto no artigo 15 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das persoas ou entidades titulares, en 31 de decembro de cada ano, dos valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios negociados en mercados organizados. Así mesmo, informarase sobre o número e clase de valores de que sexan titulares, así como do seu valor, conforme o disposto no artigo 15 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

2. As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, as entidades comercializadoras en España e os representantes das entidades xestoras que operen en réxime de libre prestación de servizos deberán subministrarlle á Administración tributaria, mediante a presentación dunha declaración anual, o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das persoas ou entidades titulares, en 31 de decembro, de accións e participacións no capital social ou fondo patrimonial das correspondentes institucións de investimento colectivo. Así mesmo, informarase sobre o número e clase de accións e participacións de que sexan titulares e, de ser o caso, compartimento a que pertencen, así como do seu valor liquidativo en 31 de decembro. Así mesmo, no caso de comercialización transfronteiriça de accións ou participacións de institucións de investimento españolas, a obriga de subministración de información corresponderalle á entidade comercializadora estranxeira que figure como titular, por conta de terceiros non residentes, de tales accións ou participacións, de acordo co establecido na alínea c) do número 3 da disposición adicional única do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, sen prexuízo da responsabilidade que lle corresponda á xestora ou sociedade de investimento ante a Administración tributaria, de conformidade co disposto na citada disposición adicional única.

No caso de accións ou participacións en institucións de investimento colectivo, admitidas a negociación nun mercado secundario ou sistema organizado de negociación de valores, a obriga de subministración da información a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle á entidade que sexa depositaria das devanditas accións ou participacións.

3. As entidades aseguradoras e os representantes das entidades aseguradoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, así como as entidades financeiras, deberán presentar unha declaración anual que comprenda a seguinte información:

a) Nome e apelidos e número de identificación fiscal dos tomadores dun seguro de vida en 31 de decembro, con indicación do seu valor de rescate na devandita data.

b) Nome e apelidos e número de identificación fiscal das persoas que sexan beneficiarias en 31 de decembro dunha renda temporal ou vitalicia, como consecuencia da entrega dun capital en diñeiro, bens mobles ou inmobles, con indicación do seu valor de capitalización na devandita data, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Artigo 40. *Obriga de informar sobre os titulares de contas ou outras operacións que non facilitasen o número de identificación fiscal.*

1. De acordo co previsto no artigo 28.3, as entidades de crédito deberánlle comunicar trimestralmente á Administración tributaria as contas ou operacións, aínda que tales contas ou operacións fosen canceladas, cuxo titular non facilitase o seu número de identificación fiscal ou o comunicase transcorrido o prazo establecido no devandito artigo.

2. A declaración conterá, cando menos, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e domicilio e, de ser o caso, número de identificación fiscal de cada unha das persoas ou entidades relacionadas na declaración.

b) Natureza ou clase e número de conta ou operación, así como o seu saldo ou importe.

Artigo 41. *Obriga de informar acerca do libramento de cheques por parte das entidades de crédito.*

1. De acordo co previsto no artigo 28.4, as entidades de crédito deberánlle comunicar anualmente á Administración tributaria a información relativa aos cheques que libren contra entrega de efectivo, bens, valores ou outros cheques, con excepción dos librados contra unha conta bancaria.

Tamén lle deberán comunicar a información relativa aos cheques que aboan en efectivo, e non en conta bancaria, que fosen emitidos por unha entidade de crédito, ou que, sendo librados por persoas distintas, tivesen un valor facial superior a 3.000 euros.

2. Para estes efectos, as entidades de crédito deberán presentar unha declaración que conterá, cando menos, a seguinte información:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos tomadores ou, segundo proceda, das persoas que presenten ao cobramento os cheques que son obxecto desta declaración.

b) O número de serie e a contía dos cheques con separación dos librados pola entidade e os aboados por esta. Distinguiranse, pola súa vez, os emitidos por outras entidades de crédito e os librados por persoas distintas de contía superior a 3.000 euros.

Artigo 42. *Obriga de informar sobre determinadas operacións con activos financeiros.*

1. Estarán obrigados a subministrarlle información á Administración tributaria mediante a presentación dunha declaración anual sobre determinadas operacións con activos financeiros, nos termos previstos neste artigo:

a) Os fedatarios públicos, as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, as entidades e establecementos financeiros de crédito, as sociedades e axencias de valores, os demais intermediarios financeiros e calquera persoa física ou xurídica, de acordo co disposto nas leis reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda de non-residentes e polas demais leis que conteñan disposicións nesta materia.

Así mesmo, estarán suxeitas a esta obriga de información as sociedades de investimento de capital variable nos supostos a que se refire o artigo 32.7 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

b) As entidades emisoras de títulos ou valores nominativos non cotizados nun mercado organizado, respecto das operacións de emisión daqueles, de conformidade co

disposto no artigo 109 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores, e as sociedades reitoras dos mercados de futuros e opcións, respecto das operacións nos devanditos mercados nos termos previstos para os intermediarios financeiros nas leis reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda de non-residentes.

c) A Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores, ou as entidades xestoras que interveñan na subscrición, transmisión e reembolso da débeda do Estado representada en anotacións en conta, respecto das devanditas operacións, así como, de ser o caso, do rendemento.

2. Para efectos do cumprimento da obriga de información prevista neste artigo, cando nunha operación interveñan sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo ou sociedades de investimento de capital variable a que se refire o número 1.a) anterior ou entidades mencionadas no número 1.b) anterior, xunto con fedatarios ou intermediarios financeiros a que se refire o número 1.a), a declaración que conteña a información deberá realizala o fedatario ou intermediario financeiro que interveña.

Cando se trate de valores emitidos no estranxeiro ou de instrumentos derivados constituídos no estranxeiro, a declaración deberá ser realizada polas entidades comercializadoras de tales valores en España e polos representantes das entidades xestoras que operen en réxime de libre prestación de servizos ou, na súa falta, polas entidades depositarias destes en España.

3. A obriga de información a que se refire o número 1 deberá incluír as operacións e contratos que teñan lugar fóra do territorio nacional e se realicen coa intervención, por conta propia ou allea, de intermediarios residentes en territorio español ou con establecemento permanente neste.

4. Os obrigados tributarios a que se refire o número 1 deberánlle facilitar á Administración tributaria a identificación completa dos suxeitos intervenientes nas operacións, con indicación da condición con que interveñen e a porcentaxe de participación, do seu nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio e número de identificación fiscal, así como da clase e número dos efectos públicos, valores, títulos e activos, e do importe, data e, de ser o caso, rendemento de cada operación.

5. A obriga de información prevista neste artigo entenderase cumprida, respecto das operacións sometidas a retención, coa presentación do resumo anual de retencións correspondente.

6. Sen prexuízo da obriga de información a que se refire o número 4, as entidades participantes ou membros do sistema correspondente de compensación e liquidación do mercado onde se negocien valores obxecto de préstamo, as entidades financeiras que participen ou medien nas operacións de préstamo de valores e a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores ou, de ser o caso, a entidade que realice as funcións de rexistro, compensación e liquidación dos mercados ou sistemas organizados de negociación de valores regulados no artigo 31.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberán subministrarlle á Administración tributaria a información a que se refire o número 3 da disposición adicional décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Subsección 4.^a Obrigas de información respecto de determinadas operacións con participacións preferentes e outros instrumentos de débeda

Artigo 43. Obriga de información.

1. Os obrigados a subministrar información á Administración tributaria a que se refire o artigo 42 deste regu-

lamento deberán informar en relación coas operacións relativas ás participacións preferentes e outros instrumentos de débeda cuxo réxime se establece na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros. A información que se subministrará será a contida no artigo 42.4 deste regulamento referida ás operacións coas devanditas participacións preferentes e outros instrumentos de débeda realizadas coa intermediación dos devanditos obrigados.

2. Para efectos do cumprimento da obriga de información a que se refire este artigo resultará de aplicación o previsto no artigo 42.5 deste regulamento.

Artigo 44. Obriga de información da entidade dominante e da entidade titular dos dereitos de voto.

1. A entidade de crédito dominante e a entidade cotizada titular dos dereitos de voto a que se refiren os números 3 e 6 da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, deberánlle subministrar á Administración tributaria unha declaración en que se especificará a seguinte información con respecto aos valores a que se refire o artigo anterior:

a) Identidade e país de residencia do perceptor dos rendementos xerados polas participacións preferentes ou outros instrumentos de débeda. Cando os rendementos se perciban por conta dun terceiro, tamén se facilitará a súa identidade e o seu país de residencia.

b) Importe dos rendementos percibidos en cada período.

c) Identificación dos valores.

2. Para os efectos de elaborar a declaración que se menciona no número 1 deste artigo, as entidades obrigadas á subministración de información deberán obter, con ocasión de cada pagamento dos rendementos, e conservar á disposición da Administración tributaria durante o período de prescrición das obrigas tributarias, a seguinte documentación xustificativa da identidade e residencia de cada titular dos valores:

a) Cando o titular non residente actúe por conta propia e sexa un banco central, outra institución de dereito público, ou un organismo internacional, un banco ou entidade de crédito ou unha entidade financeira, incluídas institucións de investimento colectivo, fondos de pensións ou entidades de seguros, residentes nalgún país da OCDE ou nalgún país co cal España teña suscrito un convenio para evitar a dobre imposición, e sometidos a un réxime específico de supervisión ou rexistro administrativo, a entidade en cuestión deberá certificar a súa razón social e a residencia fiscal na forma prevista no anexo I da Orde do 16 de setembro de 1991, pola que se desenvolve o Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, polo que se establece o procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións aos non-residentes que invistan en España sen mediación de establecemento permanente.

b) Cando se trate de operacións intermediadas por algunha das entidades sinaladas na alínea a) precedente, a entidade en cuestión deberá, de acordo co que conste nos seus propios rexistros, certificar o nome e residencia fiscal de cada titular dos valores, na forma prevista no anexo II da Orde do 16 de setembro de 1991.

c) Cando se trate de operacións canalizadas por unha entidade de compensación e depósito de valores recoñecida para estes efectos pola normativa española

ou pola doutro país membro da OCDE, a entidade en cuestión deberá, de acordo co que conste nos seus propios rexistros, certificar o nome e residencia fiscal de cada titular dos valores, na forma prevista no anexo II da Orde do 16 de setembro de 1991.

d) Nos demais casos, a residencia acreditarase mediante a presentación do certificado de residencia expedido polas autoridades fiscais do Estado de residencia do titular. Estes certificados terán un prazo de validez dun ano, contado a partir da data da súa expedición.

3. Para facer efectiva a exención prevista no número 2.d) da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros seguirase o procedemento seguinte:

a) Na data de vencemento de cada cupón, a entidade emisora transferiralle ás entidades citadas nas alíneas a), b) e c) do número anterior o importe líquido que resulte da aplicación do tipo xeral de retención á totalidade dos xuros.

b) Posteriormente, se con anterioridade ao vencemento do prazo de ingreso das retencións a entidade obrigada á subministración de información recibe os certificados mencionados, a entidade emisora aboará as cantidades retidas en exceso.

4. No caso de instrumentos de débeda emitidos ao desconto a un prazo igual ou inferior a doce meses, as obrigas de información previstas neste artigo entenderanse referidas aos titulares no momento do reembolso ou amortización dos valores.

Subsección 5.^a Obrigas de información respecto de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea

Artigo 45. *Ámbito de aplicación.*

As persoas xurídicas e demais entidades, incluídas as entidades en réxime de atribución de rendas, e as persoas físicas que, no exercicio da súa actividade económica, aboan ou medien no pagamento das rendas a que se refire o artigo 46 a persoas físicas residentes noutro Estado membro da Unión Europea, cumprirán coas obrigas de subministración de información que derivan das disposicións contidas nesta subsección.

Artigo 46. *Rendas suxeitas a subministración de información.*

1. Estarán suxeitas á subministración de información regulada nesta subsección as seguintes rendas:

a) Os xuros satisfeitos, así como calquera outra forma de retribución pactada como remuneración pola cesión a terceiros de capitais propios, incluídos os rendementos derivados da transmisión, reembolso, amortización, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos, e as demais rendas a que se refire o artigo 25.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, con excepción das recargas por mora.

b) Os resultados distribuídos polas seguintes entidades na parte que deriven das rendas sinaladas na alínea a) anterior:

1.º Institucións de investimento colectivo reguladas na Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985.

2.º Entidades que se acollan á opción prevista no artigo 47.2, segundo parágrafo, deste regulamento.

3.º Institucións de investimento colectivo establecidas fóra do territorio de aplicación do Tratado da Comunidade Europea.

c) As rendas obtidas na transmisión ou reembolso de accións ou participacións en entidades ás cales se refire a alínea b) anterior, cando estas investisen directa ou indirectamente por medio doutras entidades do mesmo tipo máis do 40 por cento dos seus activos en valores ou créditos que xeren rendas das previstas na alínea a) anterior.

Para estes efectos, cando non sexa posible determinar o importe da renda obtida na transmisión ou reembolso tomarase como tal o valor de transmisión ou reembolso das accións ou participacións.

A citada porcentaxe fixarase de acordo coa política de investimento que derive das normas ou criterios sobre investimentos establecidos no regulamento do fondo ou na escritura de constitución da entidade de que se trate e, no seu defecto, en función da composición real dos seus activos. Para estes efectos, considerarase a composición media dos seus activos no exercicio anterior previo á distribución de resultados ou á transmisión ou reembolso.

2. En relación co disposto no número 1.a) deste artigo, no suposto de que as entidades financeiras non puideren determinar o rendemento nas operacións de transmisión, amortización ou reembolso, deberáselle comunicar á Administración tributaria o correspondente valor de transmisión, amortización ou reembolso.

Así mesmo, con respecto ao disposto no número 1. b) e c) deste artigo, cando o pagador da renda non dispoña de información referente á parte de resultados distribuídos ou á porcentaxe de activos investidos que corresponda directa ou indirectamente aos valores ou créditos que xeren rendas das previstas no número 1.a), considerarase que a totalidade do rendemento provén deste tipo de rendas ou activos.

Non obstante, os obrigados á subministración de información poderán optar, en relación coas rendas incluídas no número 1.b) e c) deste artigo, por subministrar información do importe total distribuído e do total importe obtido na transmisión ou reembolso de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, respectivamente.

Artigo 47. *Obrigados a subministrar información.*

1. Estarán obrigados a subministrar información as persoas ou entidades a que se refire o artigo 45 deste regulamento e, en particular, as seguintes:

a) No aboamento de xuros, ou calquera outra retribución pactada, de contas en institucións financeiras, a entidade financeira que os satisfaga.

b) No aboamento de cupóns de activos financeiros, así como na amortización ou reembolso, troco ou conversión daqueles, o emisor dos valores.

Non obstante, en caso de que se lle encomende a unha entidade financeira a materialización das operacións anteriores, a obriga corresponderalle á devandita entidade financeira.

c) Nos rendementos obtidos na transmisión de activos financeiros, a entidade financeira que actúe por conta do transmitente.

d) Tratándose de valores de débeda pública, a entidade xestora do Mercado de Débeda Pública en Anotacións que interveña na operación.

e) Na distribución de resultados de institucións de investimento colectivo, a sociedade xestora ou a socie-

dade de investimento. No caso de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, a entidade comercializadora ou o intermediario facultado para a comercialización.

f) Na transmisión ou reembolso de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, a sociedade xestora ou a sociedade de investimento ou, de ser o caso, o intermediario financeiro que medie na transmisión. Cando se trate de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, a entidade comercializadora ou o intermediario facultado para a comercialización.

2. Cando as rendas a que se refire o artigo 46 deste regulamento sexan percibidas polas entidades ás cales lles resulte de aplicación o réxime de atribución de rendas regulado no artigo 8.3 e na sección 2.^a do título X da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, sempre que o importe da renda sexa atribuíble a unha persoa física residente noutro Estado membro, estas entidades serán as obrigadas á subministración de información.

Estas entidades poderán optar pola subministración de información cando lles paguen efectivamente as rendas aos seus membros residentes noutro Estado membro da Unión Europea. En caso de exercer tal opción comunicaranllo á Administración tributaria, que emitirá, por petición da entidade, unha certificación acreditativa da devandita opción.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, as persoas ou entidades neles mencionadas non estarán obrigadas a subministrar información cando a renda sexa percibida por unha persoa física que poida probar:

a) Que aboa ou media no pagamento de rendas, no sentido do artigo 45 deste regulamento.

b) Que actúa por conta dunha persoa xurídica, unha entidade sometida a imposición de acordo coas normas xerais de tributación das empresas ou unha institución de investimento colectivo regulada na Directiva 85/611/CEE.

c) Que actúa por conta dunha entidade sen personalidade xurídica, non sometida a imposición de acordo coas normas xerais de tributación das empresas ou que non teña a consideración de institución de investimento colectivo regulada na Directiva 85/611/CEE, sexa ou non entidade en atribución de rendas de acordo coa lexislación española.

Neste caso, a persoa física deberalle comunicar o nome e o enderezo desa entidade á persoa ou entidade da cal obtén a renda, a cal, pola súa vez, lle transmitirá a devandita información á Administración tributaria.

d) Que actúa por conta doutra persoa física. Neste caso, deberalle comunicar á persoa ou entidade da cal obtén a renda a identidade desa persoa física de conformidade co artigo 49.a) deste regulamento.

Artigo 48. *Información que se debe subministrar.*

1. Os obrigados tributarios a que se refire o artigo anterior deberanlle facilitar á Administración tributaria os seguintes datos:

a) A identidade e a residencia da persoa física perceptora das rendas, de acordo co procedemento previsto no artigo 49 deste regulamento.

b) O número de conta do perceptor das rendas.

c) A identificación do crédito que dá lugar á renda.

d) O importe da renda.

2. As persoas ou entidades que aboen ou medien no pagamento das rendas comprendidas no artigo 46 deste

regulamento a entidades sen personalidade xurídica establecidas noutro Estado membro da Unión Europea, ou non sometidas a imposición de acordo coas normas xerais de tributación das empresas noutro Estado membro ou que non teñan a consideración de institucións de investimento colectivo reguladas na Directiva 85/611/CEE, sexan ou non entidades en atribución de rendas, de acordo coa lexislación española, deberán comunicar o nome e enderezo da entidade, así como o importe das rendas.

Artigo 49. *Identificación e residencia dos perceptores de rendas persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea.*

As persoas ou entidades que no exercicio da súa actividade económica aboen ou medien no pagamento das rendas incluídas no artigo 46 deste regulamento deberán identificar o perceptor persoa física, así como o seu lugar de residencia na forma seguinte:

a) Identidade do perceptor persoa física residente noutro Estado membro da Unión Europea de acordo cos seguintes criterios:

1.^o Para os contratos formalizados antes do 1 de xaneiro de 2004, identificarase o perceptor persoa física polo seu nome e enderezo, utilizando para isto a información de que dispoñan, tendo en conta a normativa en vigor en territorio español e, en particular, o disposto na Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

2.^o Para os contratos formalizados ou as transaccións efectuadas sen contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2004, identificarase o perceptor persoa física polo seu nome e enderezo e, se existe, polo número de identificación fiscal. Estes datos obteranse a partir do pasaporte ou do documento de identidade oficial. Cando nos devanditos documentos non figure o enderezo, este obterase a partir de calquera outro documento acreditativo presentado polo perceptor.

Cando o número de identificación fiscal non figure no pasaporte, no documento oficial de identidade ou en calquera outro documento acreditativo presentado polo perceptor, a identidade completárase mediante a referencia á data e ao lugar de nacemento que figuren no pasaporte ou documento oficial de identidade.

b) Residencia do perceptor persoa física residente noutro Estado membro da Unión Europea de acordo cos seguintes criterios:

1.^o Para os contratos formalizados antes do 1 de xaneiro de 2004, a residencia do perceptor persoa física acreditarase de acordo cos datos de que se dispoña, tendo en conta a normativa en vigor en territorio español e, en particular, o disposto na Lei 19/1993, o 28 de decembro.

2.^o Para os contratos formalizados ou as transaccións efectuadas sen contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2004, a residencia do perceptor persoa física determinarase tendo en conta o enderezo consignado no pasaporte ou no documento oficial de identidade ou, de ser necesario, sobre a base de calquera outro documento probatorio presentado, segundo o previsto no parágrafo seguinte.

Cando as persoas físicas presenten un pasaporte ou documento oficial de identidade expedido por un Estado membro e declaren ser residentes nun país terceiro, a residencia determinarase a partir dun certificado de residencia fiscal, cuxa validez será dun ano, expedido pola autoridade competente do país terceiro en que a persoa física declare ser residente. En caso de non presentarse tal certificado considerarase que a residencia está situada no Estado membro que expedise o pasaporte ou calquera outro documento oficial de identidade presentado.

Subsección 6.^a Outras obrigas de información

Artigo 50. *Obriga de informar sobre a constitución, establecemento, modificación ou extinción de entidades.*

Os titulares dos rexistros públicos deberanlle presentar mensualmente á Administración tributaria unha declaración informativa na cal incluírán as entidades cuxa constitución, establecemento, modificación ou extinción inscribísen durante o mes anterior.

Artigo 51. *Obriga de informar sobre persoas ou entidades que non comunicaron o seu número de identificación fiscal ou que non identificaron os medios de pagamento empregados ao outorgar escrituras ou documentos onde consten os actos ou contratos intervidos polos notarios.*

1. O Consello Xeral do Notariado deberalle presentar de forma telemática á Administración tributaria unha declaración informativa mensual, na cal se incluírá o nome e apelidos dos comparecentes ou das persoas ou entidades na representación das cales actúen no outorgamento de escrituras ou documentos en que se formalicen actos ou contratos que teñan por obxecto a declaración, constitución, adquisición, transmisión, modificación ou extinción do dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmoables ou calquera outro acto ou contrato con transcendencia tributaria, nas cales se dean as seguintes circunstancias:

- a) Que non comunicasen o seu número de identificación fiscal.
- b) Que non identificasen os medios de pagamento empregados polas partes, cando a contraprestación consistise en todo ou en parte en diñeiro ou signo que o represente.

2. Cada declaración informativa presentárase antes de finalizar o mes e comprenderá as operacións realizadas durante o mes precedente.

Artigo 52. *Obriga de informar sobre as subvencións ou indemnizacións derivadas do exercicio de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais.*

1. As entidades públicas ou privadas que concedan ou recoñezan subvencións, indemnizacións ou axudas derivadas do exercicio de actividades agrícolas, gandeiras ou forestais estarán obrigadas a presentar ante o órgano competente da Administración tributaria unha declaración anual das satisfeitas ou aboadas durante o ano anterior.

Cando a entidade concedente non teña a súa residencia en España, a obriga a que se refire o parágrafo anterior deberá ser cumprida pola entidade residente que teña encomendada a xestión das subvencións, indemnizacións ou axudas por conta daquela.

2. Na declaración deberán figurar, ademais dos datos de identificación do declarante e do carácter con que intervéen en relación coas subvencións, indemnizacións ou axudas incluídas na declaración, unha relación nominativa dos perceptores cos seguintes datos:

- a) Nome, apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal.
- b) Importe, tipo e concepto da subvención, indemnización ou axuda satisfeita ou aboada.

3. Para os efectos da súa inclusión na correspondente declaración, estas subvencións, indemnizacións ou axudas entenderanse satisfeitas o día que se expida a

correspondente orde de pagamento. De non existir orde de pagamento, entenderanse satisfeitas cando se efectúe o pagamento.

Artigo 53. *Obriga de informar acerca das achegas a sistemas de previsión social.*

Deberanlle presentar á Administración tributaria unha declaración anual, co contido que se indica, as seguintes persoas ou entidades:

a) As entidades xestoras dos fondos de pensións, que incluírán individualmente os partícipes dos plans adscritos a tales fondos e o importe das achegas a estes, xa sexan efectuadas directamente por eles, por persoas autorizadas ou polos promotores dos citados plans.

b) Os promotores de plans de pensións que efectúen contribucións a estes, que incluírán individualmente os partícipes polos cales efectuaron as súas contribucións e o importe achegado para cada partícipe.

c) O representante dos fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan en España plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, que incluírán individualmente os partícipes dos plans adscritos a tales fondos e o importe das achegas a estes, ben sexan efectuadas directamente por eles, por persoas autorizadas ou polos promotores dos citados plans.

d) As empresas ou entidades que instrumenten compromisos por pensións mediante un contrato de seguro, incluídos os plans de previsión social empresarial, que incluírán individualmente as persoas polas cales efectuaron contribucións e o importe correspondente a cada unha delas.

e) As entidades aseguradoras que formalicen plans de previsión social empresarial, que incluírán individualmente os asegurados e o importe das achegas a estes, xa sexan efectuadas directamente por eles ou polos tomadores dos citados plans.

f) As mutualidades de previsión social, que incluírán individualmente os mutualistas e as cantidades aboadas por estes para a cobertura das contingencias que, conforme o establecido nos artigos 51, 53 e disposicións adicionais novena e décimo primeira da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, poidan ser obxecto de redución na base imponible do imposto.

g) As entidades aseguradoras que comercialicen seguros privados de dependencia que poidan ser obxecto de redución na base imponible, que incluírán individualmente os tomadores e o importe das primas, xa sexan efectuadas directamente por eles ou por persoas autorizadas.

h) As entidades aseguradoras que comercialicen plans de previsión asegurados, que incluírán individualmente os tomadores e o importe das primas satisfeitas.

Artigo 54. *Obriga de informar sobre operacións financeiras relacionadas con bens inmoables.*

As entidades que concedan ou intermedien na concesión de préstamos, xa sexan hipotecarios ou doutro tipo, ou interveñan en calquera outra forma de financiamento da adquisición dun ben inmoable ou dun dereito real sobre un ben inmoable, deberán presentar unha declaración informativa anual relativa ás devanditas operacións cos seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos prestameiros.

b) Razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos prestamistas.

c) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos intermediarios, de os haber.

d) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal das partes noutras operacións financeiras directamente relacionadas coa adquisición de bens inmobles ou dereitos reais sobre bens inmobles.

e) Importe total do préstamo ou operación, cantidades que se satisfixesen no ano en concepto de xuros e de amortización do capital.

f) Ano de constitución do préstamo ou operación e período de duración.

g) Indicación de se o destinatario da operación manifestou a súa vontade de dedicar o devandito inmovible á súa vivenda habitual.

h) Referencia catastral.

i) Valor de taxación do inmovible.

SECCIÓN 3.^a REQUISITOS INDIVIDUALIZADOS PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

Artigo 55. *Disposicións xerais.*

1. Os requisitos individualizados de información que realice a Administración tributaria deberanlle ser notificados ao obrigado tributario requirido e incluírán:

a) O nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do obrigado tributario que debe subministrar a información.

b) O período de tempo a que se refire a información requirida.

c) Os datos relativos aos feitos respecto dos cales se require a información.

2. Nos requisitos de información concederáse un prazo non inferior a 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para achegar a información solicitada.

Non obstante, cando as actuacións de obtención de información sexan realizadas polos órganos de inspección ou de recadación poderán iniciarse inmediatamente, incluso sen previo requirimento escrito, en caso de que o xustifique a natureza dos datos que cómpre obter ou das actuacións que cómpre realizar e o órgano actuante se limite a examinar documentos, elementos ou xustificantes que deban estar á súa disposición. Cando se trate de documentos, elementos ou xustificantes que non deban estar á disposición dos devanditos órganos, concederáse-lles ás persoas ou entidades requiridas un prazo non inferior a 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para lles achegar a información solicitada ou lles dar as facilidades necesarias aos órganos de inspección ou de recadación actuantes para que poidan obtela directamente.

Artigo 56. *Requisitos a determinadas autoridades sometidas ao deber de informar e colaborar.*

Os requisitos individualizados de información que se efectúen ás entidades e órganos a que se refire o artigo 94.3 e 4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, serán realizados directamente polo superior xerárquico do órgano actuante que pretenda obter a información.

Nestes casos, o órgano actuante que pretenda obter a información dirixirá unha solicitude debidamente xustificada ao órgano competente para realizar o requirimento.

No ámbito de competencias do Estado, o órgano competente para realizar os requisitos de información a

que se refire o artigo 94.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o director xeral, os directores de departamento ou os delegados da Axencia Estatal de Administración Tributaria dos cales dependa o órgano actuante que solicita a información. O órgano competente para realizar os requirimentos a que se refire o artigo 94.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o director xeral ou de departamento competente.

Artigo 57. *Procedemento para realizar determinados requirimentos a entidades dedicadas ao tráfico bancario ou crediticio.*

1. Cando se trate de requirimentos de información que exixan o coñecemento de movementos de contas ou de operacións a que se refire o artigo 93.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os órganos de inspección ou de recadación poderanlles solicitar a información aos obrigados tributarios afectados, titulares ou autorizados, ou requirirla directamente ás entidades bancarias ou crediticias con que operen, sen que sexa necesario notificarlle o devandito requirimento ao obrigado tributario a que se refire a información requirida.

Para lle requirir directamente a información a que se refire o parágrafo anterior á entidade bancaria ou crediticia será necesario obter previamente a autorización do órgano competente ou o consentimento do obrigado tributario. A solicitude de autorización deberá estar debidamente xustificada e motivar en termos concretos as razóns que aconsellan o requirimento directo á entidade, así como a procedencia, de ser o caso, de non notificar o devandito requirimento ao obrigado tributario.

A autorización habilitará para efectuar o requirimento relativo aos movementos de contas ou operacións financeiras, así como os requirimentos posteriores relativos á documentación soporte destes, e ao nome e apelidos ou razón social ou denominación completa das persoas ou entidades e a identificación das contas a que se refiran a orixe ou destino dos movementos, cheques ou outras ordes de cargo ou aboamento, aínda cando os devanditos cheques ou ordes fosen substituídos ou tivesen orixe noutros do mesmo ou diferente importe.

No ámbito de competencias do Estado, a autorización a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle ao director de departamento ou aos delegados da Axencia Estatal de Administración Tributaria de que dependa o órgano actuante que solicita a autorización.

2. O requirimento deberalle ser notificado á entidade requirida e nel precisaranse as contas ou operacións obxecto do requirimento, os obrigados tributarios afectados e, de ser o caso, o alcance en canto ao período de tempo a que se refira.

Os datos solicitados poderanse referir ás operacións activas ou pasivas das distintas contas, á totalidade ou parte dos seus movementos, durante o período de tempo a que se refira o requirimento, e ás restantes operacións que se producisen. Así mesmo, as actuacións poderán estenderse aos documentos e demais antecedentes relativos aos datos solicitados.

O requirimento precisará tamén o modo en que se vaian practicar as actuacións, de acordo co disposto no número seguinte e poderá solicitarse a achega dos datos en soporte informático de acordo cos formatos de uso xeneralizado.

3. As actuacións de obtención de información previstas neste artigo poderanse desenvolver mediante requirimento á entidade para que achegue os datos ou antecedentes obxecto deste ou mediante comparecencia na súa oficina, despacho ou domicilio para examinar os documentos en que consten.

A entidade requirida deberá achegar os datos solicitados no prazo outorgado para isto, que non poderá ser

inferior a 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento. Ese mesmo prazo deberá transcorrer, como mínimo, entre a notificación do requirimento e a iniciación, de ser o caso, das actuacións nas oficinas, despacho ou domicilio do obrigado a subministrarlle a información.

4. Nos casos de contas indistintas ou conxuntas a nome de varias persoas ou entidades, nos depósitos de titularidade plural e noutros supostos análogos, a petición de información sobre un dos cotitulares ou autorizados implicará a dispoñibilidade de todos os movementos da conta, depósito ou operación, pero a Administración tributaria non poderá utilizar a información obtida fronte a outro titular ou autorizado sen seguir previamente os trámites previstos neste artigo.

Sección 4.^a Transmisión de datos con transcendencia tributaria pola Administración tributaria

Artigo 58. Transmisión de datos con transcendencia tributaria por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

1. As transmisións de datos con transcendencia tributaria por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos axustaranse ao previsto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.

2. A transmisión de datos polos devanditos medios a unha Administración pública ou a unha entidade de dereito público efectuarase por solicitude do órgano ou entidade que necesite a información para tramitar o procedemento ou actuación. Na solicitude deberán identificarse os datos requiridos, os seus titulares e a finalidade pola cal se requiren. Así mesmo, farase constar que se dispón do consentimento expreso dos titulares afectados ou da autorización correspondente naqueles casos en que un ou outra sexan necesarios.

Da petición e recepción dos datos deixará constancia no expediente o órgano ou organismo receptor. Para efectos da verificación da orixe e a autenticidade dos datos polos órganos de fiscalización e control, habilitaranse mecanismos para que os órganos mencionados poidan acceder aos datos transmitidos.

TÍTULO III

Principios e disposicións xerais da aplicación dos tributos

CAPÍTULO I

Órganos e competencias

Artigo 59. Criterios de atribución de competencia no ámbito das administracións tributarias.

1. A competencia territorial na aplicación dos tributos atribuirase de acordo co previsto no artigo 84 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. No ámbito dunha mesma Administración tributaria a comunicación dun cambio de domicilio fiscal, sempre que o devandito criterio sexa o que determine a competencia do órgano, ou o cambio de adscrición a outro órgano, producirán os seguintes efectos en relación coa competencia dos órganos administrativos:

a) As funcións de aplicación dos tributos, incluídas as relativas a obrigas anteriores, serán exercidas a partir dese momento polo órgano correspondente ao novo

domicilio fiscal ou por aquel que resulte destinatario do cambio de adscrición, respectivamente.

b) Os procedementos que se encontren en curso de tramitación no momento en que se produza de maneira efectiva o cambio de domicilio ou de adscrición serán continuados e finalizados polo novo órgano competente. Para estes efectos remitiráselle ao devandito órgano os antecedentes que sexan necesarios.

Non obstante, cando se iniciase de oficio un procedemento de aplicación dos tributos con anterioridade á comunicación do novo domicilio, a devandita comunicación producirá efectos en relación coa competencia do órgano administrativo ao mes seguinte da súa presentación, salvo que durante o devandito prazo a Administración tributaria inicie un procedemento de comprobación da procedencia do cambio de domicilio, caso en que todos os procedementos iniciados de oficio antes da referida comunicación serán continuados e finalizados polo órgano que os viñese tramitando mentres non se resolva o expediente de comprobación do cambio de domicilio. O anterior non impedirá que a Administración tributaria poida iniciar en calquera outro momento un procedemento de comprobación do domicilio fiscal do obrigado tributario.

3. O disposto no número 2.b) anterior non será de aplicación nas actuacións e procedementos de inspección e de declaración de responsabilidade tributaria, nos cales o domicilio fiscal determinante da competencia do órgano actuante será o que correspondese ao inicio das actuacións e procedementos, mesmo respecto de obrigas anteriores, sen que o cambio de domicilio fiscal ou de adscrición altere a competencia do órgano actuante en canto aos procedementos xa iniciados antes da comunicación do cambio de domicilio ou de adscrición. Esta competencia manterase aínda cando as actuacións deban proseguirse fronte ao sucesor ou sucesores do obrigado tributario.

4. No caso de obrigados tributarios non residentes sen establecemento permanente en España, será competente o órgano da Administración tributaria no ámbito territorial do cal teña o domicilio o representante do obrigado tributario, o responsable, o retedor, o depositario ou o xestor dos bens ou dereitos, ou o pagador das rendas ao non-residente, sen prexuízo do previsto na normativa propia de cada tributo.

5. As normas de organización específica poderán establecer os termos en que o persoal encargado da aplicación dos tributos poida realizar actuacións fóra do ámbito de competencias do órgano de que dependan.

6. No ámbito de competencias do Estado, o director xeral do Catastro e os directores de departamento da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderán modificar de forma motivada a competencia que resulte dos números 2, 3 e 4 anteriores.

Artigo 60. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración tributaria.

1. Nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os funcionarios da Administración tributaria serán considerados axentes da autoridade no exercicio das súas funcións, para os efectos da responsabilidade administrativa e penal de quen ofrezca resistencia ou cometa atentado ou desacato contra eles, de feito ou de palabra, durante actos de servizo ou con motivo deste.

As autoridades e entidades a que se refire o artigo 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e quen, en xeral, exerza funcións públicas, estarán obrigados a prestarlles aos funcionarios e demais persoal dos órganos da Administración tributaria o apoio, concurso,

auxilio e protección que lles sexa necesario para o exercicio das súas funcións.

En caso de inobservancia da obriga a que se refire o parágrafo anterior, deberá dárseles traslado do actuado aos órganos con funcións de asesoramento xurídico para que exerzan, de ser o caso, as accións que procedan. No ámbito de competencias do Estado serán competentes para acordar o devandito traslado os órganos que se determinen nas normas de organización específica.

2. Cada Administración tributaria proverá o persoal ao seu servizo do correspondente documento acreditativo da súa condición no desempeño das súas funcións.

3. Cando o persoal ao servizo da Administración tributaria coñeza no curso das súas actuacións feitos dos cales puideren derivar indicios de fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea, faranos constar en dilixencia e poñeranos en coñecemento do órgano competente ou, de ser o caso, da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal.

Así mesmo, o persoal ao servizo da Administración tributaria porá en coñecemento da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal por medio da autoridade competente os feitos que coñezan no curso das súas actuacións que poidan ser constitutivos de delitos non perseguibles unicamente por instancia da persoa agraviada.

4. Todo o persoal ao servizo da Administración tributaria estará obrigado ao máis estrito e completo sixilo respecto dos datos, informes ou antecedentes que coñeza por razón do seu cargo ou posto de traballo.

A devandita información terá carácter reservado e só lles poderá ser comunicada aos que por razón das súas competencias interveñan no procedemento de que se trate. Os resultados das actuacións poderán ser utilizados en todo caso polo órgano que as realizase e por outros órganos da mesma Administración tributaria de cara ao adecuado desempeño das súas funcións respecto do mesmo ou doutros obrigados tributarios.

5. Os datos, informes ou antecedentes obtidos no curso das actuacións poderanse utilizar cando sexa necesario para a emisión de informes, peritaxes ou asistencias solicitados a outros órganos, administracións, persoas ou entidades, sen prexuízo do previsto no artigo 95.1 da Lei 58/2007, do 17 de decembro, xeral tributaria.

6. Os funcionarios e o persoal ao servizo da Administración tributaria non estarán obrigados a declarar como testemuñas nos procedementos civís nin nos penais, por delitos perseguibles unicamente por instancia de parte, cando non puideren facelo sen violar o deber de sixilo que estean obrigados a gardar.

Artigo 61. *Exercicio das facultades na aplicación dos tributos.*

1. As facultades que poidan exercerse nas distintas actuacións e procedementos de aplicación dos tributos corresponderanlles aos funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración tributaria que interveñan nas devanditas actuacións e procedementos.

2. As normas de organización específica poderán regular a intervención no desenvolvemento das actuacións e procedementos de aplicación dos tributos de funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración tributaria que desempeñen postos de traballo en órganos con funcións distintas.

3. No marco dos instrumentos de intercambio de información previstos nos convenios internacionais para evitar a dobre imposición e nos acordos e convenios internacionais de asistencia mutua en materia tributaria, as autoridades competentes prestaranse asistencia mutua e intercambiarán os datos que sexan necesarios para a aplicación dos tributos.

Os órganos de aplicación dos tributos da Administración tributaria do Estado poderán realizar actuacións por instancia das autoridades competentes doutros Estados. No desenvolvemento das devanditas actuacións poderán estar presentes funcionarios destes Estados, logo de autorización da autoridade competente española. Así mesmo, os funcionarios da Administración tributaria do Estado español poderanse desprazar a outros Estados no marco de peticións de información efectuadas pola autoridade competente española ou participar en controis fiscais simultáneos.

As probas ou informacións subministradas polas autoridades competentes doutros Estados poderanse incorporar con valor probatorio ao procedemento que corresponda.

4. Os órganos de aplicación dos tributos poderán realizar as actuacións que sexan necesarias para a execución das resolucións administrativas ou xudiciais.

Cando a resolución ordenase a retroacción das actuacións continuar a aplicación de aplicación dos tributos en que se ditase o acto anulado ata a súa terminación, conforme o establecido na súa normativa reguladora.

CAPÍTULO II

Principios xerais da aplicación dos tributos

SECCIÓN 1.^a INFORMACIÓN E ASISTENCIA AOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Artigo 62. *A información e asistencia tributaria.*

A Administración tributaria promoverá e facilitaralles aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos, pondo á súa disposición servizos de información e asistencia tributaria.

Subsección 1.^a Actuacións de información tributaria

Artigo 63. *Actuacións de información.*

1. As actuacións de información realizaranse de oficio mediante a publicación dos textos actualizados das normas tributarias e a doutrina administrativa de maior transcendencia ou mediante o envío de comunicacións, entre outros medios.

2. Estas actuacións tamén deberán levarse a cabo, por iniciativa do obrigado tributario, mediante a contestación a solicitudes de información tributaria, calquera que sexa o medio polo cal se formulen.

Cando resulte conveniente unha maior difusión, a información de carácter xeral poderá ofrecérselles aos grupos sociais ou institucións que estean interesados no seu coñecemento.

Nos supostos en que as solicitudes de información se formulen por escrito, deberase incluír o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal do obrigado tributario, así como o dereito ou obriga tributaria que o afecta respecto do que se solicita a información.

3. Na contestación ás solicitudes de información tributaria, incluídas aquelas relativas a retencións, ingresos á conta ou repercusións, a Administración comunicará os criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria, sen que a devandita contestación poida ser obxecto de recurso.

As actuacións de información e as contestacións ás solicitudes de información terán os efectos previstos no artigo 179.2.d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A falta de contestación das solicitudes de información nos prazos establecidos no artigo 64 deste regulamento

non implicará a aceptación dos criterios expresados no escrito de solicitude.

4. No ámbito de competencias do Estado, as actuacións de información tributaria corresponderanlle á Axencia Estatal de Administración Tributaria cando se refiran a cuestións da súa competencia, excepto cando se refira a cuestións relativas á aplicación dos tributos desenvolvidas por outro órgano ou entidade.

Artigo 64. *Tramitación das solicitudes de información.*

1. As solicitudes de información tributaria formuladas por escrito que poidan ser obxecto de contestación a partir da documentación ou dos antecedentes existentes no órgano competente contestaranse no prazo máximo de tres meses e na contestación farase referencia, en todo caso, á normativa aplicable ao obxecto da solicitude.

2. Cando as solicitudes de información tributaria escritas sexan recibidas por unha Administración tributaria que non sexa competente por razón da materia, será remitida á Administración competente e comunicáraselle esta circunstancia ao interesado.

Subsección 2.^a Consultas tributarias escritas

Artigo 65. *Órgano competente para a contestación das consultas tributarias escritas.*

No ámbito de competencias do Estado, a competencia para contestar as consultas a que se refire esta subsección corresponderalle á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda, sen prexuízo do disposto no artigo 88.8 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 66. *Iniciación do procedemento para a contestación das consultas tributarias escritas.*

1. As consultas serán formuladas polo obrigado tributario mediante escrito dirixido ao órgano competente para a súa contestación, que deberá conter, como mínimo:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal do obrigado tributario e, de ser o caso, do representante.

b) Manifestación expresa de se no momento de presentar o escrito se está tramitando ou non un procedemento, recurso ou reclamación económico-administrativa relacionados co réxime, clasificación ou cualificación tributaria que lle corresponda formulado na consulta, salvo que esta sexa formulada polas entidades a que se refire o artigo 88.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

c) Obxecto da consulta.

d) En relación coa cuestión formulada na consulta, expresaranse con claridade e coa extensión necesaria os antecedentes e circunstancias do caso.

e) Lugar, data e sinatura ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio válido en dereito.

2. No caso de que se actúe por medio de representante deberá presentarse documentación acreditativa da representación.

3. Na solicitude poderase incluír un domicilio para efectos de notificacións e aquela poderá ir acompañada dos demais datos, elementos e documentos que poidan contribuir á formación de xuízo por parte da Administración tributaria.

4. Para os efectos deste artigo, serán válidos os documentos normalizados que aprobe a Administración tributaria.

5. As consultas poderanse presentar utilizando medios electrónicos, informáticos ou telemáticos sempre que a identificación das persoas ou entidades a que se refire o número 1.a) quede garantida mediante unha sinatura electrónica recoñecida pola Administración.

Nese caso, poderán presentarse en papel os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuir á formación de xuízo por parte da Administración tributaria.

6. As consultas poderán remitirse por fax. En tal caso, no prazo de 10 días desde a súa remisión deberá presentarse a documentación orixinal polos medios sinalados nos números 1 ou 5 deste artigo. De remitirse a documentación orixinal no devandito prazo, a data de presentación será a do fax. De non se remitir a documentación nese prazo, terase por non presentada a consulta e arquivarase sen máis trámite.

7. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste artigo, requirirase o obrigado tributario ou as entidades a que se refire o artigo 88.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emenden o defecto con indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se terá por desistido da consulta e arquivarase sen máis trámite.

8. De a consulta se formular despois da finalización dos prazos establecidos para o exercicio do dereito, para a presentación da declaración ou autoliquidación ou para o cumprimento da obriga tributaria, procederáse á súa inadmisión e comunicáraselle esta circunstancia ao obrigado tributario.

Artigo 67. *Tramitación do procedemento para a contestación das consultas tributarias escritas.*

1. Durante a tramitación do procedemento poderáselle requirir ao obrigado tributario a documentación ou información que se considere necesaria para efectuar a contestación.

2. Así mesmo, poderanse solicitar doutros centros directivos e organismos os informes que se coiden pertinentes para a formación do criterio aplicable ao caso formulado.

Artigo 68. *Contestación de consultas tributarias escritas.*

1. Cando a contestación á consulta incorpore un cambio de criterio administrativo, a Administración deberá motivar o devandito cambio.

2. Cando a consulta for formulada por algunha das entidades a que se refire o artigo 88.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a súa contestación non terá efectos vinculantes para aqueles membros ou asociados que no momento de formular a consulta estivesen sendo obxecto dun procedemento, recurso ou reclamación económico-administrativa iniciados con anterioridade e relacionados coas cuestións formuladas na consulta, conforme o disposto no seu artigo 89.2.

Subsección 3.^a Información con carácter previo á adquisición ou transmisión de bens inmoables

Artigo 69. *Información con carácter previo á adquisición ou transmisión de bens inmoables.*

1. Nos tributos que graven a adquisición ou transmisión de bens inmoables e cuxa base imponible sexa determinada valor real dos devanditos bens, os obrigados tributarios poderán solicitarlle á Administración tributaria información sobre o valor dos que estean situados no territorio da súa competencia.

Esta información terá efectos vinculantes nos termos previstos no artigo 90.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando fose subministrada pola Administración tributaria xestora do tributo que grave a adquisición ou a transmisión e en relación cos bens inmoables situados no territorio da súa competencia.

2. As solicitudes formularanse mediante escrito, no cal se expresarán con claridade e coa extensión necesaria:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal do solicitante e, de ser o caso, do representante. No caso de que se actúe por medio de representante deberá achegarse a documentación acreditativa da representación.

b) Natureza do ben, lugar en que se localiza e características técnicas e físicas que poidan contribuír á súa correcta valoración para efectos fiscais por parte da Administración tributaria.

c) Lugar, data e sinatura ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio válido en dereito.

3. O solicitante poderá incluír un domicilio para efectos de notificacións, así como a estimación da valoración do ben a que se refire a solicitude.

4. O órgano competente poderalle requirir ao interesado a documentación que considere necesaria para a valoración do ben inmoable. Así mesmo, poderá solicitar os informes doutros centros directivos e organismos que coide pertinentes.

5. As solicitudes poderanse presentar utilizando medios electrónicos, informáticos ou telemáticos sempre que a identificación das persoas ou entidades a que se refire o número 2.a) quede garantida.

6. O prazo para contestar estas solicitudes de información será de tres meses.

Subsección 4.ª Emisión de certificados tributarios

Artigo 70. Os certificados tributarios.

1. Entenderase por certificado tributario o documento expedido pola Administración tributaria que acredite feitos relativos á situación tributaria dun obrigado tributario.

2. Os certificados poderán acreditar, entre outras circunstancias, a presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos ou extremos concretos contidos nelas, a situación censual, o cumprimento de obrigas tributarias e a existencia ou inexistencia de débedas ou sancións pendentes de pagamento que consten nas bases de datos da Administración tributaria.

3. Os feitos ou datos que se certifiquen referiranse exclusivamente ao obrigado tributario a que se refire o certificado, sen que poidan incluír nin referirse a datos relativos a terceiros salvo que a finalidade do certificado exixa a devandita inclusión.

4. Non poderán certificarse datos referidos a obrigas tributarias respecto das cales prescribise o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.

5. Mentres non vencese o prazo para o cumprimento das obrigas tributarias non poderá expedirse certificado sobre o cumprimento destas.

Artigo 71. Solicitude dos certificados tributarios.

1. Os certificados tributarios expediranse:

a) Por instancia do obrigado tributario a que o certificado se refira.

b) Por petición dun órgano administrativo ou de calquera outra persoa ou entidade interesada que requira o

certificado, sempre que a devandita petición estea prevista nunha lei ou conte co consentimento previo do obrigado tributario.

2. Cando o certificado se solicite mediante representante deberase acreditar a devandita representación.

3. Cando para a tramitación dun procedemento ou actuación administrativa sexa necesaria a obtención dun certificado tributario da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Administración pública que o requira deberá solicitalo directamente e fará constar a lei que habilita a efectuar a devandita solicitude ou que conta co consentimento previo do obrigado tributario. Nestes casos, a Administración pública solicitante non lle poderá exixir a achega do certificado ao obrigado tributario. A Axencia Estatal de Administración Tributaria non expedirá o certificado por solicitude do obrigado cando teña constancia de que foi remitido á Administración pública correspondente.

Artigo 72. Contido dos certificados tributarios.

1. Os certificados tributarios conterán, cando menos, os seguintes datos e circunstancias:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado tributario.

b) As circunstancias, obrigas ou requisitos que deban ser certificados. Cando mediante un certificado deba acreditarse o cumprimento de determinadas circunstancias de carácter tributario exixidas pola norma reguladora do certificado, faranse constar expresamente as devanditas circunstancias.

As certificacións serán positivas cando consten cumpridas a totalidade das circunstancias, obrigas ou requisitos exixidos para o efecto pola normativa reguladora do certificado. Para estes efectos, abondará unha mención xenérica deles.

Cando as certificacións sexan negativas deberán indicarse as circunstancias, obrigas ou requisitos que non consten cumpridos.

Cando os datos declarados ou comunicados polo obrigado tributario non coincidan cos comprobados pola Administración, certificaranse estes últimos.

c) A inexistencia da información que se solicita nas bases de datos da Administración tributaria ou a improcedencia de subministrar a devandita información, cando non se poida certificar a información contida na alínea b).

d) Lugar, data e sinatura do órgano competente para a súa expedición e o código seguro de verificación.

Artigo 73. Expedición dos certificados tributarios.

1. O órgano competente da Administración tributaria deberá expedir o certificado no prazo de 20 días, salvo que na normativa reguladora do certificado se fixase un prazo distinto. O certificado enviarase ao lugar sinalado para tal efecto na solicitude ou, no seu defecto, ao domicilio fiscal do obrigado tributario ou do seu representante.

Salvo que se estableza o contrario, a falta de emisión dun certificado en prazo non determinará que se entenda emitido con carácter positivo.

2. O certificado tributario poderá expedirse en papel ou ben mediante a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas.

No ámbito de competencias do Estado, cando o certificado sexa solicitado por petición dun órgano administrativo, expedirase por vía telemática e, no caso de que se expida de forma automatizada, aplicarase o previsto nos artigos 82 ao 86, ambos os dous inclusive. Para estes efec-

tos, as transmisións de datos substituirán os certificados tributarios e será de aplicación o previsto no artigo 58.

3. O contido, autenticidade e validez do certificado poderase comprobar mediante conexión coa páxina web da Administración tributaria, utilizando para isto o código seguro de verificación que figure no certificado. Cando o destinatario do certificado sexa unha Administración pública, a devandita comprobación será obrigatoria.

4. Unha vez emitido o certificado, o obrigado tributario poderá manifestar a súa desconformidade con calquera dos datos que formen parte do seu contido no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, mediante un escrito en que solicite a modificación do certificado dirixido ao órgano que o expedise, ao cal se achegarán os elementos de proba que estime convenientes para acreditar a súa solicitude.

Se o órgano que emitiu o certificado estimar incorrecto o certificado expedido, procederá á emisión dun novo no prazo de 10 días. De non considerar procedente expedir un novo certificado comunicarallo ao obrigado tributario con expresión dos motivos en que se fundamenta.

Artigo 74. *Requisitos da certificación de estar ao día nas obrigas tributarias.*

1. Para a emisión do certificado regulado neste artigo, entenderase que o obrigado tributario está ao día nas súas obrigas tributarias cando se verifique a concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Estar dado de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores, cando se trate de persoas ou entidades obrigados a estar no devandito censo, e estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, cando se trate de suxeitos pasivos non exentos do devandito imposto.

b) Ter presentadas as autoliquidacións que correspondan polo imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre sociedades ou o imposto sobre a renda de non-residentes.

c) Ter presentadas as autoliquidacións e a declaración resumo anual correspondente ás obrigas tributarias de realizar pagamentos á conta.

d) Ter presentadas as autoliquidacións, a declaración resumo anual e, de ser o caso, as declaracións recapitulativas de operacións intracomunitarias do imposto sobre o valor engadido.

e) Ter presentadas as declaracións e autoliquidacións correspondentes aos tributos locais.

f) Ter presentadas as declaracións exixidas con carácter xeral en cumprimento da obriga de subministración de información reguladas nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

g) Non manter coa Administración tributaria expedidora do certificado débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

h) Non ter pendentes de ingreso responsabilidades civís derivadas de delito contra a Facenda pública declaradas por sentenza firme.

2. Cando se expida a certificación de estar ao día nas obrigas tributarias, deberase indicar o carácter positivo ou negativo da certificación.

3. As circunstancias indicadas nas alíneas b) a e), ambos os dous inclusive, do número anterior referiranse a autoliquidacións ou declaracións cuxo prazo de presentación vencese nos 12 meses precedentes aos dos meses inmediatamente anteriores á data da certificación.

4. As circunstancias a que se refire o número 1 serán certificadas por cada Administración tributaria respecto das obrigas para cuxa exixencia sexa competente.

Artigo 75. *Efectos dos certificados tributarios.*

1. Os certificados tributarios terán carácter informativo e non se poderá interpoñer recurso ningún contra eles, sen prexuízo de poder manifestar a súa desconformidade de acordo co previsto no artigo 73.4, e dos recursos que poidan interporse contra os actos administrativos que se diten posteriormente en relación coa devandita información.

Os certificados tributarios producirán os efectos que neles se fagan constar e os que se establezan na normativa que regule a súa exixencia.

2. Salvo que a normativa específica do certificado estableza outra cosa, os certificados tributarios terán validez durante 12 meses a partir da data da súa expedición mentres non se produzan modificacións das circunstancias determinantes do seu contido, cando se refira a obrigas periódicas, ou durante tres meses, cando se refira a obrigas non periódicas.

3. Os certificados expedidos por medios telemáticos producirán idénticos efectos aos expedidos en papel. A sinatura manuscrita será substituída por un código de verificación xerado electronicamente que permita contrastar o seu contido, autenticidade e validez mediante o acceso por medios telemáticos aos arquivos do órgano ou organismo expedidor. Os mesmos efectos producirán as copias dos certificados cando as comprobacións anteriores poidan efectuarse mediante o código de verificación.

Artigo 76. *Certificado en materia de fiscalidade do aforro na Unión Europea.*

1. Para efectos da aplicación da exoneración da retención prevista no artigo 13.1.b) da Directiva 2003/48/CE, do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros, a Administración tributaria, precedendo solicitude do interesado, expediralle un certificado aos contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que perciban rendas procedentes dalgún Estado membro que aplique a retención á conta establecida no artigo 11 da citada directiva.

2. No certificado constarán os seguintes datos:

a) Nome, enderezo e número de identificación fiscal do perceptor.

b) Nome e enderezo da persoa ou entidade que aboe as rendas.

c) Número de conta do perceptor das rendas ou, na súa falta, a identificación do crédito.

3. O certificado, que será válido por un período de tres anos, expedirase no prazo máximo de 10 días hábiles, que se contarán desde a súa solicitude.

Subsección 5.^a Actuacións de asistencia tributaria

Artigo 77. *Actuacións de asistencia tributaria.*

1. A asistencia tributaria consistirá no conxunto de actuacións que a Administración tributaria pon á disposición dos obrigados para facilitar o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas. Entre outras actuacións, a asistencia tributaria poderá consistir na confección de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos, así como na confección dun borrador de declaración.

2. Cando a asistencia se materialice na confección de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos por solicitude do obrigado tributario, a actuación da Administración tributaria consistirá na transcripción dos datos achegados polo solicitante e na realización dos cálculos correspondentes. Ultimado o modelo entregarase para a súa revisión e para a verificación da correcta transcripción dos datos e a súa sinatura polo obrigado, se este o considera oportuno.

3. Nos casos e nos termos que estableza a normativa de cada tributo, a asistencia tamén poderá prestarse mediante a confección pola Administración tributaria dun borrador de declaración por solicitude do obrigado tributario.

Para estes efectos, a Administración tributaria incorporará no borrador os datos que teñan no seu poder que sexan necesarios para a declaración, co importe e a cualificación subministrada polo propio obrigado ou por un terceiro que deba subministrar información con transcendencia tributaria.

4. Os datos, importes ou cualificacións contidos nas declaracións, autoliquidacións ou comunicacións de datos confeccionados pola Administración ou nos borradores que fosen comunicados ao obrigado tributario non vincularán a Administración no exercicio das actuacións de comprobación ou investigación que poidan desenvolverse con posterioridade.

Artigo 78. *Programas informáticos e uso de medios telemáticos na asistencia aos obrigados tributarios.*

1. A Administración tributaria poderalles facilitar aos obrigados tributarios programas informáticos de asistencia para a confección e presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos. No ámbito de competencias do Estado os devanditos programas axustaranse ao establecido na orde do ministro de Economía e Facenda pola que se aprobe o correspondente modelo.

Así mesmo, poderá facilitar outros programas de axuda e asistencia, no marco do deber e asistencia aos obrigados tributarios, para facilitarlles o cumprimento das súas obrigas fiscais.

2. A asistencia para o cumprimento das obrigas tributarias poderase ofrecer tamén por vía telemática. A Administración tributaria determinará para cada caso, en función dos medios dispoñibles e do estado da tecnoloxía aplicable, o alcance desa asistencia e a forma e requisitos para a súa prestación, así como os supostos en que a devandita asistencia por vía telemática se preste de forma automatizada de acordo co previsto no artigo 84.

3. O uso destes medios deberá procurar alcanzar o maior número de obrigados tributarios. Para iso, os programas de axuda e os servizos ofrecidos por vía telemática, de ser o caso, ofreceránselle tamén por outros medios a quen non tiver acceso aos previstos neste artigo sempre que sexa posible de acordo cos medios técnicos dispoñibles.

SECCIÓN 2.^a A COLABORACIÓN SOCIAL NA APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

Artigo 79. *Suxeitos da colaboración social na aplicación dos tributos.*

1. De acordo co previsto no artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na aplicación dos tributos mediante a formalización de acordos con:

- a) Outras administracións públicas.
- b) Entidades que teñan a condición de colaboradoras na xestión recadatoria.

c) Institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais. Para estes efectos, enténdense incluídas as organizacións corporativas das profesións oficiais colexiadas.

d) Persoas ou entidades que realicen actividades económicas, en relación coa presentación telemática de declaracións, comunicacións de datos e outros documentos tributarios correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas e ao imposto sobre o patrimonio dos seus traballadores e, de ser o caso, da correspondente unidade familiar a que se refire o artigo 82.1 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, e respecto da prestación de servizos e asistencia aos devanditos traballadores.

e) Persoas ou entidades que realicen actividades económicas, cando a súa localización xeográfica ou rede comercial poida axudar á consecución dos fins da Administración tributaria.

f) Outras persoas ou entidades que estableza o ministro de Economía e Facenda.

2. Os acordos de colaboración social asinados coas institucións e organizacións previstos no número 1.c) anterior poderán estender os seus efectos ás persoas ou entidades que sexan colexiados, asociados ou membros daquelas. Para iso, as persoas ou entidades interesadas deberán subscribir un documento individualizado de adhesión ao acordo, onde se recolla expresamente a aceptación do contido íntegro deste.

Non obstante, a subscripción de acordos de colaboración polas organizacións corporativas de notarios e rexistradores vinculará todos os profesionais colexiados sen que sexa precisa a adhesión individualizada aos devanditos acordos. O acordo suscrito coa organización corporativa recollerá esta circunstancia.

3. O incumprimento das obrigas asumidas polas entidades, institucións e organizacións que subscribisen un acordo de colaboración suporá a resolución do citado acordo, logo de instrución do oportuno expediente, con audiencia do interesado.

O incumprimento por parte dunha persoa ou entidade das obrigas asumidas no documento individualizado de adhesión a que se refire o número 2 anterior suporá a súa exclusión do acordo co procedemento e garantías previstos no parágrafo anterior, e quedará sen efecto a autorización individual.

4. A Administración tributaria establecerá os requisitos e condicións para subscribir os acordos de colaboración social a que se refire o artigo 92.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. No ámbito de competencias do Estado, estableceranse mediante orde do ministro de Economía e Facenda.

Artigo 80. *Obxecto da colaboración social na aplicación dos tributos.*

O ministro de Economía e Facenda poderá establecer outros aspectos aos cales poida referirse a colaboración social na aplicación dos tributos, distintos dos previstos no artigo 92.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 81. *Utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na colaboración social.*

1. Cando se posibilite a realización das actuacións de colaboración social mediante a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos, será de aplicación o previsto nos artigos 82 a 86 deste regulamento, ambos os dous inclusive.

2. De acordo co previsto no artigo 92.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá establecer os requisitos e condicións para que a colaboración social se realice mediante a utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

No ámbito de competencias do Estado, o ministro de Economía e Facenda establecerá mediante orde ministerial os requisitos e condicións para a presentación e remisión de declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria mediante a utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no marco dos acordos de colaboración social.

SECCIÓN 3.^a UTILIZACIÓN DE MEDIOS ELECTRÓNICOS, INFORMÁTICOS E TELEMÁTICOS NAS ACTUACIÓNS E PROCEDIMENTOS TRIBUTARIOS

Artigo 82. *Utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas.*

Na utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos ou telemáticos deberá respectarse o dereito á protección de datos de carácter persoal nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, nas demais leis específicas que regulan o tratamento da información e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 83. *Identificación da Administración tributaria actuante.*

1. A Administración tributaria actuante nos procedementos e actuacións en que se utilicen técnicas e medios electrónicos, informáticos ou telemáticos poderá identificarse mediante sistemas de códigos ou sinaturas electrónicas, previamente aprobados polo órgano competente e publicado no boletín oficial que corresponda.

2. De igual modo, poderán ser identificados os órganos actuantes e os seus titulares, cando a natureza da actuación ou do procedemento así o requira. Así mesmo, garantirase o exercicio da súa competencia.

3. A Administración tributaria publicará no boletín oficial correspondente os códigos que sirvan para confirmar o establecemento con ela de comunicacións seguras en redes abertas polos cidadáns. As comunicacións en redes cerradas rexeranse polas súas regras específicas.

Artigo 84. *Actuación automatizada.*

1. En caso de actuación automatizada deberá establecerse previamente o órgano ou órganos competentes segundo os casos, para a definición de especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade do sistema de información. Así mesmo, indicárase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación.

2. En caso de actuación automatizada, a Administración tributaria deberá identificarse e garantir a autenticidade do exercicio da súa competencia, con algún dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

a) Selo electrónico de Administración pública, órgano ou entidade de dereito público baseado en certificado electrónico que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano ou entidade. Permitirase en todo caso a comprobación da autenticidade e integridade do documento accedendo por medios electrónicos aos arquivos do órgano ou organismo emisor.

Cada Administración tributaria determinará os supostos de utilización dun e doutro sistema de sinatura electrónica.

3. Para o desenvolvemento das actividades de asistencia aos obrigados tributarios, a Administración tributaria poderá establecer servizos automatizados, tales como a identificación telemática ante as entidades colaboradoras na recadación, a participación en procedementos de alleamento forzoso ou a posta á súa disposición de rexistros electrónicos de apoderamento ou representación.

Artigo 85. *Aprobación e difusión de aplicacións.*

1. Nos supostos de actuación automatizada a que se refire o artigo anterior, as aplicacións informáticas que efectúen tratamentos de información cuxo resultado sexa utilizado pola Administración tributaria para o exercicio das súas potestades e polas que se determine directamente o contido das actuacións administrativas, deberán ser previamente aprobadas mediante resolución do órgano que debe ser considerado responsable para efectos da impugnación dos correspondentes actos administrativos. Cando se trate de distintos órganos da Administración tributaria non relacionados xerarquicamente, a aprobación corresponderalle ao órgano superior xerárquico común da Administración tributaria de que se trate, sen prexuízo das facultades de delegación establecidas no ordenamento xurídico.

2. Os interesados poderán coñecer a relación das devanditas aplicacións mediante consulta na páxina web da Administración tributaria correspondente, que incluírá a posibilidade dunha comunicación segura conforme o previsto no artigo 83.3.

Artigo 86. *Equivalencia de soportes documentais.*

1. As copias realizadas en soporte de papel de documentos públicos administrativos emitidos por medios electrónicos e asinados electronicamente terán a consideración de copias auténticas, sempre que inclúan a impresión dun código seguro de verificación xerado electronicamente ou outros sistemas de verificación que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da Administración pública, órgano ou organismo emisor.

2. Os interesados poderán coñecer qué documentos se emiten cun código seguro de verificación ou outro sistema de verificación que permita a comprobación da autenticidade da súa copia impresa mediante o acceso electrónico aos arquivos do emisor. Para iso serán obxecto de publicación na páxina web da Administración tributaria correspondente.

3. As administracións tributarias poderán obter imaxes electrónicas de documentos, coa súa mesma validez e eficacia, mediante procesos de dixitalización que garantan a súa autenticidade, a integridade e a conservación do documento imaxe, do que se deixará constancia. En tal caso, poderá ser destruído o documento orixe salvo que unha norma legal ou regulamentaria imponha un específico deber de conservación.

4. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, calquera que sexa o tipo de información que conteñan.

O foliado dos expedientes electrónicos poderá levarse a cabo mediante un índice electrónico, asinado ou selado pola Administración, órgano ou entidade actuante, segundo proceda. Este índice garantizará a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, e será admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes electrónicos.

A remisión de expedientes poderá ser substituída para todos os efectos legais pola posta á disposición do expediente electrónico, e o interesado terá dereito a obter copia deste.

CAPÍTULO III

Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios

SECCIÓN 1.^a ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA

Subsección 1.^a *Iniciación das actuacións e procedementos tributarios*

Artigo 87. *Iniciación de oficio.*

1. A iniciación de oficio das actuacións e procedementos requirirá acordo do órgano competente para o seu inicio, por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior ou a petición razoada doutros órganos.

2. A iniciación do procedemento realizarase mediante comunicación que lle deberá ser notificada ao obrigado tributario ou mediante comparecencia.

Cando así estiver previsto, o procedemento poderase iniciar directamente coa notificación da proposta de resolución ou de liquidación.

3. A comunicación de inicio conterá, cando proceda, ademais do previsto no artigo 97.1 deste regulamento, o seguinte:

- a) Procedemento que se inicia.
- b) Obxecto do procedemento con indicación expresa das obrigas tributarias ou elementos destas e, de ser o caso, períodos impositivos ou de liquidación ou ámbito temporal.
- c) Requirimento que, de ser o caso, se formula ao obrigado tributario e prazo que se concede para a súa contestación ou cumprimento.
- d) Efecto interruptivo do prazo legal de prescrición.
- e) De ser o caso, a proposta de resolución ou de liquidación cando a Administración conte coa información necesaria para isto.
- f) De ser o caso, a indicación da finalización doutro procedemento de aplicación dos tributos, cando a devandita finalización derive da comunicación de inicio do procedemento que se notifica.

4. Salvo nos supostos de iniciación mediante comparecencia, concederáselle ao obrigado tributario un prazo non inferior a 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da comunicación de inicio, para que compareza, achegue a documentación requirida e a que considere conveniente, ou efectúe cantas alegacións teña por oportunas.

5. As declaracións ou autoliquidacións tributarias que presente o obrigado tributario unha vez iniciadas as actuacións ou procedementos, en relación coas obrigas tributarias e períodos obxecto da actuación ou procedemento, en ningún caso iniciarán un procedemento de devolución nin producirán os efectos previstos nos artigos 27 e 179.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo de que na liquidación que, de ser o caso, se practique se poida ter en conta a información contida nas devanditas declaracións ou autoliquidacións.

Así mesmo, os ingresos efectuados polo obrigado tributario con posterioridade ao inicio das actuacións ou procedementos, en relación coas obrigas tributarias e períodos obxecto do procedemento, terán carácter de ingresos á conta sobre o importe da liquidación que, de ser o caso, se practique, sen que esta circunstancia impida a apreciación das infraccións tributarias que poidan

corresponder. Neste caso, non haberá dereito a percibir xuros de demora sobre a cantidade ingresada desde o día seguinte a aquel en que se realizou o ingreso.

Artigo 88. *Iniciación por instancia do obrigado tributario.*

1. A iniciación dun procedemento por instancia do obrigado tributario poderá realizarse mediante autoliquidación, declaración, comunicación de datos, solicitude ou calquera outro medio previsto na normativa aplicable, que poderán ser presentados en papel ou por medios electrónicos, informáticos e telemáticos cando as posibilidades técnicas da Administración o permitan.

2. Cando o procedemento se inicie mediante solicitude, esta deberá conter, cando menos, os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal do obrigado tributario e, de ser o caso, do representante.
- b) Feitos, razóns e petición en que se concrete a solicitude.
- c) Lugar, data e sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio válido en dereito.
- d) Órgano ao cal se dirixe.

3. No caso de que se actúe por medio de representante deberá achegarse a documentación acreditativa da representación.

4. Cando o procedemento se inicie mediante solicitude, esta poderá incluír un domicilio para efectos de notificacións.

5. A Administración tributaria porá á disposición dos obrigados tributarios, cando fosen previamente aprobados, os modelos normalizados de autoliquidación, declaración, comunicación de datos, solicitude ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria, preferentemente por medios telemáticos, así como nas oficinas correspondentes para facilitarlles aos obrigados a achega dos datos e informacións requiridos ou para simplificar a tramitación do correspondente procedemento.

6. Cando os documentos a que se refire o número 1 se presenten en papel, o obrigado tributario poderá obter copia selada sempre que a achegue xunto aos orixinais. Na devandita copia farase constar o lugar, a data e a hora de presentación.

7. Cando o interesado efectúe a presentación dos documentos a que se refiren os números anteriores mediante soportes, medios ou aplicacións informáticas, electrónicas ou telemáticas, deberanse consignar aqueles datos exixidos pola Administración tributaria para a iniciación do procedemento.

Nestes casos, a carta de recepción expedirase de acordo coas características do soporte, medio ou aplicación utilizados.

Cando se achegue documentación anexa á presentada por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos e o sistema non permita a achega directa, o obrigado deberá presentala en calquera dos rexistros administrativos previstos na normativa aplicable no prazo de 10 días, contados desde o da presentación, sen necesidade de requirimento administrativo previo para o efecto, salvo que a normativa específica estableza un lugar ou prazo distinto. Na devandita documentación identificarase debidamente a solicitude ou comunicación presentada por medios ou técnicas electrónicas, informáticos ou telemáticos.

Artigo 89. *Emenda.*

1. Se o documento de iniciación non reúne os requisitos que se sinalan nos números 2 e 3 do artigo anterior

e os exixidos, de ser o caso, pola normativa específica aplicable, requirirase o interesado para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer así, se terá por desistido e se procederá ao arquivo sen máis trámite.

2. Todas as recepcións por medios e técnicas electrónicos, informáticos e telemáticos serán provisionais a resultados do seu procesamento. Cando non se axusten ao deseño e demais especificacións establecidas pola normativa aplicable, requirirase o declarante para que no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emende os defectos de que padeza. Transcorrido o devandito prazo sen atender o requirimento, de persistiren anomalías que lle impidan á Administración tributaria o coñecemento dos datos, terase, de ser o caso, por desistido da súa petición ou por non cumprida a obriga correspondente e procederase ao arquivo sen máis trámite.

3. Cando os requirimentos de emenda a que se refiren os números anteriores fosen atendidos en prazo pero non se entendan emendados os defectos observados, deberá notificarse o arquivo.

Subsección 2.^a Tramitación das actuacións e procedementos tributarios

Artigo 90. Lugar e horario das actuacións de aplicación dos tributos.

1. As actuacións que se desenvolvan nas oficinas públicas realizaranse dentro do horario oficial de apertura ao público e, en todo caso, dentro da xornada de traballo.

2. Se as actuacións se desenvolven nos locais do obrigado tributario, respectarase a xornada laboral de oficina ou da actividade que se realice neles. Cando medie o consentimento do obrigado tributario, as actuacións poderán realizarse fóra da xornada laboral de oficina ou da actividade.

3. Cando se dispoña de autorización xudicial para a entrada no domicilio do obrigado tributario constitucionalmente protexido, as actuacións axustaranse ao que dispoña a autorización en relación coa xornada e o horario para realízalas.

4. Cando o obrigado tributario for unha persoa con discapacidade ou con mobilidade reducida, as actuacións e procedementos de aplicación dos tributos desenvólvense no lugar que resulte máis apropiado de entre os previstos nos números 1 e 2 deste artigo.

Artigo 91. Ampliación e aprazamento dos prazos de tramitación.

1. O órgano a que lle corresponda a tramitación do procedemento poderá conceder, por petición dos obrigados tributarios, unha ampliación dos prazos establecidos para o cumprimento de trámites que non exceda a metade dos devanditos prazos.

2. Non se concederá máis dunha ampliación do prazo respectivo.

3. Para que a ampliación poida outorgarse serán necesarios os seguintes requisitos:

- Que se solicite con anterioridade aos tres días previos á finalización do prazo que se pretende ampliar.
- Que se xustifique a concorrencia de circunstancias que o aconsellen.
- Que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

4. A ampliación entenderase automaticamente concedida pola metade do prazo inicialmente fixado coa presentación en prazo da solicitude, salvo que se notifique de

forma expresa a denegación antes da finalización do prazo que se pretenda ampliar.

A notificación expresa da concesión da ampliación antes da finalización do prazo inicialmente fixado poderá establecer un prazo de ampliación distinto e inferior ao previsto no parágrafo anterior.

5. Cando o obrigado tributario xustifique a concorrencia de circunstancias que lle impidan comparecer no lugar, día e hora que lle fixasen, poderá solicitar un aprazamento dentro dos tres días seguintes ao da notificación do requirimento. No suposto de que a circunstancia que impida a comparecencia se produza transcorrido o citado prazo de tres días, poderase solicitar o aprazamento antes da data sinalada para a comparecencia.

En tales casos, sinalarase a nova data para a comparecencia.

6. O acordo de concesión ou a denegación da ampliación ou do aprazamento non serán susceptibles de recurso ou reclamación económico-administrativa.

Artigo 92. Achega de documentación e ratificación de datos de terceiros.

1. Cando se lle realicen requirimentos de datos, informes, antecedentes e xustificantes ao obrigado tributario que estea a ser obxecto do procedemento de aplicación dos tributos, de acordo coas facultades establecidas na normativa reguladora do procedemento, os devanditos requirimentos non poderán ser impugnados mediante recurso ou reclamación económico-administrativa independente, sen prexuízo dos recursos que procedan contra o acto administrativo ditado como consecuencia do correspondente procedemento.

2. Cando nun procedemento de aplicación dos tributos o obrigado tributario alegue a inexactitude ou falsidade dos datos incluídos en declaracións ou contestacións a requirimentos efectuados en cumprimento da obriga de subministración de información recollida nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberá efectuar a devandita alegación no prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte a aquel en que os devanditos datos lle sexan postos de manifesto pola Administración tributaria mediante comunicación ou dilixencia.

Artigo 93. Coñecemento polos obrigados tributarios do estado de tramitación dos procedementos.

1. Os obrigados tributarios que estean a ser obxecto dun procedemento poderán solicitar en calquera momento información do estado en que se encontra a tramitación do devandito procedemento.

2. A información deberase solicitar de forma que quede constancia do nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal da persoa ou entidade que a solicita, así como a sinatura do obrigado tributario ou a acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera outro medio.

A información facilitarase preferentemente polo mesmo medio utilizado polo interesado e indicará a fase en que se encontra o procedemento, o último trámite realizado e a data en que se cumpríu.

Artigo 94. Acceso a arquivos e rexistros administrativos.

1. Os obrigados tributarios que fosen parte no procedemento poderán acceder aos rexistros e documentos que formen parte dun expediente concluído nos termos e coas condicións establecidos no artigo 99.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. O órgano que tramitou o expediente resolverá sobre a petición de acceso no prazo máximo dun mes. Transcorrido este prazo sen que de forma expresa se responda á petición de acceso, esta poderá entenderse desestimada.

Se a resolución for estimatoria deixarase constancia no expediente do devandito acceso.

3. O dereito de acceso levará consigo o de obter copia dos documentos cuxo exame sexa autorizado nos termos previstos no artigo seguinte.

4. Cando os documentos que formen o expediente estean almacenados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, facilitaráselle o acceso ao interesado polos devanditos medios sempre que as disponibilidades técnicas o permitan, de acordo coas especificacións e garantías que se determinen e co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 95. *Obtención de copias.*

1. O obrigado tributario poderá obter á custa súa, solicitándoo previamente, unha copia dos documentos que figuren no expediente, nos termos establecidos no artigo 99 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante a posta de manifesto do expediente, cando se realice o acceso a arquivos e rexistros administrativos de expedientes concluídos ou en calquera momento no procedemento de constrinximento. Poderanse facer extractos dos xustificantes ou documentos ou utilizar outros métodos que permitan manter a confidencialidade daqueles datos que non afecten o obrigado tributario.

2. O órgano competente entregará as copias nas súas oficinas e recollerá en dilixencia a relación dos documentos cuxa copia se entrega, o número de folios e a recepción polo obrigado tributario.

3. Cando conste a concorrencia dalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 99.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, denegarase a obtención de copias mediante resolución motivada.

4. Naqueles casos en que os documentos que consten no arquivo ou expediente correspondente estean almacenados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, as copias facilitaranse preferentemente polos devanditos medios ou nos soportes adecuados a tales medios, sempre que as disponibilidades técnicas o permitan.

Artigo 96. *Trámites de audiencia e de alegacións.*

1. Durante o trámite de audiencia poráselle de manifesto ao obrigado tributario o expediente, que incluírá as actuacións realizadas, todos os elementos de proba que consten en poder da Administración e os informes emitidos por outros órganos. Así mesmo, incorporaranse as alegacións e os documentos que os obrigados tributarios teñen dereito a presentar en calquera momento anterior ao trámite de audiencia, que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución ou de liquidación.

No devandito trámite, o obrigado tributario poderá obter copia dos documentos do expediente, achegar novos documentos e xustificantes, e efectuar as alegacións que considere oportunas.

Nos procedementos en que se prescinda do trámite de audiencia por estar previsto un trámite de alegacións posterior á proposta de resolución ou de liquidación, a Administración tributaria notificaralle ao obrigado a devandita proposta para que efectúe as alegacións que considere oportunas e no devandito trámite será de aplicación o disposto nos parágrafos anteriores.

2. Se antes do vencemento do prazo de audiencia ou, de ser o caso, de alegacións, o obrigado tributario manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos nin xustificantes, terase por realizado o trámite e deixarase constancia no expediente da devandita circunstancia.

3. Poderase prescindir do trámite de audiencia ou, de ser o caso, do prazo para formular alegacións, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polo interesado.

Cando, de acordo co previsto no parágrafo anterior, se prescinda do prazo para formular alegacións, prescindiase, así mesmo, da notificación ao obrigado tributario da proposta de resolución ou de liquidación.

4. Unha vez realizado o trámite de audiencia ou, de ser o caso, o de alegacións non se poderá incorporar ao expediente máis documentación acreditativa dos feitos, salvo que se demostre a imposibilidade de achegala antes da finalización do devandito trámite, sempre que se acheguen antes de ditar a resolución.

5. Concluído o trámite de audiencia ou, de ser o caso, o de alegacións, o órgano competente para a tramitación elevaralle ao órgano competente para resolver, logo de valoración das alegacións que, de ser o caso, se efectuasen, a proposta de resolución ou de liquidación.

Subsección 3.^a Documentación das actuacións e procedementos tributarios

Artigo 97. *Comunicacións.*

1. As comunicacións a que se fai referencia no artigo 99.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, conterán mención expresa, cando menos, dos seguintes datos:

- a) Lugar e data da súa expedición.
- b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal da persoa ou entidade a que se dirixe.
- c) Lugar ao cal se dirixe.
- d) Feitos ou circunstancias que se comunican ou contido do requirimento que se realiza mediante a comunicación.
- e) Órgano que a expide e nome e apelidos e sinatura da persoa que a emite.

2. Cando a comunicación sirva para notificarlle ao obrigado tributario o inicio dunha actuación ou procedemento, o contido incluírá, ademais, o previsto no artigo 87.3 deste regulamento.

3. As comunicacións notificaránselle ao obrigado e deberá quedar unha copia en poder da Administración.

Artigo 98. *Dilixencias.*

1. Nas dilixencias a que fai referencia o artigo 99.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, faranse constar necesariamente os seguintes extremos:

- a) Lugar e data da súa expedición.
- b) Nome e apelidos e sinatura da persoa ao servizo da Administración tributaria interveniente.
- c) Nome e apelidos e número de identificación fiscal e sinatura da persoa coa que, de ser o caso, se entendan as actuacións, así como o carácter ou representación con que intervén.
- d) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do obrigado tributario ao cal se refiren as actuacións.
- e) Procedemento ou actuación en cuxo curso se expide.
- f) Feitos e circunstancias que se fagan constar.

g) As alegacións ou manifestacións con relevancia tributaria realizadas, de ser o caso, polo obrigado tributario, entre as cales deberá figurar a conformidade ou non cos feitos e circunstancias que se fan constar.

2. Nas dilixencias poderanse facer constar, entre outros, os seguintes contidos:

a) A iniciación da actuación ou procedemento e as comunicacións e requirimentos que se lles efectúen aos obrigados tributarios.

b) Os resultados das actuacións de obtención de información.

c) A adopción de medidas cautelares no curso do procedemento e a descrición destas.

d) Os feitos resultantes da comprobación das obrigas.

e) A representación outorgada mediante declaración en comparecencia persoal do obrigado tributario ante o órgano administrativo competente.

3. Nas dilixencias poderanse facer constar os feitos e circunstancias determinantes da iniciación doutro procedemento ou que deban ser incorporados noutro xa iniciado e, entre outros:

a) As accións ou omisións que puideren ser constitutivas de infraccións tributarias.

b) As accións ou omisións que puideren ser constitutivas de delitos non perseguibles unicamente por instancia da persoa agraviada.

c) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal daqueles que poidan ser responsables solidarios ou subsidiarios da débeda e da sanción tributaria, así como as circunstancias e antecedentes que puideren ser determinantes da responsabilidade.

d) Os feitos determinantes da iniciación dun procedemento de comprobación do domicilio fiscal.

e) Os feitos que puideren infrinxir a lexislación mercantil, financeira ou outras.

f) Os feitos que puideren ser transcendentales para outros órganos da mesma ou doutra Administración.

g) O resultado das actuacións de comprobación realizadas con entidades dependentes integradas nun grupo que tributen en réxime de consolidación fiscal.

Artigo 99. *Tramitación das dilixencias.*

1. As dilixencias poderanse tramitar sen suxeición a un modelo preestablecido. Non obstante, cando for posible, plasmaranse no modelo establecido pola correspondente Administración tributaria.

2. De cada dilixencia redactaranse, cando menos, dous exemplares, que serán asinados polo persoal ao servizo da Administración tributaria que practique as actuacións e pola persoa ou persoas coas cales se entenden estas. Cando a devandita persoa se negar a asinar a dilixencia ou non puider facelo, farase constar así nela, sen prexuízo da entrega do duplicado correspondente.

Das dilixencias que se redacten entregaráselle sempre un exemplar á persoa coa cal se entendan as actuacións. De se negar a recibir a dilixencia, farase constar así nela, e, de ser o caso, considerarase un rexeitamento para efectos do previsto no artigo 111 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Cando a natureza das actuacións cuxo resultado se reflecta nunha dilixencia non requira a presenza de ningunha persoa para a súa realización, a dilixencia será asinada polo persoal ao servizo da Administración que realice a actuación, e desta remitiráselle un exemplar ao

obrigado tributario ou poráselle de manifesto no correspondente trámite de audiencia ou de alegacións.

3. As dilixencias incorporaranse ao respectivo expediente.

4. Cando as dilixencias recollan feitos ou circunstancias que poidan ter incidencia noutro procedemento de aplicación dos tributos ou sancionador iniciados ou que se poidan iniciar remitirase copia ao órgano competente que en cada caso corresponda.

Artigo 100. *Informes.*

1. De acordo co disposto no artigo 99.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os órganos da Administración tributaria emitirán os informes que sexan preceptivos, os que resulten necesarios para a aplicación dos tributos e os que lles sexan solicitados, sempre que neste último caso se fundamente a conveniencia de solicitalos.

2. En particular, os órganos de aplicación dos tributos deberán emitir informe nos seguintes supostos:

a) Cando se complementen as dilixencias que recollan feitos ou condutas que puideren ser constitutivos de infraccións tributarias e non lle corresponda ao mesmo órgano a tramitación do procedemento sancionador.

b) Cando se aprecien indicios de delito contra a Facenda pública e se remita o expediente ao órgano xudicial competente ou ao Ministerio Fiscal.

Subsección 4.ª Terminación das actuacións e procedementos tributarios

Artigo 101. *Resolución.*

1. Unha vez concluída a tramitación do procedemento, o órgano competente ditará a resolución, que será motivada nos supostos que dispoña a normativa aplicable, e decidirá todas as cuestións formuladas propias de cada procedemento e aquelas outras que deriven del.

2. A resolución deberá conter mención expresa do nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do obrigado tributario, da data, da identificación do órgano que dita a resolución, do dereito ou obriga tributaria obxecto do procedemento e, de ser o caso, dos feitos e fundamentos de dereito que a motivan.

3. Cando a resolución conteña unha liquidación será de aplicación o disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e incluírá, cando proceda, os xuros de demora correspondentes.

4. O incumprimento dos prazos máximos de terminación dos procedementos producirá os efectos previstos na súa normativa específica ou, no seu defecto, os previstos no artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da obriga da Administración de ditar resolución expresa cando proceda.

Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior só poderá ser confirmatoria deste.

Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

5. Os efectos do silencio administrativo entenderanse sen prexuízo da facultade da Administración de proceder á comprobación ou investigación da situación tributaria dos obrigados tributarios, con relación á concorrencia das condicións e requisitos de beneficios fiscais de acordo co disposto no artigo 115.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

6. Cando un procedemento de aplicación dos tributos finalice como consecuencia do inicio doutro procedemento, para os únicos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do seu prazo máximo de duración a terminación do primeiro procedemento, será suficiente realizar un intento de notificación da comunicación de inicio do segundo procedemento.

De terse iniciado un procedemento sancionador como consecuencia dun procedemento de aplicación dos tributos e este último ter finalizado como consecuencia do inicio doutro procedemento de aplicación dos tributos, o procedemento sancionador terminará mediante resolución expresa na cal se declarará a devandita circunstancia, sen prexuízo de que posteriormente se poida iniciar un novo procedemento sancionador derivado do procedemento de aplicación dos tributos iniciado con posterioridade.

As actuacións realizadas no curso dun procedemento de aplicación dos tributos ou dun procedemento sancionador que terminasen da forma prevista neste punto, así como os documentos e outros elementos de proba obtidos nos devanditos procedementos, conservarán a súa validez e eficacia para efectos probatorios nos procedementos de aplicación dos tributos ou sancionadores que poidan iniciarse con posterioridade, sempre que o seu exame poida realizarse de acordo co disposto na normativa reguladora do procedemento.

Artigo 102. *Cómputo dos prazos máximos de resolución.*

1. Para efectos do disposto no artigo 104.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase por rexistro do órgano competente para a tramitación do procedemento o rexistro do órgano que resulte competente para iniciar a tramitación de acordo co disposto no artigo 59 deste regulamento ou na normativa específica do procedemento.

2. Os períodos de interrupción xustificada e as dilacións por causa non imputable á Administración non se incluírán no cómputo do prazo de resolución do procedemento, con independencia de que afecten todos ou algún dos elementos das obrigas tributarias e períodos obxecto do procedemento.

3. Os períodos de interrupción xustificada e as dilacións non imputables á Administración tributaria acreditados durante o procedemento de aplicación dos tributos ou de imposición de sancións seguidos fronte ao debedor principal consideraranse, cando concorran no tempo co procedemento de declaración de responsabilidade, períodos de interrupción xustificada e dilacións non imputables á Administración tributaria para efectos do cómputo do prazo de resolución do procedemento de declaración de responsabilidade.

4. Os períodos de interrupción xustificada e as dilacións por causa non imputable á Administración deberán documentarse adecuadamente para a súa constancia no expediente.

5. Para efectos do cómputo do prazo de duración do procedemento, os períodos de interrupción xustificada e as dilacións por causa non imputable á Administración contaránse por días naturais.

6. O obrigado tributario terá dereito, conforme o disposto no artigo 93 deste regulamento, a coñecer o estado do cómputo do prazo de duración e a existencia das circunstancias previstas nos artigos 103 e 104 deste regulamento con indicación das datas de inicio e fin de cada interrupción ou dilación, sempre que o solicite expresamente.

7. Os períodos de interrupción xustificada e as dilacións por causa non imputable á Administración non impedirán a práctica das actuacións que durante a devandita situación puideren desenvolverse.

Artigo 103. *Períodos de interrupción xustificada.*

Para efectos do disposto no artigo 104.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, consideraranse períodos de interrupción xustificada os orixinados nos seguintes supostos:

a) Cando se pidan datos, informes, ditames ou valoracións a outros órganos ou unidades administrativas da mesma ou doutras Administracións, polo tempo que transcorra desde a remisión da petición ata a recepción daqueles polo órgano competente para continuar o procedemento, sen que a interrupción por este concepto poida exceder, para todas as peticións de datos, informes, ditames ou valoracións que puideren efectuarse, os seis meses. Cando se trate de solicitudes formuladas a outros Estados, este prazo será de 12 meses.

b) Cando, de acordo co establecido no artigo 180.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se remita o expediente ao Ministerio Fiscal ou á xurisdición competente, polo tempo que transcorra desde a devandita remisión ata que, de ser o caso, se produza a recepción do expediente devolto ou da resolución xudicial polo órgano competente para continuar o procedemento.

c) Cando se lle solicite á Comisión consultiva o informe preceptivo a que se refire o artigo 159 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo tempo que transcorra desde a notificación ao interesado a que se refire o artigo 194.2 deste regulamento ata a recepción do informe polo órgano competente para continuar o procedemento ou ata o transcurso do prazo máximo para a súa emisión.

d) Cando a determinación ou imputación da obriga tributaria dependa directamente de actuacións xudiciais no ámbito penal, polo tempo transcorrido desde que se teña coñecemento da existencia das devanditas actuacións e se deixe constancia deste feito no expediente ou desde que se remita o expediente á xurisdición competente ou ao Ministerio Fiscal ata que sexa coñecida a resolución polo órgano competente para continuar o procedemento. Non obstante, cando sexa posible e resulte procedente, poderán practicarse liquidacións provisionais de acordo co disposto no artigo 101.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

e) Cando concorra algunha causa de forza maior que obrigue a Administración a interromper as súas actuacións, polo tempo de duración da devandita causa. Non obstante, cando sexa posible e resulte procedente, poderán practicarse liquidacións provisionais de acordo co disposto no artigo 101.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

f) Cando se promova o conflito de competencias ante as xuntas arbitrais previstas nos artigos 24 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, 66 da Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico entre o Estado e a Comunidade Autónoma do País Vasco, e 51 da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, polo tempo que transcorra desde a formulación do conflito ata a resolución ditada pola respectiva xunta arbitral.

Artigo 104. *Dilacións por causa non imputable á Administración.*

Para efectos do disposto no artigo 104.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, consideraranse dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración tributaria, entre outras, as seguintes:

a) Os atrasos por parte do obrigado tributario a que se refira o procedemento no cumprimento de compare-

cencias ou requirimentos de achega de documentos, antecedentes ou información con transcendencia tributaria formulados pola Administración tributaria. A dilación computarase desde o día seguinte ao da data fixada para a comparecencia ou desde o día seguinte ao da fin do prazo concedido para a atención do requirimento ata o cumprimento íntegro do solicitado. Os requirimentos de documentos, antecedentes ou información con transcendencia tributaria que non figuren integramente cumpridos non se terán por atendidos para efectos deste cómputo ata que se cumpran debidamente, o que se lle advertirá ao obrigado tributario, salvo que a normativa específica estableza outra cousa.

b) A achega polo obrigado tributario de novos documentos e probas unha vez realizado o trámite de audiencia ou, de ser o caso, de alegacións. A dilación computarase desde o día seguinte ao de finalización do prazo do devandito trámite ata a data en que se acheguen. Cando os documentos fosen requiridos durante a tramitación do procedemento aplicarase o disposto na alínea a) anterior.

c) A concesión pola Administración da ampliación de calquera prazo, así como a concesión do aprazamento das actuacións solicitado polo obrigado, polo tempo que medie desde o día seguinte ao da finalización do prazo previsto ou a data inicialmente fixada ata a data fixada en segundo lugar.

d) A paralización do procedemento iniciado por instancia do obrigado tributario pola falta de cumprimento dalgún trámite indispensable para ditar resolución, polo tempo que transcorra desde o día seguinte a aquel en que se considere incumplido o trámite ata o seu cumprimento polo obrigado tributario, sen prexuízo da posibilidade de que poida declararse a caducidade, logo de advertencia ao interesado.

e) O atraso na notificación das propostas de resolución ou de liquidación ou na notificación do acordo polo que se ordena completar actuacións a que se refire o artigo 156.3.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo tempo que transcorra desde o día seguinte a aquel en que se realizase un intento de notificación ata que a devandita notificación se produciuse.

f) A achega polo obrigado tributario de datos, documentos ou probas relacionados coa aplicación do método de estimación indirecta desde que se deixe constancia no expediente, nos termos establecidos no artigo 158.3.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

g) A presentación polo obrigado tributario de declaracións reguladas no artigo 128 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de comunicacións de datos ou de solicitudes de devolución complementarias ou substitutivas doutras presentadas con anterioridade. A dilación computarase desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da declaración, comunicación de datos ou solicitude de devolución ou desde o día seguinte ao da presentación nos supostos de presentación fóra de prazo ata a presentación da declaración, comunicación de datos ou solicitude de devolución, complementaria ou substitutiva.

SECCIÓN 2.^a INTERVENCIÓN DOS OBRIGADOS NAS ACTUACIÓNS E PROCEDIMENTOS TRIBUTARIOS

Subsección 1.^a *Persoas coas cales deben entenderse as actuacións administrativas*

Artigo 105. *Actuacións relativas a obrigados tributarios do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a entidades sometidas a un réxime de imputación de rendas.*

1. Tratándose de entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as actuacións de comprobación ou investigación que teñan por

obxecto examinar o adecuado cumprimento das súas obrigas tributarias, incluídas as de carácter formal, desenvolveranse con quen teña a súa representación de acordo co establecido no artigo 45.3 da devandita lei.

As liquidacións que, de ser o caso, procedan practícanse a nome da entidade, sen prexuízo da responsabilidade solidaria dos partícipes, membros ou cotitulares das devanditas entidades.

O exame do adecuado cumprimento das obrigas relativas ao tributo que grave as rendas obtidas polas entidades en réxime de atribución de rendas realizarase no curso dos procedementos de comprobación ou investigación que poidan instruírse fronte a cada socio, herdeiro, comuneiro ou partícipe como obrigado tributario polo devandito tributo. Neses procedementos poderán utilizarse os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das actuacións de comprobación ou investigación das obrigas propias da entidade.

2. A comprobación da situación tributaria das unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico e demais entidades obrigadas a imputar rendas desenvolverase con estas, sen prexuízo do dereito dos seus socios ou membros a opor todos os motivos de impugnación que consideren convenientes durante a tramitación do procedemento de comprobación ou investigación que se instrúa fronte a cada un deles no cal se teñan en conta os resultados das actuacións desenvolvidas coa entidade.

Artigo 106. *Actuacións en caso de solidariedade no pre-suposto de feito da obriga.*

1. No suposto previsto no artigo 35.6, parágrafo primeiro, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as actuacións e procedementos poderán realizarse con calquera dos obrigados tributarios que concorran no pre-suposto de feito da obriga obxecto das actuacións ou procedementos.

2. Unha vez iniciado un procedemento de comprobación ou investigación, deberáselles comunicar esta circunstancia aos demais obrigados tributarios coñecidos, que poderán comparecer nas actuacións. O procedemento será único e continuará cos que comparecesen. As sucesivas actuacións desenvolveranse con quen proceda en cada caso.

3. As resolucións que se diten ou as liquidacións que, de ser o caso, se practiquen realizaranse a nome de todos os obrigados tributarios que comparecesen e notificaráselles aos demais obrigados tributarios coñecidos.

Artigo 107. *Actuacións con sucesores.*

1. No caso de actuacións ou procedementos relativos a persoas físicas falecidas ou a persoas xurídicas ou demais entidades disoltas ou extinguidas, deberán actuar ante a Administración as persoas ás cales, de acordo co disposto nos artigos 39 e 40 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se lles transmitan os correspondentes dereitos, obrigas e, de ser o caso, sancións tributarias.

2. A Administración tributaria poderá desenvolver as actuacións ou os procedementos con calquera dos sucesores.

3. Unha vez iniciado un procedemento de comprobación ou investigación, deberáselles comunicar esta circunstancia aos demais sucesores coñecidos, que poderán comparecer nas actuacións. O procedemento será único e continuará cos que comparecesen. As sucesivas actuacións desenvolveranse con quen proceda en cada caso.

4. As resolucións que se diten ou as liquidacións que, de ser o caso, se practiquen realizaranse a nome de

todos os obrigados tributarios que comparecesen e notificaránselles aos demais obrigados tributarios coñecidos.

5. No caso de a herdanza se encontrar xacente, será de aplicación o disposto no artigo 39.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

6. Cando nos procedementos cuxas actuacións se entendan cos sucesores dun obrigado tributario deba practicarse unha devolución, deberá acreditarse a proporción que a cada un corresponda de acordo co disposto na lexislación específica, para efectos de proceder ao recoñecemento do dereito e ao pagamento ou compensación da devolución, excepto cando se trate de herdanzas xacentes debidamente identificadas, caso en que se recoñecerá e aboará a devolución á herdanza xacente.

Artigo 108. *Actuacións en supostos de liquidación ou concurso.*

1. No caso de entidades en fase de liquidación, cando as actuacións administrativas teñan lugar antes da extinción da personalidade xurídica destas, as devanditas actuacións entenderanse cos liquidadores. Disolta e liquidada a entidade, sen prexuízo do disposto no artigo anterior, incumbe aos liquidadores comparecer ante a Administración se son requiridos para iso en canto representantes anteriores da entidade e custodios, de ser o caso, dos libros e da documentación desta. Se os libros e a documentación se acharen depositados nun rexistro público, o órgano competente poderaos examinar no devandito rexistro e poderá requirir a comparecencia dos liquidadores cando for preciso para as devanditas actuacións.

2. Nos supostos de concurso, as actuacións administrativas entenderanse co propio concursado cando o xuíz non acordase a suspensión das súas facultades de administración e disposición e, en calquera caso, cos administradores concursais como representantes do concursado ou na súa función de intervención, de acordo co establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 109. *Actuacións relativas a obrigados tributarios non residentes.*

1. No caso de obrigados tributarios non residentes que operen en España mediante establecemento permanente, as actuacións da Administración realizaranse co representante designado polo obrigado tributario, de acordo co establecido no artigo 47 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

No caso de incumprimento da obriga de nomear representante, a Administración tributaria poderá considerar representante do establecemento permanente a persoa que figure como tal no Rexistro Mercantil. De non haber representante nomeado ou inscrito, ou ser unha persoa distinta da que estea facultada para contratar en nome daqueles, a Administración tributaria poderá considerar como tal a este último.

No caso de incumprimento da obriga de nomeamento de representante exigible ás persoas ou entidades residentes en países ou territorios cos cales non exista un efectivo intercambio de información tributaria, de acordo co disposto no número 3 da disposición adicional primeira da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, a Administración tributaria poderá considerar que o seu representante é o depositario ou xestor dos bens ou dereitos dos obrigados tributarios.

2. No caso de tributos que deban satisfacer os obrigados tributarios non residentes que operen en España sen establecemento permanente, as actuacións poderán entenderse co obrigado tributario non residente, co representante, de ser o caso, designado para o efecto ou,

cando a lei así o prevexa, co responsable solidario co cal poidan realizarse as actuacións directamente. Neste último suposto, as liquidacións poderánselle practicar directamente ao responsable solidario, o cal poderá utilizar todos os motivos de impugnación que deriven da liquidación practicada ou da responsabilidade a el exixida.

Subsección 2.^a A representación nos procedementos tributarios

Artigo 110. *A representación legal.*

1. As persoas físicas que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria actuarán ante a Administración tributaria mediante os seus representantes legais. Non obstante, unha vez adquirida ou recuperada a capacidade de obrar polas persoas que carecían dela, estas actuarán por si mesmas ante a Administración tributaria, incluso para a comprobación da situación tributaria en que carecían dela.

Os que tiveron a súa representación legal deberán comparecer así mesmo por requirimento da Administración tributaria, no seu propio nome sen vincular a quen representaron.

2. Polas persoas xurídicas e entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberán actuar as persoas ás cales lles corresponda a representación no momento da actuación administrativa.

Aqueles que tiveron a devandita representación cando se xeraron ou deberon cumprirse as correspondentes obrigas ou deberes deberán comparecer, por requirimento da Administración tributaria, no seu propio nome, sen vincular a persoa xurídica ou entidade.

3. O representante legal deberá acreditar a súa condición ante a Administración tributaria. Non obstante, poderán ser consideradas representantes aquelas persoas que figuren inscritas como tales nos correspondentes rexistros públicos.

4. Cando no curso dun procedemento de aplicación dos tributos se modifique ou se extinga a representación legal, as actuacións realizadas reputaranse válidas e eficaces mentres non se comunique tal circunstancia ao órgano da Administración tributaria que leve a cabo as actuacións.

Artigo 111. *A representación voluntaria.*

1. A representación será conferida, no caso de persoas físicas con capacidade de obrar, por elas mesmas.

No caso de persoas físicas sen capacidade de obrar na orde tributaria, de persoas xurídicas e das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a representación voluntaria poderá ser conferida por aqueles que teñan a representación legal e esta o permita.

A representación poderá ser outorgada en favor de persoas xurídicas ou de persoas físicas con capacidade de obrar.

2. Para os efectos do disposto no artigo 46.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase outorgada a representación, entre outros, nos seguintes casos:

a) Cando a súa existencia conste inscrita e vixente nun rexistro público.

b) Cando conste en documento público ou documento privado con sinatura lexitimada notarialmente.

c) Cando se outorgue mediante comparecencia persoal ante o órgano administrativo competente, o que se documentará en dilixencia.

d) Cando conste no documento normalizado de representación aprobado pola Administración tributaria que se puxese á disposición, de ser o caso, de quen deba outorgar a representación. Nestes supostos, o representante responderá coa súa sinatura da autenticidade do seu representado.

e) Cando a representación conste en documento emitido por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos coas garantías e requisitos que sexan establecidos pola Administración tributaria.

3. En todos os supostos de representación deberán constar, polo menos, as seguintes mencións:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do representado e do representante, así como a sinatura de ambos os dous. Cando a representación se outorgue en documento público non será necesaria a sinatura do representante.

b) Contido da representación, así como a amplitude e suficiencia desta.

c) Lugar e data do seu outorgamento.

d) No caso de representación voluntaria outorgada polo representante legal do obrigado tributario, deberá acreditarse a representación legal.

4. Para as actuacións previstas no artigo 46.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase acreditada a representación nos seguintes casos:

a) Cando a representación se fixese figurar expresamente na declaración, autoliquidación, comunicación de datos ou solicitude que sexa obxecto do procedemento.

b) Cando a representación conferida resulte dos propios actos ou da conduta observada polo obrigado tributario en relación coas actuacións desenvolvidas.

5. A revogación da representación non suporá a nulidade das actuacións practicadas co representante antes de que se acredite esta circunstancia ao órgano actuante. A partir do devandito momento, considerarase que o obrigado tributario non comparece ante a Administración tributaria nin atende os requirimentos desta ata que nomee un novo representante ou a atenda persoalmente.

6. A renuncia á representación non terá efectos ante o órgano actuante ata que non se acredite que a devandita renuncia se lle comunicou de forma fidedigna ao representado.

7. No ámbito alfandegueiro, será aplicable o previsto neste artigo sen prexuízo do establecido no Real decreto 1889/1999, do 13 de decembro, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións en alfándega, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 112. *Disposicións comúns á representación legal e voluntaria.*

1. A representación deberá acreditarse na primeira actuación que se realice por medio de representante, aínda que a súa falta ou insuficiencia non impedirá que se teña por realizado o acto ou trámite de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, que deberá conceder para estes efectos o órgano administrativo.

En todo caso, poderase exixir que a persoa ou persoas coas cales se realicen as actuacións acrediten a súa identidade e o concepto en que actúen.

No suposto de que o representante non acredite a representación, o acto terase por non realizado ou o obrigado tributario por non comparecido para cantos efectos

procedan, salvo que as actuacións realizadas no seu nome sexan ratificadas polo obrigado tributario.

2. Entenderanse ratificadas as actuacións do representante en caso de falta ou insuficiencia do poder de representación nos seguintes supostos:

a) Cando o obrigado tributario impugne os actos ditados no procedemento no que aquel interviñese sen alegar esta circunstancia.

b) Cando o obrigado tributario efectúe o ingreso ou solicite o aprazamento, fraccionamento ou compensación da débeda tributaria ou da sanción que derive do procedemento. Non obstante, nestes casos non se entenderá emendada a falta ou insuficiencia do poder de representación cando se presentase recurso ou reclamación económico-administrativa no que se alegue a devandita falta ou insuficiencia.

3. Cando nun procedemento tributario se actúe mediante representante farase constar expresamente esta circunstancia en cantas dilixencias e actas se redacten e unirse ao expediente o documento acreditativo da representación. De a representación terse outorgado mediante documento público abondará a referencia a este e unirse ao expediente unha copia simple ou fotocopia con dilixencia de cotexo.

4. As actuacións tributarias realizadas co representante do obrigado tributario entenderanse efectuadas directamente con este último.

As manifestacións feitas pola persoa que comparecese sen poder suficiente terán o valor probatorio que proceda de acordo a dereito.

5. Acreditada ou presumida a representación, correspóndelle ao representado probar a súa inexistencia, sen que poida alegar como fundamento da nulidade do actuado aqueles vicios ou defectos causados por el.

6. Cando na resolución dun recurso ou reclamación económico-administrativa se anule a resolución ou a liquidación administrativa por falta ou insuficiencia do poder de representación, ordenarase a retroacción das actuacións ao momento en que se debeu acreditar a representación ou se achegou o poder que se considera insuficiente e conservarán a súa validez as actuacións e probas do procedemento de aplicación dos tributos realizadas sen intervención do representante co cal se entenderon as actuacións.

7. O obrigado tributario poderá intervir nas actuacións e procedementos asistido por un asesor fiscal ou pola persoa que considere oportuno en cada momento, do que se deixará constancia no expediente, así como da identidade do asistente.

Cando o representante acuda acompañado de calquera persoa deberá acreditarse a conformidade do obrigado tributario a que coñeza as actuacións en que interveña.

SECCIÓN 3.^a O DOMICILIO FISCAL

Artigo 113. *O domicilio fiscal das persoas físicas.*

De acordo co previsto no artigo 48.2.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderase considerar que as persoas físicas desenvolven principalmente actividades económicas cando máis da metade da base imponible xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano anterior proceda de rendementos netos de actividades económicas ou cando, non alcanzándose esa porcentaxe no devandito ano, se alcanzase durante cada un dos tres anos anteriores.

Para efectos do previsto neste artigo, entenderanse por actividades económicas as realizadas polos empresarios e profesionais nos termos previstos na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

SECCIÓN 4.^a AS NOTIFICACIÓNS EN MATERIA TRIBUTARIAArtigo 114. *Notificación.*

1. Cando non sexa posible efectuar a notificación ao obrigado tributario ou ao seu representante por causas non imputables á Administración faranse constar no expediente as circunstancias do intento de notificación.

Deixarase constancia expresa do rexeitamento da notificación, de que o destinatario está ausente ou de que consta como descoñecido no seu domicilio fiscal ou no lugar designado para o efecto para realizar a notificación.

Unha vez realizados os dous intentos de notificación sen éxito nos termos establecidos no artigo 112.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procederase, cando isto sexa posible, a deixarlle ao destinatario aviso de chegada na correspondente caixa de correo domiciliaria, indicándolle, na dilixencia que se redacte por duplicado, a posibilidade de comparecencia ante a dependencia co obxecto de facerlle entrega do acto, prazo e circunstancias relativas ao segundo intento de entrega. O devandito aviso de chegada deixarase para efectos exclusivamente informativos.

2. No suposto de notificacións en apartados postais establecidos polo operador ao cal se lle encomendou a prestación do servizo postal universal, o envío depositarase no interior da oficina e poderá ser recollido polo titular do apartado ou pola persoa autorizada expresamente para retiralo. A notificación entenderase practicada polo transcurso de 10 días naturais desde o depósito do envío na oficina.

Nos procedementos iniciados por instancia do interesado a utilización deste medio de notificación requirirá que o interesado o sinalase como preferente no correspondente procedemento.

3. Se no momento de se entregar a notificación se tiver coñecemento do falecemento ou extinción da personalidade xurídica do obrigado tributario, deberá facerse constar esta circunstancia e deberá ser comprobado tal dato pola Administración tributaria. Nestes casos, cando a notificación se refira á resolución que lle pon fin ao procedemento, a devandita actuación será considerada como un intento de notificación válido para os únicos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, aínda que se lles deberá efectuar a notificación aos sucesores do obrigado tributario que consten con tal condición no expediente.

4. A Administración tributaria, en virtude do disposto nos acordos e convenios internacionais subscritos por España, poderá solicitar da autoridade competente doutro Estado a práctica das notificacións de calquera acto ditado pola devandita Administración tributaria.

As notificacións realizadas noutro Estado ao abeiro do previsto no parágrafo anterior deberán acreditarse mediante a incorporación ao expediente da notificación ou da comunicación á autoridade competente española da notificación efectuada polo devandito Estado conforme a súa propia normativa. As notificacións practicadas noutro Estado cuxa acreditación se produza da forma prevista neste número teranse por validamente efectuadas.

Artigo 115. *Notificación por comparecencia.*

1. No suposto previsto no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se o obrigado tributario ou o seu representante compareceren dentro do prazo dos 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio, practicarase a notificación correspondente e deixa-

rase constancia dela na correspondente dilixencia, na cal, ademais, constará a sinatura do comparecente.

2. No suposto de que o obrigado tributario ou o seu representante comparezan pero rexeiten recibir a documentación que se pretende notificar, documentarase esta circunstancia na correspondente dilixencia para efectos de que quede constancia do rexeitamento da notificación, e entenderase practicada esta de acordo co disposto no artigo 111.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. En todo caso, incorporarase ao expediente a referencia ao boletín oficial onde se publicou o anuncio.

TÍTULO IV

Actuacións e procedementos de xestión tributaria

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 116. *Atribución de funcións de xestión tributaria aos órganos administrativos.*

Para os efectos do disposto neste regulamento, enténdese por órganos de xestión tributaria os de carácter administrativo que exerzan as funcións previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como aqueles outros que teñan atribuídas competencias en materia de xestión tributaria nas normas de organización específica.

Artigo 117. *Presentación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 98.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito de competencias do Estado, os modelos de declaración, autoliquidación e comunicación de datos serán aprobados polo ministro de Economía e Facenda, que establecerá a forma, lugar e prazos da súa presentación e, de ser o caso, do ingreso da débeda tributaria, así como os supostos e condicións de presentación por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Así mesmo, poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración, autoliquidación ou comunicación de datos e os supostos en que os datos consignados se entenderán subsistentes para períodos sucesivos, se o contribuínte non comunica variación neles.

2. Cada Administración tributaria poderá aprobar modelos de solicitude de devolución. Nas solicitudes de devolución para as cales non exista un modelo ou formulario especificamente aprobado para o efecto, o obrigado tributario fará constar os datos necesarios da devolución que se solicita mediante escrito que deberá presentarse no lugar e prazos establecidos na normativa do tributo ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos cando estes estean dispoñibles.

3. A declaración en alfándega rexerese pola súa normativa específica.

Artigo 118. *Declaracións complementarias e substitutivas.*

1. Terán a consideración de declaracións complementarias as que se refiran á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade, nas cales se inclúan novos datos non declarados ou se modi-

fique parcialmente o contido das anteriormente presentadas, que subsistirán na parte non afectada.

Terán a consideración de declaracións substitutivas as que se refiran á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade e que as substitúan no seu contido.

2. Nos supostos previstos no artigo 128 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, só se poderán presentar declaracións complementarias ou substitutivas con anterioridade á liquidación correspondente á declaración inicial. Neste caso, a liquidación que se practique tomará en consideración os datos completados ou substituídos.

Con posterioridade á liquidación, o obrigado tributario que pretenda modificar o contido dunha declaración anteriormente presentada deberá solicitar a rectificación desta conforme o establecido no artigo 130 deste regulamento. Da cota tributaria resultante da rectificación deducirase o importe da liquidación inicial.

3. Poderán presentarse declaracións complementarias ou substitutivas doutras presentadas con anterioridade en cumprimento dunha obriga formal.

4. Nas declaracións complementarias e substitutivas farase constar expresamente se se trata dunha ou doutra modalidade, a obriga tributaria e o período a que se refiren.

Artigo 119. *Autoliquidacións complementarias.*

1. Terán a consideración de autoliquidacións complementarias as que se refiran á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade e das que resulte un importe a ingresar superior ou unha cantidade a devolver ou a compensar inferior ao importe resultante da autoliquidación anterior, que subsistirá na parte non afectada.

2. Nas autoliquidacións complementarias constará expresamente esta circunstancia e a obriga tributaria e período a que se refiren, así como a totalidade dos datos que deban ser declarados. Para estes efectos, incorporaranse os datos incluídos na autoliquidación presentada con anterioridade que non sexan obxecto de modificación, os que sexan obxecto de modificación e os de nova inclusión.

3. O obrigado tributario deberá realizar a cuantificación da obriga tributaria tendo en conta todos os elementos consignados na autoliquidación complementaria. Da cota tributaria resultante da autoliquidación complementaria deducirase o importe da autoliquidación inicial.

Cando se solicite unha devolución improcedente ou por contía superior á que resulte da autoliquidación complementaria e a devandita devolución non se efectuase ao tempo de presentar a autoliquidación complementaria, considerarase finalizado o procedemento de devolución iniciado mediante a presentación da autoliquidación previamente presentada.

No suposto de que se obtivese unha devolución improcedente ou por contía superior á que resulte da autoliquidación complementaria, deberase ingresar a cantidade indebidamente obtida xunto á cota que, de ser o caso, puiden resultar da autoliquidación complementaria presentada.

4. Cando un obrigado tributario considere que unha autoliquidación prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá instar a rectificación da devandita autoliquidación conforme o establecido no artigo 126.

Artigo 120. *Comunicacións de datos complementarias e substitutivas.*

1. Terán a consideración de comunicacións de datos complementarias as que se refiran á mesma obriga tribu-

taria e período que outras presentadas con anterioridade nas cales se modifiquen ou se inclúan novos datos de carácter persoal, familiar ou económico. As comunicacións de datos presentadas con anterioridade subsistirán na parte non afectada.

Terán a consideración de comunicacións de datos substitutivas as que se refiran á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade e que as substitúan no seu contido.

2. Só se poderán presentar comunicacións de datos complementarias ou substitutivas antes de que a Administración tributaria, de acordo coa normativa propia de cada tributo, acordase a devolución correspondente ou ditase a resolución en que comunique que non procede efectuar devolución ningunha. Neste caso, a devolución ou resolución administrativa que se acorde tomará en consideración os datos completados ou substituídos.

3. Unha vez acordada a devolución ou ditada a resolución administrativa a que se refire o número anterior, o obrigado tributario poderá solicitar a rectificación da súa comunicación de datos conforme o establecido no artigo 130.

Artigo 121. *Solicitudes de devolución complementarias e substitutivas.*

1. Terán a consideración de solicitudes de devolución complementarias as que se refiran á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade, nas cales se inclúan novos datos non declarados ou se modifique parcialmente o contido das anteriormente presentadas, que subsistirán na parte non afectada.

Terán a consideración de solicitudes de devolución substitutivas aquelas referidas á mesma obriga tributaria e período que outras presentadas con anterioridade que substitúan o seu contido.

2. A presentación dunha solicitude de devolución complementaria ou substitutiva poderá facerse antes de que a Administración tributaria, de acordo coa normativa propia de cada tributo, acordase a devolución correspondente ou ditase a resolución en que comunique que non procede efectuar devolución ningunha. Neste caso, a devolución ou resolución administrativa que se acorde tomará en consideración os datos completados ou substituídos.

3. Unha vez acordada a devolución ou ditada a resolución administrativa a que se refire o número anterior, o obrigado tributario poderá instar a rectificación da súa solicitude de devolución conforme o establecido no artigo 130.

CAPÍTULO II

Procedementos de xestión tributaria

SECCIÓN 1.^a PROCEDEMENTO DE DEVOLUCIÓN INICIADO MEDIANTE AUTOLIQUIDACIÓN, SOLICITUDE OU COMUNICACIÓN DE DATOS

Artigo 122. *Devolucións derivadas da normativa de cada tributo.*

Son devolucións derivadas da normativa de cada tributo as previstas no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Tamén teñen esta consideración os aboamentos á conta que deba efectuar a Administración tributaria como anticipos de deducións para practicar sobre calquera tributo.

Artigo 123. *Iniciación do procedemento de devolución.*

O procedemento para a práctica de devolucións derivadas da normativa de cada tributo iniciarase por instan-

cia do obrigado tributario mediante a presentación dunha autoliquidación da que resulte unha cantidade para devolver, mediante a presentación dunha solicitude ou mediante a presentación dunha comunicación de datos, de acordo co disposto na normativa reguladora de cada tributo.

Artigo 124. *Tramitación do procedemento de devolución.*

1. Unha vez recibida a autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos, a Administración examinará a documentación presentada e contrastará cos datos e antecedentes que figuren no seu poder.

Se a autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos for formalmente correcta, procederase sen máis trámite e, de ser o caso, de maneira automatizada, ao recoñecemento da devolución solicitada.

2. Cando se aprecie algún defecto formal na autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos, erro aritmético ou posible discrepancia nos datos ou na súa cualificación, ou cando se aprecien circunstancias que o xustifiquen, poderase iniciar un procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección.

Artigo 125. *Terminación do procedemento de devolución.*

1. Cando proceda recoñecer o dereito á devolución solicitada, o órgano competente ditará un acordo que se entenderá notificado pola recepción da transferencia bancaria ou, de ser o caso, do cheque.

De acordo co disposto no artigo 81.3.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando a devolución recoñecida sexa obxecto de retención cautelar total ou parcial deberá notificarse a adopción da medida cautelar xunto co acordo de devolución.

O recoñecemento da devolución solicitada non impedirá a posterior comprobación da obriga tributaria mediante os procedementos de comprobación ou investigación.

2. Cando se aboien xuros de demora de acordo co previsto no artigo 31.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a base sobre a cal se aplicará o tipo de xuro terá como límite o importe da devolución solicitada na autoliquidación, comunicación de datos ou solicitude.

3. Cando existan defectos, erros, discrepancias ou circunstancias que orixinen o inicio dun procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección, o procedemento de devolución terminará coa notificación de inicio do correspondente procedemento, que será efectuada polo órgano competente en cada caso.

No procedemento iniciado de acordo co disposto no parágrafo anterior, determinarase a procedencia e importe da devolución e, de ser o caso, outros aspectos da situación tributaria do obrigado.

4. Cando a Administración tributaria acorde a devolución nun procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección polo que se lle puxese fin ao procedemento de devolución, deberán satisfacerse os xuros de demora que procedan de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Para efectos do cálculo dos xuros de demora non se computarán os períodos de dilación por causa non imputable á Administración a que se refire o artigo 104 deste regulamento e que se produzan no curso dos devanditos procedementos.

SECCIÓN 2.^a PROCEDEMENTO PARA A RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS, DECLARACIÓNS, COMUNICACIÓNS DE DATOS OU SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN

Subsección 1.^a *Procedemento para a rectificación de autoliquidacións*

Artigo 126. *Iniciación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.*

1. As solicitudes de rectificación de autoliquidacións dirixiranse ao órgano competente de acordo coa normativa de organización específica.

2. A solicitude só poderá facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de que a Administración tributaria practicase a liquidación definitiva ou, no seu defecto, antes de que prescribise o dereito da Administración tributaria para determinar a débeda tributaria mediante a liquidación ou o dereito a solicitar a devolución correspondente.

O obrigado tributario non poderá solicitar a rectificación da súa autoliquidación cando se estea tramitando un procedemento de comprobación ou investigación cuxo obxecto inclúa a obriga tributaria a que se refira a autoliquidación presentada, sen prexuízo do seu dereito a realizar as alegacións e presentar os documentos que considere oportunos no procedemento que se estea tramitando, que deberán ser tidos en conta polo órgano que o tramite.

3. Cando a Administración tributaria practicase unha liquidación provisoria, o obrigado tributario poderá solicitar a rectificación da súa autoliquidación unicamente se a liquidación provisoria foi practicada por consideración ou motivo distinto do que se invoque na solicitude do obrigado tributario.

Considerarase que entre a solicitude de rectificación e a liquidación provisoria concorre consideración ou motivo distinto cando a solicitude de rectificación afecte elementos da obriga tributaria que non fosen regularizados mediante a liquidación provisoria.

4. Ademais do disposto no artigo 88.2, na solicitude de rectificación dunha autoliquidación deberán constar:

a) Os datos que permitan identificar a autoliquidación que se pretende rectificar.

b) En caso de que se solicite unha devolución, deberá facerse constar o medio elixido polo que deba realizarse a devolución, para o cal se poderá optar entre os previstos no artigo 132. Cando o beneficiario da devolución non sinalase medio de pagamento e esta non se puiden realizar mediante transferencia a unha entidade de crédito, efectuarase mediante cheque cruzado.

5. A solicitude deberá presentarse acompañada da documentación en que se basea a solicitude de rectificación e os xustificantes, de ser o caso, do ingreso efectuado polo obrigado tributario.

Artigo 127. *Tramitación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.*

1. Na tramitación do expediente comprobaranse as circunstancias que determinan a procedencia da rectificación. Cando xunto coa rectificación se solicite a devolución dun ingreso efectuado, indebido ou non, comprobaranse as seguintes circunstancias:

a) A realidade do ingreso, cando proceda, e a súa falta de devolución.

b) Que se cumpran os requisitos exixidos no artigo 14.2.b) do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, no caso de retencións ou ingresos á conta.

c) Que se cumpran os requisitos exixidos no artigo 14.2.c) do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, cando se refira a tributos que deban ser legalmente repercutidos a outras persoas ou entidades.

d) A procedencia da súa devolución, o titular do dereito a obter a devolución e a súa contía.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, a Administración poderá examinar a documentación presentada e contrastala cos datos e antecedentes que consten no seu poder. Tamén lle poderá realizar requirimentos ao propio obrigado en relación coa rectificación da súa autoliquidación, incluídos os que se refiran á xustificación documental de operacións financeiras que teñan incidencia na rectificación solicitada. Así mesmo, poderá efectuar requirimentos a terceiros para que acheguen a información que estean obrigados a subministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

3. Neste procedemento poderanse solicitar os informes que se consideren necesarios.

4. Finalizadas as actuacións notificaráselle ao interesado a proposta de resolución para que no prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, alegue o que conveña ao seu dereito, salvo que a rectificación que se acorde coincida coa solicitada polo interesado, caso en que se notificará sen máis trámite a liquidación que se practique.

Artigo 128. *Terminación do procedemento de rectificación de autoliquidacións.*

1. O procedemento finalizará mediante resolución na cal se acordará ou non a rectificación da autoliquidación. O acordo será motivado cando sexa denegatorio ou cando a rectificación acordada non coincida coa solicitada polo interesado.

No suposto de que se acorde rectificar a autoliquidación, a resolución acordada pola Administración tributaria incluírá unha liquidación provisoria cando afecte algún elemento determinante da cuantificación da débeda tributaria efectuada polo obrigado tributario. A Administración tributaria non poderá efectuar unha nova liquidación en relación co obxecto da rectificación da autoliquidación, salvo que nun procedemento de comprobación ou investigación posterior se descubran novos feitos ou circunstancias que resulten de actuacións distintas das realizadas e especificadas na resolución do procedemento de rectificación.

2. Cando se recoñeza o dereito a obter unha devolución, determinarase o titular do dereito e o importe da devolución, así como os xuros de demora que, de ser o caso, deban aboarse. A base sobre a cal se aplicará o tipo de xuro terá como límite o importe da devolución recoñecida.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses. Transcorrido o devandito prazo sen realizarse a notificación expresa do acordo adoptado, a solicitude poderá entenderse desestimada.

Artigo 129. *Especialidades no procedemento de rectificación de autoliquidacións relativas a retencións, ingresos á conta ou cotas soportadas.*

1. Cando unha autoliquidación presentada dese lugar a un ingreso indebido de retencións, ingresos á conta ou cotas repercutidas a outros obrigados tributarios, a lexitimación para solicitar a rectificación, así como o dereito a obter a súa devolución, regularase polo disposto nos artigos 32 e 221.4 da Lei 58/2003, do 17 de

decembro, xeral tributaria, e nas disposicións regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento.

2. Os obrigados tributarios que soportasen indebidamente retencións, ingresos á conta ou cotas repercutidas poderán solicitar e obter a devolución de acordo co previsto no artigo 14 do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio. Para iso, poderán solicitar a rectificación da autoliquidación en que se realizou o ingreso indebido conforme o número 4 deste artigo.

Para os efectos do requisito previsto no artigo 14.2.c).4.º do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, entenderase que o obrigado tributario non ten dereito á dedución das cotas soportadas cando nun procedemento de comprobación ou inspección se declare que non procede a dedución das devanditas cotas porque foron indebidamente repercutidas e o acto que lle puxese fin ao devandito procedemento adquirise firmeza.

3. Cando se trate de cotas indebidamente repercutidas polo imposto sobre o valor engadido, o obrigado tributario que efectuou a repercusión poderá optar por solicitar a rectificación da súa autoliquidación ou por regularizar a situación tributaria nos termos previstos na alínea b) do artigo 89.cinco da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

4. Cando a rectificación da autoliquidación fose solicitada polo obrigado tributario que soportou indebidamente retencións, ingresos á conta ou cotas repercutidas, aplicarase o disposto nos artigos anteriores, coas seguintes especialidades:

a) A resolución do procedemento corresponderalle ao órgano que, segundo a normativa de organización específica, sexa competente respecto do obrigado tributario que presentou a autoliquidación cuxa rectificación se solicita.

Nos impostos especiais a resolución do procedemento corresponderalle ao órgano que, segundo a normativa de organización específica, sexa competente respecto do establecemento do obrigado tributario que efectuou a repercusión, excepto no caso de centralización autorizada dos ingresos, en que será competente o que, segundo a normativa de organización específica, corresponda ao obrigado tributario que efectuou a repercusión.

Naqueles casos en que, á vista da solicitude presentada e da documentación que se deba xuntar para fundamentar esta, resulte acreditado que non concorren os requisitos para proceder á rectificación da autoliquidación, a resolución corresponderalle ao órgano que, segundo a normativa de organización específica, sexa competente respecto do obrigado tributario que iniciou o procedemento. Nestes casos non será de aplicación o previsto na alínea d) deste número.

b) A solicitude poderá facerse desde que a actuación de retención, a detracción do ingreso á conta ou a actuación de repercusión lle fose comunicada, de forma que faga fe, ao solicitante ou, no seu defecto, desde que exista constancia de que este tivo coñecemento diso.

Cando a solicitude de rectificación se presente antes da finalización do prazo de declaración en que tiver que presentarse a autoliquidación cuxa rectificación se solicita, considerarase como período de interrupción xustificada para efectos do cómputo do prazo para resolver o procedemento o tempo transcorrido desde a data de presentación ata a data de finalización do devandito prazo de declaración.

c) Na solicitude, ademais das circunstancias previstas no artigo 126.4 deste regulamento, faranse constar o

nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal do retedor ou persoa ou entidade que efectuou o ingreso á conta repercutido ou do obrigado tributario que efectuou a repercusión.

A solicitude deberá presentarse acompañada dos documentos xustificantes da retención, ingreso á conta ou repercusión indebidamente soportados.

d) Na tramitación do procedemento notificaráselle a solicitude de rectificación ao retedor ou ao obrigado tributario que efectuou e repercutiu o ingreso á conta ou que efectuou a repercusión, que deberán comparecer dentro do prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, e achegar todos os documentos e antecedentes requiridos e calquera outro que estimen oportuno.

Posteriormente, as actuacións poránselles de manifesto, sucesivamente, ao solicitante e ao presentador da autoliquidación, por períodos de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura dos devanditos prazos, para formular alegacións e achegar as probas oportunas. Para estes efectos, poderanse facer extractos dos xustificantes ou documentos ou utilizar outros métodos que permitan manter a confidencialidade daqueles datos que non lles afecten.

e) A liquidación provisoria ou a resolución denegatoria que poña fin ao procedemento notificaráselles a todos os obrigados tributarios.

f) No suposto de que a resolución estimatoria for impugnada polo retedor, polo obrigado tributario que efectuou e repercutiu o ingreso á conta ou que realizou a repercusión, aquela non será executiva en tanto non adquira firmeza.

Subsección 2.^a Procedemento para a rectificación de declaracións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución

Artigo 130. Especialidades do procedemento para a rectificación de declaracións, comunicacións de datos e solicitudes de devolución.

1. Unha vez que a Administración tributaria ditase unha liquidación provisoria no caso das declaracións reguladas no artigo 128 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou acordase a devolución ou ditase a resolución denegatoria nos casos de comunicacións de datos ou de solicitudes de devolución, o obrigado tributario poderá solicitar a rectificación da declaración, comunicación de datos ou solicitude de devolución presentada con anterioridade cando considere que o seu contido prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos ou cando puidese proceder unha liquidación por importe superior ou unha menor devolución.

Cando a Administración tributaria practicase unha liquidación provisoria, o obrigado tributario poderá solicitar a rectificación unicamente se a liquidación provisoria foi practicada por consideración ou motivo distinto do que se invoque na solicitude do obrigado tributario. Considerarase que entre a solicitude de rectificación e a liquidación provisoria concorre consideración ou motivo distinto cando a solicitude de rectificación afecte elementos da obriga tributaria que non fosen regularizados mediante a liquidación provisoria.

2. Cando a rectificación resulte unha cantidade a ingresar, exixiranse os xuros de demora que correspondan en cada caso. Para efectos do cálculo dos xuros de demora non se computará o tempo transcorrido desde a presentación da declaración inicial ata a finalización do prazo de pagamento en período voluntario correspondente á liquidación que se practicou con relación coa devandita declaración inicial.

3. Nas solicitudes de rectificación a que se refire este artigo aplicaranse as normas establecidas nos artigos 126 a 128.

SECCIÓN 3.^a PROCEDEMENTO PARA A EXECUCIÓN DAS DEVOLUCIÓNS TRIBUTARIAS

Artigo 131. Execución das devolucións tributarias.

1. Cando se recoñecese o dereito a unha devolución derivada da normativa do tributo ou a unha devolución de ingresos indebidos, procederase á execución da devolución.

Cando para efectuar a devolución se tivesen solicitado garantías de acordo co previsto na lei, a execución da devolución quedará condicionada á achega das garantías solicitadas.

2. Cando se declarase o dereito á devolución na resolución dun recurso ou reclamación económico-administrativa, en sentenza ou noutra resolución xudicial ou en calquera outro acordo que anule ou revise liquidacións ou outros actos administrativos, o órgano competente procederá de oficio a executar ou cumprir as resolucións de recursos ou reclamacións económico-administrativas ou as resolucións xudiciais ou o correspondente acordo ou resolución administrativa nos demais supostos. Para estes efectos, para que os órganos competentes da Administración procedan a cuantificar e efectuar a devolución abondará cunha copia compulsada do correspondente acordo ou resolución administrativa ou o testemuño da sentenza ou resolución xudicial.

3. Tamén se entenderá recoñecido o dereito á devolución cando así resulte da resolución dun procedemento amigable en aplicación dun convenio internacional para evitar a dobre imposición.

4. Cando o dereito á devolución se transmita aos sucesores, atenderase á normativa específica que determine os titulares do dereito e a contía que a cada un corresponda.

5. Salvo o disposto no número anterior, a transmisión do dereito a unha devolución tributaria por actos ou negocios entre particulares non producirá efectos ante a Administración, conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 132. Pagamento ou compensación das devolucións tributarias.

1. O pagamento da cantidade a devolver realizarase mediante transferencia bancaria ou mediante cheque cruzado á conta que o obrigado tributario ou o seu representante legal autorizado teñan aberta nunha entidade de crédito.

Cando o procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución se iniciase por instancia do obrigado tributario, atenderase ao manifestado por este no seu escrito.

2. Unha vez recoñecido o dereito á devolución, poderase proceder á súa compensación por petición do obrigado ou de oficio de acordo co procedemento e prazos establecidos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento. Neste caso, sobre o importe da devolución que sexa obxecto de compensación, o xuro de demora a favor do obrigado tributario devengarase ata a data en que se produza a extinción do crédito como consecuencia da compensación.

3. Cando na execución das devolucións se producise algún error material, de feito ou aritmético, a entidade de crédito retrocederá, de ser o caso, o importe procedente á Administración tributaria ordenante ou ben lle exixirá directamente ao perceptor o seu reintegro.

SECCIÓN 4.^a PROCEDEMENTO INICIADO MEDIANTE DECLARACIÓNArtigo 133. *Procedemento iniciado mediante declaración.*

1. Nos procedementos iniciados mediante declaración do obrigado tributario, o órgano competente da Administración tributaria poderá realizar as actuacións necesarias para practicar a liquidación de acordo co disposto no artigo 129.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Cando se lle requiran datos ou documentos ao obrigado tributario outorgaráselle un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para a súa achega, salvo que a normativa específica estableza outro prazo. Así mesmo, a Administración tributaria poderá facer requirimentos a terceiros.

2. Cando a Administración tributaria vaia ter en conta datos distintos dos declarados polo obrigado tributario, deberá notificar previamente a proposta de liquidación de acordo co disposto no artigo 129.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. A liquidación que se dite terá carácter provisorio. A Administración tributaria non poderá efectuar unha nova regularización en relación co obxecto comprobado, salvo que nun procedemento de comprobación ou investigación posterior se descubran novos feitos ou circunstancias que resulten de actuacións distintas das realizadas e especificadas na resolución.

Artigo 134. *Especialidades do procedemento iniciado mediante declaración no ámbito alfandegueiro.*

1. No suposto de que o procedemento de liquidación se iniciase mediante unha declaración en alfándega para o despacho das mercadorías situadas en recintos alfandegueiros e lugares habilitados para o efecto, a Administración realizará as actuacións necesarias para practicar a liquidación que corresponda conforme os datos declarados e os que se deduzan das mercadorías presentadas a despacho.

2. Cando a Administración, para a práctica da liquidación, tomase en consideración datos ou elementos distintos dos declarados polo interesado, observaranse as seguintes regras:

a) A Administración formulará a correspondente proposta de liquidación na cal se consignarán os feitos e fundamentos de dereito que a motiven, así como a súa cuantificación, e notificaralla ao interesado.

b) No mesmo acto en que lle sexa notificada a referida proposta de liquidación, o interesado poderá formular as alegacións que considere convenientes e achegar, de ser o caso, os documentos ou xustificantes que considere oportuno dentro dos 10 días seguintes ao da notificación, ou manifestar expresamente que non efectúa alegacións nin achega novos documentos ou xustificantes.

c) Cando o interesado manifeste expresamente que non efectúa alegacións nin achega novos documentos ou xustificantes, a Administración poderá autorizar o levantamento da mercadoría, logo do ingreso ou afianzamento, de ser o caso, do importe da liquidación practicada.

d) Cando o interesado formule alegacións ou achegue novos documentos ou xustificantes, a Administración disporá dun prazo de 10 días, desde a súa formulación ou achega polo interesado, para practicar a liquidación. Neste caso, o levantamento poderase autorizar logo do ingreso ou afianzamento do importe da liquidación que practique a Administración.

e) O establecido neste número enténdese sen prexuízo dos recursos ou reclamacións que no seu momento poidan proceder contra a liquidación que finalmente dite a Administración.

3. Cando a Administración, para a práctica da liquidación, non tomase en consideración datos ou elementos

distintos dos achegados polo declarante, a liquidación considerárase, de ser o caso, producida e notificada co levantamento das mercadorías.

4. No non previsto nos números anteriores rexerá o disposto na súa normativa específica.

5. Cando o procedemento iniciado coa declaración en alfándega para o despacho das mercadorías non comporte a práctica dunha liquidación, a Administración ditará, de ser o caso, os actos administrativos que procedan nos mesmos casos, prazos, condicións e circunstancias que os previstos nos números anteriores para practicar liquidacións.

Artigo 135. *Caducidade do procedemento iniciado mediante declaración.*

1. Cando se produza a caducidade do procedemento por incumprimento do prazo máximo de duración deste, a Administración tributaria, dentro do prazo de prescripción, poderá iniciar un novo procedemento de liquidación de acordo co disposto no artigo 128.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Neste caso, notificaráselle unha comunicación ao obrigado tributario co contido previsto no artigo 87 deste regulamento.

2. Nas liquidacións que se diten, cando o procedemento se inicie mediante a notificación da comunicación a que se refire o número 1 anterior, non se exixirán xuros de demora desde a presentación da declaración ata a finalización do prazo para o pagamento en período voluntario aberto coa notificación da liquidación.

SECCIÓN 5.^a PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS DE CARÁCTER ROGADOArtigo 136. *Procedemento para o recoñecemento pola Administración tributaria de beneficios fiscais de carácter rogado.*

1. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais iniciarase por instancia do obrigado tributario mediante solicitude dirixida ao órgano competente para a súa concesión e irá acompañado dos documentos e xustificantes exhibibles e dos que o obrigado tributario considere convenientes.

2. A comprobación dos requisitos para a concesión dun beneficio fiscal realizarase de acordo cos datos e documentos que se exixan na normativa reguladora do beneficio fiscal e os datos que declaren ou subministren terceiras persoas ou que poida obter a Administración tributaria mediante requirimento ao propio obrigado e a terceiros.

3. Con carácter previo á notificación da resolución deberá notificarse ao obrigado tributario a proposta de resolución cando vaia ser denegatoria para que, nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da devandita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito.

4. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais terminará por resolución na cal se recoñeza ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal.

O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será o que estableza a normativa reguladora do beneficio fiscal e, no seu defecto, será de seis meses. Transcorrido o prazo para resolver sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse desestimada, salvo que a normativa aplicable estableza outra cousa.

Artigo 137. *Efectos do recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado.*

1. O recoñecemento dos beneficios fiscais producirá efectos desde o momento que estableza a normativa apli-

cable ou, no seu defecto, desde o momento da súa concesión.

O recoñecemento de beneficios fiscais será provisorio cando estea condicionado ao cumprimento de condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no expediente. A súa aplicación estará condicionada á concorrencia en todo momento das condicións e requisitos previstos na normativa aplicable.

2. Salvo disposición expresa en contrario, unha vez concedido un beneficio fiscal non será preciso reiterar a solicitude para a súa aplicación en períodos futuros, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión ou a normativa aplicable.

Os obrigados tributarios deberán comunicarlle ao órgano que recoñeceu a procedencia do beneficio fiscal calquera modificación relevante das condicións ou requisitos exigibles para a aplicación do beneficio fiscal. O devandito órgano poderá declarar, logo de audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual forma se procederá cando a Administración tributaria coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

3. O incumprimento dos requisitos exigidos para a aplicación do beneficio fiscal determinará a perda do dereito á súa aplicación desde o momento que estableza a normativa específica ou, no seu defecto, desde que o devandito incumprimento se produza, sen necesidade de declaración administrativa previa.

Tratándose de beneficios fiscais cuxa aplicación dependa de condicións futuras, o incumprimento destas obrigará á regularización do beneficio fiscal indebidamente aplicado conforme o disposto no artigo 122.2, parágrafo segundo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Para estes efectos, cando se trate de tributos sen período impositivo ou de liquidación, o obrigado tributario deberá presentar unha autoliquidación no prazo dun mes desde a perda do dereito á aplicación da exención, dedución ou incentivo fiscal e deberá ingresar, xunto coa cota resultante ou cantidade derivada da exención, dedución ou incentivo fiscal, os xuros de demora correspondentes.

4. Cando a Administración regularice a aplicación dun beneficio fiscal de acordo co disposto no artigo 115.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano que recoñeceu o devandito beneficio fiscal.

SECCIÓN 6.^a A CONTA CORRENTE TRIBUTARIA

Subsección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 138. *Obrigados tributarios que poden acollerse ao sistema de conta corrente en materia tributaria.*

1. Poderán acollerse ao sistema de conta corrente en materia tributaria os obrigados tributarios que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que exerzan actividades empresariais ou profesionais e que, como consecuencia do devandito exercicio, deban presentar periodicamente autoliquidacións polo imposto sobre o valor engadido ou autoliquidacións por retencións e ingresos á conta de rendementos do traballo, de actividades profesionais, agrícolas e gandeiras e de premios.

b) Que o importe dos créditos recoñecidos durante o exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude da conta corrente sexa equivalente, cando menos, ao 40 por cento das débedas tributarias xeradas durante o mesmo período de tempo. Para efectos deste cálculo, unicamente se terán en conta os créditos e as débedas tributarias a que se refire o artigo 139.

c) Que se verifique a concorrencia das seguintes circunstancias:

1.^a Estar dados de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores, cando se trate de persoas ou entidades obrigadas a estar no devandito censo, e estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, cando se trate de suxeitos pasivos non exentos do devandito imposto.

2.^a Ter presentadas as autoliquidacións cuxo prazo regulamentario de presentación rematase nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria, correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas, ao imposto sobre sociedades ou ao imposto sobre a renda de non-residentes cando se trate de obrigados tributarios que obteñan rendas mediante establecemento permanente, segundo se trate de persoas ou entidades suxeitas a algún dos devanditos impostos, así como as correspondentes autoliquidacións e declaracións informativas polos pagamentos á conta que en cada caso procedan.

3.^a Ter presentadas as autoliquidacións e a declaración resumo anual do imposto sobre o valor engadido, así como a declaración anual de operacións con terceiras persoas e as declaracións recapitulativas de operacións intracomunitarias, cuxo prazo regulamentario de presentación vencese nos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude.

4.^a Non manter coa Administración tributaria do Estado débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

5.^a Non ter pendentes de ingreso responsabilidades civís derivadas de delito contra a Facenda pública declaradas por sentenza firme.

d) Que non renunciase ao sistema de conta corrente en materia tributaria ou que non fose revogado o acordo da súa inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria durante o ano natural en que se presente a solicitude nin durante o ano natural anterior.

2. Para acollerse a este sistema, os obrigados tributarios que reúnan os requisitos previstos no punto anterior deberano solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria no prazo e cos requisitos previstos no artigo 140.

Artigo 139. *Débedas e créditos obxecto de anotación no sistema de conta corrente en materia tributaria.*

1. Serán obxecto de anotación na conta corrente tributaria, para efectos de proceder á súa compensación, os créditos e as débedas tributarias previstos neste artigo.

2. Anotaranse os importes dos créditos recoñecidos aos obrigados tributarios acollidos a este sistema por devolucións tributarias derivadas da normativa do tributo acordadas durante o período en que resulte aplicable o devandito sistema correspondentes aos seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Imposto sobre sociedades.

c) Imposto sobre a renda de non-residentes cando se trate de obrigados tributarios que obteñan rendas mediante establecemento permanente.

d) Imposto sobre o valor engadido.

No caso das devolucións solicitadas despois da apertura da conta e aínda non acordadas, a anotación na conta producirase unha vez que transcorrese o prazo legalmente previsto para efectuar a devolución sen que esta se levase a cabo, de conformidade co previsto na normativa aplicable.

3. Anotarase con signo contrario os importes das débedas tributarias que resulten das autoliquidacións cuxo prazo de declaración ou ingreso finalice durante o período en que resulte aplicable o sistema de conta corrente en materia tributaria, presentadas polo obrigado tributario correspondentes aos seguintes conceptos tributarios:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) Imposto sobre sociedades.
- c) Imposto sobre a renda de non-residentes cando se trate de obrigados tributarios que obteñan rendas mediante establecemento permanente.
- d) Imposto sobre o valor engadido.
- e) Pagamentos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non-residentes cando se trate de obrigados tributarios que obteñan rendas mediante establecemento permanente.

4. Non poderán ser obxecto de anotación na conta corrente tributaria os créditos e débedas tributarias que a seguir se indican:

- a) Os que deriven de autoliquidacións presentadas fóra de prazo.
- b) As débedas que deriven de liquidacións provisionais ou definitivas practicadas polos órganos da Administración tributaria.
- c) As devolucións recoñecidas nos procedementos especiais de revisión previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na resolución de recursos e reclamacións económico-administrativas.
- d) As débedas tributarias devengadas en concepto do imposto sobre o valor engadido nas operacións de importación.

5. A aplicación deste sistema de conta corrente é incompatible, durante o período de duración da conta, en relación cos créditos e débitos acollidos a este, co procedemento establecido para a compensación no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Subsección 2.^a Procedemento para a inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria

Artigo 140. *Procedemento para a inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria.*

1. O procedemento para acollerse ao sistema de conta corrente en materia tributaria iniciarase mediante solicitude do obrigado tributario, que deberá presentarse durante o mes de outubro do ano natural inmediato anterior a aquel en que o sistema de conta corrente deba producir efectos.

A solicitude presentarase no modelo que se aprobe mediante orde do ministro de Economía e Facenda no cal se determinarán os lugares de presentación.

2. Recibida a solicitude realizaranse as actuacións que resulten necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta sección.

Se á vista da documentación achegada se considerar que se cumpren todos os requisitos para acceder á inclusión, ditarase directamente resolución. En caso contrario, notificarase a proposta de resolución e concederáselle ao obrigado tributario un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, para efectuar alegacións.

3. O procedemento para acollerse ao sistema de conta corrente en materia tributaria concluirá mediante resolución motivada no prazo de tres meses.

Transcorrido o devandito prazo ou, de ser o caso, chegado o primeiro día do ano natural en que debese aplicarse o sistema de conta corrente sen que se notificase a

correspondente resolución, poderase entender desestimada a solicitude.

4. A resolución que acorde a inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria producirá efectos a partir do primeiro día do ano natural para o cal o obrigado tributario solicitase acollerse ao sistema ou, en caso de que a resolución se produza en data posterior, a partir do día en que se acorde esta.

Subsección 3.^a Efectos e finalización do sistema de conta corrente tributaria

Artigo 141. *Efectos sobre os créditos e débitos tributarios.*

1. A aplicación do sistema de conta corrente en materia tributaria determinará que a totalidade dos créditos e débitos tributarios que deban acollerse a este se computen para a liquidación da conta, con efectos desde o día en que teña lugar o vencemento do prazo de autoliquidación e ingreso da débeda tributaria ou no que se acorde a correspondente devolución derivada da normativa do tributo.

2. Os créditos e débitos que deban ser obxecto de anotación non serán exixibles individualizadamente durante a vixencia da conta corrente tributaria, senón unicamente polo saldo resultante desta tras a liquidación.

Artigo 142. *Determinación do saldo da conta corrente e exixibilidade deste.*

1. Para determinar o saldo da conta corrente tributaria extinguiranse por compensación os créditos e débedas anotados e xurdirá un novo crédito ou débeda tributaria polo importe do saldo debedor ou acredor da conta.

2. A determinación do saldo da conta corrente tributaria efectuarase os días 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro de cada ano en que se encontre vixente, sen prexuízo do disposto no artigo 143.4 deste regulamento.

3. O crédito ou a débeda tributaria resultante da determinación do saldo polo órgano competente notificaráselle ao obrigado tributario, quen disporá, pola súa vez, dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para formular alegacións en relación coa devandita determinación e achegar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

Transcorrido o prazo de alegacións ditarase liquidación provisoria no prazo de 15 días. No caso de que da liquidación resultar unha cantidade a devolver, a Administración acordará o seu pagamento mediante transferencia á conta bancaria que designase o obrigado tributario. No caso de que da liquidación provisoria resultar unha cantidade a ingresar, o obrigado tributario procederá ao seu ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para as liquidacións practicadas pola Administración.

Os saldos debedores de importe inferior á cantidade que se determine mediante orde do ministro de Economía e Facenda non serán exixibles.

4. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo da facultade da Administración tributaria para comprobar ou investigar a situación tributaria do obrigado en relación cos créditos e débedas anotadas na conta corrente tributaria polos procedementos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e neste regulamento.

Artigo 143. *Finalización do sistema de conta corrente en materia tributaria.*

1. A duración do sistema de conta corrente en materia tributaria será, con carácter xeral, indefinida e aplica-

rasede en tanto non concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o obrigado tributario renuncie expresamente á súa aplicación.
- b) Que proceda a revogación pola Administración.

2. A renuncia á aplicación do sistema de conta corrente en materia tributaria será comunicada polo obrigado tributario no modelo, forma e lugar que se determinen mediante orde do ministro de Economía e Facenda e producirá efectos a partir do primeiro día do trimestre seguinte a aquel en que se lle comunicase á Administración tributaria, sen prexuízo da liquidación do saldo do período en curso.

A exclusión do obrigado tributario do sistema será declarada polos órganos competentes para acordar a inclusión.

3. O acordo de inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria revogarase por calquera das seguintes causas:

- a) Pola morte ou a incapacitación do obrigado tributario, salvo que neste último caso continúe o exercicio das actividades por medio de representante, ou pola disolución da entidade.
- b) Por deixar de cumprir, durante cada ano natural en que se aplique o sistema, os requisitos previstos no artigo 138.

Simultaneamente á determinación do saldo do derradeiro trimestre natural do ano verificarase o cumprimento dos requisitos mencionados.

As autoliquidacións que cómpre considerar para a determinación do cumprimento das obrigas tributarias a que se refire o artigo 138.1.c) serán aquelas cuxo prazo de presentación conclúese no ano natural que acaba de finalizar.

c) Pola iniciación dun procedemento concursal contra o obrigado tributario.

d) Pola falta de pagamento en período voluntario das liquidacións dos saldos da conta.

e) Por presentar durante o período de aplicación do sistema de conta corrente en materia tributaria solicitudes de devolución derivadas da normativa do tributo ou autoliquidacións para compensar que resulten total ou parcialmente improcedentes e fosen obxecto de sanción, aínda que esta non sexa firme en vía administrativa.

4. Antes de acordar a revogación notificáraselle ao obrigado a proposta de resolución, na cal se citará de forma expresa a causa que concorre, e concederáselle un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da devandita proposta, para que efectúe alegacións.

A resolución que acorde a revogación determinará o saldo da conta e a súa exixibilidade na forma prevista no artigo 142.

A revogación será acordada polos órganos competentes para acordar a inclusión no sistema.

SECCIÓN 7.^a ACTUACIÓNS E PROCEDIMENTOS DE COMPROBACIÓN DE OBRIGAS FORMAIS

Subsección 1.^a Actuacións e procedementos de comprobación censual

Artigo 144. Actuacións de comprobación censual.

1. A comprobación da veracidade dos datos comunicados nas declaracións censuais de alta, modificación e baixa reguladas nos artigos 9 a 11, ambos os dous inclusive, realizarase de acordo cos datos comunicados ou declarados polo propio obrigado tributario, cos datos que consten en poder da Administración, así como mediante

o exame físico e documental dos feitos e circunstancias nas oficinas, despachos, locais e establecementos do obrigado tributario. Para estes efectos, os órganos competentes terán as facultades previstas no artigo 172.

2. A Administración tributaria poderá requirir a presentación das declaracións censuais, a achega da documentación que deba acompañalas, a súa ampliación e a emenda dos defectos advertidos, e poderá incorporar de oficio os datos que deban figurar nos censos.

3. Cando se poñan de manifesto omisións ou inexactitudes na información que figure no censo, a rectificación da situación censual do obrigado tributario realizarase de acordo co disposto nos artigos 145 e 146.

4. Poderase acordar a baixa cautelar nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial das persoas ou entidades incluídos neles mediante acordo motivado do delegado ou do director de departamento competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de informe do órgano proponente, nos seguintes supostos:

a) Cando nunha actuación ou procedemento tributario se constate a inexistencia da actividade económica ou do obxecto social declarado ou do seu desenvolvemento no domicilio comunicado, ou que no domicilio fiscal non se desenvolve a xestión administrativa e a dirección efectiva dos negocios.

b) Cando o obrigado tributario resultase descoñecido na notificación de calquera actuación ou procedemento de aplicación dos tributos.

c) Cando se constate a posible intervención do obrigado tributario en operacións de comercio exterior ou intracomunitario das cales poida derivarse o incumprimento da obriga tributaria ou a obtención indebida de beneficios ou devolucións fiscais en relación co imposto sobre o valor engadido.

Nos supostos previstos nas alíneas a), b) e c) anteriores, a baixa cautelar converterase en definitiva cando se efectúe a rectificación censual do obrigado tributario conforme o disposto nos artigos 145 e 146.

Cando as circunstancias que permiten acordar a baixa cautelar nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial concorran no momento da solicitude de inclusión en tales rexistros, o delegado competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria denegará, mediante acordo motivado, a devandita inclusión.

5. Os acordos de baixa regulados no número anterior e no artigo 146 non eximen o obrigado tributario do cumprimento das obrigas tributarias pendentes.

Artigo 145. Procedemento de rectificación censual.

1. O procedemento de rectificación da situación censual poderá iniciarse mediante requirimento da Administración para que o obrigado tributario aclare ou xustifique a discrepancia observada ou os datos relativos á súa declaración censual ou mediante a notificación da proposta de resolución cando a Administración tributaria conte con datos suficientes para formulala.

Cando os feitos a que se refire o artigo 144.4 deste regulamento se constaten en actuacións realizadas fóra dun procedemento de aplicación dos tributos, o procedemento de rectificación da situación censual deberá iniciarse no prazo dun mes desde o acordo de baixa cautelar nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial. Para efectos de entender cumprido o prazo do mes, será suficiente acreditar que se realizou un intento de notificación do inicio do procedemento no devandito prazo. A falta de inicio do procedemento no devandito prazo determinará o levantamento da medida cautelar.

2. Na tramitación do procedemento, a Administración poderá realizar as actuacións reguladas nos números 1 e 2 do artigo anterior.

Cando o obrigado tributario manifeste a súa desconformidade cos datos que consten en poder da Administración, aplicarase o disposto no artigo 108.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Unha vez notificada a proposta de resolución, concederáselle ao obrigado tributario un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao da notificación da devandita proposta, para que alegue o que conveña ao seu dereito.

4. O procedemento de rectificación censual terminará dalgunha das seguintes formas:

a) Por resolución na cal se rectificuen os datos censuais do obrigado tributario. A resolución deberá ser, en todo caso, motivada cunha referencia sucinta aos feitos e fundamentos de dereito que se tivesen en conta nela.

b) Pola emenda, aclaración ou xustificación da discrepancia ou do dato obxecto do requirimento polo obrigado tributario sen que sexa necesario ditar resolución expresa. Da devandita circunstancia deixarase constancia expresa en dilixencia.

c) Por caducidade, unha vez transcorrido o prazo regulado no artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen notificarse a resolución expresa que poña fin ao procedemento.

d) Polo inicio dun procedemento de comprobación limitada ou de inspección que inclúa o obxecto do procedemento de rectificación da situación censual.

Artigo 146. *Rectificación de oficio da situación censual.*

1. A Administración tributaria poderá rectificar de oficio a situación censual do obrigado tributario sen necesidade de instruír o procedemento regulado no artigo anterior nos seguintes supostos:

a) Cando así derive de actuacións ou procedementos de aplicación dos tributos nos cales fose parte o propio obrigado tributario e nos cales se realizasen actuacións de control censual, sempre que na devandita rectificación non sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que os constatados nos devanditos procedementos.

b) Cando as persoas ou entidades ás cales se lles asignase un número de identificación fiscal provisorio non acheguen, no prazo establecido no artigo 24.3 deste regulamento ou, de ser o caso, no prazo outorgado no requirimento efectuado a que se refire o devandito artigo, a documentación necesaria para obter o número de identificación fiscal definitivo, salvo que nos devanditos prazos xustifiquen debidamente a imposibilidade da súa achega, a Administración tributaria poderá dalos de baixa nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial.

c) Cando concorran os supostos regulados no artigo 131.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

d) Cando durante un período superior a un ano e despois de realizar, cando menos, tres intentos de notificación resultase imposible a práctica de notificacións ao obrigado tributario no domicilio fiscal ou cando se desen de baixa débedas por insolvencia durante tres períodos impositivos ou de liquidación, poderase acordar a baixa nos rexistros de operadores intracomunitarios e de exportadores e outros operadores económicos en réxime comercial.

2. A modificación efectuada conforme o disposto no punto anterior deberalle ser comunicada ao obrigado tri-

butario, salvo que durante un período superior a un ano resultase imposible a práctica de notificacións no domicilio fiscal declarado.

Artigo 147. *Revogación do número de identificación fiscal.*

1. A Administración tributaria poderá revogar o número de identificación fiscal asignado cando no curso das actuacións de comprobación realizadas conforme o disposto no artigo 144.1 e 2 deste regulamento ou nas demais actuacións e procedementos de comprobación ou investigación se constaten, entre outras, as circunstancias previstas no artigo 146.1 b), c) ou d) deste regulamento.

2. O acordo de revogación requirirá a audiencia previa ao obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, salvo que o devandito acordo se inclúa na proposta de resolución a que se refire o artigo 145.3 deste regulamento.

3. A revogación deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e notificaráselle ao obrigado tributario.

A publicación deberá efectuarse nas mesmas datas que as previstas no artigo 112.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para as notificacións por comparecencia.

4. A publicación da revogación do número de identificación fiscal no «Boletín Oficial del Estado» producirá os efectos previstos no número 4 da disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5. A revogación do número de identificación fiscal determinará que non se emita o certificado de estar ao día nas obrigas tributarias regulado no artigo 74 deste regulamento.

6. A Administración tributaria poderá rehabilitar o número de identificación fiscal mediante acordo que estará suxeito aos mesmos requisitos de publicidade establecidos para a revogación no número 3 deste artigo.

Subsección 2.^a Actuacións de comprobación do domicilio fiscal

Artigo 148. *Comprobación do domicilio fiscal.*

Correspóndelle á Axencia Estatal de Administración Tributaria a comprobación do domicilio fiscal no ámbito dos tributos do Estado, incluídos os cedidos.

Artigo 149. *Iniciación e tramitación do procedemento de comprobación do domicilio fiscal.*

1. O procedemento de comprobación do domicilio fiscal será iniciado de oficio por acordo do órgano que se estableza na norma de organización específica, por propia iniciativa ou por solicitude de calquera outro órgano da mesma ou doutra Administración tributaria afectada. A devandita solicitude irá acompañada dun informe sobre os antecedentes que sexan relevantes.

2. O órgano competente para tramitar o procedemento de comprobación do domicilio deberá solicitar informe ao órgano a cuxo ámbito territorial se promova o novo domicilio, salvo que xa figure no expediente por promover o inicio do procedemento.

No caso de que a comprobación do domicilio fiscal puiden dar lugar ao cambio de domicilio fiscal a unha comunidade autónoma diferente, notificaráselles esta circunstancia ás administracións tributarias das comunidades autónomas afectadas para que no prazo de 15 días, contados desde o día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, poidan solicitar que o expediente se tramite coas especialidades a que se refire o artigo 152.

3. A comprobación do domicilio fiscal realizarase de acordo cos datos comunicados ou declarados polo propio obrigado tributario, cos datos que consten en poder da Administración, cos datos e xustificantes que se lle requiriran ao propio obrigado tributario ou a terceiros, así como mediante o exame físico e documental dos feitos e circunstancias nas oficinas, despachos, locais e establecementos do obrigado tributario. Para estes efectos, os órganos competentes terán as facultades previstas no artigo 172.

4. Tramitado o expediente formularase proposta de resolución que será notificada ao obrigado tributario para que no prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da devandita proposta, poida alegar e presentar os documentos e xustificantes que considere oportunos.

Artigo 150. *Terminación do procedemento de comprobación do domicilio fiscal.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada. O prazo para notificar a resolución será de seis meses.

2. Será competente para resolver o procedemento de comprobación do domicilio fiscal o órgano competente de acordo coa norma de organización específica.

3. A resolución adoptada no procedemento de comprobación do domicilio fiscal confirmará ou rectificará o declarado e seralles comunicada aos órganos implicados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e notificada ás administracións tributarias afectadas e ao obrigado tributario.

4. O procedemento poderá finalizar, así mesmo, por caducidade, de acordo co disposto no artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 151. *Efectos da comprobación do domicilio fiscal.*

1. O inicio dun procedemento de comprobación do domicilio fiscal non impedirá a continuación dos procedementos de aplicación dos tributos iniciados de oficio ou por instancia do interesado que se estiveren tramitando.

2. Durante os tres anos seguintes á data da notificación da resolución do procedemento de comprobación do domicilio fiscal en que se rectificase o declarado, as comunicacións de cambio de domicilio fiscal que realice o obrigado tributario, cando supoñan o traslado a unha comunidade autónoma distinta, terán o carácter de mera solicitude e deberán ir acompañadas de medios de proba que acrediten a alteración das circunstancias que motivaron a resolución.

No prazo dun mes desde a presentación da comunicación do cambio de domicilio fiscal, a Administración tributaria deberalle notificar ao obrigado tributario un acordo polo cal se confirme o domicilio fiscal comprobado previamente, polo cal se inicie un novo procedemento de comprobación do domicilio fiscal ou polo cal se admita o cambio de domicilio fiscal. Neste último caso, o cambio de domicilio terá efectos a partir do día seguinte ao da notificación do devandito acordo. Transcorrido un mes desde a presentación da comunicación do cambio de domicilio sen que se notificase o acordo que proceda, a devandita comunicación terá efectos fronte á Administración tributaria a partir do día seguinte ao de finalización do devandito prazo.

Artigo 152. *Especialidades do procedemento de comprobación do domicilio fiscal iniciado por solicitude dunha comunidade autónoma.*

1. Cando a Administración tributaria dunha comunidade autónoma considere que, en relación cos tributos

cedidos, o domicilio fiscal que figura no Censo de obrigados tributarios non é o que corresponde, poderá solicitar que se inicie o procedemento de comprobación do domicilio fiscal.

A comunidade autónoma indicará o lugar en que entende localizado o domicilio fiscal do obrigado tributario e poderá achegar toda a documentación probatoria que considere oportuna.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria iniciará o procedemento de comprobación do domicilio fiscal no prazo dun mes desde que a solicitude de inicio teña entrada no órgano competente para acordar o devandito inicio.

2. A proposta de resolución notificaráselle ao obrigado tributario e, de ser o caso, ás administracións tributarias afectadas cando a devandita proposta dea lugar a un cambio de domicilio fiscal a unha comunidade autónoma distinta da do domicilio declarado, para que nun prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, presenten as alegacións que consideren oportunas. Non será necesario notificarlle a devandita proposta ao obrigado tributario cando a proposta de resolución confirme o domicilio declarado.

3. Cando se produzan diferenzas de criterio entre distintas administracións tributarias, a súa resolución requirirá informe favorable das administracións tributarias das comunidades autónomas afectadas pola proposta de resolución. De non haber informe favorable das devanditas administracións tributarias, a resolución corresponderalles ás xuntas arbitrais reguladas nos artigos 24 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, 51 da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, e 66 da Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.

4. A resolución adoptada será vinculante para todas as administracións tributarias que interviñesen na tramitación do procedemento.

Subsección 3.ª Actuacións de control de presentación de declaracións

Artigo 153. *Control de presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos.*

1. Correspóndelle á Administración tributaria o control do cumprimento da obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos nos seguintes supostos:

a) Cando resulten obrigados a iso de acordo coa súa situación censual.

b) Cando se poña de manifesto pola presentación doutras declaracións, autoliquidacións ou comunicacións de datos do propio obrigado tributario.

c) Cando derive de información que conste en poder da Administración procedente de terceiras persoas.

d) Cando se poña de manifesto no curso doutras actuacións ou procedementos de aplicación dos tributos.

2. No suposto previsto no número 1.a) a Administración tributaria poderá requirir o obrigado tributario para que presente a autoliquidación ou declaración omitida ou, de ser o caso, comunique a correspondente modificación ou baixa censual.

3. No suposto previsto no número 1.b), a Administración tributaria entenderá que existe omisión na presentación da declaración ou autoliquidación e poderá requirir a súa presentación, entre outros casos, cando a obriga de presentar unha declaración, autoliquidación ou comunicación de datos derive da presentación polo propio obrigado de declaracións ou autoliquidacións á conta ou

cando se omite a presentación de comunicacións de datos ou de declaracións exixidas con carácter xeral en cumprimento da obriga de subministración de información e se presentasen declaracións ou autoliquidacións periódicas asociadas a aquela.

4. No suposto previsto no número 1.c), considérase que se omitiu a presentación de declaracións ou autoliquidacións e poderá requirirse a súa presentación.

Cando o obrigado tributario alegue inexactitude ou falsidade da devandita información poderase requirir o terceiro para que ratifique a información subministrada.

5. Nos casos en que non se atenda o requirimento ou en que, atendéndose este, se presente unha declaración ou autoliquidación en que se aprecien discrepancias respecto dos importes declarados ou autoliquidados polo obrigado tributario ou por terceiros, poderá iniciarse o correspondente procedemento de comprobación ou investigación.

6. O procedemento de control de presentación de declaracións, autoliquidacións e comunicacións de datos terminará dalgunha das seguintes formas:

- a) Pola presentación da declaración, autoliquidación ou comunicación de datos omitidas.
- b) Pola xustificación da non suxeición ou exención no cumprimento da obriga de presentación. Da devandita circunstancia deixárase constancia expresa en dilixencia.
- c) Polo inicio dun procedemento de comprobación ou investigación.
- d) Por caducidade, unha vez transcorrido o prazo de tres meses sen que se notificase resolución expresa que poña fin ao procedemento.

Subsección 4.^a Actuacións de control doutras obrigas formais

Artigo 154. Control doutras obrigas formais.

1. O procedemento para a comprobación do cumprimento de obrigas tributarias formais distintas das reguladas nas subseccións anteriores iniciárase de oficio.

A Administración tributaria poderá realizar as actuacións previstas nas alíneas b), c) e d) do artigo 136.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Unha vez concluídas as actuacións de comprobación, daráselle audiencia ao obrigado tributario, por un prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo.

3. Finalizado o trámite de audiencia, procederá a documentar o resultado das actuacións de comprobación en dilixencia que deberá incluír, cando menos, o seguinte contido:

- a) Obriga tributaria ou elementos desta comprobados e ámbito temporal obxecto da comprobación.
- b) Especificación das actuacións concretas realizadas.
- c) Relación de feitos que motivan a dilixencia.

4. A dilixencia incorporárase ao expediente sancionador que, de ser o caso, se inicie ou que se iniciase como consecuencia do procedemento, sen prexuízo da remisión que deba efectuarse cando resulte necesario para a iniciación doutro procedemento de aplicación dos tributos.

5. O procedemento de comprobación doutras obrigas formais terminará dalgunha das seguintes formas:

- a) Por dilixencia.
- b) Por caducidade, unha vez transcorrido o prazo regulado no artigo 104 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen formalizarse a dilixencia que pon fin ao procedemento.
- c) Polo inicio dun procedemento de comprobación limitada ou de inspección que inclúa o obxecto do procedemento.

6. Finalizado o procedemento de comprobación doutras obrigas formais mediante dilixencia, a Administración tributaria non poderá efectuar unha nova regularización en relación co obxecto comprobado a que se refire o número 3.a) deste artigo, salvo que nun procedemento de comprobación limitada ou inspección posterior se descubran novos feitos ou circunstancias que resulten de actuacións distintas das realizadas e especificadas na devandita dilixencia.

SECCIÓN 8.^a PROCEDEMENTO DE VERIFICACIÓN DE DATOS

Artigo 155. Iniciación e tramitación do procedemento de verificación de datos.

1. A Administración poderá iniciar un procedemento de verificación de datos nos supostos previstos no artigo 131 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Con carácter previo á apertura, de ser o caso, do prazo de alegacións, a Administración tributaria poderá acordar de forma motivada a ampliación ou redución do alcance das actuacións. O devandito acordo deberáselle notificar ao obrigado tributario.

3. Con carácter previo á resolución en que se corrixa os defectos advertidos ou á práctica da liquidación provisoria, a Administración deberalle notificar ao obrigado tributario a proposta de resolución ou de liquidación para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, alegue o que conveña ao seu dereito.

Artigo 156. Terminación do procedemento de verificación de datos.

1. Cando o procedemento termine pola emenda, aclaración ou xustificación da discrepancia ou do dato obxecto do requirimento por parte do obrigado tributario, farase constar en dilixencia esta circunstancia e non será necesario ditar resolución expresa.

2. Cando a liquidación resultante do procedemento de verificación de datos sexa unha cantidade a devolver, a liquidación de xuros de demora deberá efectuarse da seguinte forma:

- a) Cando se trate dunha devolución de ingresos indebidos, liquidaranse a favor do obrigado tributario xuros de demora nos termos do artigo 32.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- b) Cando se trate dunha devolución derivada da normativa dun tributo, liquidaranse xuros de demora a favor do obrigado tributario de acordo co previsto o artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 125 deste regulamento.

SECCIÓN 9.^a PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN DE VALORES

Subsección 1.^a A comprobación de valores

Artigo 157. Comprobación de valores.

1. A Administración tributaria poderá comprobar o valor das rendas, produtos, bens e demais elementos determinantes da obriga tributaria de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo que o obrigado tributario declarase consonte:

- a) O valor que lle fose comunicado para o efecto pola Administración tributaria nos termos previstos no artigo 90 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 69 deste regulamento.
- b) Os valores publicados pola propia Administración actuante en aplicación dalgun dos medios previstos no

artigo 57.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. O disposto nesta sección entenderase sen prexuízo do establecido na normativa de cada tributo.

Artigo 158. *Medios de comprobación de valores.*

1. A aplicación do medio de valoración consistente na estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal a que se refire o artigo 57.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exixirá que a metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos coeficientes multiplicadores, os coeficientes resultantes da devandita metodoloxía e o período de tempo de validez fosen obxecto de aprobación e publicación pola Administración tributaria que os vaia aplicar. No ámbito de competencias do Estado a aprobación corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda mediante orde.

2. Cando na comprobación de valores se utilice o medio de valoración consistente en prezos medios de mercado, a Administración tributaria competente poderá aprobar e publicar a metodoloxía ou o sistema de cálculo utilizado para determinar os devanditos prezos medios en función do tipo de bens, así como os valores resultantes. No ámbito de competencias do Estado a aprobación corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda mediante orde.

3. Cando na comprobación de valores se utilice o medio de valoración consistente en ditame de perito da Administración, este deberá ter titulación suficiente e adecuada ao tipo de ben que cómpre valorar.

Tratándose dunha valoración que se refira a un ben ou dereito individualizado faranse constar as características físicas, económicas e xurídicas que segundo a normativa aplicable deban considerarse para determinar o valor do ben ou dereito.

4. Para efectos do disposto no artigo 57.1.h) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o valor dos bens transmitidos determinante da obriga tributaria poderá ser comprobado pola Administración tributaria atendendo ao prezo ou valor declarado correspondente a outras transmisións do mesmo ben realizadas dentro do prazo dun ano desde a data do devengo do imposto en que produza efecto, sempre que se manteñan substancialmente as circunstancias de carácter físico, xurídico e económico determinantes do devandito valor.

Artigo 159. *Actuacións de comprobación de valores.*

1. A comprobación de valores tamén se poderá realizar como unha actuación concreta nalgúns dos seguintes procedementos:

- Procedemento iniciado mediante declaración.
- Procedemento de comprobación limitada.
- Procedemento de inspección.

2. Cando a comprobación de valores se realice nalgún dos procedementos a que se refire o número anterior e a devandita comprobación non sexa realizada polo órgano que tramita o procedemento, o valor comprobado incorporárase ao procedemento de que trae causa.

3. Cando a comprobación de valores se realice conforme o previsto no número 1 anterior, será de aplicación o disposto no artigo 134 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na subsección seguinte deste regulamento, salvo o relativo ao prazo máximo de resolución, que será o do procedemento que se estea a tramitar.

Cando as actuacións de comprobación de valores se realicen nun procedemento de inspección, as facultades da Administración tributaria serán as recoñecidas pola Lei

58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e por este regulamento aos órganos de inspección.

4. Calquera que sexa o procedemento en que se realice a comprobación de valores, os obrigados tributarios terán dereito a promover a taxación pericial contraditoria nos termos previstos no artigo 135 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na subsección 3.^a seguinte deste regulamento.

5. Non se considerarán actuacións de comprobación de valores aquelas en que o valor das rendas, produtos, bens ou elementos da obriga tributaria resulte directamente dunha lei ou dun regulamento.

Subsección 2.^a Procedemento de comprobación de valores

Artigo 160. *Procedemento para a comprobación de valores.*

1. Neste procedemento a Administración tributaria poderá proceder ao exame dos datos en poder da Administración, dos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións e dos xustificantes presentados ou que se requiran para o efecto, así como requiririlles ao obrigado tributario ou a terceiros a información necesaria para efectuar a valoración.

Así mesmo, a Administración poderá efectuar o exame físico e documental dos bens e dereitos obxecto de valoración. Para estes efectos, os órganos competentes terán as facultades previstas no artigo 172 deste regulamento.

2. No ditame de peritos, será necesario o recoñecemento persoal do ben valorado polo perito cando se trate de bens singulares ou daqueles dos cales non poidan obterse todas as súas circunstancias relevantes en fontes documentais contrastadas. A negativa do posuidor do ben ao devandito recoñecemento eximirá a Administración tributaria do cumprimento deste requisito.

3. A proposta de valoración resultante da comprobación de valores realizada mediante calquera dos medios a que se refire o artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberá ser motivada. Para os efectos do previsto no artigo 103.3 da devandita lei, a proposta de valoración recollerá expresamente a normativa aplicada e o detalle da súa aplicación. En particular, deberá conter os seguintes extremos:

a) Na estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal deberá especificarse o valor tomado como referencia e os parámetros, coeficientes e demais elementos de cuantificación utilizados para determinar o valor.

b) Na utilización de prezos medios de mercado deberá especificarse a adaptación dos estudos de prezos medios de mercado e do sistema de cálculo ao caso concreto.

c) Nos ditames de peritos deberanse expresar de forma concreta os elementos de feito que xustifican a modificación do valor declarado, así como a valoración asignada. Cando se trate de bens inmobles farase constar expresamente o módulo unitario básico aplicado, con expresión da súa procedencia e modo de determinación, e todas as circunstancias relevantes, tales como superficie, antigüidade ou outras, que fosen tomadas en consideración para a determinación do valor comprobado, con expresión concreta da súa incidencia no valor final e a fonte da súa procedencia.

4. A valoración administrativa servirá de base para a liquidación provisoria que se practique, sen prexuízo de que se poida iniciar un procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección respecto doutros elementos da obriga tributaria.

Subsección 3.^a Taxación pericial contraditoria

Artigo 161. *Iniciación e tramitación do procedemento de taxación pericial contraditoria.*

1. Cando se solicite a taxación pericial contraditoria, será necesaria a valoración realizada por un perito da Administración no suposto en que a comprobación do valor se efectuase por un medio distinto do ditame de peritos da Administración. Para estes efectos, o órgano competente remitirálles aos servizos técnicos correspondentes unha relación dos bens e dereitos que cómpre valorar. No prazo de 15 días, o persoal con título adecuado á natureza destes formulará, por duplicado, a correspondente folla de aprecio, na cal deberán constar o resultado da valoración realizada e os criterios empregados.

Unicamente se entenderá que os obrigados tributarios promoven a taxación pericial contraditoria se os motivos de oposición á valoración só se refiren á cuantificación dos seus elementos técnicos, tales como o módulo unitario básico, a depreciación por antigüidade ou os coeficientes e cifras en que se concretan as demais circunstancias consideradas na cuantificación, salvo que o obrigado tributario manifeste expresamente que non desexa promover a taxación pericial contraditoria senón a impugnación do acto administrativo.

2. O órgano competente notificaralle ao obrigado tributario a valoración a que se refire o número anterior ou, naqueles casos en que a comprobación de valores se efectuase mediante o ditame de peritos da Administración, a que xa figure no expediente, e concederáselle un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da valoración, para que poida proceder ao nomeamento dun perito, que deberá ter título adecuado á natureza dos bens e dereitos que cómpre valorar.

Transcorrido o prazo de 10 días sen que sexa designado o perito polo obrigado tributario, entenderase que desiste do seu dereito a promover a taxación pericial contraditoria e darase por terminado o procedemento. Neste caso, a liquidación que se dite tomará o valor comprobado que servise de base á liquidación inicial e non poderá promoverse unha nova taxación pericial contraditoria.

3. Unha vez designado o perito polo obrigado tributario, entregaráselle a relación de bens e dereitos para que no prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da relación, formule a correspondente folla de aprecio, a cal deberá estar motivada.

Transcorrido o prazo de 1 mes sen presentar a valoración, entenderase que desiste do seu dereito a promover a taxación pericial contraditoria e darase por terminado o procedemento. Neste caso, a liquidación que se dite tomará o valor comprobado que servise de base á liquidación inicial e non poderá promoverse unha nova taxación pericial contraditoria.

4. O órgano competente para designar un perito terceiro será o que se determine na normativa de organización específica.

A Administración tributaria competente poderá establecer honorarios estandarizados para os peritos terceiros que deban ser designados de acordo co previsto no artigo 135.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Será necesaria a aceptación da designación polo perito elixido por sorteo. A devandita aceptación determinará, así mesmo, a aceptación dos honorarios aprobados pola Administración.

5. Unha vez aceptada a designación polo perito terceiro, entregaráselle a relación dos bens e dereitos que cómpre valorar e as copias das follas de aprecio dos peritos anteriores. No prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da entrega, deberá confirmar algunha das

valoracións anteriores ou realizar unha nova valoración, sen prexuízo dos límites previstos no artigo 135.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

No caso de que o perito terceiro non emita a valoración no prazo establecido no parágrafo anterior, poderase deixar sen efecto a súa designación, sen prexuízo das responsabilidades que resulten exixibles pola falta de emisión do ditame en prazo. No caso de que se deixe sen efecto a designación, deberáselle notificar esta circunstancia ao perito terceiro e ao obrigado tributario, e procederase, de ser o caso, á liberación dos depósitos dos seus honorarios e ao nomeamento doutro perito terceiro por orde correlativa.

Artigo 162. *Terminación do procedemento de taxación pericial contraditoria.*

1. O procedemento de taxación pericial contraditoria terminará dalgunha das seguintes formas:

a) Pola entrega na Administración tributaria da valoración efectuada polo perito terceiro.

b) Pola desistencia do obrigado tributario nos termos previstos nos números 2 e 3 do artigo anterior.

c) Por non ser necesaria a designación do perito terceiro de acordo co previsto no artigo 135.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

d) Pola falta do depósito de honorarios por calquera das partes nos termos previstos no artigo 135.3, cuarto parágrafo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

e) Por caducidade nos termos previstos no artigo 104.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. No suposto previsto no número 1.c) deste artigo, a liquidación que se dite tomará a valoración que resulte da taxación efectuada polo perito do obrigado tributario de acordo co previsto no artigo 135.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e non poderá ser efectuada unha nova comprobación de valor pola Administración tributaria sobre os mesmos bens ou dereitos.

3. No suposto previsto no número 1.d) deste artigo, a liquidación que se dite tomará a valoración que corresponda de acordo co previsto no artigo 135.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e non poderá promoverse novamente a taxación pericial contraditoria por parte do obrigado tributario ou, de ser o caso, non poderá ser efectuada unha nova comprobación de valor pola Administración tributaria sobre os mesmos bens ou dereitos.

4. No suposto previsto no número 1.e) deste artigo, a liquidación que se dite tomará o valor comprobado que servise de base para a liquidación inicial e non poderá promoverse novamente a taxación pericial contraditoria.

5. Unha vez terminado o procedemento, a Administración tributaria competente notificará, no prazo de 1 mes, a liquidación que corresponda á valoración que deba tomarse como base en cada caso, así como a dos xuros de demora que correspondan

O incumprimento do prazo a que se refire o parágrafo anterior determinará que non se exixan xuros de demora desde que se produza o devandito incumprimento.

Coa notificación da liquidación iniciarase o prazo previsto no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para que o ingreso sexa efectuado, así como o cómputo do prazo para interpor o recurso ou reclamación económico-administrativa contra a liquidación no caso de que o devandito prazo fose suspendido pola presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria.

SECCIÓN 10.^a PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADAArtigo 163. *Iniciación do procedemento de comprobación limitada.*

Poderase iniciar o procedemento de comprobación limitada, entre outros, nos seguintes supostos:

a) Cando en relación coas autoliquidacións, declaracións, comunicacións de datos ou solicitudes presentadas polo obrigado tributario, se advirtan erros no seu contido ou discrepancias entre os datos declarados ou xustificantes achegados e os elementos de proba que consten en poder da Administración tributaria.

b) Cando en relación coas autoliquidacións, declaracións, comunicacións de datos ou solicitudes presentadas polo obrigado tributario proceda comprobar todos ou algún elemento da obriga tributaria.

c) Cando, de acordo cos antecedentes que consten en poder da Administración, se poña de manifesto a obriga de declarar ou a realización do feito impositivo ou do presuposto de feito dunha obriga tributaria sen que conste a presentación da autoliquidación ou declaración tributaria.

Artigo 164. *Tramitación do procedemento de comprobación limitada.*

1. Con carácter previo á apertura do prazo de alegacións, a Administración tributaria poderá acordar de forma motivada a ampliación ou redución do alcance das actuacións. O devandito acordo deberá notificárselle ao obrigado tributario.

2. Para efectos do disposto no artigo 136.2.c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración tributaria poderá requirir o libro diario simplificado a que se refire o artigo 29.3 deste regulamento.

3. Para efectos do disposto no artigo 136.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando o procedemento de comprobación limitada inclúa comprobacións censuais ou relativas á aplicación de métodos obxectivos de tributación, as actuacións que se refiran ás devanditas comprobacións poderán realizarse nas oficinas, despachos, locais e establecementos do obrigado tributario nos supostos en que sexa necesario o exame físico dos feitos ou circunstancias obxecto de comprobación. Para estes efectos, os órganos competentes terán as facultades previstas no artigo 172 deste regulamento.

4. Con carácter previo á resolución, a Administración deberá notificarlle ao obrigado tributario a proposta de resolución ou de liquidación para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta, alegue o que conveña ao seu dereito.

Poderase prescindir do trámite de alegacións cando a resolución conteña manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

5. En relación con cada obriga tributaria obxecto do procedemento poderá ditarse unha única resolución respecto de todo o ámbito temporal obxecto da comprobación a fin de que a débeda resultante se determine mediante a suma alxébrica das liquidacións referidas aos distintos períodos impositivos ou de liquidación comprobados.

Artigo 165. *Terminación do procedemento de comprobación limitada.*

Cando a liquidación resultante do procedemento de comprobación limitada sexa unha cantidade a devolver, a liquidación de xuros de demora deberá efectuarse da seguinte forma:

a) Cando se trate dunha devolución de ingresos indebidos, liquidaranse a favor do obrigado tributario xuros de demora nos termos do artigo 32.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Cando se trate dunha devolución derivada da normativa dun tributo, liquidaranse xuros de demora a favor do obrigado tributario de acordo co previsto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 125 deste regulamento.

TÍTULO V

Actuacións e procedemento de inspección

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a FUNCIONS DA INSPECCION DOS TRIBUTOSArtigo 166. *Atribución de funcións inspectoras aos órganos administrativos.*

1. Para efectos do disposto neste regulamento, enténdese por órganos de inspección tributaria os de carácter administrativo que exerzan as funcións previstas no artigo 141 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como aqueles outros que teñan atribuída a devandita condición nas normas de organización específica.

2. No ámbito de competencias do Estado, o exercicio das funcións de inspección tributaria corresponderalles:

a) Aos órganos con funcións inspectoras da Axencia Estatal de Administración Tributaria nos termos establecidos na normativa aplicable.

b) Aos órganos da Dirección Xeral do Catastro que teñan atribuída a inspección catastral de acordo co disposto no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, na forma que se determine mediante orde do ministro de Economía e Facenda, e sen prexuízo das posibles actuacións conxuntas que poidan realizarse coas entidades locais.

3. Os órganos con funcións inspectoras da Axencia Estatal de Administración Tributaria exercerán as súas funcións respecto dos seguintes tributos:

a) Aqueles cuxa aplicación lle corresponda á Administración tributaria do Estado, así como sobre as recargas establecidas sobre tales tributos a favor doutros entes públicos.

b) Os tributos cedidos de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, así como, de ser o caso, co disposto nas leis reguladoras do réxime de cesión de tributos do Estado e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión a cada comunidade autónoma.

c) O imposto sobre actividades económicas de acordo co disposto na normativa reguladora das facendas locais.

Artigo 167. *Colaboración dos órganos de inspección con outros órganos e administracións.*

1. As actuacións inspectoras poderanse realizar mediante colaboración entre as distintas administracións

tributarias, de oficio ou por solicitude da outra Administración.

Cando os órganos de inspección dunha Administración tributaria coñezan feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria para outras administracións tributarias, poñeranos en coñecemento destas e acompañaranos dos elementos probatorios que procedan.

As actuacións inspectoras que teña que efectuar unha entidade local fóra do seu territorio serán realizadas polos órganos competentes da súa comunidade autónoma cando deban realizarse no ámbito territorial desta, e polos órganos da Administración tributaria do Estado ou da comunidade autónoma competente por razón do territorio noutro caso, logo de solicitude do presidente da corporación local.

As actuacións inspectoras que teña que efectuar unha comunidade autónoma fóra do seu territorio serán realizadas, por solicitude desta, polos órganos de inspección da Administración tributaria do Estado ou da comunidade autónoma competente por razón de territorio, en función das competencias correspondentes.

Os resultados das actuacións inspectoras a que se refiren os parágrafos anteriores documentaranse en dilixencia, á cal se lle poderá xuntar un informe se se considera conveniente, que se remitirá directamente ao órgano competente da Administración pública correspondente.

2. Os órganos de inspección comunicaranlles a outros órganos da mesma Administración tributaria cantos datos coñezan con transcendencia para o adecuado desempeño das funcións que teñan encomendadas. Para estes efectos, terán en conta as súas respectivas competencias funcionais ou territoriais.

Os órganos de inspección deberán prestar a colaboración necesaria a outros órganos inspectores da mesma Administración tributaria.

Artigo 168. *Inspeccións coordinadas coas comunidades autónomas.*

1. As administracións tributarias do Estado e das comunidades autónomas poderán realizar actuacións e procedementos de inspección coordinados, cada unha no seu ámbito de competencias e de forma independente, en relación con aqueles obrigados tributarios que presenten un interese común ou complementario para a aplicación dos tributos cuxa inspección lles corresponda.

Os órganos das distintas administracións tributarias que interveñan nas actuacións e procedementos inspectores coordinados poderán realizar actuacións concretas de modo simultáneo.

As administracións tributarias implicadas terán acceso a toda a información e elementos de proba obtidos nas diferentes actuacións e procedementos de inspección coordinados en canto resulten relevantes para a resolución do procedemento iniciado, para a súa ampliación ou para o inicio doutros procedementos de acordo coas súas respectivas competencias.

2. A Administración tributaria que se propoña a realización destas actuacións ou procedementos dirixiralle un escrito motivado á outra Administración con indicación dos obrigados tributarios, conceptos e períodos que pretende comprobar e sinalará os conceptos e períodos que solicita que sexan comprobados pola outra Administración. A Administración tributaria destinataria da proposta comunicará, no prazo dun mes desde que reciba o escrito, se acepta ou non a proposta.

3. Na comunicación do inicio das actuacións ao obrigado tributario ou do inicio do procedemento de inspección que se notifique en último lugar, ou en ambas as dúas se se inician simultaneamente, informarase o obri-

gado tributario de que se trata de actuacións coordinadas.

4. As actuacións e procedementos inspectores coordinados serán finalizados de forma independente por cada Administración tributaria. As resolucións ou, de ser o caso, as liquidacións que se practiquen en cada un deles só serán impugnables de forma independente.

Artigo 169. *Persoal inspector.*

1. As actuacións inspectoras serán realizadas polos funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración tributaria que desempeñen os correspondentes postos de traballo integrados nos órganos con funcións de inspección tributaria e, de ser o caso, por aqueles a que se refire o artigo 61.2.

Correspóndelle a cada Administración tributaria, de acordo coa normativa que lle sexa aplicable, determinar nos distintos órganos con funcións inspectoras os postos de traballo que teñan ao seu cargo o desempeño de tales funcións e concretar as súas características e atribucións específicas.

2. As actuacións preparatorias e as de comprobación ou proba de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria poderánselle encomendar ao persoal ao servizo da Administración tributaria que non teña a condición de funcionario.

SECCIÓN 2.^a PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

Artigo 170. *Plans de inspección.*

1. A planificación comprenderá as estratexias e obxectivos xerais das actuacións inspectoras e concretarase no conxunto de plans e programas definidos sobre sectores económicos, áreas de actividade, operacións e supostos de feito, relacións xurídico-tributarias ou outros, conforme os cales os órganos de inspección deberán desenvolver a súa actividade.

2. Cada Administración tributaria integrará no plan de control tributario a que se refire o artigo 116 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o plan ou os plans parciais de inspección, que se basearán nos criterios de risco fiscal, oportunidade, aleatoriedade ou outros que se estimen pertinentes.

3. No ámbito da inspección catastral, corresponde á Dirección Xeral do Catastro a aprobación dos plans de inspección, conforme o establecido no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento e neste regulamento.

4. No ámbito das competencias da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o plan ou os plans parciais de inspección elaboraranse anualmente baseándose nas directrices do plan de control tributario, no cal se terán en conta as propostas dos órganos inspectores territoriais e se utilizará o oportuno apoio informático.

5. O plan ou os plans parciais de inspección recollerán os programas de actuación, ámbitos prioritarios e directrices que sirvan para seleccionar os obrigados tributarios sobre os cales deban iniciarse actuacións inspectoras no ano de que se trate.

6. O plan ou os plans parciais de inspección en curso de execución poderán ser obxecto de revisión, de oficio ou por proposta dos órganos territoriais.

7. Os plans de inspección, os medios informáticos de tratamento de información e os demais sistemas de selección dos obrigados tributarios que vaian ser obxecto de actuacións inspectoras terán carácter reservado, non serán obxecto de publicidade ou de comunicación nin se

lles porán de manifesto aos obrigados tributarios nin a órganos alleos á aplicación dos tributos.

8. A determinación polo órgano competente para liquidar dos obrigados tributarios que vaian ser obxecto de comprobación en execución do correspondente plan de inspección ten o carácter de acto de mero trámite e non será susceptible de recurso ou reclamación económico-administrativa.

Para a determinación dos obrigados tributarios que vaian ser obxecto de comprobación poderanse ter en conta as propostas formuladas polos órganos con funcións na aplicación dos tributos.

9. Respecto dos tributos cedidos polo Estado ás comunidades autónomas, estas disporán de plena autonomía para elaborar os seus propios plans de inspección con adecuación á súa respectiva estrutura orgánica. Non obstante, no caso de que se aprobasen plans conxuntos de actuacións inspectoras de acordo co previsto no artigo 50.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, as correspondentes administracións tributarias deberán adecuar os seus respectivos plans de inspección aos criterios xerais establecidos nos plans conxuntos aprobados por elas, en relación con aquelas cuestións ou aspectos previstos nestes.

SECCIÓN 3.^a FACULTADES DA INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS

Artigo 171. *Exame da documentación dos obrigados tributarios.*

1. Para realizar as actuacións inspectoras, poderanse examinar, entre outros, os seguintes documentos dos obrigados tributarios:

- a) Declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos ou solicitudes presentadas polos obrigados tributarios relativas a calquera tributo.
- b) Contabilidade dos obrigados tributarios, que comprenderá tanto os rexistros e soportes contables como as follas previas ou accesorias que amparen ou xustifiquen as anotacións contables.
- c) Libros rexistro establecidos polas normas tributarias.
- d) Facturas, xustificantes e documentos substitutivos que deban emitir ou conservar os obrigados tributarios.
- e) Documentos, datos, informes, antecedentes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

2. A documentación e os demais elementos a que se refire este artigo poderanse analizar directamente. Exixírase, de ser o caso, a visualización en pantalla ou a impresión nas correspondentes listaxes de datos arquivados en soportes informáticos ou de calquera outra natureza.

Así mesmo, poderase obter copia en calquera soporte dos datos, libros ou documentos a que se refire o número anterior, sen prexuízo do disposto no artigo 34.1.h) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Os obrigados tributarios deberán pór á disposición do persoal inspector a documentación a que se refire o número 1.

Cando o persoal inspector requira o obrigado tributario para que achegue datos, informes ou antecedentes que non deban acharse á disposición do devandito persoal, concederase un prazo non inferior a 10 días, contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, para cumprir con este deber de colaboración.

Artigo 172. *Entrada e recoñecemento de predios.*

1. Os funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración tributaria que desenvolvan actuacións inspectoras teñen a facultade de entrada e recoñecemento dos lugares a que se refire o artigo 142.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando aquelas así o requiran.

2. No ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando o obrigado tributario ou a persoa baixo cuxa custodia se encontraren os mencionados lugares se opuxeren á entrada dos funcionarios de inspección, precisárase autorización escrita do delegado ou do director de departamento de que dependa o órgano actuante, sen prexuízo da adopción das medidas cautelares que procedan.

No ámbito da Dirección Xeral do Catastro, a autorización a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle ao director xeral.

3. Cando a entrada ou recoñecemento afecte o domicilio constitucionalmente protexido dun obrigado tributario, precisárase o consentimento do interesado ou autorización xudicial.

4. Na entrada e recoñecemento xudicialmente autorizados, os funcionarios de inspección poderán adoptar as medidas cautelares que coiden necesarias.

Unha vez finalizada a entrada e recoñecemento, comunicaránselle ao órgano xurisdiccional que as autorizou as circunstancias, incidencias e resultados.

5. Para efectos do disposto neste artigo, e sen prexuízo do disposto no número 3 anterior, considerarase que o obrigado tributario ou a persoa baixo cuxa custodia se encontren os lugares ao que se refire o artigo 142.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, prestan a súa conformidade á entrada e recoñecemento cando executen os actos normalmente necesarios que dependan deles para que as actuacións poidan levarse a cabo.

Se se produce a revogación do consentimento do obrigado tributario para a permanencia nos lugares en que se estean a desenvolver as actuacións, os funcionarios de inspección, antes da finalización destas, poderán adoptar as medidas cautelares reguladas no artigo 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 173. *Obriga de atender os órganos de inspección.*

1. Os obrigados tributarios deberán atender os órganos de inspección e prestaranlles a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións.

Tratándose dun grupo que tribute en réxime de consolidación fiscal, en relación co imposto sobre sociedades, deberán atender os órganos de inspección tanto a sociedade dominante do grupo como as entidades dependentes.

2. Cando o persoal inspector compareza sen comunicación previa no lugar onde deban practicarse as actuacións, o obrigado tributario ou o seu representante deberán atendelos se estiveren presentes. No seu defecto, deberá colaborar nas actuacións calquera das persoas encargadas ou responsables de tales lugares, sen prexuízo de que no mesmo momento e lugar se poida requirir a continuación das actuacións no prazo que se sinale e adoptar as medidas cautelares que resulten procedentes.

3. O obrigado tributario ou o seu representante deberán acharse presentes nas actuacións inspectoras cando a xuízo do órgano de inspección sexa preciso para a adecuada práctica daquelas.

4. Nos portos, estacións de ferrocarril e dos demais transportes terrestres, nos aeroportos ou nos mercados centrais, matadoiros, lonxas e lugares de natureza análoga, permitirase libremente a entrada do persoal inspec-

tor ás súas estacións, peiraos, oficinas e demais instalacións para a toma de datos de facturacións, entradas e saídas ou outros similares, e poderase requirir os empregados para que ratifiquen os datos e antecedentes tomados.

5. Así mesmo, o persoal inspector está facultado para:

a) Obter información dos traballadores ou empregados sobre cuestións relativas ás actividades en que participen.

b) Realizar medicións ou tomar mostras, así como obter fotografías, esbozos ou planos. Estas operacións poderán ser realizadas polo persoal inspector nos termos do artigo 169.

c) Obter o ditame de peritos. Para tal fin, nos órganos con funcións de inspección poderá prestar os seus servizos o persoal facultativo.

d) Exixir a exhibición de obxectos determinantes da exacción dun tributo.

e) Verificar os sistemas de control interno da empresa, cando poida facilitar a comprobación da situación tributaria do obrigado.

f) Verificar e analizar os sistemas e equipamentos informáticos mediante os cales se leve a cabo, total ou parcialmente, a xestión da actividade económica.

SECCIÓN 4.^a LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

Artigo 174. *Lugar das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións inspectoras poderanse desenvolver en calquera dos lugares establecidos no artigo 151.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, segundo determinen os órganos de inspección.

2. As actuacións relativas á análise da documentación a que se refire o artigo 142.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberán practicarse no lugar onde legalmente deban acharse os libros de contabilidade ou documentos, coas seguintes excepcións:

a) Cando exista conformidade previa do obrigado tributario, que se fará constar en dilixencia, poderán examinarse nas oficinas da Administración tributaria ou en calquera outro lugar en que así se acorde.

b) Cando se obtivesen copias en calquera soporte dos libros e documentos a que se refire o artigo 142.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán examinarse nas oficinas da Administración tributaria.

c) Cando se trate de rexistros e documentos establecidos por normas de carácter tributario ou dos xustificantes exixidos por estas, poderase requirir a súa presentación nas oficinas da Administración tributaria para o seu exame.

d) Cando as actuacións de inspección non teñan relación co desenvolvemento dunha actividade económica, poderase requirir a presentación nas oficinas da Administración tributaria correspondente dos documentos e xustificantes necesarios para a debida comprobación da súa situación tributaria, sempre que estean establecidos ou sexan exixidos por normas de carácter tributario ou se trate de xustificantes necesarios para probar os feitos ou as circunstancias consignados nas declaracións tributarias.

3. Os órganos de inspección en cuxo ámbito de competencia territorial se encontre o domicilio fiscal do obrigado tributario poderán examinar todos os libros, documentos ou xustificantes que deban ser achegados aínda que se refiran a bens, dereitos ou actividades que radiquen, aparezan ou se desenvolvan nun ámbito territorial distinto.

Do mesmo modo, os órganos de inspección cuxa competencia territorial non corresponda ao domicilio fis-

cal do obrigado tributario poderán desenvolver en calquera dos demais lugares a que se refire o artigo 151 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as actuacións que procedan en relación co devandito obrigado.

SECCIÓN 5.^a DOCUMENTACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

Artigo 175. *Normas xerais.*

As actuacións inspectoras documentaranse en comunicacións, dilixencias, informes, actas e demais documentos en que se inclúan actos de liquidación e outros acordos resolutorios, nos termos establecidos neste regulamento.

Artigo 176. *Actas de inspección.*

1. Nas actas de inspección a que se refire o artigo 143.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, consignaranse, ademais das mencións contidas no artigo 153 da devandita lei, os seguintes extremos:

a) Nome e apelidos dos funcionarios que as subscriban.

b) A data de inicio das actuacións, as ampliacións de prazo que, de ser o caso, se producisen e o cómputo das interrupcións xustificadas e das dilacións non imputables á Administración acaecidas durante as actuacións.

c) A presentación ou non de alegacións polo obrigado tributario durante o procedemento ou no trámite de audiencia e, no caso de que as efectuase, a valoración xurídica destas polo funcionario que subscribe a acta. Non obstante, cando se subscriba unha acta de desconformidade, a valoración das alegacións presentadas poderá incluírse no informe a que se refiren os artigos 157.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 188.2 deste regulamento.

d) O carácter provisorio ou definitivo da liquidación que derive da acta. No caso de liquidación provisoria faranse constar as circunstancias que determinan o devandito carácter e os elementos da obriga tributaria a que se estendese a comprobación.

e) No caso de actas con acordo deberá facerse constar, ademais do sinalado no artigo 155.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a data en que o órgano competente outorgou a preceptiva autorización e os datos identificativos do depósito ou da garantía constituídos polo obrigado tributario.

2. Cando o obrigado tributario estea suxeito a obrigas contables e rexistras en relación coa obriga tributaria e período comprobado, deberase facer constar na acta a situación dos libros ou rexistros obrigatorios, con expresión, de ser o caso, dos defectos ou anomalías que teñan transcendencia para a resolución do procedemento ou para determinar a existencia ou cualificación de infraccións tributarias.

3. En relación con cada obriga tributaria poderán redactarse unha única acta respecto de todo o ámbito temporal obxecto da comprobación a fin de que a débeda resultante se determine mediante a suma alxébrica das liquidacións referidas aos distintos períodos comprobados.

4. Os órganos de inspección redactarán as actas nos modelos oficiais aprobados para o efecto por cada Administración tributaria.

Se pola súa extensión non puideren recollese no modelo de acta todas as circunstancias que deban constar nela, estas reflectiranse nun anexo que formará parte da acta para todos os efectos e que se formalizará tamén en modelo oficial.

CAPÍTULO II

Procedemento de inspección

SECCIÓN 1.^a INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓNArtigo 177. *Iniciación de oficio do procedemento de inspección.*

1. O procedemento de inspección poderá iniciarse mediante comunicación notificada ao obrigado tributario para que compareza no lugar, día e hora que se lle sinale e teña á disposición dos órganos de inspección ou achegue a documentación e demais elementos que se consideren necesarios, nos termos do artigo 87.

2. Cando se coide conveniente para a adecuada práctica das actuacións, de acordo co previsto no artigo 172 deste regulamento, e sen prexuízo do disposto no artigo 147.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o procedemento de inspección poderase iniciar sen comunicación previa mediante comparecencia na empresa, oficinas, dependencias, instalacións, centros de traballo ou almacéns do obrigado tributario ou onde exista algunha proba da obriga tributaria, aínda que sexa parcial. Neste caso, as actuacións entenderanse co obrigado tributario se estiver presente e, de non estar el, cos encargados ou responsables de tales lugares.

Artigo 178. *Extensión e alcance das actuacións do procedemento de inspección.*

1. As actuacións do procedemento inspector estenderanse a unha ou varias obrigas e períodos impositivos ou de liquidación, e poderán ter alcance xeral ou parcial nos termos do artigo 148 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. As actuacións do procedemento de inspección terán carácter xeral, salvo que se indique outra cosa na comunicación de inicio do procedemento inspector ou no acordo a que se refire o número 5 deste artigo, que deberá ser comunicado.

3. As actuacións do procedemento inspector terán carácter parcial nos seguintes supostos:

a) Cando as actuacións inspectoras non afecten a totalidade dos elementos da obriga tributaria no período obxecto de comprobación.

b) Cando as actuacións se refiran ao cumprimento dos requisitos exixidos para a obtención de beneficios ou incentivos fiscais, así como cando as actuacións teñan por obxecto a comprobación do réxime tributario aplicable.

c) Cando teñan por obxecto a comprobación dunha solicitude de devolución sempre que se limite exclusivamente a constatar que o contido da declaración, autoliquidación ou solicitude presentada se axusta formalmente ao anotado na contabilidade, rexistros e xustificantes contables ou extracontables do obrigado tributario, sen prexuízo da posterior comprobación completa da súa situación tributaria.

4. A extensión e o alcance xeral ou parcial das actuacións deberanse facer constar ao inicio destas mediante a correspondente comunicación. Cando o procedemento de inspección se estenda a distintas obrigas tributarias ou períodos, deberá determinarse o alcance xeral ou parcial das actuacións en relación con cada obriga e período comprobado. En caso de actuacións de alcance parcial deberanse comunicar os elementos que vaian ser comprobados ou os excluídos delas.

5. Cando no curso do procedemento se poñan de manifesto razóns que así o aconsellen, o órgano competente poderá acordar de forma motivada:

a) A modificación da extensión das actuacións para incluír obrigas tributarias ou períodos non comprendidos na comunicación de inicio ou excluír algunha obriga tributaria ou período dos sinalados na devandita comunicación.

b) A ampliación ou redución do alcance das actuacións que se estiveren a desenvolver respecto das obrigas tributarias e períodos inicialmente sinalados. Así mesmo, poderase acordar a inclusión ou exclusión de elementos da obriga tributaria que estea a ser obxecto de comprobación nunha actuación de alcance parcial.

Artigo 179. *Solicitude do obrigado tributario dunha inspección de alcance xeral.*

1. A solicitude a que se refire o artigo 149 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberase formular mediante escrito dirixido ao órgano competente para liquidar ou comunicarse expresamente ao actuário, quen deberá recoller esta manifestación en dilixencia e dará traslado da solicitude ao órgano competente para liquidar. Esta solicitude incluírá o contido previsto no artigo 88.2 deste regulamento.

2. Recibida a solicitude, o órgano competente para liquidar acordará se a inspección de carácter xeral se vai realizar como ampliación do alcance do procedemento xa iniciado ou mediante o inicio doutro procedemento.

3. A inadmisión da solicitude por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberá estar motivada e seralle notificada ao obrigado tributario. Contra o acordo de inadmisión non se poderá interpor recurso de reposición nin reclamación económico-administrativa, sen prexuízo de que poida reclamarse contra o acto ou actos administrativos que poñan fin ao procedemento de inspección.

SECCIÓN 2.^a TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓNArtigo 180. *Tramitación do procedemento inspector.*

1. No curso do procedemento de inspección realizáranse as actuacións necesarias para a obtención dos datos e probas que sirvan para fundamentar a regularización da situación tributaria do obrigado tributario ou para declárala correcta.

2. A dirección das actuacións inspectoras correspóndelles aos órganos de inspección. Os funcionarios que tramiten o procedemento decidirán o lugar, día e hora en que as devanditas actuacións deban realizarse.

Poderase requirir a comparecencia do obrigado tributario nas oficinas da Administración tributaria ou en calquera outro dos lugares a que se refire o artigo 151 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Cando exista comparecencia, logo da comunicación ou sen ela, no domicilio fiscal, oficinas, dependencias, instalacións ou almacéns do obrigado tributario, deberáse prestar a debida colaboración e proporcionar o lugar e os medios auxiliares necesarios para o exercicio das funcións inspectoras.

3. Ao termo das actuacións de cada día que se realizasen en presenza do obrigado tributario, o persoal inspector que estea a desenvolver as actuacións poderá fixar o lugar, día e hora para a súa continuación, que poderá ter lugar o día hábil seguinte. Non obstante, os requirimentos de comparecencia nas oficinas da Administración tributaria non realizados en presenza do obrigado tributario deberán habilitar para isto un prazo mínimo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento.

4. Sen prexuízo do exercicio das facultades e funcións inspectoras, as actuacións do procedemento debe-

ranse practicar de forma que se perturbe o menos posible o desenvolvemento normal das actividades laborais ou económicas do obrigado tributario.

Artigo 181. *Medidas cautelares.*

1. Os funcionarios que estean a desenvolver as actuacións no procedemento de inspección poderán adoptar as medidas cautelares que sexan necesarias para o aseguramento dos elementos de proba nos termos previstos no artigo 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A precintaxe realizarase mediante a ligadura selada ou por calquera outro medio que permita o peche ou atado de libros, rexistros, equipos electrónicos, sobres, paquetes, caixóns, portas de estancias ou locais ou outros elementos de proba, co fin de que non se abran sen a autorización e control dos órganos de inspección.

O depósito consistirá en pór os devanditos elementos de proba baixo a custodia ou garda da persoa física ou xurídica que sexa determinada pola Administración.

A incautación consistirá na toma de posesión de elementos de proba de carácter moble e deberanse adoptar as medidas que foren precisas para a súa adecuada conservación.

Os documentos ou obxectos depositados ou incautados poderán, de ser o caso, ser previamente precintados.

3. Para a adopción das medidas cautelares, poderase solicitar o auxilio e colaboración que se consideren precisos das autoridades competentes e dos seus axentes, que deberán prestalo nos termos do artigo 142.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A adopción das medidas cautelares deberá documentarse mediante dilixencia en que, xunto á medida adoptada e o inventario dos bens afectados, se farán constar sucintamente as circunstancias e a finalidade que determinan a súa adopción e informarse o obrigado tributario do seu dereito a formular alegacións nos termos do punto seguinte. A devandita dilixencia redactarase no mesmo momento en que se adopte a medida cautelar, salvo que isto non sexa posible por causas non imputables á Administración, caso en que se redactará en canto desaparezan as causas que o impiden, e remitirase inmediatamente copia ao obrigado tributario.

Cando a medida consista no depósito deixarase constancia da identidade do depositario, da súa aceptación expresa e de que quedou advertido sobre o deber de conservar á disposición dos órganos de inspección no mesmo estado en que se lle entregan os elementos depositados e sobre as responsabilidades civís ou penais en que podería incorrer en caso de incumprimento.

5. No prazo improrrogable de cinco días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da medida cautelar, o obrigado tributario poderá formular alegacións ante o órgano competente para liquidar, que deberá ratificar, modificar ou levantar a medida adoptada mediante acordo debidamente motivado no prazo de 15 días desde a súa adopción, que deberá comunicárselle ao obrigado.

O acordo a que se refire o parágrafo anterior non poderá ser obxecto de recurso ou reclamación económico-administrativa, sen prexuízo de que se poida determinar a procedencia ou improcedencia da adopción das medidas cautelares nos recursos e reclamacións que, de ser o caso, poidan interporse contra a resolución que poña fin ao procedemento de inspección.

6. Cando as medidas cautelares adoptadas se levanten, documentarase esta circunstancia en dilixencia, que deberá comunicárselle ao obrigado.

A apertura de precintos efectuarase en presenza do obrigado tributario, salvo que concorra causa debidamente xustificada.

Artigo 182. *Horario das actuacións do procedemento inspector.*

1. As actuacións inspectoras que se desenvolvan nas oficinas públicas poderán realizarse fóra do horario oficial de apertura ao público das devanditas oficinas ou da xornada de traballo vixente cando o requiran as circunstancias das devanditas actuacións ou medie o consentimento do obrigado tributario.

2. Cando as actuacións inspectoras se desenvolvan nos locais do obrigado tributario, poderán realizarse fóra da xornada laboral de oficina ou da actividade nos seguintes supostos:

a) Cando medie o consentimento do obrigado tributario.

b) Cando, sen o consentimento do obrigado tributario, se considere necesario para que non desaparezan, se destrúan ou alteren elementos de probas ou as circunstancias do caso requiran que as actuacións de inspección se efectúen cunha especial celeridade que exixa o seu desenvolvemento fóra da xornada laboral e se obteña, en ambos os supostos, a previa autorización do órgano competente da Administración tributaria.

No ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a autorización a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle ao delegado ou ao director de departamento de que dependa o órgano actuante.

No ámbito da Dirección Xeral do Catastro a autorización a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle ao director xeral.

O obrigado tributario poderá exixir que se lle entregue copia da autorización.

Artigo 183. *Trámite de audiencia previo ás actas de inspección.*

Cando o órgano de inspección considere que se obtiveron os datos e as probas necesarios para fundamentar a proposta de regularización ou para considerar correcta a situación tributaria do obrigado, notificarase o inicio do trámite de audiencia previo á formalización das actas de conformidade ou de desconformidade, que se rexerá polo disposto no artigo 96.

Na mesma notificación de apertura do trámite de audiencia poderán fixarse o lugar, data e hora para a formalización das actas a que se refire o artigo 185.

SECCIÓN 3.^a DURACIÓN DO PROCEDEMENTO INSPECTOR

Artigo 184. *Ampliación do prazo de duración do procedemento de inspección.*

1. Nos termos previstos neste artigo poderase acordar a ampliación do prazo de duración do procedemento de inspección previsto no artigo 150.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando concorran, en relación con calquera das obrigas tributarias ou períodos a que se estenda o procedemento, algunha das circunstancias a que se refiren os números 1 e 4 do citado artigo. O devandito acordo afectará a totalidade das obrigas tributarias e períodos a que se estenda o procedemento.

2. Para os efectos do disposto no artigo 150.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase que as actuacións revisten especial complexidade nos seguintes supostos:

a) Cando o volume de operacións do obrigado tributario sexa igual ou superior ao requirido para a obriga de auditar as súas contas.

b) Cando se comprobe a actividade dun grupo de persoas ou entidades vinculadas e sexa necesario realizar actuacións respecto a diversos obrigados tributarios.

c) Cando os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións, valores e demais circunstancias determinantes da obriga tributaria se realicen fóra do ámbito territorial da sede do órgano actuante e sexa necesaria a realización de actuacións de comprobación fóra do devandito ámbito territorial.

d) Cando o obrigado tributario estea integrado nun grupo que tribute en réxime de consolidación fiscal que estea a ser obxecto de comprobación inspectora.

e) Cando o obrigado tributario estea suxeito a tributación en réxime de transparencia fiscal internacional ou participe nunha entidade suxeita a un réxime de imputación de rendas que estea a ser obxecto de comprobación inspectora.

f) Cando o incumprimento substancial das obrigas contables ou rexistras do obrigado tributario ou a desaparición ou falta de achega dos libros ou rexistros determine unha maior dificultade na comprobación.

g) Cando se investigue os obrigados tributarios pola súa posible intervención nunha rede ou trama organizada cuxa finalidade presunta sexa defraudar ou eludir a tributación que corresponda ou obter indebidamente devolucións ou beneficios fiscais. En especial, incluírase neste suposto a investigación de tramas presuntamente organizadas para a defraudación do imposto sobre o valor engadido vinculadas ás operacións de comercio exterior ou intracomunitario.

h) Cando os obrigados tributarios sexan investigados pola posible realización de operacións simuladas, a utilización de facturas, xustificantes ou outros documentos falsos ou falseados ou a intervención de persoas ou entidades interpostas coa finalidade de eludir a tributación que correspondería ao verdadeiro titular dos bens, dereitos ou rendas.

i) Cando a comprobación se refira a persoas ou entidades relacionadas economicamente entre si que participen na produción ou distribución dun determinado ben ou servizo, sempre que a actuación inspectora se dirixa á comprobación das distintas fases do proceso de produción ou distribución.

j) Cando para comprobar a procedencia de aplicar un beneficio fiscal sexa necesario verificar o cumprimento de requisitos ou réximes tributarios previstos para outro tributo.

3. Para os efectos do disposto no artigo 150.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, enténdese que o obrigado tributario lle ocultou á Administración tributaria algunha das actividades empresariais ou profesionais que realice cando non presentase declaración respecto ás devanditas actividades ou estas sexan distintas das declaradas polo obrigado tributario na correspondente declaración censual.

Considerarase actividade distinta da declarada a prevista nun grupo da tarifa do imposto sobre actividades económicas diferente daquel en que o obrigado tributario estea dado de alta ou a que se desenvolva nunha unidade de local non incluída na correspondente declaración censual, con independencia, en ambos os casos, de que o obrigado tributario estea ou non exento do devandito imposto.

Tamén se considerará actividade distinta a que dese lugar á inscrición nun código de actividade e de establecemento no ámbito dos impostos especiais diferente daquel en que se encontre dado de alta o obrigado tributario.

4. Cando o órgano de inspección que estea a desenvolver as actuacións considere que concorre algunha das circunstancias que xustifican a ampliación do prazo de duración do procedemento de inspección, notificarallo ao obrigado tributario e concederlle un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para que efectúe alegacións.

Transcorrido o devandito prazo dirixirá, de ser o caso, a proposta de ampliación, debidamente motivada, ao órgano competente para liquidar xunto coas alegacións formuladas.

Non se poderá solicitar a ampliación do prazo de duración do procedemento ata que non transcorresen polo menos seis meses desde o seu inicio. Para estes efectos non se deducirán do cómputo deste prazo os períodos de interrupción xustificada e as dilacións por causa non imputable á Administración.

Cando as devanditas circunstancias sexan apreciadas polo órgano competente para liquidar, notificaránselle ao obrigado tributario e concederáselle idéntico prazo de alegacións antes de ditar o correspondente acordo, sen que neste suposto resulte necesario que transcorresen seis meses desde o inicio do procedemento.

5. A competencia para ampliar o prazo de duración do procedemento corresponderalle ao órgano competente para liquidar mediante acordo motivado. No devandito acordo concretarase o período de tempo polo cal se amplía o prazo, que non poderá exceder os 12 meses.

O acordo de ampliación notificaráselle ao obrigado tributario e non será susceptible de recurso ou reclamación económico-administrativa, sen prexuízo de que se poida formular a procedencia ou improcedencia da ampliación do prazo con ocasión dos recursos e reclamacións que, de ser o caso, poidan interperse contra a resolución que finalmente se dite.

6. O cómputo do prazo de seis meses de interrupción inxustificada establecido no artigo 150.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, iniciarase de novo pola realización de calquera actuación respecto daquela das obrigas tributarias ou períodos obxecto do procedemento.

7. A continuación de actuacións con coñecemento formal do obrigado tributario tras a interrupción inxustificada ou a realización de actuacións despois de transcorrido o prazo máximo de duración do procedemento terán efectos interruptivos da prescrición respecto da totalidade das obrigas tributarias e períodos a que se refira o procedemento.

SECCIÓN 4.^a TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

Subsección 1.^a Actas de inspección

Artigo 185. *Formalización das actas.*

1. Concluído, de ser o caso, o trámite de audiencia, procederase a documentar o resultado das actuacións de comprobación e investigación nas actas de inspección.

Naqueles supostos en que a competencia para ditar o acto de liquidación corresponda a unha Administración tributaria distinta da que levase a cabo as actuacións de comprobación e investigación, o órgano competente para liquidar da Administración tributaria que realizase estas actuacións deberá autorizar previamente e de forma expresa a subscripción da acta. Esta autorización deberá ser solicitada unha vez finalizado o trámite de audiencia previo á subscripción da acta.

2. As actas serán asinadas polo funcionario e polo obrigado tributario. Se o obrigado tributario non souber ou non puiden asinalas, se non comparecer no lugar e data sinalados para a súa sinatura ou se se negar a subscribilas, serán asinadas só polo funcionario e farase constar a circunstancia de que se trate.

De cada acta entregáraselle un exemplar ao obrigado tributario, que se entenderá notificada pola súa sinatura. De aquel non ter comparecido, as actas deberán ser notificadas conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e considerarse como dilación non imputable á Administración o tempo transcorrido desde a data fixada para a sinatura das actas ata a data de

notificación destas. Se o obrigado tributario comparecese e se negase a subscribir as actas, considerarase rexeitada a notificación para efectos do previsto no artigo 111 da devandita lei.

Cando o interesado non compareza ou se negue a subscribir as actas, deberán formalizarse actas de desconformidade.

3. Nos supostos regulados nos artigos 106 e 107 deste regulamento, a sinatura dunha acta con acordo ou de conformidade exixirá a aceptación de todos os obrigados tributarios que comparecesen no procedemento.

4. As actas de inspección non poden ser obxecto de recurso ou reclamación económico-administrativa, sen prexuízo dos que procedan contra as liquidacións tributarias resultantes daquelas.

Artigo 186. *Tramitación das actas con acordo.*

1. Cando dos datos e antecedentes obtidos nas actuacións de comprobación e investigación, o órgano inspector entenda que poida proceder a conclusión dun acordo por concorrer algún dos supostos sinalados no artigo 155 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, porao en coñecemento do obrigado tributario. Tras esta comunicación, o obrigado tributario poderá formular unha proposta co fin de alcanzar un acordo.

2. Unha vez desenvolvidas as oportunas actuacións para fixar os posibles termos do acordo, o órgano inspector solicitará a correspondente autorización para a subscripción da acta con acordo do órgano competente para liquidar.

3. A data e o lugar de formalización da acta comunicánselle ao obrigado tributario xunto cos datos necesarios e os trámites que cómpre realizar para a constitución do depósito ou garantía a que se refire o artigo 155.3.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A autorización do órgano competente para liquidar deberá ser expresa e anterior ou simultánea á subscripción da acta, e xuntaránselle a esta.

5. Antes de proceder á sinatura da acta, o obrigado tributario deberá acreditar, de forma que faga fe, a constitución do depósito ou garantía nos seguintes termos:

a) No caso de constitución de depósito, mediante a achega do xustificante de constitución do depósito na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais. O devandito depósito deberá cubrir o importe total da débeda tributaria e, de ser o caso, da sanción.

b) No caso de formalización de aval ou seguro de caución, mediante a achega do certificado da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou da entidade aseguradora. A garantía deberá cubrir o importe total da débeda tributaria, da sanción e o 20 por cento de ambas as cantidades. Será de duración indefinida e permanecerá vixente ata que se produza a extinción do importe garantido.

A garantía deberá constituírse á disposición do órgano competente para liquidar. Se posteriormente non se pagar o importe consignado na acta con acordo, o documento en que se formalice a garantía deberase pór á disposición do órgano competente para a súa recadación.

Unha vez satisfeita a débeda sen que fose necesaria a execución da garantía, procederase de oficio á súa devolución.

6. Se no momento sinalado para a sinatura da acta o obrigado tributario non achegou o xustificante da constitución do depósito ou garantía entenderase que desistiu da formalización da acta con acordo.

7. Unha vez asinada a acta entenderase ditada e notificada a liquidación de acordo coa proposta formulada nela se, transcorrido o prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da data da acta, non se lle notificou ao

obrigado tributario unha liquidación do órgano competente para liquidar que rectifique os erros materiais.

No caso de que se tiver notificado liquidación rectificando os erros materiais, seguiranse os seguintes trámites:

a) Se a liquidación é inferior ao importe do depósito, procederase a aplicar este ao pagamento da débeda e a liberar o resto.

b) Se a liquidación é superior ao importe do depósito, aplicarase este ao pagamento da débeda e entregárase documento de ingreso pola diferenza.

c) Se a liquidación é superior ao importe da garantía, entregárase documento de ingreso polo importe da liquidación.

8. Cando o obrigado tributario subscriba unha acta con acordo que non afecte todos os elementos regularizados da obriga tributaria, procederase da seguinte forma:

a) De se manifestar a conformidade ao resto dos elementos regularizados non incluídos na acta con acordo, a proposta de liquidación contida na acta de conformidade incluírá todos os elementos regularizados da obriga tributaria. A cota tributaria incluída na proposta de liquidación contida na acta con acordo minorará a contida na acta de conformidade.

b) De se manifestar a desconformidade ao resto dos elementos regularizados non incluídos na acta con acordo, a proposta de liquidación contida na acta de desconformidade incluírá todos os elementos regularizados da obriga tributaria. A cota tributaria incluída na proposta da liquidación contida na acta con acordo minorará a contida na acta de desconformidade.

c) Se respecto aos elementos regularizados da obriga tributaria non incluídos na acta con acordo se outorgar a conformidade parcial, procederase da seguinte maneira:

1.º Se da proposta derivada dos feitos aos cales o obrigado tributario lles prestou a súa conformidade non resultar unha cantidade a devolver, formalizaranse simultaneamente, ademais da acta con acordo, dúas actas relacionadas entre si nos seguintes termos:

Unha acta de conformidade que conterá os elementos regularizados da obriga tributaria aos cales o obrigado tributario lles prestase a súa conformidade.

Unha acta de desconformidade que incluírá a totalidade dos elementos regularizados da obriga tributaria. As cotas tributarias incluídas nas propostas de liquidación contidas na acta de conformidade e na acta con acordo minorarán a contida na acta de desconformidade.

2.º Se da proposta derivada dos feitos aos cales o obrigado tributario lles prestou a súa conformidade resultar unha cantidade a devolver, formalizarase unha única acta de desconformidade en que se farán constar os elementos regularizados da obriga tributaria aos cales o obrigado tributario presta a súa conformidade para efectos da aplicación da redución da sanción prevista no artigo 188.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A cota tributaria incluída na proposta de liquidación contida na acta con acordo minorará a contida na acta de desconformidade.

Artigo 187. *Tramitación das actas de conformidade.*

1. Cando o obrigado tributario preste a súa conformidade aos feitos e ás propostas de regularización e liquidación incorporadas na acta, farase constar nela a devandita conformidade.

2. Cando o obrigado tributario preste a súa conformidade parcial aos feitos e ás propostas de regularización e liquidación formuladas procederase da seguinte forma:

a) Se da proposta derivada dos feitos a que o obrigado tributario presta a súa conformidade non resultar unha cantidade a devolver, formalizaranse simultaneamente dúas actas relacionadas entre si nos seguintes termos:

1.º Unha acta de conformidade que conterá os elementos regularizados da obriga tributaria aos cales o obrigado tributario lles prestase a súa conformidade.

2.º Unha acta de desconformidade que incluírá a totalidade dos elementos regularizados da obriga tributaria. A cota tributaria incluída na proposta de liquidación contida na acta de conformidade minorará a contida na acta de desconformidade.

b) Se da proposta derivada dos feitos a que o obrigado tributario presta a súa conformidade resultar unha cantidade a devolver, formalizarase unha única acta de desconformidade en que se farán constar os elementos regularizados da obriga tributaria aos cales o obrigado tributario presta a súa conformidade para efectos da aplicación da redución da sanción prevista no artigo 188.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Unha vez asinada a acta de conformidade, entenderase ditada e notificada a liquidación de acordo coa proposta formulada nela se transcorrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da data da acta, non se lle notificou ao obrigado tributario acordo do órgano competente para liquidar con algún dos contidos previstos no artigo 156.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, caso en que se procederá da seguinte forma:

a) Se se confirma a proposta de liquidación contida na acta ou se rectifican erros materiais, notificaráselle o acordo ao obrigado tributario. O procedemento finalizará coa devandita notificación.

b) Se se considera que na proposta de liquidación existiu erro na apreciación dos feitos ou indebida aplicación das normas xurídicas, notificaráselle ao obrigado tributario acordo de rectificación conforme os feitos aceptados por este na acta e concederase un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para que formule alegacións. Transcorrido o devandito prazo ditarase a liquidación que corresponda, que deberá ser notificada.

c) Se se ordena completar o expediente mediante a realización de actuacións complementarias, deixarase sen efecto a acta formalizada, notificaráselle esta circunstancia ao obrigado tributario e realizaranse as actuacións que procedan, cuxo resultado se documentará nunha acta que substituirá para todos os efectos a anteriormente formalizada e tramitarase segundo proceda.

4. O obrigado tributario non poderá revogar a conformidade manifestada na acta, sen prexuízo do seu dereito a recorrer contra a liquidación resultante desta e a presentar alegacións de acordo co disposto no número 3.b) deste artigo.

5. De resultar unha débeda a ingresar, entregarase xunto coa acta o documento de ingreso. Para o inicio dos prazos de pagamento previstos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, terase en conta a data en que se entenda ditada e notificada a liquidación, salvo que se dite expresamente liquidación, caso en que haberá que atermos á data da súa notificación.

Artigo 188. *Tramitación das actas de desconformidade.*

1. Cando o obrigado tributario se negue a subscribir a acta, a subscriba pero non preste a súa conformidade ás propostas de regularización e de liquidación contidas na acta ou non compareza na data sinalada para a sinatura das actas, formalizarase unha acta de desconformidade,

na cal se fará constar o dereito do obrigado tributario a presentar as alegacións que considere oportunas dentro do prazo dos 15 días, contados a partir do día seguinte ao da data en que se produciu a negativa a subscribir, se subscribiu ou, se non se compareceu, se notificou a acta.

2. Na acta de desconformidade expresaranse co detalle que sexa preciso os feitos e fundamentos de dereito en que se basee a proposta de regularización. Os fundamentos de dereito serán, ademais, obxecto de desenvolvemento nun informe ampliatorio que se lle entregará ao obrigado tributario de forma conxunta coa acta.

Tamén se recollerá na acta de forma expresa a desconformidade manifestada polo obrigado tributario ou as circunstancias que determinan a súa tramitación como acta de desconformidade, sen prexuízo de que no seu momento poida alegar canto conveña ao seu dereito.

3. Unha vez recibidas as alegacións formuladas polo obrigado tributario ou concluído o prazo para a súa presentación, o órgano competente para liquidar, á vista da acta, do informe e das posibles alegacións presentadas, ditará o acto administrativo que corresponda, que deberá ser notificado.

De o órgano competente para liquidar acordar a rectificación da proposta contida na acta por considerar que nela existiu erro na apreciación dos feitos ou indebida aplicación das normas xurídicas e a devandita rectificación afectar cuestións non alegadas polo obrigado tributario, notificará o acordo de rectificación para que no prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, efectúe alegacións e manifeste a súa conformidade ou desconformidade coa nova proposta formulada no acordo de rectificación. Transcorrido o devandito prazo ditarase a liquidación que corresponda, que deberá ser notificada.

4. O órgano competente para liquidar poderá acordar que se complete o expediente en calquera dos seus extremos. O devandito acordo notificaráselle ao obrigado tributario e procederase da seguinte forma:

a) Se como consecuencia das actuacións complementarias se considera necesario modificar a proposta de liquidación, deixarase sen efecto a acta incoada e formalizarase unha nova acta que substituirá para todos os efectos a anterior e se tramitará segundo corresponda.

b) Se se mantén a proposta de liquidación contida na acta de desconformidade, concederáselle ao obrigado tributario un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para a posta de manifesto do expediente e a formulación das alegacións que coide oportunas. Unha vez recibidas as alegacións ou concluído o prazo para a súa realización, o órgano competente para liquidar ditará o acto administrativo que corresponda, que deberá ser notificado.

SUBSECCIÓN 2.ª FORMAS DE TERMINACIÓN DO PROCEDIMENTO INSPECTOR

Artigo 189. *Formas de terminación do procedemento inspector.*

1. O procedemento inspector terminará mediante liquidación do órgano competente para liquidar, polo acto de alteración catastral ou polas demais formas previstas neste artigo.

2. As actuacións que se refiran á comprobación do imposto sobre sociedades dunha entidade en réxime de consolidación fiscal que non sexa a dominante do grupo terminarán conforme o disposto no artigo 195.

3. Cando o obxecto do procedemento inspector sexa a comprobación e investigación da aplicación de métodos obxectivos de tributación e se constate a exclusión da aplicación dos devanditos métodos polo incumprimento

dos requisitos establecidos na normativa específica, o procedemento poderá terminar polo inicio dun procedemento de comprobación limitada cando o órgano que estivese realizando a devandita comprobación careza de competencia para a súa continuación.

4. Cando prescribíse o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria, cando se trate dun suposto de non suxeición, cando o obrigado tributario non estea suxeito á obriga tributaria ou cando por outras circunstancias non proceda a formalización dunha acta, o procedemento terminará mediante acordo do órgano competente para liquidar a proposta do órgano que desenvólvese as actuacións do procedemento de inspección, que deberá emitir informe en que constarán os feitos acreditados no expediente e as circunstancias que determinen esta forma de terminación do procedemento.

5. As actuacións de comprobación de obrigas formais terminarán mediante dilixencia ou informe, salvo que a normativa tributaria estableza outra cosa.

Artigo 190. Clases de liquidacións derivadas das actas de inspección.

1. As liquidacións derivadas dun procedemento de inspección terán carácter definitivo ou provisorio de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e neste artigo.

As liquidacións derivadas das actuacións de comprobación e investigación de alcance parcial terán sempre o carácter de provisorias.

As liquidacións derivadas das actuacións de comprobación e investigación de alcance xeral terán o carácter de definitivas, salvo nos casos a que se refiren os números 2, 3 e 4 deste artigo, en que terán o carácter de provisorias.

2. De acordo co disposto no artigo 101.4.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as liquidacións derivadas dun procedemento de inspección poderán ter carácter provisorio cando algún dos elementos da obriga tributaria se determine en función dos correspondentes a outras obrigas que non fosen comprobadas, ou que fosen regularizadas mediante liquidación provisorio ou mediante liquidación definitiva que non fose firme. Entenderase, entre outros supostos, que se producen estas circunstancias:

a) Cando se ditén liquidacións respecto do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non-residentes ou imposto sobre o patrimonio mentres non se comprobasen as autoliquidacións do mesmo ano natural polo imposto sobre o patrimonio e o imposto sobre a renda que proceda.

b) Cando se ditén liquidacións respecto do imposto sobre a renda de non-residentes e non se comprobese o imposto directo do pagador dos correspondentes rendementos.

c) Cando se comprobe a actividade dun grupo de persoas ou entidades vinculadas e non se finalizase a comprobación de todas elas.

d) Cando se dite liquidación que anule ou minore a débeda tributaria inicialmente autoliquidada como consecuencia da regularización dalgúns elementos da obriga tributaria porque deba ser imputado a outro obrigado tributario ou a un tributo ou período distinto do regularizado, sempre que a liquidación resultante desta imputación non adquirise firmeza.

3. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 101.4.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as liquidacións derivadas dun procedemento de inspección poderán ter carácter provisorio cando existan elementos da obriga tributaria cuxa comprobación con

carácter definitivo non fose posible durante o procedemento por concorrer algunha das seguintes causas:

a) Cando exista unha reclamación xudicial ou proceso penal que afecte os feitos comprobados.

b) Cando non se puidese finalizar a comprobación e investigación dos elementos da obriga tributaria como consecuencia de non se obter os datos solicitados a terceiros.

c) Cando se comprobe a procedencia dunha devolución e as actuacións inspectoras se limitasen nos termos previstos no artigo 178.3.c) deste regulamento.

d) Cando sexan realizadas actuacións de comprobación e investigación polos servizos de intervención en materia de impostos especiais.

4. De acordo co disposto o artigo 101.4.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as liquidacións derivadas dun procedemento de inspección poderán ter carácter provisorio, ademais de nos supostos previstos no devandito parágrafo, nos seguintes:

a) Cando se formulase un suposto de conflito na aplicación da norma tributaria e non constituía o obxecto único da regularización, sempre que sexa posible a práctica de liquidación provisorio polos restantes elementos da obriga tributaria.

b) Cando conclúan as actuacións de comprobación e investigación en relación con parte dos elementos da obriga tributaria, sempre que esta poida ser desagregada. O procedemento de inspección deberá continuar respecto dos demais elementos da obriga tributaria.

c) Cando nun procedemento de inspección se realice unha comprobación de valores da cal se derive unha débeda a ingresar e se regularicen outros elementos da obriga tributaria. Neste suposto ditarase unha liquidación provisorio como consecuencia da comprobación de valores e outra que incluíra a totalidade do comprobado.

d) Cando así se determine noutras disposicións legais ou regulamentarias.

5. As liquidacións provisorias minorarán os importes das que posterior ou simultaneamente se practiquen respecto da obriga tributaria e período obxecto de regularización.

6. Os elementos da obriga tributaria comprobados e investigados no curso dunhas actuacións que terminasen cunha liquidación provisorio non poderán regularizarse novamente nun procedemento inspector posterior, salvo que concorran algunha das circunstancias a que se refiren os números 2 e 3 deste artigo e, exclusivamente, en relación cos elementos da obriga tributaria afectados polas devanditas circunstancias.

7. Os elementos da obriga tributaria aos cales non se estendesen as actuacións de comprobación e investigación poderanse regularizar nun procedemento de comprobación ou investigación posterior.

Artigo 191. Liquidación dos xuros de demora.

1. A liquidación derivada do procedemento inspector incorporará os xuros de demora ata o día en que se dite ou se entenda ditada a liquidación, sen prexuízo do establecido no artigo 150.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e de acordo co previsto nos números seguintes.

2. No caso de actas con acordo os xuros de demora calcularanse ata o día en que deba entenderse ditada a liquidación polo transcurso do prazo legalmente establecido.

No caso de actas de conformidade, os xuros de demora calcularanse ata o día en que deba entenderse ditada a liquidación por transcurso do prazo legalmente establecido.

No caso de actas de desconformidade, os xuros de demora calcularanse ata a conclusión do prazo establecido para formular alegacións.

3. As actas e os actos de liquidación practicados deberán especificar as bases de cálculo sobre as cales se aplican os tipos de xuro de demora, os tipos de xuro e as datas de comezo e finalización dos períodos de devengo.

4. Cando a liquidación resultante do procedemento inspector sexa unha cantidade a devolver, a liquidación de xuros de demora deberá efectuarse da seguinte forma:

a) Cando se trate dunha devolución de ingresos indebidos, liquidaranse a favor do obrigado tributario xuros de demora nos termos do artigo 32.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Cando se trate dunha devolución derivada da normativa dun tributo, liquidaranse xuros de demora a favor do obrigado tributario de acordo co previsto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 125 deste regulamento.

Artigo 192. *Comprobación de obrigas formais.*

1. Cando o obxecto do procedemento de inspección sexa comprobar e investigar o cumprimento de obrigas tributarias formais, daráselle audiencia ao obrigado tributario por un prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, unha vez concluídas as actuacións de comprobación e investigación.

2. Finalizado o trámite de audiencia, procederase a documentar o resultado das actuacións de comprobación e investigación en dilixencia ou informe.

Cando o procedemento finalice mediante dilixencia ou informe, esta incorporárase ao expediente sancionador que, de ser o caso, se inicie como consecuencia do procedemento de inspección, sen prexuízo da remisión que deba efectuarse cando resulte necesario para a iniciación doutro procedemento de aplicación dos tributos.

SECCIÓN 5.^a DISPOSICIÓNS ESPECIAIS DO PROCEDEMENTO INSPECTOR

Artigo 193. *Estimación indirecta de bases ou cotas.*

1. O método de estimación indirecta de bases ou cotas será utilizado pola Administración de acordo co disposto nos artigos 53 e 158 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e neste artigo.

A estimación indirecta poderá aplicarse en relación coa totalidade ou parte dos elementos integrantes da obriga tributaria.

2. A apreciación dalgunha ou dalgunhas das circunstancias previstas no artigo 53.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non determinará por si soa a aplicación do método de estimación indirecta se, de acordo cos datos e antecedentes obtidos ao longo do desenvolvemento das actuacións inspectoras, puider determinarse a base ou a cota mediante o método de estimación directa ou obxectiva.

3. Para efectos do disposto no artigo 53.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase que existe resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora cando conorra algunha das condutas reguladas no artigo 203.1 da devandita lei.

4. Para efectos do disposto no artigo 53.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase que existe incumprimento substancial das obrigas contables ou rexistras:

a) Cando o obrigado tributario incumpra a obriga de levar a contabilidade ou os libros rexistro establecidos pola normativa tributaria. Presumirase a súa omisión

cando non se exhiban a requirimento dos órganos de inspección.

b) Cando a contabilidade non recolla fielmente a titularidade das actividades, bens ou dereitos.

c) Cando os libros ou rexistros conteñan omisións, alteracións ou inexactitudes que oculten ou dificulten gravemente a constatación das operacións realizadas.

d) Cando aplicando as técnicas ou criterios xeralmente aceptados á documentación facilitada polo obrigado tributario non poida verificarse a declaración ou determinarse con exactitude as bases ou rendementos obxecto de comprobación.

e) Cando a incongruencia probada entre as operacións contabilizadas ou rexistradas e as que deberían resultar do conxunto de adquisicións, gastos ou outros aspectos da actividade permita presumir, de acordo co disposto no artigo 108.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que a contabilidade ou os libros rexistro son incorrectos.

5. Para efectos do disposto no artigo 53.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Tratándose de actividades económicas no imposto sobre a renda das persoas físicas, teranse en conta, preferentemente, os signos, índices ou módulos establecidos para o método de estimación obxectiva cando se trate de contribuíntes que renunciaren a este último método de determinación da base imponible, sen prexuízo de que, acreditada a existencia de rendementos procedentes de actividades económicas por un importe superior ao que deriva da aplicación dos citados signos, índices ou módulos, o rendimento a integrar na base imponible sexa o realmente comprobado.

b) Tratándose do imposto sobre o valor engadido, teranse en conta, preferentemente, os índices, módulos e demais parámetros establecidos para o réxime simplificado cando se trate de suxeitos pasivos que renunciaren a este último réxime, sen prexuízo de que, demostrada a existencia de operacións suxeitas e non exentas que determinen cotas devengadas por importe superior ao que deriva da aplicación dos citados signos, índices ou módulos, as cotas a integrar serán realmente as que deriven das operacións comprobadas e de acordo co establecido no artigo 81.un da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

6. No suposto en que as actas en que se propoña a regularización da situación tributaria do obrigado mediante a aplicación do método de estimación indirecta se subscriban en desconformidade, poderá elaborarse un único informe que recolla ambas as circunstancias.

Artigo 194. *Declaración de conflito na aplicación da norma tributaria.*

1. Cando o órgano de inspección que estea a tramitar o procedemento considere que poden concorrer as circunstancias previstas no artigo 15 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, notificarallo ao obrigado tributario e concederlle un prazo de alegacións de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo.

2. Unha vez recibidas as alegacións e, de ser o caso, practicadas as probas procedentes, o órgano que estea a tramitar o procedemento emitirá un informe sobre a concorrencia ou non das circunstancias previstas no artigo 15 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se remitirá xunto co expediente ao órgano competente para liquidar.

Caso de o órgano competente para liquidar estimar que concorren as devanditas circunstancias, remitiralle á comisión consultiva a que se refire o artigo 159 da Lei

58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o informe e os antecedentes. A remisión notificaráselle ao obrigado tributario con indicación da interrupción prevista no número 3 do devandito artigo.

Caso de o órgano competente para liquidar estimar motivadamente que non concorren as devanditas circunstancias devolveralle a documentación ao órgano de inspección que estea a tramitar o procedemento, o cal se lle notificará ao obrigado tributario.

3. A comisión consultiva emitirá un informe en que, de forma motivada, se indicará se procede ou non a declaración do conflito na aplicación da norma tributaria. O devandito informe comunicaráse ao órgano competente para liquidar que remitise o expediente, que ordenará a súa notificación ao obrigado tributario e a continuación do procedemento de inspección.

No caso de acordarse a ampliación do prazo para emitir o mencionado informe, o acordo deberá notificárselle ao obrigado tributario e daráselle traslado, así mesmo, ao órgano de inspección.

4. No ámbito de competencias do Estado, a comisión consultiva estará composta por dous representantes da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda designados por resolución do director xeral de Tributos, un dos cales actuará como presidente con voto de calidade, salvo que o conflito na aplicación da norma tributaria afecte as normas ditadas polas comunidades autónomas en materia de tributos cedidos, caso en que os representantes do órgano competente para contestar as consultas tributarias escritas serán designados por resolución do titular do devandito órgano.

Os representantes da Administración tributaria actuante serán:

a) Cando a Administración tributaria actuante sexa a Axencia Estatal de Administración Tributaria, dous representantes desta designados polo director do departamento competente.

b) Cando a Administración tributaria actuante sexa unha comunidade autónoma, dous representantes da Administración tributaria autonómica.

c) Cando a Administración tributaria actuante sexa unha entidade local, dous representantes da entidade local.

Nos supostos anteriores, un dos dous representantes da Administración tributaria actuante poderá ser o órgano de inspección que estivese a tramitar o procedemento ou o órgano competente para liquidar que remitise o expediente.

5. A interrupción do cómputo do prazo de duración do procedemento de acordo co previsto neste artigo non impedirá a práctica das actuacións inspectoras que durante a devandita situación puidesen desenvolverse en relación cos elementos da obriga tributaria non relacionados cos actos ou negocios analizados pola comisión consultiva.

Artigo 195. *Entidades que tributen en réxime de consolidación fiscal.*

1. A comprobación e investigación da sociedade dominante e do grupo fiscal realizarase nun único procedemento de inspección, que incluíra a comprobación das obrigas tributarias do grupo fiscal e da sociedade dominante obxecto do procedemento.

2. En cada entidade dependente que sexa obxecto de inspección como consecuencia da comprobación dun grupo fiscal desenvolverase un único procedemento de inspección. O devandito procedemento incluíra a comprobación das obrigas tributarias que derivan do réxime de tributación individual do imposto sobre sociedades e as demais obrigas tributarias obxecto do procedemento e

incluíra actuacións de colaboración respecto da tributación do grupo polo réxime de consolidación fiscal.

3. De acordo co previsto no artigo 68.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o prazo de prescripción do imposto sobre sociedades do grupo fiscal interromperase:

a) Por calquera actuación de comprobación e investigación realizada coa sociedade dominante respecto ao imposto sobre sociedades.

b) Por calquera actuación de comprobación e investigación relativa ao imposto sobre sociedades realizada con calquera das sociedades dependentes, sempre que a sociedade dominante teña coñecemento formal das devanditas actuacións.

4. As interrupcións xustificadas e as dilacións por causa non imputable á Administración tributaria que se produzan no curso do procedemento seguido con calquera das entidades dependentes e que se refiran á comprobación do imposto sobre sociedades, afectarán o prazo de duración do procedemento seguido acerca da sociedade dominante e do grupo fiscal, sempre que a sociedade dominante teña coñecemento formal disto e desde ese momento.

5. A documentación do procedemento seguido acerca de cada entidade dependente desagregarase, para efectos da súa tramitación, da seguinte forma:

a) Un expediente relativo ao imposto sobre sociedades, no cal se incluíra a dilixencia resumo a que se refire o artigo 98.3.g) deste regulamento. O devandito expediente remitirase ao órgano que estea a desenvolver as actuacións de comprobación e investigación da sociedade dominante e do grupo fiscal.

b) Outro expediente relativo ás demais obrigas tributarias obxecto do procedemento.

6. A documentación do procedemento seguido acerca da entidade dominante desagregarase, para efectos da súa tramitación, da seguinte forma:

a) Un expediente relativo ao imposto sobre sociedades do grupo fiscal que incluíra as dilixencias resumo a que se refire o número anterior.

b) Outro expediente relativo ás demais obrigas tributarias obxecto do procedemento.

Artigo 196. *Declaración de responsabilidade no procedemento inspector.*

1. Cando no curso dun procedemento de inspección, o órgano actuante teña coñecemento de feitos ou circunstancias que puideren determinar a existencia de responsables aos cales se refire o artigo 41 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderase acordar o inicio do procedemento para declarar a devandita responsabilidade. O inicio notificaráselle ao obrigado tributario con indicación das obrigas tributarias e períodos a que alcance a declaración de responsabilidade e o precepto legal en que se fundamente.

Cando o alcance da responsabilidade inclúa as sancións será necesario que se iniciase previamente o procedemento sancionador.

A derivación da acción administrativa aos responsables subsidiarios requirirá a declaración previa de falido do debedor principal e, se os houber, dos responsables solidarios. Os órganos de recadación acreditarán, a petición dos de inspección, a condición de falido dos debedores principais e responsables solidarios, do cal se deixará constancia na comunicación de inicio do procedemento de declaración de responsabilidade.

2. O trámite de audiencia ao responsable realizarase con posterioridade á formalización da acta ao debedor principal e, cando a responsabilidade alcance as sancións,

á proposta de resolución do procedemento sancionador ao suxeito infractor.

O responsable disporá dun prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo, para formular as alegacións e achegar a documentación que considere oportunas, tanto respecto do presuposto de feito da responsabilidade como das liquidacións ou sancións a que alcance o devandito presuposto.

Salvo o suposto previsto no número 4 deste artigo, o responsable non terá a condición de interesado no procedemento de inspección ou no sancionador e teranse por non presentadas as alegacións que formule nos devanditos procedementos.

3. O acordo de declaración de responsabilidade corresponderalle ao órgano competente para ditar a liquidación e deberá ditarse con posterioridade ao acordo de liquidación ao debedor principal ou, de ser o caso, de imposición de sanción ao suxeito infractor.

O acordo de declaración de responsabilidade notificaráselle ao responsable antes da finalización do prazo voluntario de ingreso outorgado ao debedor principal. De non efectuarse a notificación no devandito prazo procederase de acordo co disposto no artigo 124.3 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

4. Naqueles supostos en que a lei dispoña que non é necesario o acto previo de derivación de responsabilidade, as actuacións inspectoras de comprobación e investigación poderán realizarse directamente co responsable. Nestes supostos, as actas formalizaranse e as liquidacións practicaranse a nome do responsable.

CAPÍTULO III

Outras actuacións inspectoras

Artigo 197. *Outras actuacións inspectoras.*

1. As actuacións de valoración poderán ser desenvolvidas polos órganos de inspección por iniciativa propia ou por petición doutros órganos da mesma ou outra Administración tributaria. En particular, os órganos de inspección poderán practicar estas actuacións por petición das comunidades autónomas respecto dos tributos cedidos a estas.

2. Cando así lles sexa solicitado e sen prexuízo das competencias propias doutros órganos da Administración, os órganos de inspección informarán e asesorarán en materias de carácter económico, financeiro, xurídico ou técnico relacionadas co exercicio das súas funcións os demais órganos das administracións tributarias, os órganos dependentes do Ministerio de Economía e Facenda, así como a calquera organismo que o solicite.

3. Os órganos de inspección poderán realizar os estudos individuais, sectoriais ou territoriais de carácter económico ou financeiro que poidan ser de interese para a aplicación dos tributos, así como as análises técnicas, químicas, informáticas ou de calquera outra natureza que se consideren necesarios.

4. As actuacións de intervención en materia dos impostos especiais de fabricación rexeranse polo disposto na súa normativa específica e, no non previsto nesta, polas normas deste título con exclusión do artigo 179 deste regulamento.

Cando, como consecuencia das actuacións de comprobación ou investigación que lles son propias aos servizos de intervención, se poñan de manifesto feitos que supoñan o incumprimento das obrigas establecidas na normativa dos impostos especiais, as actuacións de intervención continuarán mediante a notificación ao obrigado tributario do inicio de actuacións destinadas á regulariza-

ción tributaria, que deberán concluír no prazo previsto no artigo 150 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria ou, de ser o caso, mediante a iniciación do procedemento sancionador.

5. Os órganos de inspección poderán realizar actuacións dirixidas á aprobación de propostas de valoración previa de operacións, gastos, retribucións, así como criterios de imputación temporal, conforme a normativa específica que resulte aplicable.

6. Os órganos de inspección poderán desenvolver actuacións de comprobación limitada, para o cal se axustarán ao disposto nos artigos 136 a 140, ambos os dous inclusive, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nos artigos 163 a 165, ambos os dous inclusive, deste regulamento.

7. Nos supostos en que as actuacións de control censual sexan desenvolvidas polos órganos de inspección, estes poderanlles propor, de ser o caso, aos órganos competentes, o acordo de baixa cautelar, o inicio do procedemento de rectificación censual, a rectificación de oficio da situación censual ou a revogación do número de identificación fiscal, regulados nos artigos 144 a 147, ambos os dous inclusive, deste regulamento.

Disposición adicional primeira. *Normas de organización específica.*

No ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a norma de organización específica a que se refire este regulamento deberá ser aprobada e publicada no «Boletín Oficial del Estado» antes da entrada en vigor do regulamento.

Disposición adicional segunda. *Órganos competentes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas, das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais en materia de procedementos de aplicación dos tributos determinaranse conforme o que estableza a súa normativa específica.

2. As referencias realizadas a órganos da Administración tributaria do Estado entenderanse aplicables, cando sexan competentes por razón da materia, aos órganos equivalentes das comunidades autónomas, das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.

Disposición adicional terceira. *Órganos competentes no ámbito da Dirección Xeral do Catastro.*

No ámbito da Dirección Xeral do Catastro, as mencións deste regulamento ao órgano competente para liquidar entenderanse realizadas ao órgano competente para ditar o acto con que finalice o procedemento de comprobación ou investigación en materia catastral.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación das normas sobre declaracións censuais nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.*

1. Os empresarios, profesionais e retedores que teñan o seu domicilio fiscal en territorio común deberán presentar as declaracións censuais reguladas neste regulamento ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado, sen prexuízo das obrigas que lles sexan exixibles polas administracións tributarias dos territorios históricos do País Vasco ou da Comunidade Foral de Navarra.

2. Os empresarios, profesionais e retedores que teñan o seu domicilio fiscal en territorio vasco ou navarro

deberán presentar as declaracións censuais reguladas neste regulamento ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado cando deban presentar ante esta autoliquidacións periódicas e os seus correspondentes resumos anuais, ou declaracións anuais que inclúan rendementos de actividades económicas, así como cando se trate de suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que desenvolvan actividades económicas en territorio común.

Disposición adicional quinta. Obrigas censuais relativas ao imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

1. A obriga de inscribir no rexistro territorial os establecementos de venda ao público a retallo definidos no artigo 9.catro.2 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, terá a consideración de obriga censual e rexerá polo disposto nos puntos oitavo e noveno da Orde do 17 de xuño pola que se aproban as normas de xestión do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos e, no non previsto na devandita norma, polas disposicións deste regulamento relativas ás obrigas de carácter censual.

2. A presentación da solicitude de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, para os obrigados tributarios incluídos no rexistro territorial de establecementos de venda ao público a retallo definidos no artigo 9.catro.2 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, producirá os efectos propios da solicitude de baixa no citado rexistro respecto dos establecementos dos que sexan titulares os devanditos obrigados tributarios.

Disposición adicional sexta. Declaración anual de operacións con terceiras persoas realizadas en Canarias, Ceuta e Melilla.

As operacións que se entendan realizadas en Canarias, Ceuta e Melilla, segundo o disposto nos artigos 68, 69 e 70 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, relacionaranse na declaración anual de operacións con terceiras persoas segundo o disposto neste regulamento. Non será de aplicación o disposto no artigo 34.2.c) deste regulamento a este tipo de operacións. Para estes efectos, entenderase por importe total da contraprestación o que resulte das normas vixentes de determinación da base imponible do imposto xeral indirecto canario ou do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla, respectivamente.

Para os efectos da exclusión do deber de presentación da declaración anual de operacións, non será aplicable para as operacións realizadas en Canarias, Ceuta e Melilla o requisito de inclusión nun dos réximes especiais do imposto sobre o valor engadido previstos no artigo 32.1.b) deste regulamento.

Disposición adicional sétima. Declaración de operacións con terceiras persoas da Administración do Estado.

1. A remisión á Administración tributaria da información de operacións con terceiras persoas a que se refire este regulamento será canalizada, no ámbito da Administración Xeral do Estado, pola Intervención Xeral da Administración do Estado, que centralizará e agrupará nun soporte único os datos sobre as operacións realizadas con cargo ao orzamento de gastos do Estado polos seguintes procedementos:

a) Pagamento directo.

b) Pagamento a xustificar.
c) Anticipos de caixa fixa.

Co alcance previsto no artigo 33 deste regulamento, a información relativa a pagamentos directos comprenderá todas as obrigas recoñecidas no exercicio a que se refire a devandita información e a información referida a pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa comprenderá todas as operacións incluídas nas contas rendidas polos habilitados e caixeiros pagadores ao longo do exercicio.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado remitiralle ao Departamento de Informática da Axencia Estatal de Administración Tributaria un único soporte directamente lexible por ordenador comprensivo de todas as persoas ou entidades con que efectuasen operacións por calquera dos tres procedementos relacionados no número anterior que, no seu conxunto, para cada unha das devanditas persoas ou entidades, superasen a cifra de 3.005,06 euros durante o ano natural correspondente.

3. Para efectos de centralizar a información das operacións realizadas mediante os sistemas de pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa, o ministro de Economía e Facenda determinará, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, a información que deberán subministrarse os habilitados e caixeiros pagadores e os procedementos e prazos de remisión.

4. A falta de remisión de información ou a súa remisión defectuosa por parte dalgúns dos habilitados e caixeiros pagadores non será obstáculo para que a Intervención Xeral da Administración do Estado remita á Administración tributaria un soporte cos datos efectivamente dispoñibles, sen prexuízo de que se complete a información, unha vez emendados os defectos de que padeza.

5. A Intervención Xeral da Administración do Estado responsabilizarase da remisión dos datos que se deduzan do sistema de información contable da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional oitava. Devolución de ingresos indebidos de dereito público.

1. O previsto nos artigos 131 e 132 deste regulamento aplicarase supletoriamente ás devolucións de cantidades que constitúan ingresos de natureza pública, distintos dos tributos.

2. As devolucións de ingresos indebidos en relación cos dereitos á importación e á exportación rexeráanse polos regulamentos da Comunidade Europea que lles sexan especificamente aplicables. As disposicións contidas neste regulamento terán carácter supletorio cando permita o ordenamento xurídico comunitario.

Disposición adicional novena. Convenios de colaboración suscritos con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento.

1. Os suxeitos da colaboración social na xestión dos tributos que na data de entrada en vigor deste regulamento teñan suscritos acordos de colaboración ou addendas a estes para a presentación telemática de declaracións, comunicacións ou outros documentos tributarios ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderán continuar prestando a súa colaboración de conformidade cos citados acordos, sempre que se axusten ao disposto neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Cando se establezan novas vías de colaboración social na xestión dos tributos, os colaboradores sociais a que se refire o número anterior poderán estender a súa colaboración conforme os acordos xa suscritos e as súas addendas, sempre que se axusten ao disposto neste regu-

lamento e na normativa que regule as novas vías de colaboración.

Disposición adicional décima. *Aplicación do procedemento de identificación e residencia dos residentes na Unión Europea.*

Aplicaranse os procedementos de acreditación da identidade e da residencia previstos nos artigos 45 a 49 deste regulamento, sen prexuízo do previsto nas disposicións que regulan as formas de acreditación establecidas para a aplicación da exención dos xuros e demais rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios para os residentes na Unión Europea.

Disposición adicional décimo primeira. *Definición de empresario ou profesional.*

Para efectos do disposto no título II deste regulamento, terán a consideración de empresarios ou profesionais aqueles que teñan tal condición de acordo coas disposicións propias do imposto sobre o valor engadido, mesmo cando desenvolvan a súa actividade fóra do territorio de aplicación deste imposto.

Disposición adicional décimo segunda. *Contestación a consultas tributarias relativas ao imposto xeral indirecto canario e ao arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Illas Canarias.*

No ámbito do imposto xeral indirecto canario e do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Illas Canarias aplicarase o disposto no número tres da disposición adicional décima da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Disposición adicional décimo terceira. *Composición do activo en determinadas institucións.*

A porcentaxe a que se refire o artigo 46.1.c) deste regulamento será do 25 por cento partir do 1 de xaneiro de 2011.

Disposición adicional décimo cuarta. *Facultades dos órganos de recadación.*

As disposicións deste regulamento ditadas en desenvolvemento dos artigos 142 e 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, serán de aplicación aos funcionarios que desempeñen funcións de recadación.

Disposición adicional décimo quinta. *Estandarización dos formatos dos ficheiros para achegar á Administración tributaria no curso dos procedementos de aplicación dos tributos.*

O ministro de Economía e Facenda poderá establecer formatos estándares para o intercambio de ficheiros con transcendencia contable e fiscal entre as persoas e entidades que desenvolven actividades económicas e a Administración tributaria. Co obxecto de garantir a autenticidade e integridade dos ficheiros achegados, a Administración tributaria poderá exixir que os ficheiros requiridos sexan asinados electronicamente.

Do mesmo modo poderán desenvolverse os requisitos exixibles para levar a contabilidade por medio de equipos electrónicos de procesamento de datos co obxecto de respectar os principios de inscrición, exactitude, integridade e irreversibilidade, rastrexabilidade e detalle.

Disposición transitoria primeira. *Procedemento para facer efectiva a obriga de informar respecto dos valores a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 19/2003, do 4 de xullo.*

Tratándose de participacións preferentes e de débeda comprendidas no ámbito de aplicación da disposición transitoria segunda da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aplicarase o previsto no Real decreto 1285/1991, do 2 de agosto, polo que se establece o procedemento de pagamento de xuros de débeda do Estado en anotacións aos non-residentes que invistan en España sen mediación de establecemento permanente, respecto das entidades financeiras que intermedien na emisión.

Disposición transitoria segunda. *Tratamento de determinados instrumentos de renda fixa para os efectos das obrigas de información respecto de persoas físicas residentes noutros Estados membros da Unión Europea.*

1. As rendas derivadas das obrigas nacionais e internacionais e demais instrumentos de débeda negociables que fosen emitidos orixinariamente antes do 1 de marzo de 2001, ou cuxos folletos de emisión de orixe fosen aprobados antes desa data polas autoridades competentes conforme a Directiva 80/390/CEE do Consello, do 27 de marzo de 1980, sobre a coordinación das condicións de elaboración, control e difusión do prospecto que se publicará para a admisión de valores mobiliarios á cotización oficial nunha bolsa de valores, ou polas autoridades responsables de terceiros países, non se considerarán suxeitas á subministración de información prevista nos artigos 45 a 49, ambos os dous inclusive, deste regulamento, sempre e cando non se volvesen producir emisións dos devanditos instrumentos de débeda negociables desde o 1 de marzo de 2002.

Se un goberno ou entidade asimilada, actuando en calidade de organismo público ou cuxa función estea recoñecida nun tratado internacional, de acordo co disposto no anexo da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de débeda, efectúase outra emisión dos instrumentos de débeda negociable antes mencionados a partir do 1 de marzo de 2002, as rendas derivadas do conxunto da emisión, xa sexa a emisión orixinaria ou as sucesivas, consideraranse suxeitas á subministración de información prevista nos artigos 45 a 49, ambos os dous inclusive, deste regulamento.

Se un emisor non previsto no parágrafo anterior efectúase outra emisión dos devanditos instrumentos a partir do 1 de marzo de 2002, só respecto desa emisión posterior se considerarán as rendas derivadas deses valores suxeitas á subministración de información prevista no artigo 45.

2. O establecido no punto anterior cesará na súa vixencia o 31 de decembro de 2010.

Disposición transitoria terceira. *Obrigas de información de carácter xeral.*

1. O disposto na sección 2.^a do capítulo V do título II deste regulamento será aplicable á información que se deberá subministrar correspondente ao ano 2008, salvo o disposto no número seguinte.

2. A obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro regulada no artigo 36 deste regulamento será exixible por primeira vez para a información que se deberá subministrar correspondente ao ano 2009.

Disposición transitoria cuarta. *Declaración das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista na CNAE-2009.*

Ata o 1 de xaneiro de 2009, data de aplicación da CNAE-2009, a remisión á codificación prevista no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009) contida no punto 10.º do artigo 5.b) deste regulamento, entenderase realizada á codificación prevista para efectos do imposto sobre actividades económicas.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste regulamento.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

15985 *REAL DECRETO 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e a oposición a elas. («BOE» 213, do 5-9-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, derogou o Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

Esta regulación non afecta os viños e bebidas espirituosas.

O Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas, desenvolve no dereito interno o Regulamento agora derogado no que se refire á tramitación das solicitudes de inscrición e de modificación do prego de condicións das xa inscritas, ante a Comisión Europea e establece un procedemento interno de oposición con carácter previo á súa remisión á Comisión. Isto último é particularmente importante, xa que as oposicións procedentes do mesmo Estado membro non poden ser examinadas mediante o procedemento de oposición no ámbito comunitario. O dito procedemento comunitario refírese a oposicións a unha solicitude presentada por un Estado membro e transmitida por outro Estado membro ou un país terceiro ou formuladas por calquera persoa física ou xurídica que desempeñe un interese lexítimo e que estea establecida ou resida nun Estado membro distinto do que solicitase o rexistro ou nun país terceiro.

O procedemento de oposición interno establécese nos artigos 5 a 9 do Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro. Como motivos de oposición, concretamente no artigo 6, especificanse exactamente os mesmos que se establecían no artigo 7.4 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo, para o procedemento de oposición comunitario.

Agora ben, no Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, e concretamente no seu artigo

5.5, parágrafos primeiro e segundo, establécese a obriga expresa dos Estados membros de dispor dun procedemento nacional de oposición, no cal a admisibilidade das oposicións se debe examinar de acordo cos criterios recollidos no artigo 7, punto 3, parágrafo primeiro do dito regulamento. Estes novos criterios non son exactamente iguais aos previstos no artigo 7.4 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo. Por tanto, tampouco coinciden cos previstos no artigo 6 do Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro.

De aí que sexa necesaria a modificación dos criterios de admisibilidade das declaracións de oposición.

Por outra parte, o artigo 5.5 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, impón outra obriga aos Estados membros, que non estaba prevista no derogado Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo. Trátase da adopción dunha decisión favorable cando o Estado membro considere que se cumpren os requisitos do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, e a súa publicación xunto coa versión do prego de condicións en que se basea esa decisión favorable. Isto non está previsto no Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, e por tanto, é necesaria a súa regulación.

Ademais, o Regulamento (CE) n.º 1898/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, afecta tamén determinados aspectos do procedemento regulado no Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro.

No presente real decreto introdúcense tamén os cambios necesarios para cumprir o compromiso de modificar o Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, nos termos establecidos no Acordo do Consello de Ministros do 10 de marzo de 2006, polo que se acepta o requirimento de incompetencia presentado polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña contra o dito real decreto.

Coa finalidade de regular todas estas cuestións e tendo en conta que foi derogado o Regulamento comunitario que servía de base ao Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguranza xurídica, ditar un novo real decreto.

Este real decreto foi sometido, en fase de proxecto, á consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas dos produtos agrícolas e alimenticios, así como das solicitudes de modificación do prego de condicións das xa inscritas no mencionado Rexistro, e do procedemento nacional de oposición ás ditas solicitudes, con carácter previo á remisión destas á Comisión Europea, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.